

A Economía Galega

Informe 2023



INSTITUTO DE ESTUDOS
E DESENVOLVEMENTO DE GALICIA
(IDEGA)



Deputación
DA CORUÑA



Equipo realizador

Dirección

Roberto Bande Ramudo • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA
M^a Dolores Riveiro García • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Membros

Juan J. Ares Fernández • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA
Belén Fernández Castro • Universidade de Santiago de Compostela
Manuel Fernández Grela • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA
Diana Fernández Méndez • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA
Melchor Fernández Fernández • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA
Edelmiro López Iglesias • Universidade de Santiago de Compostela
Miguel Pazos Otón • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA
María José Piñeira Mantiñán • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA
Gonzalo Rodríguez Rodríguez • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA
Bernardo Valdés Paços, Universidade de Santiago de Compostela
Miguel Anxo Vázquez Taín • Universidade de Santiago de Compostela
Manuel Vilas Fernández • Universidade de Santiago de Compostela

Deseño e maquetación

Manuel López Sande

Supervisión lingüística

Ana Suárez Piñeiro • Universidade de Santiago de Compostela

--

Editado por IDEGA, Santiago de Compostela

ISSN: 2171-8830

9 *Presentación*

11 I. Contexto macroeconómico

Belén Fernández Castro

- 13 Contorna internacional
- 19 A economía española

21 II. Mercado de traballo

Roberto Bande Ramudo e Melchor Fernandez Fernandez

- 23 Introducción
- 24 O contorno demografico: un reto máis para o mercado de traballo galego
- 25 O comportamento agregado do emprego
- 27 O comportamento do emprego por colectivos
- 29 O comportamento do emprego desde unha perspectiva comparada
- 30 Evolución do desemprego
- 31 Prezos e salarios
- 34 Recadro 1. Paro oficial e medicións alternativas

35 III. Sector Agrario

Edelmiro López Iglesias e Bernardo Valdés Paços

- 37 Peso global e dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira no período 1995-2021
- 39 Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2021)
- 41 A conxuntura agraria en 2023: contexto internacional, na UE e en España
- 43 A dinámica do sector agrario galego en 2023: unha visión global
- 44 Evolución da produción
- 46 Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores
- 47 Conxuntura das principais ramas agrarias
- 47 Poboación ocupada
- 49 Censos gandeiros

51 IV. Pesca

Gonzalo Rodríguez Rodríguez

- 53 Introducción
- 53 Os sectores
- 61 Inserción exterior
- 62 As mulleres na pesca

65 V. Industria

Juan José Ares Fernández

- 67 A actividade
- 74 A ocupación
- 75 Prezos, custos e salarios
- 77 As opinións dos empresarios industriais sobre a actividade
- 78 A dimensión das empresas
- 79 A presenza da industria galega nos mercados estranxeiros
- 81 A evolución da especialización industrial galega con respecto a España

83 VI. Sector exterior

Diana Fernández Méndez e Dolores Riveiro García

- 85 Comercio exterior de mercancías
- 101 O investimento estranxeiro directo (IED)

111 VII. Construción

Manuel Vilas Fernández

- 113 Introducción
- 113 Indicadores de actividade
- 115 Vivenda
- 125 Demanda pública de obras

129 VIII. Servizos

Juan José Ares Fernández

- 131 A actividade do sector servizos en 2023
- 134 Os prezos no sector de servizos
- 135 A distribución e o comercio
- 141 Os transportes en Galicia
- 150 O sector bancario

153 IX. Sector turístico

María José Piñeira Mantiñán e Miguel Pazos Otón

- 155 Oferta de aloxamentos turísticos en Galicia
- 158 A demanda turística en Galicia
- 162 O turismo no Camiño de Santiago
- 162 A ocupación no sector turístico

163 X. Sector público

Miguel Ángel Vázquez Taín

- 165 Introducción
- 165 O sector público autonómico galego
- 169 O sector público local galego
- 171 O sector público estatal en Galicia
- 172 O sistema público de pensións en Galicia
- 174 O gasto sanitario en Galicia
- 177 O gasto en educación en Galicia

Presentación dos coordinadores

Un ano máis, desde o Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela presentamos o resultado da análise detallada da evolución da economía galega ao longo de 2023, ofrecendo unha visión integral dos principais fitos económicos, laborais e sectoriais.

A longa traxectoria percorrida polo Informe fai que hoxe sexa unha ferramenta esencial para investigadores, responsables das Administracións Públicas, empresas e toda persoa interesada en comprender a dinámica económica da nosa comunidade autónoma. Así, esta publicación contribúe de forma destacada ao compromiso do IDEGA no ámbito da transferencia de coñecemento, trasladando á sociedade información rigorosa e avalada pola traxectoria científica dos autores do traballo.

No ano 2023, Galicia tivo que facer fronte a unha serie de desafíos, que nalgúns casos foi quen de converter en oportunidades, derivados tanto de factores locais como globais, incluíndo a ameaza da inflación, a transformación ecolóxica e dixital, ou as políticas industriais. O obxectivo deste Informe é proporcionar unha análise exhaustiva destes (e doutros) factores e do seu impacto sobre a economía galega.

Agradecemoslle profundamente á Deputación da Coruña o seu continuo apoio a proxectos que promoven o coñecemento e a mellora da economía local e galega. A Deputación vén demostrando un compromiso sostido coa transferencia do coñecemento, mediante o patrocinio de iniciativas que fomentan o desenvolvemento rexional. De igual xeito, expresamos o noso agradecemento a Caixa Rural Galega, sempre comprometida coas actividades vinculadas á investigación e a transferencia de coñecemento que redundan nun maior nivel de desenvolvemento económico e cohesión social. Sen o financiamento proporcionado por ambas as institucións, a realización deste Informe non sería posible.

Temos que recoñecer tamén o labor dos responsables últimos do traballo, os autores dos diferentes capítulos, expertos no seu ámbito de estudo, cuxa visión sobre cada unha das temáticas contempladas ofrece ao lector interesado unha análise en profundidade, detallada e rigorosa.

Finalmente, queremos mencionar o labor desenvolvido por Manuel López Sande na edición e preparación do documento, así como a revisión lingüística realizada por Ana Suárez Piñeiro.

Dolores Riveiro e Roberto Bande
Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
Universidade de Santiago de Compostela

I. Contexto macroeconómico

- As expectativas de crecemento global para o ano 2023 eran pouco optimistas. A elevada inflación, a decidida subida de tipos de xuro dos bancos centrais e o complicado contexto xeopolítico fixeron temer pola aparición dunha recesión.
- As previsións foron mellorando ao longo do ano e o crecemento mundial foi superior ao esperado. A produción medrou, o emprego aumentou e a inflación diminuíu de forma significativa.
- Os factores da demanda que impulsaron o crecemento foron o consumo, grazas á utilización dos aforros e ao efecto riqueza debido ao abaratamento das hipotecas; e o gasto público, que non se recortou na medida prevista ante o medo de que afondase no estancamento da produción. O investimento foi insuficiente e o comercio exterior total decreceu.
- O crecemento global conseguiuase grazas ao impulso dos países de mercados emerxentes e en desenvolvemento; as economías avanzadas medran moito menos. As diferenzas nas taxas de desenvolvemento entre países son aínda maiores.
- Desde o punto de vista da oferta destacan, como aspecto positivo, a evolución do traballo e, como factores negativos, a insuficiente creación de capital e a produtividade.
- A inflación descende polas políticas monetarias contractivas empregadas e a moderación dos prezos da enerxía e dos alimentos. Os tipos de xuro reais toman valores reducidos e a maioría das moedas experimentan unha revalorización fronte ao dólar.
- A complicada situación económica e política non permitiu avanzar nos obxectivos fixados polas institucións internacionais para o final da década, orientados a diminuír as desigualdades e aumentar a sostibilidade.
- España remata 2023 cun crecemento do 2,5% do PIB, o que supón un desempeño mellor do esperado e moi por encima do dato en Europa.
- As fortalezas e as debilidades da economía española van na mesma dirección que as da economía global. O impulso positivo vén da demanda interna, principalmente do consumo, e dunha boa evolución no emprego; e as debilidades radican no investimento e na produtividade por posto de traballo equivalente a tempo completo.
- A inflación máxima en España non chega aos niveis da media da Unión Europea e dobrégase claramente a finais do 2023.
- É necesario investir para mitigar o descenso da produtividade e mellorar a eficiencia asignativa.

Contorna internacional

A década dos 20 no século XXI iniciouse cunha pandemia que paralizou a actividade económica e reduciu as taxas de crecemento da economía mundial a niveis sen precedentes. No ano 2021 comezou unha recuperación que en 2022 se retardou pola crise enerxética e alimentaria, agudizada coa guerra de Ucraína. As perspectivas de crecemento para 2023 eran bastante moderadas. No aspecto económico o ano caracterízase pola desaceleración da actividade, o aumento dos prezos, a aplicación de políticas monetarias contractivas, as restricións de crédito e o débil avance do comercio mundial e do investimento.

A complicada contorna internacional fixo temer a aparición da recesión, pero esta non chegou a materializarse. Parecía difícil mellorar cando o obxectivo fundamental de case todas as economías era reducir a inflación e se aplicaban medidas de arrefriamento da demanda. Pero, desde o punto de vista global, a actividade económica resistiu, a inflación dobregouse e a produción e o emprego tiveron un comportamento positivo.


O crecemento foi maior que o previsto grazas á interacción de diversos factores de oferta e demanda. Na demanda, os compoñentes que o impulsaron foron o consumo e o gasto público, mentres que na oferta a parte positiva veu da boa evolución do factor traballo e a negativa da formación de capital e da produtividade. O descenso no aumento da produtividade global en 2023 tivo a favor a evolución da forza de traballo e en contra a do investimento neto e a da eficiencia asignativa, especialmente a de longo prazo polo complicado contexto xeopolítico.

Desde o punto de vista dos prezos, as cifras récord que alcanzou a inflación levaron a maioría dos bancos centrais a subir de maneira substancial uns tipos de xuro que permaneceran en valores inusualmente baixos nos anos anteriores. Este feito, xunto á boa evolución dos prezos do petróleo e do gas natural fai que ao final de ano a inflación descenda. Nos mercados de divisas, 2023 caracterízase por unha apreciación de case todas as moedas fronte ao dólar, salvo o yuan chinés e o ien xaponés que experimentan unha depreciación.

O valor agregado das variables macroeconómicas a nivel global esconde grandes diferenzas xeográficas e as políticas públicas e comerciais están condicionadas por un contexto xeopolítico complicado. A guerra en Ucraína continúa e a fragmentación aumenta como consecuencia das distintas posicións no conflito palestino-israelí. Neste contexto, pouco camiño puido percorrerse cara aos obxectivos marcados para 2030. As metas para a década seguinte incluían erradicar a pobreza extrema e as principais enfermidades contaxiosas, e reducir á metade as emisións de gases con efecto invernadoiro; pero, a día de hoxe, non parecen moi alcanzables.


Crecemento

A actividade económica en 2023 exhibiu pouco dinamismo. O aumento do 3,2% do PIB a nivel mundial resulta moderado comparado cos datos históricos das últimas décadas, que arrojan un dato medio global próximo ao 3,4%. Pero a maioría dos gobernos e dos organismos internacionais consideran positiva esta cifra e celebran a resiliencia da economía mundial. Aínda que ese dato de 2023 non chega nin á media dos



últimos anos, a satisfacción débese a que as economías se enfrontaron a un contexto xeopolítico convulso e marcado por políticas centradas na redución da inflación e as consolidacións fiscais, que auguraba peores resultados.

O crecemento foi desigual en termos xeográficos, impulsado fundamentalmente polos países de mercados emerxentes e economías en desenvolvemento, que alcanzaron unha taxa do 4,3% fronte ao 1,6% das economías avanzadas. O gráfico 1 ofrece, a partir dos datos do Fondo Monetario Internacional,



o crecemento do mundo e destes dous grupos de países nas últimas décadas. Apréciase claramente que a diverxencia entre as taxas dos países avanzados e en desenvolvemento acelérase no século XXI. As diferenzas só desaparecen en dous anos moi atípicos, que coinciden co parón da actividade económica de 2020 e a reactivación de 2021, pero volven manifestarse nos dous últimos anos.

A diverxencia é aínda maior entre países: o incremento na produción estivo liderado por India (7,8%), China (5,2%) e as economías emerxentes e en desenvolvemento de Asia (5,6%); foi moderado en EE. UU. (2,5%) e Rusia (3,6%), e case nulo na zona euro (0,4%). Esta


situación levou a que non poucos autores afirmasen que o centro de gravidade da economía está a desprazarse cara a Asia.

Unha análise máis desagregada permite identificar os factores de oferta e de demanda que causaron este nivel de crecemento total. No lado da demanda, o desenvolvemento global observado foi posible por un comportamento do consumo e do gasto público mellor do esperado, que compensaron un investimento insuficiente e un comercio mundial estancado. No lado da oferta, o avance estivo apoiado por un mercado de traballo en expansión, pero viuse lastrado por un investimento insuficiente e unha baixa produtividade.

O consumo mantívose grazas a dous recursos que permitiron ás economías domésticas compensar a perda na capacidade adquisitiva que lles provocou a inflación. Por unha banda, os consumidores utilizaron o aforrado en tempos de pandemia, tal e como se recolle no gráfico 2, que mostra a evolución do aforro extra, por encima da súa tendencia dos últimos anos segundo o World Economic Outlook de abril de 2024. Doutra banda, os baixos tipos de xuro nominais dos anos anteriores levaron a tipos reais negativos e alixeiraron a carga que supoñía o pago de hipotecas no gasto total das familias, proporcionando un efecto riqueza relevante.


O gasto público tamén foi superior ao esperado. A maioría dos países aprazaron o axuste fiscal que se requiría para alixeirar o peso dunha débeda pública avultada como consecuencia das políticas públicas aplicadas para suavizar os efectos da pandemia. O axuste fiscal pospúxose porque coincidiu cun aumento firme e continuado dos tipos de xuro para loitar coa inflación. A maior parte dos gobernos temeron que nun contexto de baixo crecemento e políticas monetarias contractivas a consolidación fiscal puidese reducir o crecemento económico ata niveis de recesión. Como consecuencia desta falta de axuste no gasto e do moderado aumento da produción, os cocientes de débeda respecto ao PIB, que se ilustran no gráfico 3, e a proporción de ingresos públicos dedicados ao pago de xuros da débeda permaneceron en valores considerablemente elevados na maioría dos países.

O investimento é unha compoñente da demanda cunha evolución pouco positiva en 2023. O último informe de Tendencias Mundiais de Investimento, publicado este ano pola UNCTAD, cifra o crecemento do




investimento estranxeiro directo (IED) total no 3%, por baixo do 3,2% do PIB mundial. Pero, se se desagrega un pouco o nivel de análise, detéctase que este pequeno aumento global foi impulsado sobre todo por un par de economías europeas "de conduto", como Luxemburgo e os Países Baixos, que actúan frecuentemente como intermediarios para o IED destinado a outras nacións. De feito, cando se exclúen estas economías de tránsito, os fluxos mundiais de IED presentan un importante descenso, do 18% en 2023.

O gráfico 4 mostra que o IED de 2023 sufriu unha caída destacada en India e moi



substantial en Europa (cando non se contabilizan Luxemburgo e os Países Baixos). A redución tamén tivo lugar nos países en desenvolvemento, e en maior medida nos de Asia. Aínda que menor, sorprende a diminución en China e en Estados Unidos, que era o principal receptor de IED. Os fluxos de IED descendieron só un 1% en África e mantivéronse estables en América Latina e o Caribe.



O comercio exterior diminúe en 2023. O volume do comercio, segundo os datos da Organización Mundial do Comercio, reduciuse un 1,2% o ano pasado tras crecer un 3% en 2022. A persistencia dos efectos dos elevados prezos da enerxía e a inflación pesaron especialmente na demanda de produtos manufacturados, que xeran moito comercio. Unha vez máis, a cifra global esconde fortes variacións por rexións. A demanda de importacións caeu de maneira brusca en Europa, diminuíu en América do Norte; mantívose estable en Asia, e subiu nas principais economías exportadoras de combustibles.

nos que se reactiva a actividade económica, e baixa en 2023 coincidindo coa retardación do crecemento global.

Pero se se analizan os datos do comercio mundial en porcentaxe do PIB no último século, recollidos no gráfico 5, evidénciase a súa natureza claramente procíclica: a participación do comercio diminúe tras as crises de 2008 e da pandemia; medra nos dous anos

No lado da oferta hai múltiples perturbacións que afectan á produción total e que se resumen no seu efecto sobre os *inputs* empregados e sobre a produtividade. A forza de traballo ten unha evolución favorable, pero a formación bruta de capital é insuficiente e detéctanse ineficiencias na asignación dos factores. Os desaxustes estruturais parecen persistentes e non anticipan a redistribución de traballo e capital cara a sectores produtivos.


A **produtividade** é un factor determinante do crecemento económico do lado da oferta da economía. Diversos estudos coinciden en que, polo menos, o 50% do descenso do crecemento explicárase pola evolución da produtividade. O avance moderado do ano 2023 asóciase en gran medida á baixa produtividade dos factores de produción. Á súa vez, a reducida produtividade total débese, tanto ao lento aumento na dispoñibilidade de *inputs*, polo descenso na formación de capital e o menor incremento da oferta de traballo, como á asignación ineficiente destes recursos.



Os datos de poboación das Nacións Unidas indican que a gran maioría dos países experimentan un menor crecemento da poboación e case a metade ven como esta mingua. Ademais, as pirámides demográficas modifícanse, como consecuencia do envellecemento, descendendo a proporción da poboación en idade de traballar. Nos últimos anos a redución na poboación activa, como consecuencia do envellecemento e o menor crecemento, foise compensando por unha maior participación das mulleres e dos maiores no mercado laboral. Nas economías avanzadas, os fluxos migratorios evitaron a escaseza de man de obra en moitos mercados. O

gráfico 6 recolle a evolución dos nacementos dos nacionais e dos estranxeiros en Estados Unidos e na zona euro tomando como base o ano 2019. O incremento nos nacementos dos estranxeiros é claro en ambas rexións, mentres que o número de nacementos de nacionais permanece practicamente inalterado.

O investimento caeu de maneira significativa desde os seus niveis de 2008 nos países avanzados e nos emerxentes. Como responsables deste descenso sinálanse as reducións no valor de mercado das empresas respecto ao seu custo, os maiores custos de financiamento e os altos niveis de endebedamento. Ademais, o difícil contexto xeopolítico afecta de forma negativa as expectativas, que xogan un papel importante na evolución do investimento, que á súa vez é clave para o crecemento. Por esta razón, un clima pesimista sobre a futura actividade económica pode xerar un círculo vicioso de expectativas autosatisfeitas. O investimento inmobiliario tamén tivo unha redución substancial como consecuencia dun endurecemento das condicións crediticias. Especialmente pronunciado foi o descenso no investimento de locais comerciais que se enfrontaron, ademais, a unha caída na demanda pola diminución de oficinas bancarias e de seguros, que prestan un servizo cada vez menos presencial, e de todo tipo de establecementos de comercio polo miúdo que compiten cun comercio electrónico cada vez máis rápido e xeneralizado.




Os informes da UNCTAD sinalan que a evolución do investimento estranxeiro directo está marcada polas tendencias das cadeas de valor mundiais, os avances tecnolóxicos, a dinámica xeopolítica e as preocupacións ambientais. O gráfico 7 representa as tendencias do investimento, a produción e o comercio exterior. A evolución do investimento descóllese da tendencia das outras dúas variables, reflectindo a maior cautela dos investidores polos factores comentados.

A asignación ineficiente dos factores refírese á resistencia que se atopa na recolocación de factores produtivos cara ás actividades ou ás empresas máis rendibles. No curto

prazo o axuste pode non producirse pola dificultade de detectar as diferenzas, pero, se non chega no medio prazo, é indispensable deseñar políticas que o favorezan, eliminando as barreiras financeiras ou institucionais que impiden a mobilidade de factores a nivel internacional, se se pretende impulsar o crecemento. Os estudos dispoñibles afirman que as rixideces a curto prazo son responsables só dun terzo da ineficiencia asignativa, mentres que os factores estruturais explicarían os outros dous terzos. Dentro desta ineficiencia asignativa estrutural estarían as barreiras á mobilidade dos factores e ao comercio, as restricións financeiras, a corrupción e as estratexias políticas.


Os prezos

A evolución dos prezos marcou os valores dos tipos de xuro e os tipos de cambio reaccionaron ás súas variacións. A inflación foi sen dúbida o agregado macroeconómico máis relevante no ano 2023 en termos do deseño das políticas económicas, practicamente en todas as economías do mundo. O gráfico 8 presenta os datos de inflación no século XXI segundo o Banco Mundial.



O obxectivo en 2023 en termos de prezos é claro e xeneralizado: debe reducirse a inflación das economías desde os valores máximos históricos que alcanzaron en 2022, cun 9,4% de mediana.

Neste contexto, practicamente en todos os países expónse de forma explícita a necesidade de diminuír esta escalada de prezos que tivo lugar como consecuencia dos problemas na cadea de subministracións e da crise enerxética e alimentaria que seguiu á guerra en Ucraína. A elevada inflación de 2022 foi en gran medida importada, no sentido de que moitos países transmitiron aos




no prezo dos cereais e dos produtos lácteos que conseguen estabilizar a súa oferta e pola caída da demanda mundial.

Os prezos da enerxía nos mercados internacionais diminuíron rapidamente, contribuíndo ao dinamismo da actividade e á moderación da inflación. Esta redución foi consecuencia, sobre todo, do aumento da oferta dispoñible. Os produtores de petróleo non pertencentes á OPEP incrementaron de forma substancial a súa produción; tamén tivo lugar unha subida da produción de gas, principalmente estadounidense, e dos petroleiros que transportaban a produción rusa a países non simpatizantes co bloque occidental.

A inflación subxacente diminuíu, reflectindo este aumento na oferta enerxética global e as políticas monetarias restritivas. Ademais, os problemas na cadea de subministracións da época da pandemia fóronse resolvendo, permitindo acurtar os tempos de entrega e reducir os custos de transporte. Aínda que houbo tamén novos shocks negativos sobre os custos: os ataques no mar Vermello levaron a abandonar as rutas do canal de Suez e a utilizar as do cabo de Boa Esperanza, alongando de novo os tempos de entrega; ao mesmo tempo que as catástrofes naturais impedían a miúdo empregar o canal de Panamá, pero con menor frecuencia que en anos anteriores.

Aínda que a moderación da inflación a escala global é continua durante 2023, esta evolución favorable non evita que os prezos sexan aínda substancialmente maiores aos niveis prepandemia e escondan grandes diverxencias locais. Unha vez máis, os datos agregados son produto de valores cunha dispersión elevada: na Unión Europea a finais de 2023 a inflación pasa a ser un terzo da que se experimentaba un ano antes, mentres que nos países de mercados emerxentes e economías en desenvolvemento a redución é moito menor.

Que a economía crecese en 2023, malia que a un ritmo menor, ao mesmo tempo que a inflación se reducía foi posible pola expansión da oferta que seguiu á pandemia. A espiral inflacionista de prezos e salarios evitouse grazas un mercado de traballo cunha oferta en claro crecemento e ao convencemento xeneralizado de que a loita contra a inflación era un obxectivo fundamental para a maioría dos gobernos. A oferta de traballo mellorou, tanto pola inmigración, como polo aumento da taxa de actividade. Produciuse un incremento dos salarios máis baixos que reduciu a amplitude das diferenzas salariais, pero os salarios reais tiveron unha subida moderada nas economías avanzadas, como se mostra no gráfico 10, alcanzado cifras lixeiramente inferiores aos valores prepandemia.



prezos interiores os aumentos dos prezos da enerxía, dos alimentos e dos fertilizantes e a depreciación das moedas locais que encareceron as súas importacións.

Tal e como se pretendía, durante o ano 2023 a inflación moveuse na dirección esperada, e diminuíu máis rápido do previsto, grazas á aplicación decidida de políticas monetarias restritivas, pero tamén á moderación dos prezos dos alimentos e da enerxía recollidos no gráfico 9.

O prezo dos alimentos descende respecto ao ano anterior, fundamentalmente, segundo os informes da FAO, pola redución

do prezo dos cereais e dos produtos lácteos que conseguen estabilizar a súa oferta e pola caída da demanda mundial.

Os prezos da enerxía nos mercados internacionais diminuíron rapidamente, contribuíndo ao dinamismo da actividade e á moderación da inflación. Esta redución foi consecuencia, sobre todo, do aumento da oferta dispoñible. Os produtores de petróleo non pertencentes á OPEP incrementaron de forma substancial a súa produción; tamén tivo lugar unha subida da produción de gas, principalmente estadounidense, e dos petroleiros que transportaban a produción rusa a países non simpatizantes co bloque occidental.



A inflación subxacente diminuíu, reflectindo este aumento na oferta enerxética global e as políticas monetarias restritivas. Ademais, os problemas na cadea de subministracións da época da pandemia fóronse resolvendo, permitindo acurtar os tempos de entrega e reducir os custos de transporte. Aínda que houbo tamén novos shocks negativos sobre os custos: os ataques no mar Vermello levaron a abandonar as rutas do canal de Suez e a utilizar as do cabo de Boa Esperanza, alongando de novo os tempos de entrega; ao mesmo tempo que as catástrofes naturais impedían a miúdo empregar o canal de Panamá, pero con menor frecuencia que en anos anteriores.

Aínda que a moderación da inflación a escala global é continua durante 2023, esta evolución favorable non evita que os prezos sexan aínda substancialmente maiores aos niveis prepandemia e escondan grandes diverxencias locais. Unha vez máis, os datos agregados son produto de valores cunha dispersión elevada: na Unión Europea a finais de 2023 a inflación pasa a ser un terzo da que se experimentaba un ano antes, mentres que nos países de mercados emerxentes e economías en desenvolvemento a redución é moito menor.

Que a economía crecese en 2023, malia que a un ritmo menor, ao mesmo tempo que a inflación se reducía foi posible pola expansión da oferta que seguiu á pandemia. A espiral inflacionista de prezos e salarios evitouse grazas un mercado de traballo cunha oferta en claro crecemento e ao convencemento xeneralizado de que a loita contra a inflación era un obxectivo fundamental para a maioría dos gobernos. A oferta de traballo mellorou, tanto pola inmigración, como polo aumento da taxa de actividade. Produciuse un incremento dos salarios máis baixos que reduciu a amplitude das diferenzas salariais, pero os salarios reais tiveron unha subida moderada nas economías avanzadas, como se mostra no gráfico 10, alcanzado cifras lixeiramente inferiores aos valores prepandemia.

As expectativas de que a inflación non tardaría demasiado en diminuír formáronse a partir das declaracións explícitas da Reserva Federal e do Banco Central Europeo, que ligaban sen ambigüidade os movementos futuros nos tipos de xuro á evolución dos prezos.


O ano 2023 termina cun descenso da inflación polo esvaecemento dos efectos dos



tativas de inflación xa eran elevadas, polo que os tipos de xuro reais seguiron sendo moi baixos durante a maior parte de 2023, como se evidencia no gráfico 12.

Ademais, estes tipos de xuro reais tampouco constitúen as forzas fundamentais do consumo e o investimento. Os efectos no consumo compensáronse coa utilización dos aforros acumulados durante a pandemia para facer fronte ao descenso na súa capacidade adquisitiva e co efecto riqueza que experimentaron moitas economías domésticas, polo aumento da proporción de hipotecas a tipo fixo que tivo lugar durante os períodos de baixísimos xuros do pasado. O investimento diminúe como consecuencia do endurecemento das condicións de crédito, pero tamén por un problema de eficiencia na súa asignación nun marco económico máis fragmentado.

Na segunda metade de 2023, os países desenvolvidos experimentaron unha mellora nas condicións financeiras, especialmente nos custos de financiamento no mercado de capitais. Os problemas acaecidos entre marzo e maio de 2023 nalgúns bancos de Estados Unidos e Suíza non se estenderon ao resto do sector financeiro grazas á intervención das autoridades. A diminución nas primas de risco dos bonos corporativos e o aumento nas cotizacións bolsistas dos últimos meses parecen indicar que os investidores



pasados shocks no prezo da enerxía e os custos de transporte, unido a unha evolución contida dos custos laborais e á aplicación de medidas de política económica claramente dirixidas a reducir o aumento dos prezos. Non obstante, o papel destes factores na redución da inflación mundial foi diferente nas distintas rexións económicas. Xeralmente estímase que o esvaecemento dos efectos nos pasados shocks foi máis relevante en Europa, mentres que un mercado de traballo máis axustado, maiores estímulo fiscais e un consumo privado máis resistente levaron a unha inflación maior en Estados Unidos.

Os tipos de xuro son os principais instrumentos da política monetaria. As subidas destes, practicadas polos bancos centrais, coa excepción do de Xapón, móstranse no gráfico 11 e teñen como obxectivo moderar a inflación a través da redución na demanda. Con tipos de xuro máis altos encarácese o acceso ao crédito para as empresas e os consumidores, o que reduciría o consumo e o investimento.

Non obstante, estes tipos de xuro en continuo aumento non causaron unha caída no consumo pola existencia doutros factores que contrarrestaron o efecto. En primeiro lugar, as subidas producíronse cando as expectativas de inflación xa eran elevadas, polo que os tipos de xuro reais seguiron sendo moi baixos durante a maior parte de 2023, como se evidencia no gráfico 12.

Ademais, estes tipos de xuro reais tampouco constitúen as forzas fundamentais do consumo e o investimento. Os efectos no consumo compensáronse coa utilización dos aforros acumulados durante a pandemia para facer fronte ao descenso na súa capacidade adquisitiva e co efecto riqueza que experimentaron moitas economías domésticas, polo aumento da proporción de hipotecas a tipo fixo que tivo lugar durante os períodos de baixísimos xuros do pasado. O investimento diminúe como consecuencia do endurecemento das condicións de crédito, pero tamén por un problema de eficiencia na súa asignación nun marco económico máis fragmentado.

Ademais, estes tipos de xuro reais tampouco constitúen as forzas fundamentais do consumo e o investimento. Os efectos no consumo compensáronse coa utilización dos aforros acumulados durante a pandemia para facer fronte ao descenso na súa capacidade adquisitiva e co efecto riqueza que experimentaron moitas economías domésticas, polo aumento da proporción de hipotecas a tipo fixo que tivo lugar durante os períodos de baixísimos xuros do pasado. O investimento diminúe como consecuencia do endurecemento das condicións de crédito, pero tamén por un problema de eficiencia na súa asignación nun marco económico máis fragmentado.

Na segunda metade de 2023, os países desenvolvidos experimentaron unha mellora nas condicións financeiras, especialmente nos custos de financiamento no mercado de capitais. Os problemas acaecidos entre marzo e maio de 2023 nalgúns bancos de Estados Unidos e Suíza non se estenderon ao resto do sector financeiro grazas á intervención das autoridades. A diminución nas primas de risco dos bonos corporativos e o aumento nas cotizacións bolsistas dos últimos meses parecen indicar que os investidores


anticipan que os bancos centrais están a conseguir controlar o episodio inflacionista dos últimos dous anos sen provocar unha longa recesión. Estes indicadores tamén suxiren a expectativa dunha futura redución nos xuros nun futuro non moi afastado, que se confirma cunha curva de tipos invertida, con menores xuros a longo que a curto prazo.

Os tipos de cambio entre as distintas moedas son relevantes tanto no comercio como no fluxo de capitais. Despois dun 2022 de revalorización xeneralizada do dólar, só o ien xaponés e o yuan chinés seguen esta tendencia de desvalorización das súas moedas

fronte ao dólar como consecuencia das súas políticas monetarias expansivas. A maioría das moedas aprécianse fronte ao dólar durante 2023, o que afecta negativamente á súa competitividade exterior. No gráfico 13 representase o prezo do dólar en moeda local tomando como base o valor de principios de ano.

A Economía española


O PIB sobe en España un 0,6% no último trimestre, levando o crecemento anual ao 2,5%, por encima das estimacións do Goberno e dos principais organismos económicos. O gráfico 14 mostra que o crecemento de España durante este século ia bastante compasado co europeo ata o 2008. A España cústalle saír desta crise inmobiliaria e financeira máis que aos países da súa contorna; pero a partir de 2014 ponse en liña co avance europeo, e mesmo o supera en ocasións; ata que en 2020 sofre os efectos da pandemia e experimenta unha diminución da súa taxa de crecemento moito maior que a que sucede no mundo e en Europa. Por fortuna, parece que esta vez a recuperación da actividade en España é máis rápida en termos relativos e en 2022 e 2023 aumenta de maneira substancial por encima da media europea.



en termos relativos e en 2022 e 2023 aumenta de maneira substancial por encima da media europea.


O maior dinamismo da actividade económica en España con respecto ao conxunto das economías europeas explícase polo superior incremento da demanda e a maior resiliencia ante a crise enerxética. O impulso máis poderoso constitúeo a demanda nacional, que achega 1,7 puntos ao crecemento, mentres que a demanda externa contribúe en só 0,8 puntos porcentuais.

O gráfico 15 reflicte o peso dos compoñentes da demanda. Nel obsérvase que o gasto dos fogares foi o principal soporte do ascenso do PIB, mentres que o investimento mostrou unha acusada debilidade.




O consumo público e as prestacións sociais representaron un soporte adicional da actividade, aínda que a retirada parcial dalgunhas medidas de apoio fronte á crise enerxética e uns menores ingresos públicos provocaron un ton lixeiramente contractivo da política fiscal.

A demanda externa neta, malia que pequena en termos porcentuais, constituíu un soporte da actividade debido á fortaleza das exportacións, en especial no caso dos servizos turísticos, e á debilidade das importacións, o que redundou nun incremento do superávit por conta corrente da economía española.



O mercado de traballo ten unha evolución moi positiva en España. O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo, experimentou un avance do 3,9% interanual, o que permitiu crear máis de 750.000 postos de traballo no conxunto de 2023. Con todo, como dato negativo destaca a produtividade do factor traballo que, como indica o gráfico 16, chega a decrecer tanto en termos de horas efectiva-



mente traballadas como en postos de traballo equivalente a tempo completo, que presenta valores sustancialmente negativos nos tres últimos trimestres. Como media en 2023, a produtividade do traballo reduciuse un 0,7%. Esta evolución ten lugar porque o emprego medra a maior ritmo que o PIB e sobe en sectores pouco produtivos. Os elevados ritmos de avance das ramas dos servizos vinculados ao turismo explican arredor da metade do crecemento total en 2023, o que contrasta coa falta de dinamismo nas ramas industriais e prolonga a tendencia secular cara a unha maior terciarización da economía española.

No que respecta aos prezos, o gráfico 17 mostra que na primeira década deste século estes aumentan en España por encima da media europea, pero tras a crise de 2008 as diferenzas redúcense, e o récord de inflación que alcanza Europa en 2022 é moi superior á cifra acadada en España. A diminución dos prezos da enerxía contribuíu de maneira decisiva á senda de desaceleración da inflación en España, a pesar de que os prezos dos alimentos e a inflación subxacente evidencian unha maior resistencia á baixa. A remuneración por asalariado medrou de forma significativa en 2023, aínda que o impacto sobre as presións inflacionistas internas viuse amortecido pola retardación dos excedentes unitarios.

De cara ao futuro espérase que a actividade económica en España experimente unha influencia positiva pola reactivación paulatina da economía europea, a moderación da inflación e a consecuente recuperación das rendas reais dos axentes. O impulso fiscal proveniente do programa de fondos europeos Next Generation tamén ten un impacto favorable nas expectativas. Con todo, a incerteza acerca das perspectivas económicas é moi elevada. Un elemento de inseguridade especialmente relevante para as perspectivas da economía española procede da vulnerabilidade relacionada coa sostibilidade das finanzas públicas, en particular nun contexto de reactivación das regras fiscais a escala europea. Ademais, é necesario acelerar a converxencia cara ao nivel de renda *per cápita* do conxunto da zona euro, o que pon de manifesto a necesidade de abordar unha serie de retos estruturais vinculados ás deficiencias en termos de produtividade.

II. Mercado de traballo

- A principal característica do comportamento recente do mercado de traballo galego foi o seu dinamismo. Entre 2020 e 2023 a ocupación en Galicia aumentou en máis de 54.300 persoas segundo a EPA, superando os niveis de ocupación previos á pandemia.
- Na recuperación do mercado de traballo no período 2020-2023, as mulleres son as principais protagonistas. A poboación ocupada feminina crece en case 38.000 persoas (o 70% do incremento da ocupación).
- A pesar da notable mellora da ocupación durante o período 2020-2023 Galicia segue situada entre os territorios con menor dinamismo, lonxe aínda dos niveis de ocupación de 2008.
- O emprego autónomo continúa reducíndose (ao contrario do que acontece en España), pero segue a ser máis relevante que no conxunto do Estado.
- A brecha con España nos principais indicadores laborais segue a anchar, pese ao bo resultado en termos da taxa de paro.
- A taxa de temporalidade acada valores mínimos despois da última reforma laboral.
- O emprego a xornada parcial subiu moi considerablemente. As motivacións para traballar a tempo parcial están mudando, en parte reflectindo o cambio demográfico.
- Obsérvase un forte incremento da ocupación entre a poboación estranxeira.
- Cara ao futuro, Galicia ten que afrontar retos comúns a todas as sociedades europeas como a transición enerxética, os cambios tecnolóxicos (automatización e dixitalización) ou o cambio demográfico.
- Galicia é xa hoxe unha sociedade moi envellecida, con graves dificultades de relevo xeracional, con desequilibrios territoriais en aumento, que debe acoller un volume crecente de inmigrantes e que vive un cambio tecnolóxico disruptivo que vai supoñer unha reasignación ocupacional do emprego moi significativa.

Introdución

A principal característica do comportamento do mercado de traballo galego ao longo de 2023 foi o notable dinamismo do emprego. A ocupación (medida en número de persoas) confirma unha dinámica claramente positiva, iniciada en 2020, e a un ritmo superior ao acontecido en 2021 e 2022. Este bo comportamento do emprego dáse nun contexto internacional moi complexo, que tras a pandemia da COVID-19 pasa por un forte shock enerxético, a invasión rusa de Ucraína e o conflito de Gaza. Tras a intensa perda de ocupados provocada pola pandemia (20.950 ocupados en 2020, gráfico 1), a ocupación en 2023 supera amplamente os niveis previos, malia que segue lonxe dos valores acadados en 2008 (gráfico 2).




A enquisa de poboación activa (EPA) do Instituto Nacional de Estadística (INE) estima que entre 2020 e 2023 a ocupación en Galicia subiu en máis de 54.300 persoas. O mercado laboral galego, igual que o que acontece no resto de España, amosa unha importante aceleración na creación de emprego durante 2023,

moi superior á mostrada nos países veciños da Unión Europea. España lidera a creación de emprego en Europa con case 2 millóns de ocupados máis no período 2020-2023, duplicando a taxa de crecemento de ocupación de Alemaña, Francia, Italia ou Portugal. De feito, España consegue no terceiro trimestre de 2023 unha cifra histórica, 21,45 millóns, superando en case un millón o anterior máximo de ocupación do terceiro trimestre de 2007.

En Galicia a ocupación mellora, pero non acada o dinamismo do conxunto de España. Desde o inicio da recuperación da crise de 2008, cada ano que pasa a brecha entre as dúas economías en termos de ocupación é máis patente (gráfico 2); en consecuencia, o peso de Galicia no total de ocupación caeu desde o 5,97% en 2009 ata o 5,31% de finais de 2023. Porén, a evolución positiva da ocupación en Galicia nos últimos anos é moi superior á experimentada polos veciños máis próximos. No período 2020-2023, Asturias (+2,99%), Castela e León (+4,84%) ou a "dinámica" rexión Norte de Portugal (+1,81%) aumentaron a ocupación a ritmos, nalgún caso, moi inferiores a Galicia (5,05%).

O bo comportamento do mercado laboral desde 2020 reflíctese tamén nas cifras de afiliacións do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e nos datos avanzados da estimación de postos de traballo da Contabilidade trimestral do Instituto Galego de Estadística. Porén, a pesar da intensa recuperación da ocupación durante este período, en particular no último ano, Galicia segue lonxe dos niveis de emprego de 2008 (gráficos 2 e 3).

En resumo, como amosa a figura 1, a taxa de paro en Galicia entre 2020 e 2023 reduciuse en máis de dous puntos porcentuais, pasando do 12,02% ao 9,71%. A poboación activa creceu en 29.100 persoas, case na súa totalidade mulleres, mentres que a ocupación





aumentou en 54.300, o que finalmente supón unha redución de 25.300 desempregados. É importante destacar que nesta recuperación do mercado de traballo son as mulleres as principais protagonistas. A poboación ocupada feminina sobe en case 38.000 persoas (o 70% do incremento da ocupación estimado pola EPA).


Como xa ocorrera noutros períodos de notable mellora da ocupación, o descenso no desemprego é moito máis modesto. O bo comportamento do mercado laboral “anima” a colectivos con maiores dificultades para atopar emprego noutras fases do ciclo, a incorporarse ao mercado laboral. De feito, o incremento na poboación activa durante esta fase expansiva amorteceu o efecto do crecemento na ocupación sobre o desemprego.

Se a taxa de actividade galega se mantivese constante durante este período de recuperación, a taxa de paro galega descendería ata o 8,3%, 1,44 puntos porcentuais menos que a taxa de desemprego estimada.

Cara ao futuro, Galicia debe afrontar retos comúns a todas as sociedades europeas como a transición enerxética, as innovacións tecnolóxicas (automatización e dixitalización) ou o cambio demográfico. Sen dúbida, todos estes retos van causar unha profunda transformación do mercado laboral galego, con significativas implicacións na empregabilidade e na produtividade de determinados colectivos, que xa son hoxe unha realidade. Por iso, é unha necesidade urxente adaptar tanto as políticas activas (formación e intermediación laboral) como as pasivas (prestacións e rendas de inserción) a un novo contexto. Galicia é unha sociedade moi envellecida, con graves dificultades de relevo xeracional en moitas ocupacións; que afronta o reto do acollemento e inclusión dun número crecente de poboación inmigrante, e que vive un cambio tecnolóxico disruptivo que vai supoñer unha reasignación ocupacional do emprego moi significativa.


O contorno demográfico: un reto máis para o mercado de traballo galego

En Galicia, o número de nacementos en 2023 acadou un novo mínimo. Foron 14.025, un 40% menos que en 2008. Fronte a un crecemento sostido das defuncións, que desde 1988 superan os nacementos, o saldo vexetativo negativo é cada ano máis elevado. A dinámica demográfica das últimas décadas non actúa aínda como un factor activo limitante para o desenvolvemento da economía galega, pero si ten importantes efectos polos cambios tanto na composición por idades, como na distribución territorial e na orixe da poboación. Desde o inicio deste século, a poboación galega case non medrou, pero esta lixeira variación agocha importantes mudanzas na distribución por colectivos. En efecto, o número de residentes en Galicia creceu lixeiramente, mais a poboación en idade de traballar (fixado o límite superior nos 65 anos) reduciuse de forma considerable (gráfico 4). Ademais, os desequilibrios territoriais seguen aumentando (maior peso das áreas urbanas das provincias occidentais) e a orixe da poboación residente está cambiando rapidamente (a poboación residente galega desde hai tempo mantense grazas á chegada de poboación do exterior, mentres que a nacida en Galicia é cada ano menor).





Neste contexto, a significativa perda de poboación “potencialmente” activa non supuxo unha redución da poboación activa no que levamos de século XXI. Galicia contaba en 2023 con aproximadamente 95.000 activos máis que en 2001, grazas ao notable incremento da participación feminina no mercado laboral (a taxa de actividade das mulleres entre 16 e 64 anos en 2001 era do 53,7%, mentres que en 2023 superou o 71%); e á chegada de inmigrantes por motivos económicos, os cales, polo tanto, teñen como obxec-


tivo prioritario participar no mercado laboral (o crecemento da poboación activa galega no último ano é resultado en exclusiva da incorporación de inmigrantes de América Latina que máis que compensan a perda de activos nacionais). Aínda que a dinámica demográfica se manteña desfavorable nos próximos anos, existe marxe para novos aumentos na participación laboral e tamén para a incorporación de poboación inmigrante. No primeiro caso, seguramente os incrementos futuros non sexan tan intensos como os vividos durante estes últimos anos. A taxa de actividade na UE-27 é do 75%, similar á galega, malia que gran parte dos países nórdicos superan amplamente o 80% (Dinamarca, Estonia, Suecia, Noruega, Islandia ou Holanda). No segundo caso, a fortaleza da economía galega marcará o ritmo e o signo futuro dos movementos migratorios. O que parece confirmarse é que incluso cun forte saldo migratorio positivo, a poboación galega vai diminuír nos próximos anos, o que acentuará as dinámicas experimentadas desde o inicio deste século. As proxeccións de poboación a curto prazo do Instituto Galego de Estatística (IGE) estiman unha perda de poboación entre 2021 e 2037 do 1,49%, con maiores desequilibrios territoriais (só medra a poboación nas áreas xeográficas da Coruña, Santiago, Ourense e Pontevedra) e cunha porcentaxe de poboación maior de 65 anos en 2037 próxima ao 60% (IGE, Proxeccións de poboación a curto prazo, 2022-2037).



O comportamento agregado do emprego


A evolución do emprego en número de persoas amosa unha dinámica positiva que está véndose acompañada por un crecemento moito máis moderado no número total de horas traballadas. A Contabilidade trimestral e a propia EPA permiten analizar a evolución do emprego, utilizando como medida alternativa o número de horas efectivamente traballadas. Como podemos observar no gráfico 5, Galicia non recuperou as horas de traballo efectivas anteriores á pandemia, mentres que en España subiron, pero a un ritmo moi moderado. De feito, nas dúas economías, as horas efectivas traballadas por ocupado diminuíron; evolución que tamén se dá noutras economías do noso contorno como resultado da tendencia á redución da xornada laboral (gráfico 6). Nótese que a tendencia á diminución das horas traballadas por ocupado é anterior á pandemia. Durante esta acentuouse a redución para, unha vez superadas as fases máis intensas da crise sanitaria, recobrar a súa dinámica anterior. Porén, existen factores que contribuíron ao limitado dinamismo das horas traballadas por ocupado desde a finalización da pandemia. O principal é a incidencia das baixas por enfermidade e incapacidade laboral, que subiu de maneira considerable nos últimos anos (gráfico 7). As posibles secuelas sobre a saúde da COVID-19, os cambios adoptados nos protocolos sanitarios, as propias tensións no sistema de atención primaria ou o envellecemento da poboación traballadora poden explicar parte do incremento da ausencia do traballo por enfermidade que, de manterse no tempo, pode afectar de maneira moi negativa á produtividade, ao emprego e ao crecemento potencial. A incidencia é especialmente intensa en Galicia, unha sociedade máis avellentada que






a media, e onde o peso da ocupación no sector público é tamén máis elevado (sector onde estas baixas teñen unha maior incidencia relativa). A ampliación da fenda na incidencia das baixas por enfermidade comeza antes da pandemia, redúcese durante os meses de maior intensidade da mesma e volve aumentar no período de recuperación.


A partir das estimacións da EPA podemos comparar a variación relativa da ocupación trimestral en termos interanuais en Galicia e España (gráfico 8). Como é coñecido, a intensidade do impacto da COVID-19 no emprego e a posterior recuperación amosa apreciables diferenzas, que permiten explicar o anheamento da fenda existente en termos de emprego entre ambas as economías. Porén, no último ano o incremento relativo da ocupación foi semellante, pero sempre cun diferencial favorable á economía española. O forte dinamismo do turismo internacional, libre de restricións de mobilidade desde 2021, favoreceu a creación de emprego no conxunto da economía española. O impacto nos territorios da España Verde, menos dependente do turismo internacional, foi de moita menor intensidade. Un simple dato serve para confirmar a elevada dependencia da economía española da evolución do turismo. A hostalería, que supoñía en 2020 o 7% da ocupación española, explica o 16% da variación da ocupación entre 2020 e 2023 (máis do dobre do seu peso relativo).



Como xa adiantamos, o gran protagonista en Galicia da dinámica positiva da ocupación son as mulleres, que aumentan a ocupación en case 38.000 persoas (o 70% da subida da ocupación total estimada pola EPA); o que ten un forte impacto sobre o diferencial de xénero na taxa de paro (gráfico 9). Desde a recuperación da crise iniciada en España en 2008, o diferencial de xénero na taxa de desemprego é moi inferior en Galicia. De feito, no primeiro trimestre de 2024 (últimos datos dispoñibles) as taxas de paro de homes e mulleres en Galicia son moi similares, menos dun punto porcentual; algo que non acontece no conxunto de España, onde o diferencial é de 2,73 puntos porcentuais.




Como destacamos xa en anteriores *Informes*, o aparente bo resultado do mercado laboral galego cando nos fixamos na evolución da taxa de paro debe tomarse con moita precaución. Efectivamente, a taxa de paro do conxunto de España supera en todo o período analizado a taxa de paro galega, manténdose o diferencial nos últimos anos (gráfico 10). A consecuencia parece evidente. O




mercado laboral galego obtén un mellor resultado que o mercado laboral do conxunto de España. Pero, esta non parece ser a conclusión cando analizamos a evolución da taxa de emprego (gráfico 11). A aparente confusión nos resultados é unha consecuencia máis das diferenzas existentes na estrutura por idades entre as dúas economías. O maior peso da poboación de máis idade en Galicia ten como efecto directo unha menor participación global no mercado de traballo. En 2023, a taxa de actividade galega dos maiores de 16 anos é case 6 puntos porcentuais menor que a española, 58.85% fronte ao 53%; valores similares aos estimados nos últimos anos. A menor participación facilita un mellor dato laboral en termos de taxa de paro, pero supón unha maior carga social e económica para a poboación ocupada, como vén ocorrendo en Galicia desde hai moitos anos.

En síntese, a situación do mercado laboral en termos agregados é relativamente similar cando temos en conta só o intervalo de idade de 16 a 64 anos, pero é moi diferente cando consideramos toda a poboación potencialmente activa. Unha vez máis podemos comprobar o impacto da estrutura por idades no mercado laboral. Unha poboación máis envellecida ten efectos significativos en moitos dos indicadores que usamos para caracterizar a saúde do mercado laboral e pode utilizarse como un indicador adiantado dos retos que debe afrontar a economía galega no futuro próximo. Medidas que aumenten a empregabilidade dos traballadores de maior idade son xa unha urxencia en Galicia, posto que unha maior participación destes pode compensar a falta de activos máis novos. As políticas activas do mercado laboral en Galicia (formación e intermediación laboral) deben ter como un dos seus focos principais acomodar os efectos do cambio demográfico. Coñecemos desde hai tempo a dirección do cambio demográfico e temos estimacións precisas da súa intensidade nas diferentes ocupacións e actividades. Agora toca tomar medidas correctoras e nese sentido Galicia pode ser un laboratorio natural para o conxunto da Unión Europea. En breve, estas medidas correctoras serán unha prioridade en toda Europa.





O comportamento do emprego por colectivos

Segundo os datos da EPA, entre 2020 e 2023, a ocupación en Galicia medrou en 54.300 persoas en media anual. En España a recuperación da ocupación foi moito máis intensa durante estes tres anos, dobrando a variación relativa galega (10,3% fronte ao 5,1%, gráfico 12). É importante destacar as diferenzas por xénero na recuperación do emprego nas dúas economías, favorable á ocupación feminina, pero moito máis marcada no caso galego, onde o 70% dos novos ocupados son mulleres.



mías menos dinámicas no ano anterior). Porén, pese a esta importante aceleración, non logrou recobrar o nivel de afiliacións existente en 2008 (recordemos os datos representados no gráfico 2). Só as comunidades do norte máis envellecidas, Asturias, Galicia e Castela e León, xunto con Cantabria, están en 2023 por debaixo do nivel de afiliacións de 2008. O bo comportamento do turismo sitúa a Baleares, Canarias e Comunidade Valenciana entre as máis dinámicas, sempre por detrás de Madrid.



A feble recuperación da ocupación dos homes observada durante 2021 e 2022 acelérase en 2023, aproximándose ao incremento observado na ocupación das mulleres (gráfico 14). A mellora da ocupación dos homes ten a súa orixe no aumento dos autónomos e do emprego público. No caso das mulleres, durante 2023 case o 100% da subida débese á ocupación asalariada no sector privado. As mulleres tamén mostran un forte crecemento no emprego autónomo, pero case totalmente compensado pola perda de ocupados entre os empresarios con asalariados. En conxunto, a recuperación do emprego autónomo é moi relevante ao igual que a dinámica positiva dos asalariados do sector público. No período 2020-2022 Galicia perdeu 2.600 autónomos e 4.000 asalariados do sector público, e nun só ano aumentou os autónomos en 8.700 e os asalariados do sector público en 4.900; recuperando o emprego perdido por ambos os colectivos nos dous anos anteriores.

Por último, cómpre destacar as grandes diferenzas na evolución da ocupación por nacionalidade (gráfico 15). Debemos ter en conta que en 2023 o 94% dos ocupados galegos posúen nacionalidade española ou dobre nacionalidade. Porén, o peso dos estranxeiros, especialmente de América Latina, máis que se duplicou nos últimos cinco anos, pasando do 1,61% en 2008 ao 3,62% en 2023.

Cadro núm. 1

Evolución da ocupación en Galicia segundo a EPA


Taxas de crecemento interanuais (en %)

	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Ocupación	2,4	1,6	-1,9	1,2	1,5	2,3
Homes	2,1	2,0	-0,9	0,6	0,4	1,9
Mulleres	2,7	1,2	-3,1	1,9	2,8	2,7
Ocupación segundo a relación laboral						
Asalariados	4,2	1,8	-1,1	1,1	2,1	2,5
Por duración de contrato						
Indefinidos	4,9	2,0	2,2	0,5	8,9	5,9
Temporais	2,6	1,5	-10,2	2,8	-18,8	-12,0
Por duración de xornada						
Xornada completa	4,1	1,1	0,5	0,8	1,6	2,6
Xornada parcial	5,1	6,2	-9,5	2,3	5,4	1,6
Non asalariados	-4,4	0,7	-5,3	1,8	-1,1	1,6
Ocupación por ramas de actividade						
Agricultura	-9,6	-1,9	3,6	-0,6	1,2	6,6
Industria	-1,3	6,2	1,7	-6,3	-3,0	1,5
Construción	1,1	4,2	7,1	0,8	1,6	0,5
Servizos	4,5	0,7	-4,1	3,2	2,6	2,2
Hostalería	5,1	2,1	-13,1	-8,0	8,4	10,6
Actividades sanitarias e servizos sociais	8,1	7,6	0,6	2,9	-0,5	-2,8
Ocupación por nivel de formación						
Estudos primarios	-8,9	-31,2	-15,2	-11,9	3,0	21,0
Estudos secundarios. 1ª etapa	-0,5	2,3	-3,8	-0,1	-1,1	0,6
Estudos secundarios. 2ª etapa	7,8	3,1	-5,7	0,3	1,4	8,2
Estudos altos (ed. superior)	2,8	3,6	2,3	3,2	3,1	-0,4
Ocupación por nacionalidade						
Nacionais	2,1	1,2	-2,2	1,6	0,5	1,6
Estranxeiros	9,0	11,5	4,9	-7,3	24,8	14,4

Fonte: Elaboración propia a partir de EPA, INE e IGE.

En resumo, entre os aspectos máis relevantes da ocupación en Galicia desde 2020 (cadro 1) podemos destacar: (1) o positivo dinamismo da ocupación total, mostrando un incremento máis intenso nas mulleres que nos homes, pero con tendencia a igualarse en 2023; (2) a recuperación parcial en 2023 da ocupación non asalariada que tivera un forte impacto negativo durante a pandemia e os anos seguintes, condicionada pola falta dun sistema de protección similar aos ERTE; (3) a importante caída no emprego temporal, que, tras a entrada en vigor da reforma en abril de 2022, continúa en 2023 (a posibilidade do “despedimento temporal” vía os contratos fixos descontínuos parece que por fin pode baixar a temporalidade do mercado laboral español e galego); (4) o notable aumento relativo (21%) no emprego con estudos primarios (o nivel de cualificación máis elemental) e a redución do emprego con maiores niveis de cualificación formal (aínda que en termos relativos é pouco significativo), ao contrario do que viña acontecendo nos últimos anos; (5) por sectores económicos, a ocupación medra nos servizos, cun fortísimo crecemento na hostalería (nin con esta subida acada en Galicia os niveis previos á pandemia) e que está acompañado dunha diminución da ocupación nos servizos sanitarios e sociais; e (6) en 2023 mantense o notable incremento da ocupación da poboación estranxeira que comezara en 2022, en especial dos chegados de América Latina. A dinámica en 2023 dos distintos colectivos é consistente coa evolución agregada observada. Por exemplo, o aumento en ocupacións de niveis de formación regrada baixos ou medios (como a hostalería) está directamente relacionado coa significativa subida da ocupación de estranxeiros con orixe en América Latina e no resto do mundo.


Galicia difire do conxunto de España na dinámica agregada e tamén en moitos dos resultados parciais vinculados ao mercado laboral. Por exemplo, a diferenza do conxunto de España, o crecemento da ocupación estase a producir entre os asalariados nos servizos privados persoais e na agricultura. No caso de España, esta mellora focalízase na actividade turística, e mostra unha preocupante perda de ocupación na actividade primaria. E cando teñen elementos en común (gran parte do incremento da ocupación recae sobre a poboación estranxeira), existen importantes matices que volven separar a dinámica das dúas economías. A orixe dos traballadores inmigrantes, que entre 2021 e 2023 supoñen o 44% en España e o 48% en Galicia da ganancia do emprego, é claramente diferente. En España o incremento estase a producir tanto por traballadores da Unión Europea (UE) como de fóra, mentres que en Galicia a poboación de fóra da UE supón o total da variación positiva da ocupación.



O comportamento do emprego desde unha perspectiva comparada

Cando temos en conta unha perspectiva temporal máis ampla, podemos visualizar mellor as diferenzas de comportamento entre o mercado laboral galego e español a partir dos datos de afiliación mensual. No gráfico 16 recolleemos a evolución da afiliación no réxime xeral e no gráfico 17 a evolución no réxime especial dos autónomos desde 2009 ata 2024 en Galicia.

A dinámica da afiliación en Galicia mostra tres características importantes: (1) a estacionalidade da afiliación é moi relevante con picos de afiliación nos meses de xullo e agosto, en especial marcados na afiliación no réxime xeral (gráfico 16); (2) a negativa evolución en Galicia da afiliación no réxime especial dos traballadores autónomos, determinada pola perda continua de empregos no sector primario, na construción e no comercio (gráfico 17); e (3) a maior resiliencia do emprego autónomo ante os stocks negativos (gráfico 18), algo común nas dúas economías.



Cadro núm. 2

Taxas de crecemento, do PIB, emprego e produtividade aparente do factor traballo entre 2019 e 2023.

Taxas de crecemento interanuais (en %)

	2022-2023		2019-2023	
	Galicia	España	Galicia	España
PIB	1,84	2,50	0,96	0,61
Emprego-PTETC	1,95	3,24	0,30	1,77
Emprego-horas	1,48	1,94	-0,85	0,26
Prod.-PTETC	-0,11	-0,71	0,67	-1,13
Prod.-horas	0,36	0,55	1,83	0,88

Fonte: Elaboración propia a partir de Contas trimestrais, IGE e Contabilidade trimestral, INE.

A evolución comparada (gráfico 18) amosa o enorme diferencial existente no comportamento da afiliación, moi acusado no emprego autónomo. Porén, o peso do emprego autónomo segue sendo maior en Galicia que no conxunto de España.

Os datos reflectidos nas contas económicas trimestrais para o conxunto do ano 2023 presentan diferenzas tamén apreciables entre ambas as economías na evolución da produtividade do factor traballo. A produtividade na economía española, medida en termos de horas efectivamente traballadas ou en número de postos de traballo equivalente a tempo completo (PTETC), está evolucionando peor que a galega. Os datos mostran como o emprego en España crece por riba da produtividade media do factor traballo, o que indica que se está baseando no incremento da ocupación en actividades de baixa produtividade.

Evolución do desemprego

Como resultado da evolución positiva da ocupación, a taxa de paro situouse no 9,7%, a máis baixa desde 2008. O desemprego estimado pola EPA descendeu en 2023 en 15.500 persoas, 7.000 homes e 8.500 mulleres. En termos relativos, a caída foi moi importante (un 11,30%), en parte polo reducido incremento na poboación activa (0,77%), lonxe do observado no conxunto de España (2,09%). De feito, cun aumento da ocupación claramente superior no conxunto de España, a diminución do desemprego en Galicia (-11,3%) case triplica o resultado do conxunto de España (-4,6%).


Cadro núm. 3

Evolución do desemprego segundo a EPA

Taxas de variación (en %) e niveis (en %) da poboación activa de cada categoría

	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Desemprego	-15,2	-12,1	0,6	-3,3	-3,5	-11,3
Homes	-18,3	-13,1	0,6	-3,3	-4,2	-10,9
Mulleres	-12,1	-11,1	0,5	-3,4	-2,8	-11,7
Taxa de paro	13,3	11,8	12,0	11,5	11,0	9,7
Por sexos						
Homes	12,4	10,7	10,9	10,5	10,1	8,9
Mulleres	14,4	12,8	13,3	12,7	12,1	10,5
Por idades						
De 16 a 24 anos	32,5	27,8	33,1	32,0	32,7	24,6
De 25 a 54 anos	12,7	11,3	11,7	10,9	10,2	9,2
55 e máis anos	11,2	9,9	8,9	9,7	9,2	8,3
Por nivel de formación						
Estudios primarios	25,6	28,1	24,2	22,4	23,6	21,8
Estudios secundarios. 1ª etapa	16,9	14,5	13,9	13,4	13,1	10,9
Estudios secundarios. 2ª etapa	13,6	13,0	13,1	12,9	12,7	11,3
Estudios altos (ed. superior)	8,9	7,7	9,4	9,0	8,3	7,2
Taxa de paro de longa duración	5,9	4,6	4,1	4,7	4,2	3,4
Homes	5,2	3,9	3,5	4,0	3,7	3,3
Mulleres	6,5	5,3	4,7	5,4	4,7	3,6
Incidencia paro de longa duración	50,5	44,8	38,9	45,9	43,3	40,5
Homes	49,3	43,4	38,3	44,5	42,6	43,4
Mulleres	51,5	46,3	39,4	47,5	44,0	38,0

Fonte: Elaboración propia a partir de EPA, INE e IGE.




A positiva evolución da ocupación feminina incide de maneira moi positiva nos indicadores de evolución do desemprego. Este feito nótase sobre todo no de longa duración feminino, que remata 2023 con taxas de paro moi semellantes ás dos homes e cunha incidencia menor. O desemprego de longa duración é un dos principais problemas do mercado de traballo actual, e parece que a dinámica nos últimos anos é moi positiva (gráfico 19), situándose en mínimos próximos aos acadados en 2008. Tamén se reduce a fenda na taxa de paro por xénero (xa comentado, no gráfico 8), resultado oposto ao observado no conxunto de España. Por último, cómpre sa-

liantar que a creación de emprego afecta a todos os colectivos por idade e nivel de formación, tendo un impacto máis significativo nas cifras de desemprego dos colectivos máis vulnerables (mozos e niveis formativos inferiores).



Prezos e salarios

Despois da forte subida da inflación en 2022, provocada por unha concatenación de factores descritos no *Informe 2022*, o efecto combinado das fortes políticas contractivas aplicadas polo Banco Central Europeo (que elevou os tipos de xuro para as facilidades marxinais de crédito ata o 4,75%), xunto coas medidas adoptadas polo Goberno para rebaixar o custo enerxético, favoreceu a moderación na taxa de crecemento dos prezos en 2023. A media da taxa de inflación para o conxunto do ano foi do 3,6%, moi por debaixo do 9% de 2022, pero aínda lonxe do obxectivo oficial dunha taxa anual do 2%. En todo caso, a evolución ao longo do ano foi desigual, cunha forte redución na primeira parte (pasando do 6,4% de xaneiro ao 1,5% de xuño), para recuperar dinamismo na segunda metade, cunha taxa en decembro do 3,7%. En termos relativos, a taxa de inflación galega tivo un mellor comportamento que a nacional ata xullo. A partir de entón, a inflación en Galicia situouse por riba da media nacional, aumentando o diferencial ata as 4 décimas nos primeiros meses de 2024. Deste xeito, ráchase coa tendencia amosada desde o inicio da pandemia de 2020 e que, ata mediados de 2023, deixaba a taxa de inflación española por riba da galega. En calquera caso, as dúas taxas superan a media anual da zona euro (2,9%) e en liña coa do conxunto da UE (3,4%). Neste sentido, será importante facer un seguimento do diferencial coa media dos países da zona euro para analizar o potencial maior impacto que poden ter os aínda elevados tipos de xuro.

A inflación subxacente (aquela que exclúe o efecto dos alimentos e os prezos enerxéticos) tamén moderou a súa dinámica ao longo de 2023, reflectindo que os efectos de segunda rolda que se identificaron en 2022, e que significaban que os impulsos sobre os prezos das materias primas básicas e enerxía se estaban a trasladar ao conxunto de cadeas de valor da economía, están a absorber o impacto. A taxa subxacente reduciuse desde o 8% de xaneiro ata o 4,1% de decembro; unha caída que continúa nos primeiros meses de 2024. Con todo, a taxa galega superou de xeito continuado a media nacional, o que indica que os mencionados efectos de segunda rolda son máis persistentes en Galicia que no conxunto do Estado.



A moderación no crecemento dos prezos non tivo efectos aparentes nos acordos salariais acadados na negociación colectiva. No ano precedente, os traballadores tiveran que asumir un forte custo en termos de perda de poder adquisitivo, con subidas salariais pactadas moi por debaixo da taxa de inflación. Segundo a *Estadística de Convenios Colectivos de Trabajo*, publicada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social en 2023, o aumento salarial pactado ata decembro nos convenios colectivos situouse no 3,83%, dúas décimas por riba da taxa de inflación do conxunto do ano. Este dato non permite recuperar a perda de salario real do ano precedente, no que o



devandito incremento salarial fora do 3,94% fronte a unha taxa de inflación do 9%. Como xa sucedera en 2022, e ao contrario do que soe ser habitual, os acordos empresariais fixaron incrementos salariais por riba da media (4,32%), mentres que os de ámbito superior (que cobren un número de traballadores significativamente máis elevado) estableceron unha subida salarial do 3,82%. Tradicionalmente, os acordos de empresa (máis numerosos e centrados en pequenas e medianas entidades) adoitan amosar unha maior moderación, sobre todo debido a que a negociación descentralizada permite incluír aspectos extrasalariais, como comedores, transporte ou permisos. Porén, nos dous últimos anos o nivel máis descentralizado (que debería ser o que favorecese a moderación no crecemento dos salarios) está presentando os maiores incrementos.

En canto á evolución dos custos salariais, a *Encuesta Trimestral de Costes Salariales* do INE indica que para o conxunto de sectores non primarios os custos mostraron un gran dinamismo, cunha taxa de variación interanual do 4,7%, motivada fundamentalmente polo aumento do custo salarial ordinario (4,3%) e dos outros custos (8,4%). O sector industrial foi o que presentou un maior incremento do custo total (7,1%), seguido do

Cadro núm. 4
Evolución dos custos laborais

	2022	2023					Variación	
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	Absoluta	%
Industria								
Custo total	2.947,0	2.967,2	3.152,9	3.060,5	3.442,9	3.155,9	208,9	7,1
Custo salarial total	2.175,2	2.119,9	2.284,2	2.212,5	2.601,0	2.304,4	129,2	5,9
Custo salarial ordinario	1.867,6	1.929,7	1.946,9	1.961,9	1.987,9	1.956,6	89,0	4,8
Outros custos	771,7	847,3	868,7	848,0	841,9	851,5	79,7	10,3
Custo por percepcións non salariais	57,9	80,5	100,5	70,4	63,4	78,7	20,8	35,9
Custo por cotizacións obrigatorias	725,1	775,1	780,3	787,7	796,8	785,0	59,8	8,3
Subvencións e bonificacións da S. Social	11,3	8,3	12,1	10,0	18,4	12,2	0,9	7,8
Construción								
Custo total	2.887,4	2.872,8	3.021,0	3.033,2	3.158,0	3.021,3	133,8	4,6
Custo salarial total	2.029,9	1.906,2	2.059,7	2.004,8	2.143,2	2.028,4	-1,4	-0,1
Custo salarial ordinario	1.730,0	1.824,1	1.820,6	1.832,5	1.821,3	1.824,6	94,6	5,5
Outros custos	857,6	966,6	961,4	1.028,5	1.014,8	992,8	135,3	15,8
Custo por percepcións non salariais	144,0	186,8	183,2	233,0	222,4	206,4	62,3	43,3
Custo por cotizacións obrigatorias	725,9	790,0	787,0	806,5	803,8	796,8	71,0	9,8
Subvencións e bonificacións da S. Social	12,4	10,3	8,8	11,0	11,4	10,4	-0,1	-0,5
Servizos								
Custo total	2.429,8	2.437,0	2.550,4	2.481,8	2.656,9	2.531,5	101,7	4,2
Custo salarial total	1.809,9	1.782,6	1.883,2	1.821,5	1.982,2	1.867,4	57,5	3,2
Custo salarial ordinario	1.621,9	1.651,5	1.694,4	1.710,0	1.699,9	1.688,9	67,0	4,1
Outros custos	620,0	654,4	667,2	660,4	674,7	664,2	44,2	7,1
Custo por percepcións non salariais	48,3	52,4	60,7	50,7	60,3	56,0	7,7	16,0
Custo por cotizacións obrigatorias	587,8	617,3	622,2	627,1	631,9	624,6	36,8	6,3
Subvencións e bonificacións da S. Social	16,1	15,4	15,6	17,3	17,5	16,5	0,1	0,8
Total non primario								
Custo total	2.551,2	2.556,1	2.686,9	2.618,8	2.821,1	2.670,7	119,5	4,7
Custo salarial total	1.888,8	1.848,2	1.964,9	1.901,2	2.095,8	1.952,5	63,7	3,4
Custo salarial ordinario	1.672,4	1.710,3	1.746,8	1.761,6	1.755,9	1.743,7	71,3	4,3
Outros custos	662,4	707,9	722,0	717,6	725,3	718,2	55,8	8,4
Custo por percepcións non salariais	56,3	66,1	75,8	66,4	71,6	70,0	13,6	24,2
Custo por cotizacións obrigatorias	621,1	655,6	660,7	666,9	670,9	663,5	42,4	6,8
Subvencións e bonificacións da S. Social	15,0	13,8	14,5	15,7	17,2	15,3	0,0	-0,2


Fonte: INE, *Encuesta trimestral de costes laborales*.

sector da construción (4,6%) e os servizos (4,2%). En todos os casos, estas subidas están motivadas polo crecemento dos custos salariais ordinarios, con avances nos non salariais, aínda que estes últimos representan unha porcentaxe pequena da variación do custo total.

Esta mesma operación estatística proporciona información sobre as vacantes non cubertas. Tanto no conxunto nacional como en Galicia en 2023 rexistrouse un ascenso nas vacantes, sendo a variación en Galicia moito máis intensa. Así, en España para o conxunto do ano houbo unha media de 148.212 vacantes (un 5,3% máis que en 2022, 140.859). En Galicia a cifra pasou das 4.802 ás 6.294, un aumento que multiplica por 7 o nacional (35,5%). Esta é outra das cuestións relativas ao funcionamento do mercado de traballo da que é preciso facer un seguimento, xa que pode estar indicando unha certa rixidez nos procesos de emparellamento entre empresas e traballadores.

Recadro 1. Paro oficial e medicións alternativas

A taxa de paro estimada segundo a metodoloxía de Eurostat, empregando o concepto de desemprego da Organización Internacional do Traballo (OIT), é a medida oficial do desemprego na Unión Europea e a única comparable internacionalmente. Porén, se queremos contar cunha radiografía máis completa da infrautilización ou o desaproveitamento da man de obra podemos acudir a medidas alternativas do desemprego como as propostas polo Bureau of Labor Statistics (BLS), a Oficina de Estatísticas Laborais do Departamento de Traballo dos Estados Unidos. A definición da OIT considera parados as persoas sen emprego que están buscando activamente un traballo e que poden incorporarse inmediatamente a un. Isto deixa fóra os desanimados que renuncian a intentar atopar un emprego e as persoas que si o buscan, pero non teñen dispoñibilidade para aceptalo. Estas persoas non se contan como parados, senón como inactivos, co cal quedan fóra da poboación activa (que é a suma de ocupados e parados segundo a OIT), que se utiliza como denominador para calcular a taxa de paro oficial. Esta taxa de paro deixa fóra tamén a un terceiro colectivo, os ocupados a tempo parcial por razóns económicas (aqueles que non atopan un emprego a tempo completo). Neste caso, ao ser poboación ocupada forman parte da poboación activa, pero podemos consideralos como infraempregados, como indica na definición das medidas alternativas ao desemprego da OIT o BLS. Esta institución (o BLS) publica mensualmente seis medidas da infrautilización do factor traballo (denominadas U1-U6) para contar cunha radiografía máis completa do que está acontecendo no mercado laboral. U1 e U2 refírense ás persoas desempregadas durante 15 semanas ou máis (U1) e a despedidos recentemente e traballadores que acaban de concluír un contrato temporal (U2). Como ambos os colectivos forman parte do paro oficial, estas taxas son inferiores á taxa de paro oficial. O resto de taxas inclúen os colectivos mencionados e que moitos sinalan como o desemprego que “oculta” a EPA. A taxa U4 engade á cifra de parados a dos traballadores desanimados. U5 fai o propio, sumando á ecuación as “persoas marxinalmente vinculadas á poboación activa”. O equivalente son as persoas que buscan traballo pero non están dispoñibles para aceptalo. U6, por último, inclúe as persoas que están ocupadas, pero traballan a tempo parcial querendo facelo a tempo completo. A taxa calcúlase sobre a mesma proporción que U5 (é dicir, sen os infraempregados, que ao seren ocupados xa forman parte da poboación activa “estándar”). Eurostat publica unha taxa similar a U6, que se coñece como “folgura laboral” (*labour market slack*). Ao igual que os datos estadounidenses inclúe os parados segundo a definición da OIT, pero tamén os “parados ocultos” que non contan como tales: os desanimados, os non dispoñibles e mesmo os infraempregados (empregados a xornada parcial que queren traballar máis horas e están dispoñibles para iso).



A partir dos microdatos da EPA podemos estimar a taxa U4 e U6 para Galicia no período 2014-2023 (gráfico R1). A dinámica é claramente positiva e pode apreciarse como os inactivos desanimados baixan máis que proporcionalmente, mentres que ocorre o contrario co colectivo dos traballadores infraempregados. Se a brecha entre a U3 e a U4 se reduce durante este período, a distancia entre U3 e U6 crece. A taxa U6 é no cuarto trimestre de 2024 un 92% superior a U3, cando no primeiro trimestre de 2014 era só un 44% maior. Este resultado está vinculado ao incremento do emprego a tempo parcial, que en parte recolle as preferencias dos potenciais traballadores, pero que de forma maioritaria segue a

ser unha opción forzada por non atopar un traballo a tempo completo. En calquera caso, este colectivo diminúe desde 2014, pero a unha taxa moi inferior á do desemprego (ao igual que os activos desanimados, os traballadores a tempo parcial por motivos económicos son contracíclicos). Por último, a característica máis salientable na análise das motivacións para traballar a tempo parcial é que entre 2014 e 2023 o número de traballadores que indican como motivo o coidado de nenos ou adultos enfermos máis que se duplicou. Sen dúbida, este é un impacto directo do cambio demográfico e debe terse en conta na planificación, non só das medidas de política activa e pasiva vinculadas directamente co mercado laboral, senón tamén das medidas de política social.

III. Sector agrario

- Aínda que diminuíu nos últimos anos, o complexo agroalimentario mantén un peso relevante na economía galega, aportando en 2021 o 5% do VEB e o 5,9% do emprego. A maior parte segue correspondendo ao sector agrario, pero a industria agroalimentaria tende a reforzarse e xera hoxe o 44% do VEB do complexo.
- Despois de alcanzar un máximo en marzo de 2022, os prezos mundiais dos alimentos experimentaron un descenso continuo nos dous últimos anos. Concretamente, en 2023 o contexto internacional caracterizouse por unha caída moderada dos prezos da carne e máis forte nos produtos lácteos, pero iso acompañouse dun significativo abaratamento tamén das materias primas para a alimentación animal (cereais e oleaxinosas).
- A redución da produción, unida á baixa dos prezos percibidos polos agricultores, provocou que a renda agraria por ocupado sufrise en 2023 na UE-27 unha importante diminución (-6,3%).
- Na agricultura española, en contraste co contexto europeo e internacional, os prezos dos produtos agrarios rexistraron de novo unha notable alza. Isto posibilitou que, a pesar da contracción dos volumes producidos, o ano 2023 se pechase cunha significativa mellora da renda por ocupado (12,4%).
- Enmarcada nese contexto, a dinámica do sector agrario galego en 2023 estivo definida, en primeiro lugar, por un moderado crecemento do *output* (ao redor do 3%), apoiado na notable expansión da produción vexetal e nun lixeiro incremento da produción animal.
- Ao mesmo tempo, asistimos a un comportamento dos prezos claramente favorable para o sector, ao confluír unha forte alza dos prezos percibidos, tanto nos produtos vexetais como nos gandeiros, cun descenso dos prezos pagados, un abaratamento dos insumos.
- O resultado final foi que a renda agraria por ocupado rexistrou aquí, segundo os nosos cálculos, un forte aumento (15%), superior mesmo ao que se deu en España (12,4%) e que contrasta co seu descenso na UE-27 (-6,3%).
- O crecemento da renda agraria en Galicia en 2023 sucedeu aos lixeiros incrementos en 2021 e 2022, permitindo recuperar os niveis previos á crise que sufriu o sector en 2020 como consecuencia da pandemia da COVID-19. Non obstante, o saldo é diverso dunhas a outras ramas produtivas.
- Un feito adicional a salientar é o freo da redución da poboación ocupada no sector que parece darse na última década (e que continuou en 2023), despois da abrupta caída nos tres primeiros decenios de integración na UE. Esa relativa estabilización do volume da man de obra agraria en Galicia estase acompañando de mudanzas relevantes na súa composición: unha crecente masculinización e un peso cada vez maior do emprego asalariado; ao mesmo tempo que se mantén o seu elevado envellecemento.

Peso global e dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira no período 1995-2021

Complexo de produción agroalimentario

Das 72 ramas que distingue o IGE nas súas *Contas Económicas de Galicia-Revisión Estatística 2019*, seis integran o complexo de produción agroalimentario (CPA): agricultura, gandería, caza e servizos relacionados; procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos; fabricación de produtos lácteos; fabricación de produtos para a alimentación animal; outras industrias alimentarias e fabricación de bebidas. Este complexo mantén un importante peso na economía galega: segundo as cifras máis recentes, en 2021 aportaba o 5% do VEB e o 5,9% do emprego, porcentaxes que superan a media española e en maior medida a da UE.

Na dinámica rexistrada polo complexo ao longo das dúas primeiras décadas deste século podemos diferenciar tres períodos, estreitamente ligados coa conxuntura económica. Neste sentido, hai que lembrar que os alimentos se caracterizan en xeral pola súa baixa elasticidade-renda; o que provoca que nas fases de expansión económica o CPA tenda a perder peso no conxunto da economía, mentres que nas etapas de crise vese menos afectado que outros sectores, estabilizándose ou mesmo aumentando o seu peso relativo. Así, o peso deste complexo no VEB, e aínda máis no emprego, reduciuse notablemente na fase de expansión económica de 1995-2007, para estabilizarse e mesmo subir no período de crise 2008-2013 e reanudar o declive relativo coa recuperación económica dos anos 2014-2019. Pois ben, nese contexto, as últimas cifras publicadas polo IGE indican que ese declive relativo continuou en 2020 e 2021 (a pesar da crise provocada pola COVID-19), de tal modo que neste último ano o peso do complexo no VEB (5%) é inferior ao de comezos de século (5,5%) (cadros 1, 2 e 3).

Cadro núm. 1

Evolución do valor engadido bruto (VEB) do complexo agroalimentario en Galicia

	Base 2000		Revisión estatística 2019					
	1995	2000	2000	2008	2015	2019	2020	2021
Millóns de euros correntes								
Agricultura, gandería e caza	892,3	856,9	1.154,0	1.729,1	1.927,1	2.024,8	1.725,5	1.630,0
Industria agroalimentaria	428,4	532,7	592,9	919,3	964,2	1.212,7	1.109,3	1.268,3
Industria cárnica	66,6	91,9	138,4	178,2	245,1	296,1	286,6	303,7
Industria láctea	78,8	75,7	111,5	185,0	136,6	125,1	119,3	157,1
Industria alimentación animal	65,4	65,8	55,1	109,3	67,6	84,9	91,7	94,7
Outras industrias alimentarias	145,2	186,0	197,0	291,3	239,6	294,2	280,4	324,4
Industria de bebidas	72,5	113,3	90,9	155,5	275,3	412,4	331,3	388,3
Total complexo	1.320,8	1.389,5	1.746,8	2.648,4	2.891,3	3.237,5	2.834,8	2.898,2
% sobre o total do complexo								
Agricultura, gandería e caza	67,6	61,7	64,4	63,8	66,7	62,5	60,9	56,2
Industria agroalimentaria	32,4	38,3	35,6	36,2	33,3	37,5	39,1	43,8
Industria cárnica	5,0	6,6	7,3	5,5	8,5	9,1	10,1	10,5
Industria láctea	6,0	5,4	6,9	7,6	4,7	3,9	4,2	5,4
Industria alimentación animal	4,9	4,7	3,4	4,3	2,3	2,6	3,2	3,3
Outras industrias alimentarias	11,0	13,4	11,9	11,9	8,3	9,1	9,9	11,2
Industria de bebidas	5,5	8,2	6,1	6,9	9,5	12,7	11,7	13,4
Total complexo	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Os datos de 2021 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2021*.

Cadro núm. 2

Evolución do emprego no complexo agroalimentario en Galicia. Período 1995-2021

Postos de traballo equivalentes a tempo completo (miles)

	Base 2000		Revisión estatística 2019					
	1995	2000	2000	2008	2015	2019	2020	2021
Agricultura, gandería e caza	182,4	133,3	119,9	58,8	38,0	41,5	38,7	38,4
Industria agroalimentaria	16,3	18,6	16,3	19,9	18,4	21,0	20,5	21,0
Industria cárnica	2,5	2,9	4,3	5,4	4,4	4,7	4,7	4,8
Industria láctea	1,8	1,7	1,9	2,1	1,9	2,2	2,4	2,5
Industria alimentación animal	1,3	1,2	1,4	1,6	1,2	1,6	1,6	1,6
Outras industrias alimentarias	9,1	10,9	6,9	8,0	8,2	9,5	8,8	9,0
Industria de bebidas	1,6	1,9	1,9	2,9	2,6	3,0	3,0	3,2
Total complexo	198,6	151,9	136,2	78,7	56,3	62,5	59,2	59,4

Os datos de 2021 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2021*.

Cadro núm. 3

Evolución do peso do complexo agroalimentario no conxunto da economía galega

	Base 2000		Revisión estatística 2019					
	1995	2000	2000	2008	2015	2019	2020	2021
VEB (%)								
Agricultura, gandería e caza	3,7	2,5	3,7	3,2	3,8	3,5	3,2	2,9
Industria agroalimentaria	1,8	1,6	1,9	1,7	1,9	2,1	2,1	2,1
Industria cárnica	0,3	0,3	0,4	0,3	0,5	0,5	0,5	0,5
Industria láctea	0,3	0,2	0,4	0,3	0,3	0,2	0,2	0,3
Industria alimentación animal	0,3	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2
Outras industrias alimentarias	0,6	0,6	0,6	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5
Industria de bebidas	0,3	0,3	0,3	0,3	0,5	0,7	0,6	0,7
Total complexo	5,5	4,1	5,5	4,9	5,8	5,6	5,3	5,0
Postos de traballo (%)								
Agricultura, gandería e caza	18,3	12,3	11,6	5,0	4,0	4,0	4,1	3,8
Industria agroalimentaria	1,6	1,7	1,6	1,7	1,9	2,0	2,2	2,1
Industria cárnica	0,2	0,3	0,4	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5
Industria láctea	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,3	0,2
Industria alimentación animal	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2
Outras industrias alimentarias	0,9	1,0	0,7	0,7	0,9	0,9	0,9	0,9
Industria de bebidas	0,2	0,2	0,2	0,2	0,3	0,3	0,3	0,3
Total complexo	19,9	14,0	13,1	6,7	5,9	6,1	6,3	5,9

Os datos de 2021 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001*.- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2021*.

No que respecta á estrutura do CPA, este continúa caracterizándose en Galicia polo predominio do sector agrario e o limitado desenvolvemento da industria agroalimentaria. Porén, nos últimos anos obsérvanse mudanzas relevantes neste aspecto, que continuaron en 2021. Así, no período 2015-2021, cun valor global do VEB do complexo aproximadamente estable en euros correntes, asistimos a unha significativa diminución do aportado polo sector agrario e a un incremento do xerado pola industria. O resultado é que o peso relativo do sector agrario no VEB do complexo baixou 10 puntos (do 66,7% ao 56,2%), reforzándose paralelamente o da industria agroalimentaria (do 33,3% ao 43,8%) (cadro 1).

En todo caso, a pesar dos cambios recentes, o peso relativo da industria agroalimentaria segue estando por baixo do que ten a agricultura, en contraste co que se constata en España e na UE. Este trazo diferencial do noso CPA ten a súa orixe en dous factores que, con algúns matices, se seguen mantendo na actualidade: a) unha parte significativa da produción agraria é transformada fóra de Galicia, co que perdemos o valor engadido e o emprego xerado na súa transformación industrial; b) ademais, a agroindustria galega continúa especializada en xeral en produtos de baixo valor engadido.

Complexo da madeira

O complexo da madeira integra catro ramas das *Contas Económicas de Galicia-Revisión Estatística 2019* publicadas polo IGE: silvicultura e explotación forestal; industria da madeira e da cortiza; industria do papel, e fabricación de mobles. En 2021 xerou un VEB de 1.135,9 millóns de euros (1,9% da economía galega) e deu emprego a 23.700 persoas (2,4% do total). No referido á súa dinámica a medio prazo, lembremos que este complexo se vira fortemente afectado pola crise económica que estalou en 2008, debido á ligazón da industria da madeira e da cortiza e da fabricación de mobles coa construción e o mercado inmobiliario. Isto foi seguido dunha recuperación no período 2014-2018, que permitiu alcanzar de novo neste último ano os valores previos á crise. Pois ben, os datos máis recentes do IGE mostran un forte crecemento en 2021 tanto do VEB (20%) como do emprego (6,2%); unha alza que sucede á evolución negativa en 2019 e 2020, cunha caída do VEB do 16% no bienio e unha redución tamén do emprego próxima ao 5%. As cifras de 2021 confirman, pois, o que apuntamos no anterior *Informe* sobre o carácter conxuntural da caída observada en 2019-2020 (cadros 4 e 5).

O incremento do VEB en 2021 afectou as catro ramas que forman o complexo, pero foi especialmente relevante na industria do papel. Porén, en conxunto, as cifras seguen mostrando o trazo estrutural que caracteriza o complexo da madeira en Galicia: a súa especialización na produción primaria e na primeira transformación. As dúas ramas máis importantes, con diferenza, son a silvicultura e explotación forestal e a industria da madeira e da cortiza, que engloba a produción de tableiros e chapas. O peso da rama papeleira é claramente inferior, co engadido de que se trata sobre todo de produción de pasta (primeira transformación). Finalmente, o peso relativo da fabricación de mobles é baixo no contexto español.

Cadro núm. 4

Evolución do valor engadido e do emprego no complexo da madeira en Galicia

Valor engadido bruto	Base 2000		Revisión estatística 2019					
	1995	2000	2000	2008	2015	2019	2020	2021
Millóns de euros correntes								
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	182,5	245,8	342,4	437,3	394,8	397,1	393,9	417,8
Industria da madeira e da cortiza	278,1	344,9	206,8	317,4	268,7	318,5	305,9	390,9
Industria do papel	127,5	158,2	157,6	137,0	156,9	145,8	118,7	164,2
Fabricación de mobles			121,7	217,5	124,6	169,1	128,0	163,0
Total complexo	588,1	749,0	828,4	1.109,3	945,1	1.030,5	946,5	1.135,9
Emprego								
	Base 2000		Revisión estatística 2019					
	1995	2000	2000	2008	2015	2019	2020	2021
Postos de traballo (miles)								
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	3,8	6,7	5,0	7,1	7,4	9,2	9,1	9,5
Industria da madeira e da cortiza	11,3	14,1	13,3	10,8	6,9	7,7	7,2	7,7
Industria do papel	1,1	1,0	1,2	1,7	1,7	1,9	1,8	1,8
Fabricación de mobles			9,6	7,3	4,1	5,1	4,3	4,7
Total complexo	16,2	21,8	29,1	26,9	20,1	23,8	22,3	23,7

Os datos de 2021 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2021.*

Cadro núm. 5

Evolución do peso do complexo da madeira no conxunto da economía galega

VEB (%)	Base 2000		Revisión estatística 2019					
	1995	2000	2000	2008	2015	2019	2020	2021
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	0,8	0,7	1,1	0,8	0,8	0,7	0,7	0,7
Industria da madeira e da cortiza	1,2	1,0	0,7	0,6	0,5	0,6	0,6	0,7
Industria do papel	0,5	0,5	0,5	0,3	0,3	0,3	0,2	0,3
Fabricación de mobles			0,4	0,4	0,2	0,3	0,2	0,3
Total	2,7	2,6	2,6	2,0	1,9	1,8	1,8	1,9
Postos de traballo (%)								
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	0,4	0,6	0,5	0,6	0,8	0,9	1,0	0,9
Industria da madeira e da cortiza	1,1	1,3	1,3	0,9	0,7	0,7	0,8	0,8
Industria do papel	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2
Fabricación de mobles			0,9	0,6	0,4	0,5	0,5	0,5
Total	2,1	2,6	2,8	2,3	2,1	2,3	2,4	2,4

Os datos de 2021 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2021.***Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2021)**

O cadro 6 recolle a evolución das principais macromagnitudes do sector agrario galego en euros correntes no período 1990-2021, segundo as contas económicas da agricultura publicadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA). Catro son as notas que definen as tendencias nas tres últimas décadas.

- O valor económico da produción agraria experimentou un crecemento significativo: 163,6% nos 31 anos, o que supón unha taxa media acumulativa anual do 3,2%.
- Esa expansión do *output* acompañouse, porén, dunha suba moito máis moderada da renda do sector en euros correntes (63,7%). Isto debeuse ao forte aumento dos consumos intermedios, que se multiplicaron por 4,4, e tamén ao incremento das amortizacións do capital fixo, que se multiplicaron por 2,7. Detrás do crecemento destas dúas partidas, e a limitación conseguinte do aumento da renda agraria, están as mudanzas operadas na tecnoloxía produtiva (uso crecente de insumos intermedios

e bens de capital fixo) e tamén a alza maior dos prezos pagados polos insumos en comparación cos prezos percibidos polos agricultores¹.

- c. O terceiro feito a salientar foi o fortísimo axuste do emprego, que se concreta en que a poboación ocupada se reduciu a menos de 1/5 do seu volume inicial (-83,9%).
- d. Esa acelerada diminución da man de obra fixo que a produción obtida por cada agricultor se multiplicase por 16,4. E, a pesar do empeoramento da relación entre os prezos percibidos e os prezos pagados, isto posibilitou que a renda por ocupado experimentase un notable incremento, multiplícase por 10,2 en euros correntes (de 2.700 euros en 1990 a 27.800 en 2021).

En suma, o sector agrario galego conta hoxe (en 2021) con menos de 1/5 dos traballadores que tiña hai tres décadas, pero estes xeran unha produción 2,6 veces superior á de 1990; o que fixo posible que a renda por ocupado en 2021 multiplique por 10,2 a de 31 anos antes.

Cadro núm. 6

Evolución das macromagnitudes do sector agrario galego e do seu peso na agricultura española*

	Millóns de euros correntes							Poboación ocupada (miles)	Renda agraria/ ocupado (miles de euros)
	(A) Producción agraria	(B) Consumos intermedios	(C = A-B) VEB a prezos básicos	(D) Amortizacións (consumo de capital fixo)	(E) Outras subvencións á produción	(F) Outros impostos sobre a produción	Renda agraria (VENcf) (C-D+E-F)		
Cifras absolutas									
1990	1.470,8	505,0	965,7	181,2	17,9	1,5	800,8	292,4	2,7
2000	1.653,7	788,3	865,4	266,1	23,9	2,0	621,1	140,0	4,4
2011	3.078,5	1.645,8	1.432,7	400,7	245,8	10,5	1.267,4	64,8	19,6
2015	3.690,8	1.868,2	1.822,6	461,7	161,0	13,8	1.508,1	45,6	33,1
2016	3.472,1	1.708,2	1.763,9	449,6	197,8	15,7	1.496,4	49,2	30,4
2017	3.482,1	1.793,7	1.688,3	452,6	197,3	14,2	1.418,8	55,4	25,6
2018	3.648,3	1.939,5	1.708,8	461,4	186,6	17,3	1.416,7	52,3	27,1
2019	3.865,3	1.934,3	1.931,1	472,3	190,6	18,3	1.631,0	49,9	32,7
2020	3.737,6	2.143,0	1.594,6	477,9	183,0	16,8	1.282,8	49,4	26,0
2021	3.877,0	2.234,1	1.643,0	493,7	179,8	18,2	1.310,9	47,1	27,8
% variación									
1990-2000	12,4	56,1	-10,4	46,8	33,2	27,9	-22,4	-52,1	62,0
2000-2021	134,5	183,4	89,9	85,5	653,8	817,3	111,0	-66,4	527,4
1990-2021	163,6	342,4	70,1	172,4	904,3	1.073,5	63,7	-83,9	916,2
Galicia/España (%)									
1990	6,0	5,7	6,2	9,2	6,1	3,0	5,8	21,0	27,7
2000	4,6	5,9	3,8	9,6	1,8	1,5	2,9	14,5	20,2
2011	7,5	8,3	6,7	8,5	4,1	4,0	5,7	8,9	63,9
2016	7,2	8,1	6,5	8,8	3,4	4,1	5,4	6,7	81,2
2020	7,2	8,9	5,7	8,6	3,2	3,7	4,7	6,8	68,2
2021	6,8	8,3	5,4	8,6	3,1	3,9	4,4	6,1	71,3

*Rama Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación): *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales 1990-2021; Resultados Renta Agraria Regional (serie histórica 1990-2000); Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011-2021.*
- INE, EPA.

Se comparamos esa evolución coa da agricultura española, as conclusións poden resumirse así (cadro 6).

- O valor económico da produción agraria (resultado da dinámica combinada do *output* real e dos prezos) rexistrou en Galicia neses 31 anos un crecemento maior que en España, facendo que o noso peso na produción agraria española ascendese do 6% ao 6,8%.
- Isto acompañouse, porén, dun incremento máis forte dos consumos intermedios (o gasto das explotacións en *inputs* correntes); o que limitou o crecemento do valor engadido e fixo que o peso da agricultura galega no VEB agrario español mesmo diminuíse, do 6,2% ao 5,4%.
- Se a iso unimos o menor aumento das subvencións², o resultado é que, a pesar da expansión maior do valor da produción, a renda do sector rexistrou en Galicia unha evolución menos favorable: a participación do noso agro na renda agraria de España baixou do 5,8% ao 4,4%.
- Cunha dinámica produtiva mellor e un comportamento máis desfavorable en cambio da renda agregada, a principal singularidade da evolución do sector en Galicia estivo na intensidade alcanzada polo axuste da

¹ Ver máis adiante: cadro 13.

² Como se deduce do cadro 6, a *ratio* "subvencións/produción agraria" limitábase en Galicia en 2021 ao 4,6%, menos da metade da media española (10,2%).


man de obra. Se en 1990 a agricultura galega xeraba o 5,8% da renda agraria española co 21% dos agricultores, en 2021 obtiña o 4,4% da renda pero só co 6,1% da poboación ocupada agraria de España (a participación no emprego agrario español baixou a menos de 1/3 da que se rexistraba tres décadas atrás).

- Esa intensidade moito maior do axuste do emprego posibilitou unha notable converxencia da renda por ocupado, que pasou do 27,7% ao 71,3% da media da agricultura española. Noutras palabras, se en 1990 a renda que obtiña cada agricultor galego se limitaba a pouco máis de 1/4 da media do sector en España, en 2021 aproximase aos 3/4. Contamos cada vez con menos agricultores, pero estes obteñen una renda media moito máis próxima ao estándar español, se ben lonxe aínda de completar a converxencia.

A conxuntura agraria en 2023: contexto internacional, na UE e en España

Evolución dos prezos internacionais das *commodities* agrarias

Partindo desas tendencias a medio prazo, a conxuntura do sector agrario galego en 2023 estivo condicionada, en primeiro lugar, pola evolución dos mercados internacionais. O índice da FAO sobre os prezos dos alimentos en termos reais experimentara unha forte alza desde xuño de 2020 ata alcanzar o pico en marzo de 2022, co valor máis alto das tres últimas décadas. A partir de aí o índice iniciou unha caída continua, que seguiu



durante todo o ano 2023 e nos primeiros meses de 2024. O resultado é que a media anual deste índice rexistrou en 2023 un descenso do 15,2% respecto a 2022, despois da súa alza no bienio anterior (26,1% en 2021, 13,1% en 2022). Porén, a pesar desa traxectoria descendente nos últimos case dous anos (desde a primavera de 2022), os prezos continúan en niveis relativamente altos (gráfico 1).

Dos cinco grupos de produtos que distingue a FAO³ interésannos en particular, polo seu peso no agro galego, a carne e os produtos lácteos. A carne, que fora a menos afectada pola alza de prezos en 2021 e 2022 (11% e 8,4%, respectivamente), sufriu en 2023 unha caída das cotizacións nos mercados internacionais tamén moderada (-5%), a menor dos cinco grupos considerados. A caída foi moito maior nas cotizacións dos produtos lácteos (-18,7%), despois da súa notable alza no bienio anterior (15,6% en 2021, 22,9% en 2022). Esta deterioración dos prezos en 2023 constátase tamén na UE, onde os mercados das principais *commodities* lácteas sufriron fortes caídas: -27,6% a manteiga e -32,1% o leite magro en po⁴.

O descenso en 2023 das cotizacións internacionais dos produtos gandeiros (leite e carne) acompañouse dunha redución similar ou máis intensa do prezo dos cereais (-16,8%) e, en especial, dos aceites e graxas (-33,9%), bens utilizados en boa medida como materias primas para a elaboración de alimentos para o gando. Desta forma, desde a perspectiva das explotacións galegas, a conxuntura global dos mercados internacionais sufriu este ano un certo empeoramento. Non obstante, esta non foi totalmente desfavorable, posto que o descenso dos prezos da carne e, sobre todo, dos produtos lácteos foi acompañado dun significativo abaratamento das materias primas para a alimentación animal (gráfico 1).

O descenso en 2023 das cotizacións internacionais dos produtos gandeiros (leite e carne) acompañouse dunha redución similar ou máis intensa do prezo dos cereais (-16,8%) e, en especial, dos aceites e graxas (-33,9%), bens utilizados en boa medida como materias primas para a elaboración de alimentos para o gando. Desta forma, desde a perspectiva das explotacións galegas, a conxuntura global dos mercados internacionais sufriu este ano un certo empeoramento. Non obstante, esta non foi totalmente desfavorable, posto que o descenso dos prezos da carne e, sobre todo, dos produtos lácteos foi acompañado dun significativo abaratamento das materias primas para a alimentación animal (gráfico 1).

Conxuntura do sector na Unión Europea e en España

Condicionado por ese contexto internacional, o sector agrario na UE-27 rexistrou en 2023 unha dinámica claramente negativa, que puxo fin á evolución positiva do bienio anterior e en xeral desde 2017. En concreto, dúas foron as notas que marcaron esa dinámica⁵:

- O *output* do sector sufriu este ano unha notable contracción, superior ao 6%, despois do significativo crecemento en 2021 e 2022. A caída concentrouse principalmente na produción vexetal (-10%), pero afectou tamén á animal (-2,2%).
- Esa diminución da produción acompañouse, ademais, dun descenso dos prezos percibidos polos agricultores, que Eurostat estima no 1,5%, poñendo fin ás subas de 2021 e 2022. A caída centrouse

³ No gráfico 1 representamos os datos de catro deses grupos de produtos (carne, produtos lácteos, cereais, óleos e graxas). Prescindimos do azucre debido á súa carencia de interese para o agro galego.

⁴ Datos do European Milk Market Observatory da UE.

⁵ Todas as cifras que ofrecemos a continuación para a agricultura comunitaria proceden das series de Eurostat: *Economic Accounts for Agriculture*.

nos prezos dos produtos vexetais (-4,6%), mentres que os dos produtos animais creceron lixeiramente (1,7%). O único elemento positivo na conxuntura do sector foi a baixada aínda maior dos prezos pagados (-4,3%), que posibilitou unha pequena mellora da relación real de intercambio dos agricultores (prezos percibidos/prezos pagados).

Cadro núm. 7

Evolución da renda global e da renda por ocupado no sector agrario en Galicia, España e a UE
Taxas de variación anuais (en %)

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022**	2023 **
Galicia								
Renda agraria ¹	-0,5	-7,1	-1,8	14,4	-21,1	-1,3	2,4 *	23,6 *
Man de obra (ocupados)	7,9	12,6	-5,6	-4,6	-1,0	-4,7	0,6	7,4
Renda/ocupado	-7,8	-17,5	4,0	19,9	-20,3	3,6	1,8 *	15,0 *
España								
Renda agraria ¹	12,4	4,1	-2,6	-4,2	-2,5	5,9	-7,9	7,2
Man de obra (UTA)	3,6	7,3	1,4	0,8	-6,5	6,3	-6,1	-4,6
Renda/UTA	11,1	-0,5	-1,7	-3,4	-2,3	-0,3	-2,0	12,4
Unión Europea (UE-27)								
Renda agraria ¹	1,3	10,1	-3,4	1,6	-3,8	4,2	8,7	-7,8
Man de obra (UTA)	2,1	-4,2	-1,0	-2,0	-6,5	-4,5	-2,1	-1,5
Renda/UTA	-0,8	14,7	-2,3	3,6	2,9	9,1	10,8	-6,3

¹ VENCf en moeda constante.

* Estimacións propias.



** Os datos de 2022 son un avance e os de 2023 unha estimación.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- Eurostat, *Economic Accounts for Agriculture*.
- MAPA, *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales. Resultados regionales*.
- INE, EPA.

O resultado final, segundo as estimacións provisionais de Eurostat, foi que a renda do sector en euros constantes rexistrou en 2023 unha caída do 7,8%. Dada a lixeira diminución que seguiu experimentando o volume da man de obra, a redución da renda por UTA (unidade de traballo ano) non foi tan acusada, pero si importante (-6,3%); e contrasta coa súa forte alza en 2021 e 2022 (9,1% e 10,8%, respectivamente) (cadro 7).

Deste modo, en 2023 rompeuse a tendencia á mellora na renda por ocupado que se viña dando na agricultura comunitaria case de maneira ininterrompida desde 2017 (gráficos 2 e 3).



O panorama oposto dáse na agricultura española, onde a renda por ocupado rexistrou en 2023 unha forte alza despois do descenso continuo desde 2017. O balance positivo do último ano tivo aquí a súa orixe esencialmente na dinámica favorable dos prezos, moito mellor que no conxunto da UE. En concreto, o volume da produción agraria en 2023 sufriu en España unha forte caída (-8%), máis intensa mesmo que na UE; que afectou en particular as producións vexetais (-12,2%) e en menor medida ás animais (-2,2%). Esa contracción da produción acompañouse, porén, no caso español dunha subida maior dos prezos percibidos polos agricultores (13,1%), que beneficiou dun modo similar os produtos vexetais (11,3%) e animais (15,9%). E a iso uniuse, ademais, un descenso dos prezos pagados polos insumos correntes (-5,6%), sobre todo polo abaratamento da enerxía, fertilizantes e, en menor medida, dos alimentos para o gando. Deste modo, o sector viviu en 2023 unha conxuntura de prezos moi favorable, que máis que compensou a redución dos volumes producidos. Cabe engadir aínda que as subvencións medraron un 4,5%, sobre todo debido ás axudas excepcionais pola seca e pola crise de Ucraína.

Como resultado, os cálculos provisionais do MAPA⁶, recollidos tamén por Eurostat, estiman que a renda do sector agrario en euros constantes experimentou en 2023 en España unha suba do 7,2%. Se a iso unimos que a man de obra se reduciu un 4,6%, o efecto final foi un crecemento da renda agraria por UTA do 12,4%, en contraste coa súa caída na UE-27 (-6,3%) (cadro 7). Este aumento rompeu con seis anos consecutivos (desde 2017) de diminución da renda por ocupado na agricultura española (gráficos 2 e 3).

A dinámica do sector agrario galego en 2023: unha visión global

En Galicia non contamos polo momento con ningunha estimación oficial das contas económicas do sector agrario en 2022 e 2023⁷. En consecuencia, debemos conformarnos con perfilar un balance provisional a partir dos datos dispoñibles, referidos á dinámica das principais producións no noso agro e aos prezos percibidos e pagados a nivel español.

Centrándonos en 2023, eses datos apuntan a un balance claramente positivo, na liña do que acabamos de indicar para España, pero con resultados aínda mellores. En concreto, de acordo coa información dispoñible, a conxuntura do sector agrario galego caracterizouse este ano por unha dinámica favorable dos prezos (ao igual que a nivel español). E a iso uniuse un crecemento da produción, ao contrario do observado na agricultura española e na comunitaria. O resultado, segundo os nosos cálculos, é que a renda agraria en euros constantes rexistrou aquí un aumento superior ao 20%, que triplica o constatado en España (7,2%) e contrasta coa súa caída na UE-27 (-7,8%). O balance complétase cun feito totalmente sorprendente: o incremento da poboación ocupada no noso sector agrario (+7,4%) que indican para este ano os datos da enquisa de poboación activa (EPA). A pesar disto, o saldo final foi un forte aumento da renda por ocupado (15%), superior ao rexistrado

a nivel español (12,4%) e en contraste coa súa deterioración na UE-27 (-6,3%). Esta dinámica claramente favorable da renda agraria en Galicia en 2023 sucedeu aos lixeiros incrementos en 2021 e 2022, permitindo completar en boa medida a recuperación da forte caída que sufrira en 2020, ano marcado pola pandemia da Covid-19 (cadro 7, gráficos 2 e 3).

Dun modo algo máis detallado, podemos sintetizar así a conxuntura do sector agrario galego en 2023⁸:

Cadro núm. 8
Variación real do VEB a prezos básicos das ramas agraria e pesqueira
Taxas de variación interanuais (en %)
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	Galicia	España
2021	1,6	4,2
2022	0,3	-19,8
2023	-0,9	-1,9
I trim.	0,6	-7,1
II trim.	1,4	-2,1
III trim.	-0,9	1,7
IV trim.	-4,7	0,4

Fonte: IGE e INE.

- O volume global do *output* rexistrou un moderado crecemento (3,3%), apoiado na importante expansión da produción vexetal (7,5%) e no lixeiro incremento da produción animal (1,3%). Dada a relativa estabilidade do volume dos consumos intermedios, iso posibilitou un aumento algo maior do VEB real (ao redor do 5%). Neste aspecto os nosos cálculos difiren das estimacións do IGE nas Contas Económicas Trimestrais, que indican para este ano unha lixeira caída do VEB agropesqueiro (-0,9%) (cadro 8).
- A expansión do *output* e do VEB real acompañouse dun comportamento favorable dos prezos. Os prezos percibidos polos agricultores galegos experimentaron unha forte alza en termos correntes (12,8%), moi por encima do IPC (3,6%), o que orixinou un notable incremento tamén en euros constantes (8,8%). E a iso uniuse un descenso dos prezos pagados polos insumos (-7%), do que se derivou unha mellora máis significativa da relación de intercambio dos agricultores (21,2%). Neste sentido, os datos apuntan a que a redución dos prezos dos produtos agrarios que se deu este ano na UE, en liña coas tendencias nos mercados internacionais, non se trasladou en cambio a España e a Galicia.
- A confluencia do aumento da produción e a dinámica favorable dos prezos deu como resultado un forte crecemento da renda agraria en Galicia: segundo a nosa estimación, este alcanzou o 23,6% en euros constantes. Esta subida é claramente superior á media da agricultura española e permitiu recuperarse da deterioración sufrida en 2020.

⁶ Ver: https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/cea2023estimacionmarzo2024_tcm30-679908.pdf

⁷ Para estes dous anos existen estimacións do IGE sobre a evolución do VEB do sector agropesqueiro e para 2022 contamos tamén con estimacións do INE (na Contabilidade Regional de España). Pero estas cifras, ademais de limitarse a esa variable, non son directamente utilizables aos nosos efectos ao incluír tamén a pesca, que en Galicia achega ao redor do 25% do VEB do sector primario.

⁸ Os datos nos que se sustenta este balance provisional figuran de forma pormenorizada nos apartados posteriores.

Evolución da produción

Estrutura da produción agraria

No cadro 9 resumimos a evolución da estrutura da produción agraria en Galicia no período 1990-2021, incluíndo as cifras máis recentes dispoñibles: as publicadas polo MAPA para 2021. Centrándonos na situación actual, podemos ver que o agro galego continúa presentando unha nidia especialización gandeira, cun peso relativo deste subsector (61,3%) similar ao de tres décadas atrás (61,8%). Esta especialización está focalizada en catro produtos, que aportan en conxunto o 95% do valor da produción animal: leite, carne de vacún, carne de aves e porcino. As ramas vexetais, pola súa parte, achegan o 36,4% da produción agraria, destacando catro grupos de cultivos que suman tamén o 95% do total: hortalizas, froitas (onde se inclúen as uvas), plantas forraxeiras e patacas (cadro 9).

Cadro núm. 9

Evolución da estrutura da produción agraria en Galicia; comparación con España

	Estrutura da produción agraria (en %)				España 2021	Índices de especialización de Galicia*	Peso de Galicia no total español (%)
	Galicia						
	1990	2019	2020	2021			
Produción vexetal	35,2	40,1	35,1	36,4	61,4	0,6	4,0
Cereais	1,2	0,7	0,8	1,0	10,7	0,1	0,6
Plantas industriais ¹	1,0	0,2	0,2	0,2	1,9	0,1	0,8
Plantas forraxeiras	8,5	8,7	9,2	9,0	3,1	2,9	19,5
Hortalizas ²	7,2	13,7	10,2	11,9	18,7	0,6	4,3
Patacas	10,5	5,7	3,3	4,0	1,0	3,8	26,0
Froitas ³	3,6	10,8	11,1	10,0	18,3	0,5	3,7
Viño e mosto	2,8	0,3	0,2	0,3	2,6	0,1	0,8
Outros	0,3	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0	0,0
Produción animal	61,8	56,8	61,9	61,3	35,9	1,7	11,6
Carne e gando	32,3	32,1	34,5	33,3	27,6	1,2	8,2
Bovino	16,3	13,0	12,0	13,1	5,5	2,4	16,0
Porcino	7,0	7,5	10,4	8,9	15,0	0,6	4,0
Equino	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,7	4,8
Ovino e caprino	1,1	0,2	0,2	0,2	2,2	0,1	0,7
Aves	6,9	10,5	10,6	10,0	4,5	2,2	15,1
Coellos e outros	1,0	0,8	1,2	1,1	0,3	3,8	25,7
Produtos animais	29,4	24,7	27,4	28,0	8,3	3,4	22,8
Leite	24,1	23,3	25,5	26,1	6,0	4,4	29,5
Ovos	5,1	1,1	1,5	1,5	1,9	0,8	5,5
Outros	0,3	0,3	0,4	0,3	0,4	0,8	5,3
Servizos e actividades secundarias non agrarias	3,1	3,1	3,1	2,3	3,0	0,8	1,4
Produción rama agraria	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	1,0	6,8

¹ Inclúe remolacha, tabaco, algodón, xirasol e leguminosas en gran.

² Inclúe flores e plantas de viveiro.

³ Inclúe froitas frescas, cítricos e uvas.

* Relación entre o peso relativo de cada produción en Galicia e o que ten en España.

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA: *Resultados Renta Agraria Regional (serie histórica 1990-2000)*; *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011-2021*.

Esa orientación gandeira do agro galego contrasta coa especialización agrícola do sector en España: o peso relativo dos dous subsectores móvese en ambos espazos nunha relación de 60/40, pero con porcentaxes invertidas. Examinando con maior desagregación os datos, constatamos que na produción vexetal Galicia só presenta no contexto do Estado un índice de especialización superior a 1 (un peso relativo maior que a media española) nas plantas forraxeiras e nas patacas. Mentres, a nosa especialización gandeira no marco español céntrase no leite, na carne de vacún, na carne de aves e nos coellos; rexistrando en cambio unha desespecialización relativa nos ovos e nas restantes producións cárnicas (porcino, equino e ovino-cabrún) (cadro 9).

Partindo desas cifras sobre o peso económico das distintas ramas, examinamos a continuación a dinámica rexistrada en 2023 polo volume das principais producións agrícolas e gandeiras.

Evolución das principais producións agrícolas (en volume)

Segundo os datos provisionais do MAPA, o ano 2023 saldouse en España cunha forte caída do volume da produción vexetal (-12,2%). Pois ben, iso contrasta co seu crecemento na agricultura galega. En concreto, as

Cadro núm. 10

Evolución das principais producións agrícolas en volume en Galicia*

	Produción (miles de toneladas)					Variación (%)		
	2015	2016	2021	2022	2023	2022/ 2021	2023/ 2022	(2022-23)/ (2015-16)
Cereais en gran	208,9	188,3	161,3	149,0	151,3	-7,7	1,6	-24,4
Trigo	46,8	35,1	35,5	39,4	31,6	11,1	-19,9	-13,2
Centeo	13,1	10,9	17,5	15,2	14,5	-13,4	-4,8	23,2
Millo	149,0	142,3	108,3	94,3	105,2	-12,9	11,5	-31,5
Leguminosas en gran	4,4	4,8	3,9	4,3	3,0	10,0	-30,6	-21,6
Patacas	505,2	417,1	381,7	285,2	321,7	-25,3	12,8	-34,2
Millo forraxeiro	2.451,0	2.187,8	1.976,1	2.060,7	3.218,7	4,3	56,2	13,8
Hortalizas	271,6	261,3	264,9	239,4	244,5	-9,6	2,1	-9,2
Leituga	19,9	22,2	24,0	22,0	22,2	-8,2	1,1	5,2
Tomate	92,5	89,4	89,9	63,9	75,3	-28,9	17,8	-23,4
Pemento	70,3	65,5	71,0	71,0	70,0	0,0	-1,5	3,9
Cebola	41,0	32,6	31,8	32,7	29,9	3,0	-8,7	-14,9
Feixón verde	47,8	51,7	48,2	49,7	47,1	3,2	-5,4	-2,7
Froitas	121,7	122,0	126,6	115,0	126,2	-9,2	9,7	-1,0
Mazá	112,2	112,6	116,7	104,8	116,9	-10,2	11,6	-1,4
Pera	9,5	9,4	10,0	10,2	9,3	2,9	-9,1	3,4
Uva de vinificación	141,1	123,0	125,0	121,1	181,6	-3,1	50,0	14,6

* Os datos de 2023 e os dalgúns produtos para 2022 son provisionais.

Fonte: MAPA, *Anuario de Estadística e Avances de superficies y producciones agrícolas*.

cifras subministradas polos *Avances de superficies y producciones de cultivos*⁹ apuntan para Galicia a un importante incremento das colleitas de uva para viño, millo forraxeiro, patacas e froitas; e a un aumento tamén, máis modesto, nas hortalizas e cereais en gran. O único contrapunto foi o descenso da produción de leguminosas en gran (cadro 10). Ponderando esas taxas de variación polo peso económico dos distintos cultivos, estimamos unha subida global do volume da produción vexetal do 7,5%, en contraste coa súa caída no conxunto do Estado.

Cadro núm. 11

Evolución das principais producións gandeiras en volume en Galicia

	Volume de produción en cada ano							
	1985	2005	2018	2019	2020	2021	2022	2023*
Leite de vaca ¹	1.644,5	2.258,1	2.752,8	2.815,3	2.888,2	2.923,7	2.905,8	2.935,5
Carne de vacún ²	52,5	96,1	94,1	103,4	95,6	100,8	97,5	97,0
Carne de porcino ²	85,6	101,6	76,1	88,1	91,6	88,4	82,7	78,6
Carne de ave ²	92,6	163,4	214,0	224,1	223,5	217,8	201,1	224,4
Carne de ovino ²	0,9	0,6	0,3	0,3	0,3	0,3	0,4	0,3
Carne de caprino ²	0,3	0,1	0,0	0,1	0,1	0,0	0,1	0,0
Carne de coello ²	10,1	6,7	12,1	11,2	11,0	10,2	9,1	8,6
Ovos ³	122,5	58,9	36,7	40,1	47,6	49,3	53,3	

	Taxa de variación acumulativa anual (%)							% variación 1985/ 2023**	Galicia/España (%)	
	1985/ 2005	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021	2021/ 2022	2022/ 2023		1985	2023*
Leite de vaca ¹	1,6	1,5	2,3	2,6	1,2	-0,6	1,0	78,5	26,9	41,2
Carne de vacún ²	3,1	-0,2	9,9	-7,5	5,4	-3,2	-0,5	84,8	13,1	14,0
Carne de porcino ²	0,9	-2,2	15,8	4,0	-3,5	-6,4	-4,9	-8,1	7,4	1,6
Carne de ave ²	2,9	2,1	4,7	-0,3	-2,5	-7,7	11,6	142,3	11,4	13,1
Carne de ovino ²	-2,4	-4,1	-5,6	-14,1	19,0	14,7	-24,8	-70,0	0,7	0,3
Carne de caprino ²	-3,5	-8,6	26,1	-13,8	-10,0	24,4	-39,3	-88,7	3,7	0,4
Carne de coello ²	-2,0	4,6	-7,9	-1,7	-7,2	-10,9	-5,3	-14,9	12,9	23,2
Ovos ³	-3,6	-3,6	9,3	18,5	3,8	8,1		-56,5	13,9	4,7

¹ Millóns de litros. ² Miles de toneladas. ³ Millóns de dúcias.

* Os datos de 2023 son provisionais. Para o leite estimación a partir dos dados de entregas á industria. O peso da produción galega de ovos no conxunto do Estado refírese a 2022.

** No caso dos ovos a variación é de 1985 a 2022.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA, *Anuario de estadística, Encuesta de sacrificio de ganado e Estadística láctea*.
- Consellería do Medio Rural, *Anuario de estadística agraria*.

⁹ MAPA: Avances de superficies y producciones de cultivos.

Evolución das principais producións gandeiras (en volume)

No ámbito gandeiro a conxuntura en 2023 caracterizouse, en cambio, en Galicia por dinámicas dispares dos principais produtos: lixeira suba da produción de leite (1%), pequena caída na carne de vacún (-0,5%), notable incremento na carne de ave (11,6%) e descenso da carne de porcino (-4,9%). A iso hai que engadir no lado negativo a redución da produción de carne de coello (-5,3%) e a forte contracción que indican os datos para dúas ramas con escaso peso no noso agro, o ovino (-24,8%) e o cabrún (-39,3%) (cadro 11).

Se ponderamos as taxas de variación recollidas no cadro 11 co peso económico de cada rama, estimamos un crecemento da produción animal do 1,3%; moi modesto, pero que contrasta coa súa redución no conxunto do Estado (-2,2%). Nunha imaxe recapitulativa temos, en definitiva, que a dinámica do sector agrario galego caracterizouse en 2023 por unha importante expansión da produción agrícola e un lixeiro aumento da gandeira. O resultado foi un incremento global do *output* agrario en torno ao 3,3%, en contraste coa súa caída en España (-8%).

Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores

O crecemento da produción agraria en 2023 acompañouse en Galicia dunha alza significativa dos prezos percibidos polos agricultores. Esta debeuse principalmente á suba dos prezos dos produtos animais, que alcanzou unha media do 16,1%. Destacan as alzas rexistradas no prezo da principal produción do noso agro, o leite (21,3%), nos ovos (28,3%) e na carne e gando porcino (19,1%). Pero o aumento superou o 7% en todos os produtos gandeiros, coa única excepción da carne e gando aviar (1,2%). Tamén os prezos de venda das producións vexetais medraron, se ben en menor medida (6%) e con comportamentos máis diversos: forte crecemento nos cultivos forraxeiros (32,3%), patacas (15,7%) e hortalizas (13,4%); e descenso, en cambio, nos cereais (-21,1%) e froitas (-4,4%). O resultado global foi un incremento do índice xeral de prezos percibidos polos agricultores galegos do 12,8% (cadro 12).

Esa suba dos prezos percibidos foi ademais acompañada dun abaratamento dos insumos adquiridos polas explotacións agrarias. Os maiores descensos de prezos déronse na enerxía e lubricantes (-26%) e nos fertilizantes (-20,1%), pero tamén diminuíron lixeiramente os da principal partida do gasto das explotacións galegas,

Cadro núm. 12

Porcentaxe de variación interanual dos prezos percibidos e pagados polos agricultores en Galicia

	2019	2020	2021	2022	2023
A. Prezos percibidos*					
Produtos agrícolas	-7,1	-8,6	8,5	23,3	6,0
Cereais	2,6	0,0	32,1	39,4	-21,1
Leguminosas	-15,5	-7,2	18,5	44,7	15,8
Patacas	-1,6	-21,4	6,4	42,3	15,7
Cítricos	-13,7	29,8	-4,9	-8,0	44,7
Froitas non cítricas	-16,7	16,7	7,0	11,8	-4,4
Hortalizas	-3,2	4,6	6,3	21,6	13,4
Viño e subprodutos	-15,0	-16,2	6,6	10,6	3,6
Flores e plantas ornamentais	9,7	-3,1	3,0	-0,4	12,5
Cultivos forraxeiros	15,5	-5,6	-0,9	55,4	32,3
Produtos animais	0,2	0,0	4,3	28,1	16,1
Leite	3,2	2,5	4,4	29,3	21,3
Carne e gando bovino	-2,6	-3,5	6,0	29,0	10,0
Carne e gando porcino	10,4	-3,6	-2,3	22,1	19,1
Carne e gando aviar	-9,1	0,2	6,1	19,7	1,2
Carne e gando ovino	-3,1	3,4	14,7	9,3	7,3
Carne e gando caprino	3,8	-2,2	6,3	9,6	8,4
Carne e gando coellos	9,0	-6,9	3,9	20,8	9,4
Ovos	-12,2	4,0	3,2	57,8	28,3
Índice xeral de prezos percibidos	-2,5	-3,0	5,7	26,5	12,8
B. Prezos pagados**					
Sementes selectas e pés	-1,5	-2,1	1,5	3,2	10,3
Alimentos para o gando	1,2	-0,3	14,0	31,7	-3,2
Fertilizantes	6,5	-6,1	27,9	74,3	-20,1
Enerxía e lubricantes	-3,1	-18,5	32,9	59,4	-26,0
Protección fitopatolóxica	-0,1	0,6	4,3	19,7	1,4
Tratamentos zoonosanitarios	1,1	0,4	1,1	1,9	2,2
Conservación e reparación de maquinaria	0,3	8,3	4,2	3,8	5,8
Conservación e reparación de edificios	2,1	-1,5	5,9	7,4	3,9
Índice xeral de prezos pagados	0,5	-2,6	14,5	31,7	-7,0

* Evolución dos prezos por grupos de produtos no conxunto de España e variación dos índices de prezos por subsectores que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura da produción agraria galega.

** Evolución dos prezos dos diversos *inputs* correntes no conxunto de España, e variación do índice xeral de prezos pagados que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura dos consumos intermedios da nosa agricultura.

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA, *Índices de precios percibidos, precios pagados y salarios agrarios*.

Cadro núm. 13

Evolución dos índices de prezos percibidos e pagados polos agricultores galegos

	Índice xeral de prezos percibidos ¹	Índice xeral de prezos pagados ¹	IPC	Prezos percibidos/Prezos pagados	Prezos percibidos/IPC
1985	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
1990	128,3	108,4	138,5	118,4	92,6
1995	154,2	125,0	178,3	123,4	86,5
2000	158,0	140,6	203,0	112,4	77,9
2005	162,0	160,3	238,1	101,1	68,1
2010	174,8	188,5	266,7	92,7	65,5
2015	183,6	212,3	284,5	86,5	64,5
2016	181,5	204,3	283,6	88,8	64,0
2017	189,4	206,4	289,6	91,8	65,4
2018	196,9	215,4	294,5	91,4	66,8
2019	191,9	216,5	296,3	88,7	64,8
2020	186,2	210,8	295,4	88,3	63,0
2021	196,8	241,4	305,7	81,5	64,4
2022	248,9	317,8	333,4	78,3	74,7
2023	280,7	295,7	345,4	94,9	81,3
TVI (%)					
2019	-2,5	0,5	0,6	-3,0	-3,1
2020	-3,0	-2,6	-0,3	-0,4	-2,7
2021	5,7	14,5	3,5	-7,7	2,1
2022	26,5	31,7	9,0	-4,0	16,0
2023	12,8	-7,0	3,6	21,2	8,8

(1) Os índices de prezos percibidos e prezos pagados que ofrecemos son os que resultan de imputarlle os índices sectoriais españois (para os diferentes produtos agrarios e as diversas partidas dos consumos intermedios) á estrutura da produción e dos consumos intermedios da agricultura galega.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA, *Índices de precios percibidos, precios pagados y salarios agrarios*.

Cadro núm. 14

Estimación da variación do valor da produción nas principais ramas agrícolas e gandeiras de Galicia. Ano 2023*

	TVI (%) 2023/2022		
	Volumen de produción	Prezo	Valor da produción
Cereais	1,6	-21,1	-19,8
Patacas	12,8	15,7	30,5
Froitas	9,7	-4,4	4,9
Hortalizas	2,1	13,4	15,8
Viño	9,2	3,6	13,1
Cultivos forraxeiros	56,2	32,3	106,6
Produción vexetal	7,5	6,0	14,0
Leite	1,0	21,3	22,5
Carne e gando vacún	-0,5	10,0	9,4
Carne e gando porcino	-4,9	19,1	13,3
Carne e gando aviar	11,6	1,2	12,9
Carne e gando ovino	-24,8	7,3	-19,3
Carne e gando caprino	-39,3	8,4	-34,2
Carne e gando coellos	-5,3	9,4	3,6
Ovos	2,0	28,3	30,9
Produción animal	1,3	16,1	17,6
Produción agraria	3,3	12,8	16,5

* As cifras referidas á variación dos volumes de produción proceden das estimacións do MAPA para Galicia (excepto no viño, onde tomamos os datos da venda nas cinco Denominacións de Orixe galegas). As relativas aos prezos corresponden, en cambio, á evolución dos prezos percibidos en España.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos cadros 10, 11 e 12.

os pensos (-3,2%); orixinando en conxunto un redución do índice xeral de prezos pagados polos agricultores galegos do 7% (cadro 12). O saldo final foi un notable aumento dos prezos percibidos polos agricultores en euros constantes (8,8%), e unha mellora aínda máis forte da súa relación real de intercambio, da *ratio* prezos percibidos/prezos pagados (21,2%) (cadro 13).

Conxuntura das principais ramas agrarias

A partir dos datos que acabamos de expoñer, sobre a evolución dos volumes de produción e os prezos, no cadro 14 elaboramos unha estimación da variación que experimentou en 2023 o valor económico da produción nas principais ramas do sector agrario galego. Estas cifras pódense asimilar coa variación dos ingresos dos produtores e permiten perfilar, pois, a conxuntura das diversas ramas¹⁰.

Nas ramas vexetais rexistrouse en conxunto unha expansión do *output* do 7,5%, acompañada dunha suba algo menor dos prezos percibidos (6%), o que deu como resultado un importante incremento do valor da produción (14%). Este aumento foi especialmente intenso nos cultivos forraxeiros (106,6%) e nas patacas (30,5%), situouse ao redor do 15% no viño e nas hortalizas, limitouse ao 4,9% nas froitas e só os produtores de cereais viron reducirse os seus ingresos (-19,8%) (cadro 14).

Pola súa parte, a conxuntura global das ramas gandeiras caracterizouse por un lixeiro crecemento dos volumes producidos (1,3%) e unha forte alza dos prezos (16,1%), sendo esta última o factor esencial que sustentou a mellora notable dos ingresos das explotacións (17,6%). Este aumento alcanzou a súa maior magnitude nas explotacións de ovos (30,9%) e nas do sector lácteo (22,5%), rexistrando tamén taxas relevantes (entre o 9,4% e o 13,3%) nas principais producións cárnicas (vacún, porcino e aves). Só as explotacións especializadas no gando ovino e cabrún, dúas ramas con moi pouco peso no noso sector agrario, sufriron unha caída do valor da produción (cadro 14).

Poboación ocupada

Na información dispoñible sobre a conxuntura do sector agrario galego en 2023 o dato máis sorprendente é o importante incremento que, segundo as estimacións da EPA, rexistrou a poboación ocupada no sector (7,4%). Este dato vén reproducir o constatado nalgúns anos precedentes (2016, 2017, 2022), pero debemos tomalo en principio con precaución.

¹⁰ Convén recalcar que nese cadro os datos sobre os volumes de produción proceden das estimacións do MAPA referidas a Galicia. Mentres, os relativos aos prezos corresponden á evolución dos prezos percibidos de cada produto a nivel español.

Cadro núm. 15
Evolución da poboación ocupada no sector agrario en Galicia e en España
(medias anuais)

	Galicia		España	
	Número (miles)	Índices (1985=100)	Número (miles)	Índices (1985=100)
1985	415,1	100,0	1.829,6	100,0
1995	223,9	53,9	1.040,1	56,8
2008	69,8	16,8	779,4	42,1
2009	67,0	16,1	745,5	40,6
2010	66,0	15,9	749,1	41,3
2011	64,8	15,6	721,3	39,7
2012	59,3	14,3	703,5	39,0
2013	56,3	13,6	699,3	38,7
2014	49,1	11,8	702,4	38,4
2015	45,6	11,0	705,0	38,5
2016	49,2	11,9	738,0	40,3
2017	55,4	13,3	778,8	42,6
2018	52,3	12,6	772,9	42,2
2019	49,9	12,0	758,1	41,4
2020	49,4	11,9	723,9	39,6
2021	47,1	11,3	767,5	41,9
2022	47,4	11,4	737,9	40,3
2023	50,9	12,3	706,9	38,6
Taxas de variación media acumulativa anual (%)				
1995/1985		-6,0		-5,5
2008/1995		-8,6		-2,2
2015/2008		-5,9		-1,4
2023/2015		1,4		0,0
2023/2008		-2,1		-0,6

Fonte: EPA, INE e IGE, *Enquisa de poboación activa en Galicia*.

anuais, estes datos apuntan a unha estabilización aproximada (ou lixeiro incremento) da poboación ocupada no sector no período 2015-2023, en torno ás 50.000 persoas. Este feito resulta máis rechamante por corresponderse cun período, en xeral, de recuperación económica e de crecemento do emprego nos sectores non agrarios da economía galega. Polo tanto, cabe preguntarse se estamos ante un punto de inflexión, no que o volume de man de obra na nosa agricultura comezou a estabilizarse, despois da abrupta caída nas tres décadas precedentes.

Para axudar a aclarar esta cuestión é útil analizar os datos que ofrece outra fonte: o volume de afiliacións á Seguridade Social. Destes datos derívanse tres conclusións: i) a cifra de afiliacións no sector agrario galego seguiu diminuindo de forma continua na última década; ii) porén, o ritmo desa redución mostra un claro freo a partir de 2014-2015, de tal modo que de taxas anuais superiores ao 4% nas tendencias previas pasamos a taxas ao redor do 1,5%/2% no último decenio; iii) o descenso máis suave no período recente esconde un contraste entre a caída das afiliacións na rama de agricultura e gandería e o seu aumento, en cambio, na silvicultura e explotación forestal (dentro de cifras absolutas modestas) (cadro 16). Polo tanto, como conclusión provisoria cabe afirmar que a estabilización ou crecemento da poboación ocupada no sector agrario que mostran as estimacións da EPA a partir de 2015 non se correspondería coa realidade; pero si parece ter lugar unha moderación do seu descenso.

Cadro núm. 16
Evolución das afiliacións á Seguridade Social no sector agrario galego

	Número de afiliacións			Variación anual (%)		
	01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados	02 Silvicultura e explotación forestal	01+02 Agricultura, gandería e silvicultura	01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados	02 Silvicultura e explotación forestal	01+02 Agricultura, gandería e silvicultura
2009	50.669	3.453	54.122			
2010	47.513	2.987	50.500	-6,2	-13,5	-6,7
2011	45.184	3.012	48.196	-4,9	0,8	-4,6
2012	43.315	2.837	46.152	-4,1	-5,8	-4,2
2013	41.400	2.902	44.302	-4,4	2,3	-4,0
2014	40.487	3.217	43.704	-2,2	10,9	-1,3
2015	39.677	3.688	43.365	-2,0	14,6	-0,8
2016	38.544	3.835	42.379	-2,9	4,0	-2,3
2017	37.645	4.112	41.757	-2,3	7,2	-1,5
2018	36.926	4.503	41.429	-1,9	9,5	-0,8
2019	36.104	4.540	40.644	-2,2	0,8	-1,9
2020	35.286	4.589	39.875	-2,3	1,1	-1,9
2021	34.594	4.726	39.320	-2,0	3,0	-1,4
2022	33.389	4.795	38.184	-3,5	1,5	-2,9
2023	32.722	4.923	37.645	-2,0	2,7	-1,4

Fonte: Instituto Galego de Estatística.

Máis alá desas oscilacións anuais, se nos fixamos nas tendencias a medio e longo prazo son dous os feitos a salientar. O primeiro é que nas case catro décadas transcorridas desde a integración europea a poboación ocupada no sector agrario reduciuse en Galicia en preto do 90% (-87,7%), unha caída moito máis intensa que a rexistrada en España (-61,4%). O segundo feito a sinalar é o claro freo dese descenso que ten lugar nos últimos 15 anos, a partir do estalido da crise económica en 2008; o que cabe atribuír, polo menos en parte, ao empeoramento do mercado de traballo e á redución das oportunidades laborais fóra da agricultura. Así, no conxunto do período 2008-2023 o ritmo de diminución da poboación ocupada no sector agrario galego limitouse ao 2,1% acumulativo anual, a cuarta parte do constatado durante a fase de expansión económica 1995-2007 (-8,6% anual); aínda que ese ritmo seguiu superando a media española (-0,6% anual) (cadro 15).

Establecido iso, debemos deternos de todos modos na evolución que indica a EPA para a última década, desde 2015. Por encima das oscilacións

Cadro núm. 17
Composición da poboación ocupada no sector agrario en Galicia

	2015	2023
Poboación ocupada por sexos (miles)		
Homes	25,5	33,4
Mulleres	20,1	17,5
Total	45,6	50,9
% de mulleres	44,1	34,4
Distribución por idades (%)		
16 a 24 anos	3,1	2,9
25 a 34 anos	13,4	13,4
35 a 44 anos	22,6	20,8
45 a 54 anos	31,1	31,8
55 e máis anos	29,6	30,8
Total	100,0	100,0
Poboación ocupada por situacións profesionais (miles)		
Empresario con asalariados	2,6	3,0
Empresario sen asalariados	26,3	26,6
Membro dunha cooperativa	0,8	0,6
Axuda na empresa familiar	3,0	1,1
Asalariado do sector público	1,3	4,0
Asalariado do sector privado	11,6	15,6
Total	45,6	50,9
% asalariados	28,3	38,5

Fonte: INE e IGE, Enquisa de poboación activa.

Como información adicional, no cadro 17 podemos ver os cambios na composición da poboación ocupada no sector que se produciron no período 2015-2023 segundo a EPA, simultaneamente coa estabilización do seu volume. O primeiro a salientar é a crecente masculinización: nos últimos oito anos o número de homes medrou nun 31%, mentres o de mulleres reduciuse nun 12,9%, de tal modo que a porcentaxe de mulleres baixou do 44,1% ao 34,4% (de preto da metade a pouco máis de 1/3). A distribución por idades permaneceu en cambio estable, sen corrixirse pero tampouco agravarse o elevado envellecemento: o 30,8% das persoas ocupadas no sector en 2023 teñen 55 ou máis anos, fronte a só un 16,3% de menores de 35 anos, porcentaxes similares ás de 2008. Xunto coa masculinización, a outra mudanza recente a destacar é o peso crecente do emprego asalariado no noso sector agrario: se en 2008 este xa supoñía o 28,3% da poboación ocupada, en 2023 alcanza o 38,5% (cadro 17).

Censos gandeiros

Gando bovino

Os datos das *Encuestas ganaderas* do MAPA correspondentes a novembro de 2023 indican unha estabilidade do censo total de gando bovino en Galicia neste último ano. O número de vacas, non obstante, aumentou lixeiramente e, ao contrario da tendencia xeral nas décadas recentes, este incremento concentrouse nas vacas de leite, mentres que se mantiveron estables as de carne. Seguramente, a conxuntura favorable dos prezos do leite que viviu o sector explica esa evolución. En calquera caso, visto no contexto español, o noso censo de gando bovino presenta unha clara especialización láctea: Galicia concentra en 2023 o 42,9% das vacas de leite do Estado, en tanto que nas vacas de carne a porcentaxe limitábase ao 10% (cadro 18).

O datos do *Registro de gando bovino* do IGE permiten precisar a estrutura das explotacións por orientacións produtivas. Neste caso as últimas cifras publicadas corresponden a 2022. En conxunto, estes datos mostran a notable e crecente concentración do censo nas unidades de maior dimensión. Así, as explotacións con 50 ou máis cabezas de bovino, sendo pouco máis de 1/5 do total, concentran en 2022 máis das dúas terceiras partes das vacas. E, en concreto, aquelas con 100 ou máis cabezas, 9% do total, reúnen o 43,8% das vacas. Mentres que, no extremo contrario, encontramos máis de 10.000 explotacións con menos de 10 cabezas (41,2% do total), que só posúen o 4,2% das vacas (cadro 19).

Esa imaxe, porén, difire de maneira substancial en función da orientación produtiva, cunha concentración moito máis acusada no sector lácteo. Neste sector as explotacións con 50 ou máis animais concentran máis do 84% das vacas de leite; aquelas con 100 ou máis cabezas reúnen o 61,2% destas vacas (porcentaxe que no último ano medrou en máis de 3 puntos porcentuais); e, en particular, o grupo das que teñen 200 ou máis

Cadro núm. 18
Evolución do censo de gando bovino en Galicia *

	1987	1995	2000	2010	2015	2020	2021	2022	2023
Miles de cabezas									
Vacas	704,5	624,8	666,5	570,1	557,6	546,1	540,3	538,8	541,4
Leiteiras	602,6	446,0	432,3	350,3	360,3	340,0	336,7	334,3	337,2
Resto	101,9	178,8	234,1	219,8	197,3	206,1	203,6	204,6	204,2
Total bovinos	980,1	953,9	1.016,4	963,4	951,9	939,1	932,8	941,9	941,0
Índices (Base 1987=100)									
Vacas	100,0	88,7	94,6	80,9	79,1	77,5	76,7	76,5	76,8
Leiteiras	100,0	74,0	71,7	58,1	59,8	56,4	55,9	55,5	55,9
Resto	100,0	175,4	229,7	215,7	193,6	202,2	199,7	200,7	200,4
Total bovinos	100,0	97,3	103,7	98,3	97,1	95,8	95,2	96,1	96,0
Galicia/España (%)									
Vacas	25,1	22,1	22,1	20,1	20,2	18,8	18,6	18,7	19,1
Leiteiras	33,6	34,5	37,9	41,8	42,7	41,9	41,6	41,3	42,9
Resto	10,0	11,7	12,5	11,0	10,3	9,8	9,7	9,8	9,9
Total bovinos	19,2	17,3	16,5	15,3	15,4	14,2	14,2	14,6	14,9

*Os datos de 1987, 1995 e 2000 son os de decembro. Para os demais anos corresponden a novembro. Os de 2023 son provisionais.

Fonte: MAPA, *Anuario de estadística e Encuestas ganaderas*.

Cadro núm. 19

Estrutura dimensional das explotacións de bovino en Galicia. Ano 2022**A. Número (miles)**

Tamaño (número de bovinos)	Explotacións				Vacas		
	Leite	Carne	Mixtas e outras	Total	Vacas de muxidura	Vacas de non muxidura	Total
1-9	0,2	8,3	2,2	10,7	1,6	20,2	21,8
10-19	0,5	3,2	0,2	3,9	5,3	25,9	31,1
20-29	0,7	1,8	0,1	2,6	11,7	25,7	37,4
30-49	1,2	2,0	0,2	3,3	29,3	44,4	73,7
50-99	1,6	1,4	0,2	3,2	70,9	57,2	128,1
100-199	1,2	0,4	0,1	1,7	94,2	30,3	124,5
>=200	0,5	0,1	0,1	0,6	93,1	10,7	103,8
Total	5,9	17,2	3,0	26,1	306,1	214,3	520,4

B. Distribución porcentual

Tamaño (número de bovinos)	Explotacións				Vacas		
	Leite	Carne	Mixtas e outras	Total	Vacas de muxidura	Vacas de non muxidura	Total
1-9	3,4	48,4	73,5	41,2	0,5	9,4	4,2
10-19	8,1	18,8	5,0	14,8	1,7	12,1	6,0
20-29	11,7	10,6	3,7	10,0	3,8	12,0	7,2
30-49	19,6	11,4	5,3	12,6	9,6	20,7	14,2
50-99	28,1	8,2	6,2	12,4	23,2	26,7	24,6
100-199	20,2	2,2	4,0	6,5	30,8	14,1	23,9
>=200	8,8	0,3	2,4	2,5	30,4	5,0	19,9
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: IGE, *Rexistro de gando bovino*.

cabezas (8,8% do total) concentra xa máis do 30% das vacas de leite. Mentres, o peso produtivo das unidades máis pequenas é case irrelevante: as explotacións lácteas con menos de 20 animais (11,5% do total) unicamente contan co 2,2% das vacas de muxidura.

No vacún de carne, en cambio, o grao de concentración segue sendo moito menor, conservando as explotacións pequenas un importante peso social e produtivo. Así, as explotacións con menos de 20 animais son aquí o 67,2% e contan co 21,5% das vacas de carne. En tanto que, no extremo contrario, as unidades con 100 ou máis cabezas só supoñen o 2,5% do total e reúnen o 19,1% das vacas (cadro 19).

Gando porcino

Tras o forte incremento da cabana porcina galega en 2022, no ano 2023 esta volveu aumentar notablemente. Desta forma, o número total de animais superou os 1,6 millóns; unha cifra que non se coñecía nas tres últimas décadas, aproximándose aos valores de mediados dos anos 1980. Ese incremento foi lixeiramente superior ao rexistrado no conxunto do Estado, o que orixinou unha pequena alza do peso de Galicia na cabana porcina española, que se sumou á do ano anterior, ata alcanzar o 4,6% en 2023 (cadro 20).

Cadro núm. 20

Evolución do censo de gando porcino en Galicia *

	1987	1996	2010	2015	2020	2021	2022	2023
Miles de cabezas								
Porcos da ceba	561,6	271,7	443,2	440,2	780,3	705,8	974,4	807,0
Porcas reprodutoras	178,2	121,9	114,4	101,9	81,5	92,5	105,1	126,5
Total	1.619,5	981,3	1.018,9	1.082,0	1.286,7	1.196,3	1.490,9	1.605,2
Índices (Base 1987=100)								
Porcos da ceba	100,0	48,4	92,2	78,4	139,0	125,7	173,5	143,7
Porcas reprodutoras	100,0	68,4	53,5	57,2	45,7	51,9	59,0	71,0
Total	100,0	60,6	65,1	66,8	79,5	73,9	92,1	99,1
Galicia/España (%)								
Porcos da ceba	8,9	3,6	4,3	3,9	5,5	5,0	7,1	5,9
Porcas reprodutoras	8,8	5,9	4,7	4,1	3,1	3,4	4,0	4,5
Total	9,4	5,3	4,0	3,8	3,9	3,5	4,4	4,6

*Os datos de 1987 e 1996 corresponden a decembro; para os demais anos corresponden a novembro. As cifras de 2023 son provisionais.

Fonte: MAPA, *Anuario de estadística e Encuestas ganaderas*.

Estamos ante un sector que vén mantendo en España un forte dinamismo, que lle permitiu converterse no cuarto produtor mundial de carne de porcino, ao tempo que a cabana española pasaba a ser a primeira da UE, superando o país que historicamente ocupaba esa posición, Alemaña. Esta expansión, en boa medida, explícase polo crecemento das exportacións, en especial das dirixidas ao exterior da UE. Porén, hai que apuntar que, despois de anos de continuo aumento, en 2022 e de novo en 2023 o volume das exportacións españolas de porcino se reduciu, debido fundamentalmente á contracción das destinadas a China. En concreto, en 2023 as exportacións a China diminuíron nunha quinta parte, a pesar do cal este segue sendo con moita diferenza o principal mercado exterior para o porcino español.

IV. Pesca

- A pesca constitúe o principal vector de especialización de Galicia.
- Galicia conta coa maior flota rexional da UE, en termos de cantidade e de capacidade, pero esta flota está máis envellecida que a media da UE.
- A baixa salinidade nas rías ocasionada polas choivas extremas provocou unha caída da produción de marisco de cuncha branca de máis do 52% respecto ao quinquenio anterior e de case o 43% respecto a 2022.
- O cultivo de mexillón afronta presións ambientais, por unha banda, e competitivas, pola outra. Entre as primeiras estarían os efectos do cambio climático e de dispoñibilidade de semente e, entre as segundas, a competencia chilena en produción para industria.
- O complexo mar-industria constitúe a cadea de valor máis completa de Galicia incluíndo a fase de produción, transformación, comercio por xunto e distribución.
- Ao longo dos últimos anos a transformación e a comercialización amosan maior capacidade de expansión.
- A día de hoxe o estudo da participación das mulleres na pesca segue a atopar limitacións nas fontes estatísticas.

Introdución

O ano 2023 está enmarcado en medio dos efectos do cambio climático se miramos cara atrás, e das eleccións ao Parlamento Europeo se miramos cara adiante. Efectivamente, o cambio climático é xa unha ameaza tanxible, con diversas manifestacións que impactan nos sectores produtivos. No caso do marisqueo, o fenómeno das choivas extremas dos últimos meses de 2023 provocou a baixada de salinidade nas rías, derivando en altas taxas de mortalidade do marisco de cuncha branca. No caso da miticultura as elevadas temperaturas da auga deron lugar a maiores desprendementos de mexillón das cordas e a un menor crecemento.


Se miramos cara adiante, a perspectiva das eleccións ao Parlamento Europeo en 2024 fai especialmente relevante entender a influencia da política europea no ámbito da pesca. Son numerosas as políticas que impactan na pesca, empezando pola propia Política Común de Pesca, na que se determinan as posibilidades de captura en augas europeas e se establece a estratexia negociadora en augas de Organizacións Rexionais de Pesca, por citar dous exemplos; seguindo pola política comercial que fixa os requirimentos e controis aos produtos procedentes do exterior, ou a política medioambiental que determina as medidas de conservación das áreas mariñas.

En consecuencia deuse un profundo proceso de mudanza institucional que permitiu transitar dun contexto de práctica ausencia de Estado e unha cultura pesqueira baseada na idea de mar libre propios da primeira metade do s. XX; a unha pesca fortemente regulamentada, apoiada no mellor coñecemento científico dispoñible e enfocada á valorización de posibilidades de pesca predeterminadas baseadas en TAC e cotas e con estritos mecanismos de control. Podemos falar así de como a reacción ao conxunto de retos competitivos, legislativos, tecnolóxicos e comerciais teceu unha densa malla formada por factores empresariais, institucionais, científicos e sociais que hoxe nos permiten falar do complexo mar-industria. Este complexo ou clúster presenta un grao de desenvolvemento con poucas expresións equiparables no contexto europeo.

Por estas razóns, o ámbito de análise que mellor se adapta a este sector é o que engloba o conxunto de actividades necesarias para poñer a disposición do consumidor o produto pescado; actividades que se estenden ao longo de toda a cadea de valor e permiten falar con propiedade dun sistema produtivo da pesca. A expresión cuantitativa dese clúster son as matrices que forman as Táboas *Input-Output*, en particular, as da Pesca-Conserva Galega, nas súas diversas edicións. Nestas defínese a pesca como *o sector de actividade económica que integra todos e cada un dos procesos produtivos conducentes á creación do produto pescado-marisco, conservas de pescado e marisco*. Esta é a definición que seguimos e que empregaremos para estruturar o estudo ao longo das seguintes páxinas, nas que trataremos de dar cumprida razón da estrutura, dinámica e puntos clave máis salientables acontecidos en 2023, pensando non tanto en explicar o pasado senón, máis ben, en identificar os retos futuros.

Os sectores

Neste apartado analizaremos as diferentes ramas de actividade que constitúen o complexo mar-industria galego: pesca, acuicultura, marisqueo e industria de conserva, e procesado de produtos de orixe mariña.



A pesca

A flota pesqueira galega constitúe en 2023 a principal flota rexional da Unión Europea (UE) tanto por tamaño como por capacidade, concentrando o 5,94% dos buques, o 10% do arqueo e o 5,1% da potencia. Este peso incrementouse desde 2021 como consecuencia da saída do Reino Unido da UE. Así mesmo, é a principal flota española, cun 49% das embarcacións, un 40,5% da tonelaxe e un 34,8% da potencia.

A longo prazo a flota amosa unha tendencia decrecente en número de embarcacións e en potencia. Este aspecto resulta relevante

toda vez que en certos ámbitos académicos, políticos e ambientais asumíuse e mesmo argumentouse que a redución do número de embarcacións non só non provoca menor capacidade de pesca senón que incluso podería traducirse nunha maior, evitando deste modo o efectivo axuste respecto da abundancia de recurso. A argumentación radicaría en que as unidades antigas serían substituídas por unidades de maior tamaño, potencia e tecnoloxía. Os datos, porén, non permiten verificar tal tese; a potencia redúcese de modo paralelo ao número de barcos. De feito, cómpre sinalar que España foi o país da UE que maior esforzo de cumprimento da política de axuste de flota realizou. Por outro lado, un dato significativo é a idade media da flota galega, 38 anos; superior á media española (35) e europea (36).

O contexto presente, a efectiva redución de capacidade, o envellecemento da frota e a existencia de TAC e cotas que establecen un tope ás capturas independentemente das condicións dos buques aconsellarían cambiar a política de subvencións; é dicir, suavizar as restricións ás axudas para a renovación da frota. Na actualidade, o reto xa non é o axuste senón mellorar a habitabilidade, a seguridade e acelerar a transición cara a enerxías limpas. A mellora da habitabilidade é esencial para favorecer o relevo xeracional nas tripulacións, así como para facilitar a incorporación de mulleres a bordo.

Cadro núm. 1

Caracterización técnica da flota galega por segmento de flota. 2023

	Nº barcos	Arqueo GT*	Potencia (CV)	Arqueo medio	Potencia media
Pesqueira internacional (grande altura)	102	68.407	110.328	671	1.082
Arrastre	27	34.658	50.299	1.284	1.863
Cercos	2	4.058	7.553	2.029	3.777
Palangre de superficie	73	29.691	52.476	407	719
Pesqueira comunitaria (altura)	68	19.194	41.991	282	618
Palangre de fondo	47	12.510	26.556	266	565
Arrastre	21	6.684	15.435	318	735
Caladoiro Nacional (Cantábrico-Noroeste)	4.013	39.985	199.566	10	50
Arrastre	48	10.990	26.797	229	558
Artes menores	3.730	8.528	109.931	2	29
Cercos	144	6.521	32.224	45	224
Enmalle	23	1.359	4.829	59	210
Palangre de fondo	18	913	3.046	51	169
Palangre de superficie	50	11.675	22.738	234	455
Total	4.183	127.586	351.886	31	84

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage*).

Fonte: Consellería do Mar, *Anuario da pesca de Galicia 2023* (www.pescadegalicia.com).


A diversidade de artes e tipos de embarcacións é outra das características da flota galega, onde conviven un elevado número de embarcacións de pequeno tamaño e capacidade, a flota de baixura; con flotas de altura e grande altura, relativamente pequenas en número, 170 unidades en total, pero cun arqueo e potencia media elevados.

En paralelo á redución de flota deuse unha diminución do emprego que afecta a todos os segmentos. De acordo coa estatística de afiliacións á Seguridade Social, en 2023 traballaban na pesca e na acuicultura en Galicia 16.926 persoas.

Ao efecto de afondar na produción pesqueira, unha das principais fontes dispoñibles é a estatística de primeira venda de pescado fresco nas lonxas galegas que proporciona Pescadegalicia. Esta ten a virtude de ofrecer un elevado grao de detalle que pode chegar ata a información diaria sobre cantidades, valor, especie, lonxa e días de pesca; pero non constitúe unha identidade coa flota galega, toda vez que non inclúe a pesca conxelada ou a produción acuícola (que non teñen que pasar por lonxa) e, pola contra, pode incluír descargas de barcos con porto base noutras comunidades ou países e, ao mesmo tempo, parte das capturas de barcos galegos poden arribar a portos noutras áreas. Feitas estas observacións, resulta unha boa aproximación á actividade produtiva.

A longo prazo a serie amosa unha gran variabilidade, propia das actividades directamente dependentes do medio natural, cun mínimo en 2003 de 124.656 t descargadas e un máximo en 2017 de 212.784 t. No último ano, as descargas foron de 125.793,27 t, moi próximas ao mínimo histórico. Se desde 2017 a tendencia decrecente das capturas estivo determinada pola redución das cotas comunitarias ata situarse en niveis historicamente baixos, en 2023 a explicación é outra.

Se descompoñemos as capturas por grandes grupos biolóxicos vemos que, no caso dos peixes, que non só constitúen o principal grupo por volume de descargas (89% do total) senón que tamén é o que contén o grosu das especies suxeitas a cota, aumentou en case un 3%. No resto dos grupos diminúen as



Cadro núm. 2

Descargas nos portos galegos por especie (kg).

Grupo biolóxico	2022	2023	Variación (%)
Peixes	108.592.626	111.669.416	2,83
Cefalópodos	15.064.394	6.548.889	-56,53
Bivalvos	7.556.448	5.105.848	-32,43
Crustáceos	1.461.822	1.128.513	-22,80
Equinodermos	729.412	719.912	-1,30
Algas	691.083	398.696	-42,31
Resto das descargas	184.837	217.694	17,78
Poliquetos	5.212	3.833	-26,46
Gasterópodos	1.273	478	-62,47
Total	134.287.109	125.793.279	-6,33

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería do Mar, *Principais indicadores de vendas nas lonxas*, 2024 (www.pescadegalicia.com).

atopa os seus límites na dependencia das cotas e nos cambios das condicións do mercado, como pode ser o actual contexto de inflación.

Cadro núm. 3

Principais especies da pesca fresca en cantidade e valor paxadas nas lonxas galegas. 2023

Cantidade			Importe		
Especie	Quilogramos	%	Especie	Euros	%
Lirio (WHB)	25.262.494	20,1	Pescada (HKE)	102.567.908	24,9
Pescada (HKE)	22.366.792	17,8	Ameixa xap. (CLJ)	27.164.678	6,6
Sardiña (PIL)	18.739.443	14,9	Peixe sapo (ANK)	26.583.361	6,5
Xurelo (HOM)	10.302.590	8,2	Polbo (OCC)	17.915.540	4,3
Peixe sapo (ANK)	4.881.796	3,9	Sardiña (PIL)	17.594.256	4,3
Xarda (MAC)	4.505.748	3,6	Xuliana (MON)	17.383.377	4,2
Rapante (LEZ)	3.662.575	2,9	Rapante (LEZ)	14.974.240	3,6
Xuliana (MON)	2.884.049	2,3	Lirio (WHB)	14.785.268	3,6
Bonito norte (ALB)	2.225.164	1,8	Xurelo (HOM)	12.695.634	3,1
Pota común (SQM)	2.166.619	1,7	Percebe (PCB)	8.711.808	2,1
Outros	28.796.009	22,9	Outros	152.007.691	36,9

Nota: Inclúense todas as especies que teñen obriga de pasar por lonxa, como son as do marisqueo, e non só as da pesca; mentres que especies que non teñen esa obriga, como as da acuicultura, non están presentes.

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería do Mar, *Principais indicadores de vendas nas lonxas*, 2023 (www.pescadegalicia.com).

A flota de litoral, en cambio, oriéntase a especies abundantes de prezo unitario máis baixo, como poden ser xurelo ou xarda. A de grande altura está especializada en especies versátiles de forte consumo, como bonito e pota. Mentres, as flotas de baixura e marisqueo traballan en función dunha mestura de especies de valor unitario alto, como percebe ou ameixa. En todos os casos, as especies obxectivo constitúen o núcleo da actividade e o resto, de modo complementario, contribúen a equilibrar as contas.

Un dos factores críticos na actividade pesqueira é o custo do combustible que, xunto cos salarios, constitúe o principal gasto, en especial nas flotas que operan a longas distancias do porto base. Se no pasado este era xa un custo relevante, a escalada de prezos nos últimos anos, en particular desde 2021, fai conveniente, para entender o seu contexto macroeconómico, realizar un seguimento desta variable (gráfico 3).

descargas, sendo especialmente relevante, polo peso sobre o total, o caso dos cefalópodos, bivalvos e crustáceos.

O 89% desta produción son peixes, seguidos de cefalópodos (5%) e bivalvos (4%), distribuíndose o resto entre crustáceos, equinodermos, algas, gasterópodos, poliquetos e outros. De feito, cabe sinalar que en 2022 se descargaron nas lonxas galegas 273 especies distintas.

A pesar da diversidade das capturas, o volume e, sobre todo, o valor concéntrase en apenas unha decena de especies e, moi particularmente, na pescada que responde de case unha cuarta parte do valor.

A galega é unha flota diversa na que conviven artes, estratexias e flotas moi diferentes. A flota de altura, por exemplo, seguiu unha estratexia de procura de valor máis que de volume, centrándose en especies como a pescada, o peixe sapo ou o rapante, situados nun segmento intermedio de prezo. A pescada, en concreto, destaca por ser un produto con propiedades particularmente apropiadas como *commodity*. O proceso de orientación ao valor e de especialización seguido constitúe unha estratexia económica axeitada que



e redución da demanda de peixe pola crise inflacionista provocou tensións financeiras nas empresas.

A acuicultura e o marisqueo

A explotación do mar en Galicia inclúe tamén os cultivos mariños, tanto a miticultura como a piscicultura mariña, a colleita e cultivo de algas e o marisqueo que, máis que unha actividade puramente extractiva, é un semicultivo. En conxunto, estas actividades produciron 190.407,2 t en 2023, cun valor de 232,67 millóns de euros en primeira venda. En comparación con 2022, o comportamento foi positivo no caso das algas e dos peixes cultivados, e negativo no dos bivalvos, que sufriron de modo máis acusado as consecuencias do cambio climático. Tomaremos esta circunstancia como unha oportunidade para analizar en máis detalle estas especies.


Cadro núm. 4

Producción da acuicultura mariña en Galicia

	2022		2023	
	Kg	Euros	Kg	Euros
Algas	12.240	33.100	18.651	127.935
Bivalvos	221.948.451	165.947.303	179.896.203	134.817.160
Peixes	10.012.349	90.355.048	10.492.362	97.729.153
Total	231.973.040	256.335.451	190.407.216	232.674.248

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería do Mar, *Anuario da acuicultura 2023* (www.pescadegalicia.com).

Malia que non só afectou os moluscos de cuncha branca, o seu impacto foi especialmente significativo nestas especies, polo que en aras da necesaria concisión neste informe incidiremos na parte máis significativa.



Entre 2018 e 2020 o prezo do gasóleo mariño roldou os 0,4€/l. No último ano, logo de superar a crise de prezos provocada pola invasión de Ucraína, moveuse no contorno do 0,80€/l, o dobre que no período inicial. É de esperar que no futuro inmediato o prezo siga a moverse neste nivel, cunha forte resistencia a baixar. Ao tratarse dun *input* de carácter ríxido, as variacións do consumo son poucas con cambios nos prezos; a evolución destes últimos é un notable condicionante das contas das empresas. No último ano, o control da inflación aliviou a conta das empresas polo lado dos ingresos. Mentres, durante 2022 a combinación de altos prezos do combustible

Unha das materializacións do cambio climático en Galicia está a ser a maior intensidade dos períodos de choivas. No último trimestre de 2023 producíronse precipitacións excepcionais na vertente atlántica galega. O aumento da auga doce vertida polos ríos provocou episodios prolongados de baixa salinidade nalgúns dos principais bancos marisqueiros de Galicia, coa conseguinte debilitación e mortalidade dos moluscos bivalvos.

A produción das especies consideradas, ameixas e berberechos, presenta unha elevadísima concentración en Galicia. De feito, no ano 2022, segundo os datos de Producción de Talle Comercial da Acuicultura Mariña que publica o MAPA, a produción galega representa o 99% do total (gráfico 4), que se corresponde con 1.277 t, por 12,3 do resto de territorios do Estado.

Cómpre ter en conta que a cifra anterior só recolle a produción cultivada, procedente fundamentalmente do marisqueo a pé, mentres que deixa de lado as capturas destas especies pola flota de baixura. Non obstante, fóra de variacións marxiniais, dado que as zonas de cultivo ou captura son as mesmas, non é de esperar que a distribución territorial en porcentaxe se desvíe de maneira significativa. Asociada a este volume de produción e concentración xeográfica desenvolveuse unha industria depuradora, cunha tamén elevada concentración xeográfica en Galicia.

nas de cultivo ou captura son as mesmas, non é de esperar que a distribución territorial en porcentaxe se desvíe de maneira significativa. Asociada a este volume de produción e concentración xeográfica desenvolveuse unha industria depuradora, cunha tamén elevada concentración xeográfica en Galicia.

Cadro núm. 5

Evolución das producións das principais especies de marisco branco en Galicia (en kg)

	Babosa	Fina	Rubia	Xapónica	Bicuda	Berberecho
2018	919.499	354.544	537.583	3.476.285	7.124	2.482.754
2019	745.947	319.719	360.075	3.399.259	4.136	3.442.280
2020	570.593	267.643	267.931	2.874.074	3.821	1.367.276
2021	330.576	278.973	254.118	2.041.819	2.055	2.100.713
2022	334.973	260.748	143.047	2.262.831	1.317	2.299.203
2023	216.504	152.541	150.427	2.024.740	1.110	484.525
Media 2018-2022	580.318	296.326	312.551	2.810.854	3.691	2.338.445
% variación respecto á media	-62,69	-48,52	-51,87	-27,97	-69,92	-79,28
% variación respecto a 2022	-35,37	-41,50	5,16	-10,52	-15,72	-78,93

Fonte: Elaboración propia a partir de Pescadegalia 2024.

Ao efecto de avaliar o alcance da caída da produción comparamos os datos de 2023 tanto cos do ano anterior como coa media dos cinco anteriores. Adoptamos este enfoque no primeiro caso por ser a referencia máis inmediata e no segundo a fin de evitar eventualidades dun ano en particular.

A panorámica conxunta é a dunha caída xeneralizada e aguda na produción. Todas as especies ven minguar a súa produción. Cómpre matizar, non obstante, que no caso da ameixa rubia ten lugar un incremento respecto a 2022 de algo máis do 5%, se ben a diminución respecto ao quinquenio anterior é do 52%. De todos os xeitos, esta é a única excepción. O descenso máis acusado é o do berberecho, observándose unha redución dos quilos comercializados dun 79,3% en relación aos cinco anos anteriores e de case un 79% en comparación ao último. Neste caso trátase, ademais, dunha especie cun elevado volume, de modo que o impacto sobre a cadea de valor pode ser relevante.

En canto á ameixa babosa, a súa diminución sería de case un 62,7% respecto á media do quinquenio e do 35,4% en relación ao último ano. A ameixa fina, de valor unitario elevado, baixa en torno a un 48,5% en ambas as dúas medidas. E no caso da ameixa xapónica, unha especie con producións elevadas, a perda é de case o 20% no primeiro caso e de algo máis do 10% no segundo.

Cadro núm. 6

Evolución conxunta das especies de marisco branco máis afectadas polos episodios de choivas extremas en 2023 (ameixa babosa, ameixa fina, ameixa rubia, ameixa xapónica, ameixa bicuda e berberecho)

	Kg	Euros
2018	7.777.790	76.277.310
2019	8.271.416	78.272.691
2020	5.351.339	59.426.387
2021	5.008.254	60.509.998
2022	5.302.119	55.803.761
2023	3.031.098	47.576.475
Media 2018-2022	6.342.184	66.058.030
Variación ingreso respecto á media	-	-18.481.554
Variación ingreso respecto a 2022	-	-8.227.286
% Variación respecto á media	-52,21	-27,98
% Variación respecto a 2022	-42,83	-14,74

Fonte: Elaboración propia a partir de Pescadegalia 2024.

Se agregamos o conxunto das especies para observar o impacto global, obtemos que se produce unha caída de máis do 52% fronte ao quinquenio anterior e de case o 43% respecto a 2022. En termos de valor, a redución é respectivamente do 28% e do 15%. En termos de diminución do ingreso para os produtores, estes se verían mingoados en 18,5 millóns de euros en comparación coa media dos anos anteriores e en 8,2 fronte ao ano anterior.

En canto ao mexillón, a produción tende a oscilar en torno ás 250.000 t en volume e 160 millóns de euros en valor, coas variacións propias das producións directamente dependentes das condicións do medio.

Non obstante, en 2022 e 2023 a produción está a baixar debido, entre outros, a factores derivados do cambio climático, como son a maior taxa de desprendementos das cordas e o menor rendemento da vianda provocados pola maior temperatura das augas. A novidade en 2023 é que, a diferenza do ano anterior, a menor produción acompañouse de prezos máis baixos, dando lugar a un descenso do ingreso do 20,8%. A positiva dinámica dos prezos nos dous anos anteriores, pasando de 0,43€/kg en 2020 a 0,67€/kg en 2022, parece, polo momento, esgotada.

Abriu o foco cara ao escenario internacional resulta necesario para contextualizar axeitadamente os retos desta actividade. En 2022 España, na práctica Galicia, mantívose como o terceiro produtor mundial, co 13% da produción total, por detrás de Chile (29%) e China (51%). A significación destes países como competidores e a influencia no mercado do mexillón galego é moi diferente.


No caso da produción chinesa, a presenza nos mercados internacionais é moi reducida, estando orientada ao mercado interno. Chile, en

Cadro núm. 7

Produción de mexillón en Galicia.

	2023	2022	% variación
Cantidade (kg)	178.065.331,0	219.698.852,0	-19,0
Importe (€)	119.506.401,0	150.894.333,0	-20,8
Prezo medio (€/kg)	0,67	0,69	-2,90


Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería do Mar, *Anuario da acuicultura* 2023 (www.pescadegalia.com)



cambio, produce para os mercados internacionais, en particular para a industria conserveira española, mediante a exportación de vianda de mexillón conxelado. Aínda que as súas exportacións se destinan en exclusividade á industria e non constitúen un substitutivo no caso do mexillón fresco, inflúen nos prezos de ambos mercados. Na industria porque o mexillón chileno chega a España a un prezo máis baixo que o galego, liderando a dinámica dos prezos; no fresco, porque ao reducir a demanda para a industria de mexillón galego provoca que a produción teña que dirixirse en maior medida para fresco, de modo que o incremento da oferta lastra o crecemento dos prezos.

No contexto europeo, Galicia é, con diferenza, o principal produtor en termos de volume, pero non en valor, sendo superada por Francia nesta rúbrica. Esta última produce só o 14% en volume e acada o 32% do valor, mentres que no noso caso producimos case a metade do total en volume pero unicamente o 29% do valor. A contrapartida dunha produción histórica e en comparación moi elevada en peso foi un prezo baixo. O prezo do mexillón español figura entre os máis baixos dos principais produtores europeos. Só Grecia presenta un menor, resultando un caso salientable, toda vez que conta cunha produción moito máis pequena (apenas un 6% da española) e tamén decrecente.

Esta configuración dá como resultado dúas caras da mesma moeda. Por unha banda existe unha limitada xeración de valor; pero, por outra, isto materialízase nunha elevada competitividade e liderado do mercado europeo de mexillón fresco. Ao mesmo tempo, o mexillón galego é o primeiro en prezos no marco europeo de fresco, posibilitando a entrada nalgúns dos principais mercados como o belga, o francés ou o italiano.



No gráfico 6 reflíctese a posición dos distintos países produtores europeos, que pode ser ilustrada a través de tres modelos: o caso sueco presenta unha produción moi pequena en volume que acada un valor unitario moi elevado; Francia supón o éxito da situación intermedia, xa que cun terzo da produción española consegue un prezo tres veces superior, e España amosa un modelo extensivo, no que a elevada produción supón un prezo en comparación baixo.

Un segundo factor de alivio para a produción para fresco foi o paulatino declive da produción europea de mexillón desde a década de 2000 en adiante. Algúns dos principais países produtores, como pode ser o caso de Irlanda, Italia, Grecia ou, en menor medida, Francia, amosan unha senda descendente desde, aproximadamente, o cambio de século. Esta circunstancia facilitou o acceso da produción galega aos mercados centroeuropeos, que centran a súa demanda en mexillón de talle inferior á que se pide en España, ao que os bateiros se refiren con retrans como "lacasitos".

Aproveitar esa oportunidade ten toda a lóxica desde o punto de vista económico: acurta o ciclo do produto, aumenta a rotación e adáptase ao mercado; pero non tanto desde o punto de vista ecolóxico, xa que incrementa a presión ambiental ao subir a demanda de semente nun período en que factores climáticos están a reducir a súa produción. Unha parte das necesidades de semente cóbrese con cordas nas bateas, a restante debe extraerse directamente das rochas, sendo esta práctica a que en certos momentos provoca o conflito cos percebeiros.

En síntese, o desenvolvemento desta actividade transcorre a través da canle que establecen as presións ambientais, por unha banda, e as competitivas pola outra. Entre as primeiras estarían os efectos do cambio

climático e de dispoñibilidade de semente, ás que habería que engadir as mareas vermellas; e, entre as segundas, a competencia chilena.

Son seguramente estes tres factores: a competencia chilena, o declive dos competidores e a mellora dos prezos os que acentuaron a orientación á venda en fresco da produción mexilloeira. Se desde 2007-2008 en adiante un terzo da produción se destinaba á industria, nos dous últimos anos este continente reduciuse ata o 25%. Mentres, a demanda das conserveiras cóbreuse de modo crecente con mexillón conxelado procedente de Chile.


O segundo factor limitador son as mareas vermellas, floracións de algas tóxicas. Este fenómeno presenta unha incidencia moi variable, pero a longo prazo tende a ser cada vez máis frecuente, tanto nas nosas rías como en todo o planeta.

Piscicultura mariña

Galicia lidera a produción europea e española de peixes planos, integrada por rodaballo e linguado común. A temperá creación de Insuiña, a primeira planta comercial de rodaballo de Europa, inaugurada en 1983 no Grove, significou o disparo de saída dunha carreira que levou a nosa comunidade a liderar a tecnoloxía de cultivo desta especie, asentando sobre ela a súa vantaxe competitiva.

No ano 2021 Galicia produciu o 68,9% do rodaballo e o 51,4% do linguado cultivados en Europa segundo os datos proporcionados pola Federación Europea de Produtores Acuícolas (FEAP). A meirande parte da produción concéntrase en España e Portugal. De feito, a perda de peso na produción de linguado non deriva da redución da produción, que aumenta; senón do rápido crecemento de Portugal debido ao inicio de actividade en 2020 da planta establecida por Stolt Sea Farm en Tocha, próxima ás instalacións para cultivo de rodaballo coas que contaba desde os anos 90 na localidade veciña de Mira.

Se nos cinguimos ao ámbito estatal, en 2022 o 100% do rodaballo prodúcese en Galicia, mentres que no caso do linguado a cifra é do 70% e o restante corresponde a Andalucía.



Para Galicia, Pescadegalicia dispón xa de datos de 2023, ano no que a produción galega continuou a senda de crecemento con 10.942 t, que xeraron un valor de 97,7 millóns de euros. No que atinxe ao rodaballo, a produción foi de 9.602 t, cun prezo de 8,92€/kg, un 2,65% máis alto que en 2022.

A maiores, nos dous últimos anos deuse unha apreciable suba, acompañada de crecemento da produción, de modo que a facturación acadou tamén un máximo histórico. Non obstante, ao mesmo tempo o proceso inflacionista neste período provocou importantes subas nos prezos de *inputs*, tanto dalgúns que teñen un elevado peso na estrutura de custos

(enerxía, penso, osíxeno etc), como doutros relevantes, como pode ser o combustible, os envases, as vacinas etc.; de xeito que o incremento da facturación non pode interpretarse directamente como unha maior rendibilidade.

De xeito análogo, a produción de linguado acadou valores moi positivos en 2023, tanto en termos de produción, chegando a un máximo histórico de 890,5 t; como de prezos, que alcanzaron un valor medio de 13,58€/kg, mellorando os prezos do ano anterior.



O rodaballo e o linguado son pescados de mesa, moi apreciados, cuxo comportamento económico é propio dun ben de luxo e no que a produción salvaxe é moi limitada, de modo que o progresivo, mesmo relativamente lento crecemento da produción, a adaptación á capacidade de ampliar a demanda solvente, axuda a manter os prezos nun rango elevado.

Outra nota relevante é a constatación da superación da caída na produción provocada durante a pandemia da COVID-19.

A industria da conserva e transformados a base de pescado

En 2021, último ano con datos dispoñibles da estatística estrutural de empresas, a industria de procesado e conservación de pescados, crustáceos e moluscos (código CNAE-2009 10.2) galega representaba o 26,03% do total de locais de España (151 locais), pero xeraba o 45,8% do emprego (11.936 traballadores/as) e o 53,6% da cifra de negocios (4.025 millóns de euros); é dicir, en Galicia localízanse as empresas máis grandes e eficientes.

A nivel galego, e a partir dos datos do ARDAN, obsérvase que a industria da conserva presenta unha forte concentración na comarca do Barbanza, que representa aproximadamente a metade da produción, contando con empresas líderes como Conservas Rianxeira, Frinsa ou Ecurís; e en menor medida en comarcas como Vigo, o Salnés ou Bergantiños. Se nos referimos á industria de procesado de produtos a base de pescado, a principal localización é a comarca de Vigo, seguida do Salnés, o Morrazo e Caldas.



Non dispoñemos de cifras da produción da industria conserveira desagregados por comunidades autónomas e especies. Non obstante, os datos para o conxunto do Estado resultan ilustrativos da estrutura da oferta. Como se pode observar (gráficos 8 e 9), a pesar de contar cunha variedade de produto relativamente diversificada, o atún claro representa a principal especie en valor (59,5%) e, sobre todo, en volume (70,6%). Se sumamos o atún branco, o peso subiría ata o 67,4% dos ingresos e o 74,7% do volume. Destacan a continuación, en termos de valor, o mexillón, a sardiña e os berberechos. Respecto ao ano anterior acentuouse a especialización en atún.

Por tipo de preparación, como é de esperar, a principal son as conservas de pescados, mariscos e crustáceos, co 51,9% do volume total, seguida dos conxelados (35,1%), produtos de alimentación animal (5,1%) e pescado seco, salgado ou afumado (3,3%).

Entre os factores que acentúan a especialización en túnidos está a expansión da marca branca. As conservas de atún constitúen unha moi boa alternativa para a compra de peixe en períodos inflacionistas como os que acabamos de vivir, ao tratarse dun produto saudable, versátil e barato. Porén, quen está a capitalizar estas vantaxes son as marcas dos distribuidores, non as dos fabricantes, que xa supoñen o 44% da cota no conxunto de categorías. En consecuencia, non só é unha cuestión de prezo, senón que tamén depende da estratexia dos supermercados para fidelizar clientes. É precisamente a cadea de supermercados líder en España, Mercadona, a que máis marca branca distribúe un 75% das súas vendas. A controversia neste punto deriva de que en 2022 os fornecedores desta cadea lograron un récord de facturación, pero reduciron os seus beneficios á metade.

A medio prazo, outro dos retos que debe afrontar esta industria son os potenciais efectos do Tratado de Libre Comercio que a Unión Europea está a negociar con Tailandia, primeiro produtor mundial de conservas de atún con 559.728 t en 2020 (unha quinta parte delas aproximadamente destinadas a exportación); seguido de España, que, para o mesmo ano, produciu 377.016.

A medio prazo, outro dos retos que debe afrontar esta industria son os potenciais efectos do Tratado de Libre Comercio que a Unión Europea está a negociar con Tailandia, primeiro produtor mundial de conservas de atún con 559.728 t en 2020 (unha quinta parte delas aproximadamente destinadas a exportación); seguido de España, que, para o mesmo ano, produciu 377.016.

Comercializadores por xunto de pescados e mariscos

A efectos meramente de completar a panorámica, podemos subliñar que o sector comercializador, os grosistas de pescados e mariscos, acadaron unha facturación de 7.460,8 millóns de euros en 2022, cun valor agregado bruto (VABcf) de 544,7 millóns e a xeración de 7.337 postos de traballo, segundo os datos

das Referencias Sectoriais de Galicia que publica ARDAN. Se ben o VAB pode parecer relativamente modesto en relación ao ingreso, isto é consecuencia do peso dos produtos que comercializa nos custos; porén, en termos cualitativos o seu papel é crucial e expresa o desenvolvemento de capacidades ao longo da cadea de valor a partir da extracción de recursos mariños. A este respecto é xusto indicar que, no contexto actual, onde as cadeas de produción globais demostraron vulnerabilidades, non desligar a capacidade de comercializar da capacidade de producir reforza as dúas partes, incrementando a resiliencia como sistema produtivo.

Inserción exterior

O desenvolvemento desta actividade no seu conxunto levou a que o complexo mar-industria constituía o principal vector de especialización en Galicia. Entre os vinte primeiros sectores de especialización figuran varios asociados ao ámbito marítimo, empezando pola propia pesca, cunha moi notable diferenza,

Cadro núm. 8
Índice de especialización rexional:
20 primeiros sectores por nivel de especialización

	IER *
03 Pesca e acuicultura	10,27
14 Confección de pezas de vestir	3,54
02 Silvicultura e explotación forestal	3,13
16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartari.	2,81
08 Outras industrias extractivas	2,31
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	2,01
30 Fabricación doutro material de transporte	1,81
06 Extracción de cru de petróleo e gas natural	1,62
19 Coqueiras e refino de petróleo	1,55
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,49
10 Industria da alimentación	1,48
42 Enxeñaría civil	1,38
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1,31
11 Fabricación de bebidas	1,30
75 Actividades veterinarias	1,29
50 Transporte marítimo e por vías navegables interiores	1,29
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipament	1,26
45 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1,24
43 Actividades de construción especializada	1,23
31 Fabricación de mobles	1,15

* Valores >1 indican especialización, mentres que valores = 1 indican que o peso do emprego do sector correspondente sobre a economía galega é igual ao peso dese sector na economía española.

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, afiliacións á Seguridade Social último día do mes segundo ramas da CNAE 2009 e comunidades autónomas 2022.

respecto ás restantes ramas. En esencia o IER indica que o peso da pesca na economía galega é dez veces superior ao da pesca na economía española, existindo unha gran distancia respecto ás actividades que a seguen. Entre as actividades relacionadas nas que tamén existe especialización figuran fabricación doutro material de transporte (construción naval) e industria da alimentación, que na súa meirande parte está integrada por empresas de conserva e produtos alimentarios a base de pescado. Dentro deste grupo cabe sinalar tamén transporte marítimo. Catro destas vinte especializacións son economía mariña.

Cabe sinalar que entre os seguintes sectores de especialización destacan o complexo téxtil, a explotación da madeira (silvicultura e explotación forestal; industria da madeira e da cortiza, e fabricación de mobles), xunto coas actividades de refino de petróleo e fabricación de automóviles. Todas elas son analizadas en detalle noutros capítulos deste anuario.



O cálculo do índice de especialización rexional

O índice de especialización rexional (IER) ou coeficiente de localización rexional permite identificar a posición na que se atopan as distintas actividades rexionais en función do peso do seu emprego respecto ao total do emprego galego fronte ao peso do emprego nesa mesma actividade no emprego total español.

$$IER = \frac{\frac{e_i}{e_t}}{\frac{E_i}{E_t}}$$

Onde e_i representa a poboación ocupada no sector i en Galicia, e_t o número total de ocupados en Galicia, E_i representa a poboación ocupada no sector i en España e E_t o número total de ocupados en España. Un valor de 1 indica que no sector considerado o peso do emprego sobre o total galego é idéntico ao peso do total de ocupados nese sector en España respecto ao total do emprego. Valores superiores a 1 sinalan un peso da estrutura económica rexional superior ao peso do sector na economía española.

Ademais do nivel de especialización, a análise das exportacións permite completar a panorámica ofrecendo unha visión daqueles produtos nos que Galicia é máis competitiva a nivel internacional e que, en esencia, son os combustibles, as pezas de vestir, os automóviles e os pescados e mariscos. O mantemento ao longo do tempo desta posición preeminente por parte da pesca e transformados da pesca é consecuencia do continuo nivel de desenvolvemento do sector, xerando vantaxes competitivas suficientemente sofisticadas como para destacar no ámbito global. Nun contexto como o actual no que é indispensable para as empresas renovar e modernizar continuamente os seus produtos, o complexo pesqueiro galego



portacións galegas. Cabe sinalar que, no caso dos preparados, este ítem inclúe tamén preparados de carne, cun peso moi pequeno, inferior ao 3%.

Tres aspectos resultan relevantes para entender e contextualizar a dinámica do comercio exterior. O primeiro é o elevado consumo de pescado en España, derivado da multiplicación dun consumo aparente *per cápita* de pescados e mariscos entre os máis elevados do planeta (en torno aos 35,5 kg por habitante e ano) e un tamaño de poboación de 48,1 millóns de habitantes en 2023. A suma é unha demanda interior de pescado alta e, dito sexa de paso, esixente, que constitúe o principal destino dos pescados e transformados distribuídos. O segundo é a forte capacidade comercializadora. Ademais de capturas, cultivo e transformación, o complexo mar-industria está integrado por grosistas e distribuidores orientados tanto ao mercado nacional, como ao europeo e global; de xeito que, España, Galicia en particular, é a gran lonxa de pescado para Europa e un dos nodos globais de comercio de pescado máis importantes do planeta.

Por último, o feito de que o comercio exterior de pescado supere o de conservas cando, como veremos, a produción da industria transformadora é moi superior débese, no caso das importacións, á suma da demanda do sector comercializador e do sector transformador; e, no das exportacións, á maior orientación da industria cara ao mercado nacional e da pesca cara ao mercado nacional e europeo.



As mulleres na pesca

As limitacións das estatísticas dispoñibles restrinxen as posibilidades de análise do papel das mulleres nas diferentes actividades económicas, entre elas a pesca. Na actualidade segue imperando certo grao de ocultación, manifestado nunhas ocasións en ausencia de estatística; na necesidade de realizar solicitudes a medida ás distintas Administracións e servizos estatísticos, ou na dificultade para casar as fontes existentes. As políticas que queiran contribuír a mudar esta realidade atoparán un primeiro freo na falta de visibilidade das diferentes situacións e un segundo na falla de coñecemento preciso para a toma de decisións. Estas limitacións chocan coa preocupación crecente na nosa sociedade por acadar maiores cotas de igualdade.

amosa de feito unha multiplicación das iniciativas orientadas a renovar as formas de consumo de produtos do mar.

O comercio exterior, tanto de pescados e mariscos como de conservas a base de pescados e mariscos, mantén unha senda de crecemento a longo prazo acompañada, sendo en especial positiva no ámbito das exportacións. Se nos centramos nos fluxos, as importacións de pescado acadaron en 2023 os 2.413,5 millóns de euros, mentres que as de conservas e transformados foron de 791,9 millóns. Se ben estes valores representan un certo retroceso respecto ao ano anterior, en termos de tendencia sitúanse na liña de crecemento no tempo, alterada pola caída do comercio internacional consecuencia da pandemia e o efecto rebote que seguiu en 2022. O conxunto destas importacións vén movéndose en torno ao 15% do total galego.

No que atinxe ás exportacións, a tendencia a longo prazo é máis positiva que no caso anterior, cunha leve caída das saídas de pescado respecto ao ano anterior, para acadar os 1.813,2 millóns de euros. Pola súa banda, as conservas e transformados a base de pescado lograron o seu máximo histórico con 997,2 millóns de euros. En conxunto, estes dous tipos de produtos representan o 10% das ex-



ingresos. Similar situación se dá noutro dos sectores considerados historicamente feminizados, como é a conserva. De acordo co informe de 2023 da patronal conserveira, ANFACO, a porcentaxe de mulleres no sector é do 65%. Ao mesmo tempo, a porcentaxe de mulleres na propia asociación e no centro tecnolóxico asociado CECOPECA é do 75%. Este último dato pode ser ilustrativo de como o emprego das mulleres avanza no sector servizos que rodean o ámbito pesqueiro, incluídos servizos intensivos en coñecemento; mentres que nas actividades nucleares ou ben teñen pouca presenza ou ben ocupan as escalas laborais máis baixas. O resultado expresa unha estrutura laboral dual.

O desprazamento da actividade económica vai acompañado da progresiva perda de poder político. En 1995, ao inicio do proceso de profesionalización do marisqueo só 2 mulleres de 63 eran presidentas das confrarías de pescadores; en 2014 foron 14; 6 en 2018, que baixaron a 3 en 2022. Un longo percorrido para chegar practicamente ao punto de saída.

En síntese, cabe sinalar a insuficiencia e fragmentación das bases de datos dispoñibles para analizar este ámbito; a redución do peso das mulleres nos sectores nucleares da pesca, mentres que algúns indicios suxiren que o poden estar gañando en servizos asociados, e, finalmente, a existencia de limitacións para o acceso igualitario á representación política nas confrarías.

Entre as fontes accesibles figura a de afiliación por sexo ao réxime especial do mar (gráfico 12). Esta constitúe unha boa aproximación á situación xeral, se ben non ilustra a totalidade do emprego no sector pesqueiro, xa que parte del (empregos administrativos en terra, por exemplo) pode estar afiliado noutros réximes, como o xeral. De feito, os datos da Enquisa Económica da Pesca que publica o MAPA indican que o emprego feminino na pesca, se ben segue a ser modesto (menos do 4% en 2021), é crecente, sendo os traballos en terra o ámbito que canaliza o groso dese aumento. Cinguíndonos ao réxime especial do mar, o número de mulleres situouse en 4.572 por 14.756 homes, un 23,7% do total. A longo prazo a tendencia é decrecente, non só en termos absolutos, senón tamén relativos.

Un dos factores que contribuíu á redución da participación das mulleres nas afiliacións é á diminución de mariscadoras (gráfico 13), que de 2011 a 2019 baixaron en 930. Desde entón produciuse un certo incremento que levou a que a porcentaxe de mulleres en 2022 (último ano con estatísticas publicadas) fora do 74,8%, cun total de 2.702.

O incremento da participación dos homes no marisqueo está asociado á mellora das condicións da actividade, en particular dos

V. Industria

- O VEB industrial incrementouse un 2,5% (dato provisional) en 2023, porcentaxe sete décimas máis alta que a alcanzada polo PIB galego. Volve a senda de crecemento logo dos resultados negativos de 2022.
- O VEB de enerxía xerado en Galicia medrou un 4,9% en 2023, xusto a mesma porcentaxe de subida que a da caída observada en 2022. A produción das renovables experimentou un aumento dun 23,9%, o que permitiu que xa alcance as tres cuartas partes do total da electricidade xerada en Galicia.
- Conforme transcorría 2023 os datos de emprego da industria manufactureira presaxiaban unha diminución na ocupación. Con todo, os boas cifras do último trimestre, con 9.700 traballadores máis que en 2022, salvaron o ano. Forte descenso do emprego nos sectores enerxéticos e de subministración de auga.
- O índice de produción industrial (IPI) mostra en 2023 unha taxa de variación positiva do 0,8%. Esta exígua mellora reflicte, en termos xerais, unha actividade industrial galega moi estancada tras baixar un 3,5% en 2022.
- 2023 foi un bo ano para a automoción galega e, en especial, para a súa firma tractora, Stellantis. A excepcionalidade dos resultados evidénciase nunha subida do 31,5% no número de vehículos fabricados. O IPI do conxunto do sector elevouse un 11,7%.
- O sector naval galego rexistrou en Galicia un crecemento do 15% na facturación e dun 3,5% no emprego. Son boas as expectativas dos estaleiros de Navantia en Ferrol e Fene.
- Seguen sen ser positivos os datos da metalurxia. Persisten as dificultades no sector do aluminio á espera de que Alcoa teña un comprador.
- As cifras de Inditex continúan sendo espectaculares. En 2023 as vendas netas alcanzaron os 35.947 millóns de euros, o que supón un incremento dun 10,4%. A maior subida acadouse no continente europeo.
- Dúas boas noticias na evolución dos prezos industriais foron a contención observada na industria manufactureira e a caída dun 26,2% dos prezos da enerxía.
- Segundo o DIRCE, forte redución no número de empresas industriais localizadas en Galicia.
- As exportacións da industria manufactureira, en termos reais, medraron en 2023 un 1,2%. O sector líder, automoción, foi o máis dinámico. O comercio en alimentación mantense estable e baixan as exportacións na industria da confección de pezas de vestir.
- A especialización da industria galega con respecto á española aínda é moi elevada na enerxía, na madeira, na confección de pezas de vestir e nos vehículos de motor.

A actividade

Conforme foi transcorrendo 2023 a actividade da industria galega no seu conxunto foi moi volátil. As primeiras estimacións elaboradas polo IGE mostran un significativo crecemento do VEB industrial no primeiro trimestre, un 6,8%; porcentaxe que foi máis do dobre que a do PIB galego. A continuación, esta taxa de variación foise progresivamente desacelerando, sendo xa negativa a do terceiro trimestre (-2%), para volver acelerarse nos últimos meses do ano. Con esta traxectoria, o resultado anual foi un incremento do VEB industrial do 2,5% (dato provisional), porcentaxe sete décimas máis alta que a alcanzada polo PIB galego. Estas cifras suxiren, polo tanto, unha evolución positiva da actividade industrial en 2023 tras un 2022 no que o VEB xerado fora inferior ao de 2021.

Nun contexto dunha maior estabilidade nos prezos dos produtos enerxéticos que nos da industria manufacturadora, esta última creceu en 2023 a unha taxa moi similar á da economía no seu conxunto (1,7% fronte ao 1,8%); variación que aínda non permitiu recuperar o nivel que se acadou en 2008, ano do inicio da gran crise financeira. Así, malia que en termos monetarios o VEB do sector de manufacturas é un 15,9% superior ao de 2008, en termos reais queda un 3% por baixo, o que suxire que, a pesar da rápida recuperación na actividade tras o parón da economía no ano crítico da pandemia, 2020 (os resultados de 2021 xa foron máis elevados que os de 2019), a industria non enerxética galega segue sen alcanzar os niveis de actividade logrados na primeira década deste século. Neste sentido, o peso relativo do seu VEB monetario con respecto ao PIB mantívose estable, en torno ao 11,5%, pero 1,2 puntos menos do calculado para 2008. Esta porcentaxe do 11,5% coincide co peso relativo estimado polo INE para o conxunto da industria española. Entendemos que nas especializacións produtivas das comunidades autónomas a aposta galega non pode ser a de manterse nesas taxas senón que ten que ir avanzando no desenvolvemento dunha industria transformadora que adquira unha maior relevancia na nosa economía. No *Informe* anterior indicabamos que na especialización produtiva o peso relativo da industria en comunidades como o País Vasco ou Navarra era moito máis elevado (a industria manufacturadora case roldaba en 2022 en Navarra o 23,5% do PIB total e no País Vasco o 19,3%), e tamén noutros territorios como Aragón esta taxa alcanzaba o 17%, mentres que Cataluña os supera en algo máis de 4 puntos. Resulta así evidente que o incremento da actividade industrial manufacturadora provoca un significativo efecto multiplicador no desenvolvemento da economía no seu conxunto.

Os resultados da industria enerxética no primeiro e cuarto trimestre de 2023, cun incremento dun 6,8% e 4,3% respectivamente, son o principal motivo de que o VEB industrial galego aumentase nese ano sete décimas máis que o PIB total. De feito, a actividade enerxética no período central do ano, en especial no terceiro trimestre, tivo un comportamento peor que o observado na industria manufacturadora. A importancia da xeración de VEB enerxético na economía galega é evidente. Habitualmente o seu peso, en termos anuais, adoita situarse en torno ao 27% do VEB industrial total e, en concreto en 2023, esta porcentaxe estivo no 27,2%, sete décimas máis que en 2022.

Cadro núm. 1

Macromagnitudes básicas do sector industrial en Galicia

	VEB industria	VEB industria manufacturadora	PIBpm	% Industria manufacturadora sobre PIB	% industria sobre PIB
Prezos correntes (miles de euros)					
2021	10.558.583	7.605.090	64.931.542	11,7	16,3
2022	11.838.670	8.130.512	70.727.103	11,5	16,7
2023	12.303.294	8.696.364	75.849.915	11,5	16,2
TVI (%) 2023/2022	3,9	7,0	7,2		
TVI (%) I trimestre 2023/2022	12,1	10,1	8,6		
TVI (%) II trimestre 2023/2022	2,3	6,0	6,8		
TVI (%) III trimestre 2023/2022	-0,8	3,4	6,7		
TVI (%) IV trimestre 2023/2022	2,7	8,6	6,9		
Índices de volume					
TVI (%) 2021/2020	16,3	16,6	7,6		
TVI (%) 2022/2021	-1,5	-0,2	4,1		
TVI (%) 2023/2022	2,5	1,7	1,8		
TVI (%) I trimestre 2023/2022	6,8	2,2	3,2		
TVI (%) II trimestre 2023/2022	1,1	1,5	1,6		
TVI (%) III trimestre 2023/2022	-2,0	-1,5	0,9		
TVI (%) IV trimestre 2023/2022	4,3	4,6	1,8		

Os datos de 2021 son provisionais e os de 2022 e 2023 son un avance. A data de publicación foi o 23 de febreiro de 2024.

Fonte: IGE. Contabilidade Trimestral de Galicia.

Segundo Red Eléctrica de España, o principal motivo para que o VEB de enerxía xerado en Galicia medrase un 4,9% en 2023, xusto a mesma cifra que a caída observada en 2022, foi a dinámica mantida pola produción renovable que experimentou un incremento dun 23,9%; o que permitiu que xa alcance as tres cuartas partes (17.987 GWh) do total da electricidade xerada en Galicia (23.872 GWh, o cal supón arredor do 9% da produción total española). De entre as renovables destacan as eólicas, cuxa achega significou un 38,1% do total. Con todo, moi preto das eólicas sitúase a produción das centrais hidroeléctricas, cuxa cota foi de 35%. É este modo de xeración de enerxía o que rexistrou un maior aumento, xa que a súa cota dobra a de 2022, debido ás diferenzas climáticas existentes entre 2023 e 2022, porque este último ano foi especialmente seco. Fronte á subida destas enerxías, a contía do ciclo combinado, que representaba o 15,7% do total (o carbón un 2,6%) experimentou en 2023 un descenso do 25%.

Estes resultados, malia que mostran a consolidación da produción con renovables na xeración galega, non deben obviar o reiterado freo na execución dos parques eólicos previstos debido aos problemas xurídicos aos que se enfrontan. Desde a Asociación Eólica de Galicia subliñan que ao redor de 70 parques estaban afectados ao comezo de 2024, o que equivale a unha potencia de 3.000 MW. Esta situación dificulta a implantación dos proxectos tratados como estratéxicos cunha gran dependencia enerxética, dos que dabamos referencia no anterior *Informe*, e para os que dispoñer de enerxía era unha das condicións indispensables para a súa implantación. Ademais, afecta a empresas xa instaladas, como Alcoa, que precisan dunha elevada cantidade de recursos enerxéticos. Lembremos que aproveitando os fondos comunitarios e solicitando acollerse na súa maior parte aos beneficios do PERTE ERHA (Enerxías Renovables, Hidróxeno e Almacenamento), as previsións eran a instalación de varias plantas de xeración de hidróxeno verde, entre as que cabe salientar as de Meirama (coa participación de Reganosa, Naturgy e Repsol), As Pontes (Reganosa e a lusa EDPR), Caldas de Reis (Foresa e Iberdrola); ás que se une o proxecto previsto en Begonte, no que se integra a xeración e distribución de hidróxeno verde coa produción de metanol a partir do dióxido de carbono procedente da biomasa, Vigo (Aclunaga, CTAG, Anfaco e 12 pemes). A elas hai que sumar un novo proxecto localizado en Arteixo no que participan Acciona Energía e Plug Power, e no que investirán 49,3 millóns de euros; e outro previsto no porto exterior da Coruña (Fisterra Energy do grupo Blackstone), que se alimentará do parque eólico que Inditex necesita para fornecer de enerxía ás súas empresas. Tamén xa anunciamos no *Informe* anterior a instalación de varias plantas de xeración de metanol verde xunto con outras de biomasa. Cabe sinalar o proxecto de metanol de Foresa en Mugarodos, denominado Triskelion, o cal recentemente sufriu un serio revés ao denegarlle o Ministerio para a Transición Ecolóxica as axudas concedidas na segunda convocatoria do PERTE ERHA. De igual xeito, a danesa Maersk anunciou un proxecto para Galicia, que acabou situando no Porto Exterior da Coruña, e hai pouco un macroproxecto similar en Huelva (que se convertería na maior planta de Europa), deixando para unha segunda fase os investimentos previstos para a provincia da Coruña.

Unha cuestión relevante e que xerou unha forte controversia a finais de 2023 foi a exclusión de Galicia da rede troncal de hidrocarburos de Europa que financia a Unión Europea ao non aprobarse o apoio ao tramo Guitiriz-Zamora. De manterse esta situación, estaríamos diante dun importante obstáculo para que se desenvolvan os proxectos xa comentados, posto que só quedaría para o seu transporte a loxística portuaria. Este illamento resultaba moi preocupante, pero afortunadamente as últimas noticias apuntan a que Enagás volverá presentalo na convocatoria de finais de 2024 e que, en todo caso, o promoverá. Haberá que agardar una resolución positiva para esta importante cuestión.

Por ultimo, en canto á xeración de enerxía eólica, cabe indicar que a finais de 2023 se aprobou a concesión de axudas públicas ao proxecto experimental Plataforma experimental de eólica mariña de Galicia; plataforma de ensaio de aeroxeradores mariños e flotadores que se instalará nas proximidades do porto exterior da Coruña a uns 10 quilómetros da costa. Iso supón o inicio da xeración de enerxía a partir da eólica mariña en Galicia. Esta primeira iniciativa xerará 30 MW e foi impulsado por Red Eléctrica, pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e pola Autoridade Portuaria da Coruña.

Indicábase anteriormente que, segundo as primeiras estimacións do IGE, o VEB da actividade industrial medrou en 2023 con respecto a 2022 nun 2,5%. Non hai dúbida de que esta porcentaxe variará en posteriores revisións, pero resulta evidente que coa taxa definitiva a actividade industrial galega en 2023 experimentaría unha variación positiva. Este crecemento tamén vén avalado polo resultado dun indicador alternativo, o índice de produción industrial (IPI). Este indicador de periodicidade mensual elaborado polo INE apunta a unha variación media neste ano dun 0,8%; taxa máis baixa que a xeración de VEB, pero máis positiva que a de 2022 que foi do -3,5%, cifra sensiblemente menor á que se publicaba hai un ano. A pesar do incremento positivo do IPI en 2023, a produción industrial total queda a 2,7 puntos por baixo da alcanzada en 2021; ano de intensa recuperación da industria tras o obrigado parón nos primeiros meses da crise sanitaria.

Cadro núm. 2
Índice de produción industrial en Galicia
 (Ano 2021=100)

		I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	TVA (%)*
Xeral	2021	107,9	99,1	93,6	99,4	100,0	
	2022	94,3	99,5	91,0	101,1	96,5	-3,5
	2023	102,2	96,8	86,5	103,4	97,3	0,8
Consumo duradeiro	2021	74,3	90,0	113,5	122,1	100,0	
	2022	111,0	123,6	117,2	135,0	121,7	21,7
	2023	116,3	119,1	126,7	132,7	123,7	1,7
Consumo non duradeiro	2021	88,4	102,8	106,7	102,1	100,0	
	2022	93,7	105,5	100,5	94,7	98,6	-1,4
	2023	91,5	100,0	95,8	92,7	95,0	-3,6
Bens equipo	2021	109,7	99,0	88,5	102,9	100,0	
	2022	96,0	107,5	98,8	106,7	102,2	2,2
	2023	108,4	111,8	95,4	112,1	106,9	4,6
Bens intermedios	2021	98,2	104,9	99,6	97,3	100,0	
	2022	94,9	99,4	84,6	83,1	90,5	-9,5
	2023	86,2	92,1	81,3	80,5	85,0	-6,1
Energía	2021	136,8	89,9	79,7	93,6	100,0	
	2022	91,2	82,8	77,7	117,7	92,4	-7,6
	2023	121,5	79,2	70,3	126,3	99,3	7,5

* Taxa de variación anual (sobre a media).

Fonte: INE.

Nos cadros 2 e 3 preséntanse os resultados do IPI (como valor medio mensual) baixo dúas formas de desagregación da actividade industrial. Na primeira (cadro 2), a industria clasifícase considerando o destino económico dos bens que se producen e na segunda (cadro 3) a actividade industrial desagregase dun modo máis amplo, por seccións e divisións da CNAE-09.

A novidade con respecto ao *Informe* anterior na presentación destes resultados foi o cambio no ano que serve de base, agora 2021. Iso motiva que os resultados comúns de ambos os cadros dos *Informes* de 2022 e 2023 non sexan os mesmos. Con esta nova base, o IPI xeral mostra en 2023 unha taxa de variación positiva do 0,8% con respecto ao ano anterior. Este exíguo crecemento (1,7 puntos inferior ao do VEB) indica, en termos xerais, unha actividade industrial galega moi estancada tras caer un 3,5% en 2022; ano no que a industria perdeu o pulo que supuxo a intensa recuperación de 2021.

En canto á estratificación dos resultados en cinco grupos considerando o destino económico dos bens (cadro 2), apréciase que o dato positivo debeuse a un aumento do 7,5% na produción de enerxía xunto coa aceleración dun 4,6% no segmento dos bens de equipo e, xa en menor grao, á subida dun 1,7% no grupo de bens de consumo duradeiro. En canto á enerxía, os resultados mostran a sensible aceleración na produción no primeiro e cuarto trimestre do ano, ou sexa, no inverno e no outono, incremento explícale por un clima favorable. Esta evolución contrasta coa caída na actividade nos outros dous trimestres. Pola súa banda, a fabricación de bens de equipo medrou con respecto a 2022 grazas ao mellor comportamento desta actividade no primeiro trimestre de 2023, traxectoria que se estendeu aos restantes trimestres dese ano. Aínda que máis adiante incidiremos nos resultados das divisións que configuran esta importante actividade para calquera economía, cabe adiantar que esta variación significativa débese ao comportamento de material de transporte e, en especial, á fabricación de automóviles e barcos. En terceiro lugar, a fabricación de bens de consumo duradeiro mantivo unha traxectoria expansiva en 2023 e, en particular, no primeiro e no terceiro trimestre. Agrúpanse neste apartado actividades cun peso non moi alto na industria galega. Cabería mencionar a industria do moble que, aínda que a súa produción apenas mellorou con respecto a 2022, si o fixo nun 21,9% en relación a 2021 sendo, xunto coa maquinaria e equipamento, o sector que alcanzou un maior crecemento.

Fronte aos tres grupos anteriores que mostraron unha dinámica positiva en 2023, nos dous restantes, fabricación de bens de consumo non duradeiro e bens intermedios, o seu IPI foi inferior ao de 2022. Ambos son moi relevantes no contexto xeral da industria galega e a súa evolución é preocupante, xa que os resultados de 2021 tamén foran negativos. No segmento do consumo non duradeiro, o sector da alimentación, cun índice case seis puntos menor que en 2021, condicionou estes malos datos. O aumento nos custos que arrastra a unha alza dos prezos co consecuente retroceso na demanda motiva que, tras os bos resultados nos anos máis difíciles da pandemia, a actividade empeorase. Tampouco fomentaron o crecemento deste grupo nin a confección de pezas de vestir nin as industrias de artes gráficas. É especialmente salientable a caída nestas últimas, cuxo índice en tan só un ano descendeu un 40,4%. De igual maneira, a evolución da actividade en 2023 para os bens intermedios non foi positiva. De feito, é o grupo que experimentou a maior diminución, un -6,1%, que se debe sumar á xa elevada desaceleración observada en

2022, un -9,5%. A industria da madeira e a metalurxia son dous dos sectores máis relevantes e nos dous o descenso do índice superou o 10%.

Como xa se viña indicando nos anteriores *Informes*, non é ata 2025 cando se coñecerán os datos sobre as variables estruturais da industria galega en 2023. Este é o calendario de publicación da operación estatística máis importante do INE sobre o sector, a Estatística estrutural de empresas: sector industrial. Ata entón, a fonte máis conxuntural que se pode utilizar para a realización dunha análise máis desagregada que a xa feita sobre a actividade no sector industrial galego en 2023 é a do IPI desagregado polas divisións da CNAE-2009, que publica o IGE. Os seus resultados recóllense no cadro 3. Nel apréciase un comportamento moi dispar, xa que, das 25 divisións, en 14 o valor do IPI en 2023 era inferior ao de 2022 e, obviamente, nos 11 restantes observouse unha variación positiva. Agora ben, a lectura dese cadro non debe obviar que o peso relativo de cada división é moi diferente. Así, dos resultados da enquisa estrutural referidos a 2022, publicados o 15 de marzo de 2024, resulta que 2 das 23 divisións en que se desagrega a industria manufacturera galega absorbían o 47,1% da facturación total; ou sexa, case a metade da facturación total da industria manufacturera realizábase desde a industria alimentaria (24,1%) e desde a fabricación de vehículos de motor (23%). Faise evidente, por tanto, que o comportamento destas dúas divisións é determinante nos resultados da industria manufacturera no seu conxunto. En ningunha das divisións restantes o peso relativo do facturado excede o 7%, porcentaxe que só alcanza o sector metalúrxico.

Deste modo, a industria da alimentación, cunha cifra de negocios en 2022 de 11.295 millóns de euros (9.610 millóns en 2021) e cun emprego de 32.170 persoas (32.669 en 2021), o que tamén supón en torno ao 24% da ocupación total, lidera a industria transformadora galega. Nese ano contrasta o significativo incremento na facturación, explicable en gran medida polo aumento nos prezos, coa caída no emprego e tamén cun descenso no IPI. En 2023, esta última variable baixou un 2,2%, polo que neste ano prolonga a súa traxectoria descendente tras os bos resultados nos peores momentos da crise sanitaria.

A industria da alimentación, factor determinante do complexo galego agro-mar-industria, presenta traxectorias distintas nas súas diferentes actividades e na evolución da súa demanda. En canto á industria de carne, elementos comúns como as lexitimas preocupacións polo benestar animal e o medio ambiente inciden no desenvolvemento dun sector no que se aprecia un descenso no consumo de carne nos últimos exercicios. Con todo, a industria galega ten un importante reto na procura de novos produtos cos que poderían elevar a súa facturación. A evolución dos prezos das materias primas continuou lastrando a actividade en 2023 pola dificultade de trasladar as prezos de custos aos prezos. Unha empresa punteira desta actividade en Galicia é a ourensá Coren. O conxunto deste grupo alimentario conseguiu superar os mil millóns de euros de facturación en 2022 (último ano dispoñible); o que supuxo un incremento algo superior ao 20% e coa expectativa de ir xerando produtos de maior valor engadido e afianzando a súa presenza nos mercados nacionais e internacionais.

En canto á transformación e comercialización dos produtos do mar, Anfaco-Cecopesca elaborou un Informe sobre o resultados do complexo mar-industria alimentaria en 2023. Nel sinalase que a produción de conservas, peixe e marisco e as semiconservas de anchoa en España mantiveron en 2023 un nivel de produción moi similar ao de 2022 (de 305.403 toneladas pasouse en 2023 a 306.352 toneladas, ou sexa, produciuse un leve incremento do 0,3%). Iso contrasta co crecemento dun 7,8% no seu valor de mercado debido á alza dos prezos. No total anterior destaca a subida en volume dun 14,3% na produción de atún e atún claro e dun 8,1% en atún branco. Lembremos que estas especialidades son as máis importantes tanto no sector conserveiro galego como no español, ao representar, neste último, o 72,67% do total.

Tras a industria de alimentación, pero moi próxima a ela en canto á cifra de negocios que xera, sitúase o sector da automoción. Segundo a Estatística estrutural de empresas: sector industrial, a contía do facturado elevábase en 2022 aos 10.781 millóns de euros, 514 millóns menos que na industria da alimentación; o que representaba, como xa se indicou, o 23% do total da industria manufacturera, que en ocupación baixa ao 11,7%, porcentaxe inferior á que absorbe a fabricación de produtos metálicos. Esta diferenza entre facturación e emprego suxire que estamos diante dun sector cunha intensidade de capital e cunha produtividade significativamente máis elevadas que a media galega.

De feito, 2023 foi un moi bo ano para a automoción galega e, en especial, para a súa firma tractora, Stellantis. No referente á montaxe de vehículos, a factoría viguesa produciu, segundo indica esta sociedade, un total de 531.732 vehículos; cantidade só superada en 2007 cando se lograron 545.000 vehículos. Estamos pois no segundo mellor ano na vida dunha empresa creada a mediados da década dos cincuenta do século pasado. A excepcionalidade dos resultados evidénciase nun aumento do 31,5% no número de vehículos fabricados, cando xa indicamos que o IPI do conxunto do sector medraba con respecto a 2022 un 11,7%. Doutra banda, as cifras que facilita o IGE mostran un incremento aínda maior, un 33,7%, grazas á

Cadro núm. 3

Índice de produción industrial en Galicia. Por seccións e divisións da CNAE-2009
(Ano 2021=100)

	2008	2022	2023	TVA (%) 2023/2022	TVA (%) 2023/2008
Índice xeral	126,1	96,5	97,3	0,8	-22,9
B Industrias extractivas	132,7	87,1	107,9	23,9	-18,7
08 Outras industrias extractivas	132,7	87,1	107,9	23,9	-18,7
C Industria manufacturera	124,1	98,3	96,6	-1,7	-22,2
10 Industria da alimentación	80,6	96,2	94,1	-2,2	16,8
11 Fabricación de bebidas	64,4	106,7	110,7	3,8	71,9
13 Industria téxtil	293,3	92,2	85,1	-7,7	-71,0
14 Confección de pezas de vestir	90,2	110,4	106,7	-3,3	18,2
15 Industria do coiro e do calzado					
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	91,7	99,9	86,6	-13,3	-5,6
17 Industria do papel	95,2	80,5	84,6	5,1	-11,2
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados		81,3	48,4	-40,4	
19 Coquerías e refino de petróleo					
20 Industria química	99,1	105,9	90,0	-15,0	-9,2
21 Fabricación de produtos farmacéuticos					
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	100,5	97,9	95,1	-2,8	-5,3
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	109,7	106,2	98,4	-7,3	-10,3
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	141,6	62,0	51,9	-16,3	-63,4
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	141,3	101,1	92,8	-8,2	-34,3
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos		84,1	70,2	-16,4	
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	179,0	91,3	113,4	24,2	-36,6
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	142,7	122,9	122,4	-0,4	-14,2
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	196,4	99,8	111,4	11,7	-43,3
30 Fabricación doutro material de transporte	471,8	86,5	99,2	14,7	-79,0
31 Fabricación de mobles	97,9	120,9	121,9	0,8	24,4
32 Outras industrias manufacturerais	51,7	107,0	90,8	-15,1	75,4
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	367,1	100,2	107,6	7,4	-70,7
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	129,6	89,7	99,1	10,5	-23,6

Fonte: IGE.

subida dun 53,8% na fabricación de furgonetas e dun 13,3% en turismos. Cómpre sinalar tamén que o 13% dos vehículos fabricados xa foron eléctricos ao 100%. Estes resultados parecen confirmar que os problemas xurdidos tras a pandemia coas crises dos microchips e da enerxía xa non foron tan intensos.

No contexto actual con cambios tecnolóxicos de gran calado no sector da automoción, o futuro da factoría de Vigo quedaba moi condicionada polas axudas dos Fondos NextGeneration a través do PERTE do Vehículo Eléctrico e Conectado. O apoio do sector público parecía imprescindible para a construción da plataforma industrial necesaria para a fabricación de vehículos eléctricos para que poida seguir operando unha vez que finalice a carga de traballo coa que conta ata 2025, consistente na fabricación de turismos e furgonetas. No momento de redactar este estudo a axuda aínda non fora concedida, mentres si se aprobou a do proxecto industrial de Zaragoza. Haberá que esperar un tempo para confirmar o apoio destes fondos a un proxecto básico para o futuro do sector en Galicia. Existen compromisos de que finalmente se logrará a axuda.

Pola súa banda, a traxectoria da industria de compoñentes da automoción en 2023 tamén debe considerarse positiva, malia que este segmento apenas mellorou nos últimos anos no eido da implantación de novas empresas debido ás vantaxes na localización que presentan outros territorios cos que compete Galicia. Neste momento as referencias son o Norte de Portugal e Marrocos.

O sector industrial do transporte, no que ademais da automoción engadiríanse a industria naval e en menor grao a industria aeronáutica, ocupa en Galicia o primeiro lugar en canto a volume de facturación. O IPI no que se encadran estas actividades medrou en 2023 un 14,7%. O naval é unha industria moi tradicional nesta comunidade autónoma, mentres que a aeronáutica vai gañando peso, polo que se podería considerar como unha industria emerxente nas últimas décadas.

Certamente, como en automoción, 2023 pode contemplarse como un bo ano para o sector naval galego, ao rexistrarse en Galicia, segundo ASIME, un crecemento do 15% na facturación e dun 3,5% no emprego.

O conglomerado de pequenos e medianos estaleiros localizados sobre todo no sur de Galicia contaba coa carteira de pedidos máis alta de entre as diferentes comunidades autónomas españolas, un 39%, que elevarían o volume de negocio a cifras próximas aos 700 millóns de euros. Os pedidos diríxense sobre todo cara aos buques de pesca e aos oceanográficos. Se en 2022 a noticia neste subsector do naval era a adquisición do estaleiro Barreiras polo grupo Armón, en 2023 é noticia a intensa actividade existente neste

estaleiro coa construción de tres buques e con outros dous contratos en vigor. A iso cómpre engadir contratos xa asinados no pasado mes de xaneiro de 2024. Estas circunstancias garanten unha carga de traballo durante bastante tempo. Xunto con Armón cabe destacar ademais a carteira de pedidos lograda por Construcciones Navales Paulino Freire e Nodosa.

Pola súa banda, a actividade na ría de Ferrol centrada en Navantia tamén está nunha fase de auge tras unha menor carga de traballo dos últimos anos. Na factoría de Ferrol comezouse en 2002 a construír a primeira fragata F110 dunha serie de cinco e en 2023 púxose a quilla e agárdase que ese primeiro buque se bote en 2025 para ser entregado á Armada en 2028. Os restantes navíos terán unha cadencia de 12 meses ata 2032. Lembremos que o investimento previsto inicialmente era de 4.325 millóns de euros. Doutra banda, cabería agardar que Navantia poida alcanzar novos contratos para o que é preciso a completa modernización das súas instalacións. Pola súa vez, a factoría de Fene, especializada na produción para o sector eólico, acaba, no momento de redactar este estudo, de entregar 14 *monopiles* para o parque eólico mariño escocés Moray West. A factoría conta con carga de traballo para os próximos anos porque, entre outras actividades, está a fabricar as primeiras seccións dos 62 *jackets* para aeroxeradores destinados ao parque francés Dieppe Lle Tréport. Unha noticia que haberá que valorar nos próximos *Informes* é a intención de Windar Renovables de instalar en Avilés unha nova planta de torres e subestruturas para a industria eólica mariña nas antigas instalacións de Alú Ibérica. Windar Renovables, sociedade asturiana, é socia de Navantia na factoría de Fene, coa que en 2023 desenvolvían catro contratos de estruturas de soportes de aeroxeradores para varias localizacións.

Finalmente, a outra actividade, neste caso emerxente nos últimos anos é a aeronáutica. Segundo Asime, en 2023 a súa facturación incrementouse nun 25% e o emprego nun 5% grazas a que os voos comerciais se recuperaron da crise no transporte que provocou a pandemia. Cabe lembrar que varias das empresas do sector manteñen aínda unha actividade diversificada cara a outros cometidos e, doutra banda, ademais das contratacións para os voos comerciais estanse abrindo os mercados de defensa e, sobre todo, de drones. Destes últimos sobresa a iniciativa que leva no Polo Aeroespacial de Rozas en Castro de Rei-Lugo.

O terceiro grupo da industria manufactureira en canto á cifra de negocios, cun 7% sobre o total, é a metalurxia e a fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes. En 2023, o IPI nesta actividade desce de un 16,3%, o que acrecenta a elevada caída na produción dos últimos anos ata o extremo de que o IPI de 2023 era tan só un terzo do alcanzado en 2008. Así, a progresiva perda de actividade débese achacar fundamentalmente aos avatares que seguiu a industria do aluminio e que se foron comentado nos sucesivos *Informes*. As últimas noticias anuncian a pretensión da multinacional norteamericana Alcoa, instalada na Mariña, de vender as súas instalacións para así poder evitar o peche. Púxose como data o mes de xuño de 2024 para a presentación de ofertas vinculantes que poidan garantir a viabilidade a longo prazo e cabería agardar unha supervisión por parte das Administracións Públicas. Con esta situación a sociedade pediu unha flexibilización no rearranque das cubas. Neste ínterim resulta fundamental que Alcoa cumpra cos acordos alcanzados con anterioridade, en particular os referentes ao forno de ánodos, cuestión clave para garantir a continuidade da factoría e o mantemento dos postos de traballo. A esta situación chegouse tras pechar 2023 cunha perda de 599 millóns de euros, cinco veces máis que en 2022. Estes resultados tan negativos confirman que, tras o apagamento dos fornos, persisten as dificultades agravadas por un custo da enerxía moi elevado nunha das industrias electrointensivas de Galicia e pola problemática xa comentada dos atrancos na construción de novos parques eólicos.

Dentro do sector do aluminio, unha situación diferente é a de industria padronesa Aluminios Cortizo, tamén un referente da industria galega. Os resultados en 2023 volven ser moi favorables. Tras unha facturación que rolda os 600 millóns de euros en 2022, unha vez se publiquen os datos de 2023 agárdase un sensible incremento da mesma. Sen ir máis lonxe, a súa división de PVC elevou nun 21% as súas vendas cunha facturación duns 91 millóns de euros.

Ademais do aluminio tamén ten importancia na industria manufactureira galega o sector metalúrxico. Das empresas existentes cabe destacar a Megasa, localizada na ría de Ferrol. Os seus datos confirman que, en xeral, o sector vai saíndo da crise xurdida tras a pandemia polos problemas coas subministracións e a elevada subida de prezos tanto nos materiais como na enerxía e o transporte. Iso, obviamente, supuxo un aumento nos custos que en parte se trasladaron aos prezos de venda. A pesar diso, as vendas melloraron maila o ERTE que houbo que realizar ao detectarse o pasado mes de xullo unha fuga dunha fonte radioactiva de Cesio 137.

A progresiva perda de facturación na metalurxia e a fabricación de ferro, aceiro e ferroalixes motivou que o peso relativo da facturación en 2022 en Galicia quedase a tan só medio punto do sector da

fabricación de produtos metálicos. Con todo, a dinámica seguida por esta última en 2023, segundo o IPI, non foi positiva xa que este índice descendeu un 8,2% (xusto a metade que a caída do sector metalúrxico). Como comprobaremos máis adiante, esta é a actividade na que se concentra o maior número de empresas, a súa inmensa maioría microempresas, algunha con dificultades para sobrevivir nun mercado cada vez máis esixente.

A bastante distancia, en canto ao peso relativo da súa facturación, atópanse sectores que poden parecer pouco relevantes en termos cuantitativos, pero que non o son nin en termos cualitativos nin en creación de emprego. É o caso, por exemplo, da industria da madeira e a do moble, que en 2022 absorbían tan só o 4,3% e o 0,7% da facturación total, pero cunha gran tradición na industria galega, en especial o sector da madeira grazas á contía de materia prima existente na comunidade. Non hai dúbida, como observaremos máis adiante, de que a industria da madeira galega ten un peso relevante no conxunto de España, en particular en determinadas especialidades. Segundo a Agrupación industrial da madeira e do deseño en Galicia, a facturación en 2022 elevábase aos 2.700 millóns de euros distribuídos da seguinte forma: 1.055 millóns a industria do taboleiro e a pasta; 467 a serrado; 607 a segunda transformación da madeira, e 85 a biomasa. Pola súa banda, a cifra de negocios que se obtén na Estatística estrutural de empresas: sector industrial para ese mesmo período era de 2.011,4 millóns de euros no sector da madeira e de 449 millóns na industria do moble. As cifras estimadas da Agrupación industrial para 2023 supoñen unha caída na facturación en todas as especialidades e iso nun contexto de incremento dos prezos. O resultado do IPI de 2023, acorde con estas estimacións, mostra un estancamento na industria do moble, xa que apenas variou a súa produción con respecto a 2022; mentres, o resto do sector da madeira tivo un sensible retroceso, un 13,3%, se ben obsérvase un comportamento moi irregular ao longo do ano. Pola contra, unha actividade moi vinculada á madeira, a industria de papel, experimentou unha repunta dun 5,6%.

En canto á fabricación de taboleiros, a empresa líder é Finsa (a súa facturación foi de 1.419 millóns de euros en 2022, dos que 1.102,4 millóns corresponden ao sector da madeira). Esta sociedade mantén unha liña expansiva tras a recuperación da pandemia a pesar do incremento nos custos (un 28% en 2022). Aínda sen coñecer os datos de 2023, as expectativas son que seguirá a tendencia positiva de 2022.

Á marxe dos resultados económicos do sector da madeira e actividades complementarias en 2023, a noticia máis relevante no momento de redactar este estudo é o da posible implantación do proxecto de Altri en Palas de Rei (Lugo), do que xa demos referencias no *Informe 2022*. Desde a publicación no DOG do 4 de marzo de 2024 da información sobre a instalación desta industria, declarada previamente pola Xunta de Galicia como proxecto industrial estratéxico (PIEI), xurdiu unha preocupación sobre as economías externas negativas que podería provocar dado o seu posible impacto ambiental. A información que contén a solicitude sobre a actividade que desenvolve o proxecto denominado Gama é textualmente a seguinte: "Instalación dunha fábrica de fibra téxtil a base de celulosa, cunha capacidade final de produción de 400.000 ADt/ano de celulosa (soluble) (ADt: tonelada métrica de pasta secada ao aire, expresada cunha segura do 90%) e 200.000 t/ano de lyocell (tecido artificial e ecolóxico fabricado a partir de pasta de madeira de eucalipto), que se desenvolverá nunha fase inicial (fase I) cunha produción de 250.000 ADt/ano de celulosa e 60.000 t/ano de lyocell. Como materia prima básica utilizarase inicialmente (fase I) aproximadamente 1,2 millóns de m³ de madeira de eucalipto (*Eucalyptus globulus* e *nitens*) por ano". O investimento previsto na primeira fase é de 900 millóns de euros.

Unha actividade fundamental en calquera economía, dado o efecto de arrastre e o elevado valor engadido que xera, é a fabricación de maquinaria e de bens de equipo. Desafortunadamente en Galicia tan só absorbía, en 2022, o 1,4% da facturación de toda a industria manufacturera, aínda que nos últimos anos se detectaba un sensible crecemento, de tal modo que en 2022 o seu IPI aumentou un 22,9% con respecto ao ano anterior. Con todo, os resultados de 2023 truncan esta traxectoria polo brusco freo. A variación do IPI foi do -0,4%.

Por outra banda, un sector industrial emerxente en Galicia é o da fabricación de bebidas. Baste indicar que o seu IPI medrou nun 71,9% entre 2008 e 2023. A produción de viño e a de cervexa son as súas dúas actividades principais. Nun contexto de alzas de custos e prezos, como está a ocorrer en todos os sectores, o seu IPI subiu en 2023 un 3,8%, mostrando que persiste o dinamismo dos últimos anos.

Na produción de cervexas cabe destacar, sen dúbida, a traxectoria que está a seguir a Corporación Hijos de Rivera. A súa facturación de 724 millóns de euros en 2022 (na que se inclúen as augas) superou nun 18,6% a de 2021 e esta tendencia positiva mantívose en 2023 grazas ao empuxe da demanda interna e ao auxe do turismo no seu cada vez máis amplo mercado. Parece que o obxectivo de sobrepasar os 1.000 millóns de euros está cada vez máis próximo. Doutra banda, a industria vinícola de Galicia, que elabora e comercializa a produción de uva nas cinco DOP e nas catro IGP, debe beneficiarse da boa colleita

de 2023 na que se alcanzou unha das cifras máis altas das historicamente rexistradas en Galicia. A contía de uva vendimada foi de 75,4 millóns de quilos, o que supón un 18% máis que a media rexistrada no período 2014-2023. Todas as DOP mostraron unha taxa de variación positiva, sendo especialmente significativo o incremento dun 20% en Valdeorras.

Un dos sectores industriais con maior tradición en Galicia é o da confección de pezas de vestir. A forte competencia de economías emerxentes nesta actividade intensiva en man de obra, que en Galicia se estruturaba en pequenos talleres e empresas cooperativas, provocou nas últimas décadas un sistemático descenso na actividade; situación que parecía frearse nos últimos anos nos que se percibía certa recuperación. Con todo, os resultados de 2023 limitarían esta traxectoria ascendente, xa que o IPI caeu un 3,3%. Doutra banda, a traxectoria da industria téxtil galega está presaxiando a súa práctica desaparición, o que queda a expensas de se se executan ou non os investimentos anunciados tras a pandemia. En todo caso, as cifras negativas son demoledoras. Entre 2008 e 2023 o seu IPI descendeu en nada menos que un 71%, sendo un -7,7% a taxa de variación deste último ano. Lembremos que esta actividade tan só representa o 0,3% da facturación total da industria manufactureira.

Evidentemente unha cuestión é a produción da industria téxtil e da confección de pezas de vestir en Galicia e outra é a actividade eminentemente distribuidora dun conxunto de importantes empresas deste tipo de produtos instaladas en Galicia. O caso emblemático é o do grupo Inditex, gran multinacional galega e un dos líderes mundiais na súa actividade. As vendas netas en 2023 alcanzaron os 35.947 millóns de euros, o que supón un incremento dun 10,4% máis que en 2022 (32.569 millóns) e un aumento dun 30,3% no seu beneficio neto (5.381 millóns de euros). Para calibrar a súa dimensión basta indicar que a contía de facturación equivalía ao 77% da cifra total de negocio (en 2022) da industria manufactureira galega. En 2023, a maior subida nas vendas produciuse no continente europeo, excluída España, cun 48,7% e desde esta sociedade sinalan que dispoñían de presenza en 213 mercados con vendas moi positivas nos lugares clave. Apréciase un bo desempeño tanto nas tendas físicas como en liña e, de todos os seus emblemas, cómpre destacar o comportamento da marca Zara. No *Informe* anterior xa se subliñaba a transcendencia que ten que Galicia conte cun grupo desta dimensión, que desempeña un papel tractor na súa economía e que permite estimular a actividade noutros sectores máis aló do téxtil-confección. Sobre este último, desde a Agrupación industrial Téxtil Moda de Galicia (Cointega) sinálase que no sector industrial galego son as empresas pequenas as que atravesan por unha peor conxuntura. Os novos formatos de venda son moi interesantes, pero á vez custosos. Tampouco moitas das empresas lonxevas teñen unha substitución xeracional. Para o Clúster, o sector está cada vez máis segmentado.

Xunto con Inditex, cuxos datos minimizan os alcanzados por outras empresas de certa dimensión con sede social en Galicia, sociedades como Adolfo Domínguez, Textil Lonia, Roberto Verino ou Bimba e Lola mostran no seu segmento de mercado a súa puxanza. Así, por exemplo, Adolfo Domínguez dispón de 356 puntos de venda en 23 países e a súa facturación creceu un 13,2% entre marzo e novembro de 2023, malia que o seu resultado neto foi negativo. Pola súa banda, en Bimba e Lola apenas variou a súa facturación con respecto a 2022 (227 millóns de euros, o que equivale a un incremento do 1%). Nesta empresa produciuse unha aceleración das vendas en liña en 2023.

Finalmente, dos restantes sectores sobresaee o bo resultado da fabricación de material e equipamento eléctrico. No cadro 3 apréciase unha subida do IPI do 24,2%, o que supón unha sensible recuperación, pero con cifras moi afastadas das que presentaba en 2008. Esta actividade ten en Galicia un peso moi escaso, xa que só absorbía en 2023 o 0,5% da facturación total da industria manufactureira.

A ocupación

Os resultados idénticos pero antagónicos do VEB (incremento dun 1,7%) e do IPI (descenso dun 1,7%) da industria manufactureira galega no seu conxunto suxiren unha actividade industrial en 2023 estancada, parón que tamén se observou na ocupación, xa que o número de traballadores empregados, 157.800, son 2.400 máis que os estimados en 2022. Conforme transcorría 2023 os datos de emprego presaxiaban unha caída na ocupación. Con todo, os bos resultados do último trimestre, con 9.700 traballadores máis que en 2022, conseguiron salvar o ano. Esta repunta produciuse en case todos os subsectores, pero en particular no sector da alimentación (4.100 traballadores máis) e na metalurxia e produtos metálicos (3.800 máis). A evolución positiva de final de ano xera boas expectativas para 2024.

Pola súa banda, na información da EPA chama a atención a substantiva redución do emprego no segmento da enerxía, subministración de auga e xestión de residuos. A pesar da maior produción, a

Cadro núm. 4
Ocupación no sector industrial (miles de persoas)
 Datos coa base de poboación de 2021

	Ocupación (miles)			TVI (%)	
	2021	2022	2023	2022	2023
05-09 Industrias extractivas	3,9	3,3	3,8	-15,4	15,2
10-33 Industria manufacturera	156,0	155,4	157,8	-0,4	1,5
35-39 Enerxía, subministración de auga e xestión de residuos	11,1	7,1	6,6	-36,0	-7,0
Total Industria Galicia	171,0	165,8	168,2	-3,0	1,4
Total Galicia	1.087,1	1.103,5	1.128,5	1,5	2,3
% Industria/total	15,7	15,0	14,9	-4,5	-0,8

Fonte:EPA, IGE-INE.

reestruturación e o abandono dunhas fontes enerxéticas por outras supuxo unha espectacular mingua no emprego en tan só dous anos, xa que se pasou de 11.100 ocupados en 2021 a unicamente 6.600 en 2022. O emprego nestas actividades case se reduciu á metade.

Prezos, custos e salarios

Tras a pandemia un factor preocupante na industria galega foi a evolución dos seus prezos. Resulta evidente que unha dinámica inflacionista máis intensa que a de territorios competidores repercute de maneira negativa na actividade e no emprego. Así, unha preocupación case inexistente antes da crise motivada pola COVID-19, posto que as taxas de variación dos prezos non só non eran elevadas, senón que, en varios períodos, incluso caeron, transformouse nun problema vital para o desenvolvemento da industria. No cadro 5 apréciase que en 2021 o índice de prezos industriais (IPRI) de Galicia, medido decembro contra decembro, se incrementou en nada menos que un 40,3% impulsado por unha subida dun 154,1% na xeración de enerxía. O aumento que o prezo deste *input* supuxo para os restantes sectores, xunto co encarecemento doutras materias primas procedentes do exterior, provocou unha repunta xeneralizada na industria manufacturera, sendo especialmente intensa nos sectores electrointensivos como a metalurxia e

Cadro núm. 5
Índice de prezos industriais en Galicia. Por seccións e divisións da CNAE-2009. Taxas de variación interanual
 (Ano 2015=100)

	España			Galicia		
	Decembro 2021	Decembro 2022	Decembro 2023	Decembro 2021	Decembro 2022	Decembro 2023
Índice xeral	35,2	14,9	-6,3	40,3	13,0	-5,9
B Industrias extractivas	1,7	9,2	4,0	0,1	11,2	7,7
C Industria manufacturera	15,4	13,6	-0,4	13,4	13,8	-0,2
10 Industria da alimentación	9,6	20,6	5,1	6,7	20,1	3,6
11 Fabricación de bebidas	0,9	6,0	9,0	1,1	6,0	10,2
13 Industria téxtil	5,0	11,0	-0,3	3,8	12,8	6,1
14 Confección de pezas de vestir	1,1	3,2	2,0	2,1	2,7	0,1
15 Industria do coiro e do calzado	0,9	3,8	2,3			
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	13,4	16,3	-2,3	21,4	17,7	-2,1
17 Industria do papel	16,5	18,6	-8,3	44,1	13,8	-18,9
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	4,1	9,7	1,1	0,1	7,9	1,9
19 Coquerías e refino de petróleo	64,0	35,4	-11,2			
20 Industria química	31,2	8,4	-8,5	14,0	11,1	-2,3
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	1,2	2,4	2,4			
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	9,3	6,9	-0,3	7,8	8,9	-1,8
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	4,2	16,1	6,5	5,4	9,5	6,7
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	45,8	0,9	-8,4	46,0	2,0	-8,2
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	10,8	9,0	-0,4	5,7	14,8	1,8
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	0,7	2,2	1,1	1,4	0,5	1,3
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	4,1	7,6	1,5	-4,5	35,2	-9,8
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	3,1	7,0	3,1	3,3	5,9	0,4
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1,3	5,5	3,1	1,2	2,8	0,4
30 Fabricación doutro material de transporte	4,1	2,7	4,3	1,1	-0,4	2,9
31 Fabricación de mobles	5,0	7,2	2,3	3,5	5,0	2,7
32 Outras industrias manufactureras	1,3	3,9	2,9	1,6	14,4	1,5
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	0,7	3,4	3,0	3,9	0,9	2,0
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	109,3	20,4	-25,1	154,1	10,1	-26,2

Fonte: IGE.

a fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes, cunha subida do 46% e tamén na industrial do papel (44,1%). En menor grao, pero en cifras de variación de dous díxitos, tamén tiveron unha inflación alta a industria alimentaria, a da madeira e o sector químico. En todos estes casos, ademais da enerxía, as dificultades na provisión de subministracións empuxaron á alza os seus prezos. En 2021, o único sector no que o IPRI mostrou unha caída foi o de fabricación de material e equipamento eléctrico. Cómpre apuntar que a traxectoria dos prezos da industria galega nese ano foi relativamente similar á seguida no conxunto de España, aínda que en Galicia a tensión inflacionista foi algo máis elevada polo maior incremento do prezo dos produtos enerxéticos.

A espectacular aceleración dos prezos industriais de 2021 non se conseguiu frear en 2022, período en que a taxa do IPRI industrial galego medrou un 13% cun incremento do 10% dos produtos enerxéticos, cifra xa moi afastada do 154,1% de 2021. Con todo, esa contención en prezos non se observou nin nas industrias extractivas nin nas manufactureiras. Nestas últimas, o IPRI mantivo case a mesma pauta de crecemento que en 2021, cunha aceleración da inflación nas industrias alimentarias e con elevadas taxas nos sectores da madeira, a fabricación de produtos metálicos e a fabricación de material e equipamento eléctrico; sector, este último, no que se atrasou a subida dos prezos.

Tras as fortes tensións inflacionistas de 2021 e 2022, as dúas boas noticias no ano 2023 foron, por unha banda, a contención da taxa de variación do IPRI na industria manufactureira e, polo outra, a caída dos prezos un 26,2% na provisión de enerxía. Na produción de manufacturas, os prezos tan só variaron un -0,2%, co cal se consolidaron as elevadas subidas observadas nos dous anos precedentes. Con todo, a evolución sectorial foi moi desigual. Así, contívose o crecemento na industria da alimentación, apreciándose unha forte repunta no sector de bebidas. Ademais, os prezos caeron de forma sensible na metalurxia, material eléctrico e a industria do papel, mentres que melloraron na industria téxtil e na fabricación douros produtos metálicos. É interesante sinalar que un dos principais sectores da industria galega, a automoción, conseguiu manter os seus prezos estables nestes tres últimos anos.

No contexto de alza dos prezos antes sinalado, no cadro 6 obsérvase que os custos laborais totais na industria contívéronse en 2022, para acelerarse en 2023. É habitual cando se producen repuntas inflacionistas nos índices xerais de prezos que haxa un certo atraso entre o crecemento dos prezos e a súa repercusión nos custos laborais debido á configuración da negociación colectiva e aos retardos no mercado para adecuar os salarios monetarios ás variacións nos prezos. No cadro 6 recóllense dun modo aproximado os resultados da media dos catro trimestres de 2022 e 2023 dos custos laborais e salariais por cada hora efectiva traballada. Compáranse os resultados do conxunto da economía, tanto en España como en Galicia, cos datos específicos da industria.

Neste cadro 6 obsérvase o que a priori cabería intuír. Así, en 2022, con taxas de inflación elevadas, os custos laborais en Galicia non superaron un crecemento do 2%, sendo maior o incremento na industria que no conxunto da economía. En 2023, os custos laborais aceleráronse con forza, alcanzando na industria unha subida do 6,3% fronte ao 4,9% no conxunto da economía. No *Informe* anterior indicábase, aínda sen coñecer esta información, que unha posible escalada nestes custos podería provocar unha espiral prezo-salario, tamén condicionada, entre outros factores, pola evolución da produtividade ou dos beneficios empresariais. Con todo, coa contención dos prezos, por agora, hai que seguir refugando esa posibilidade.

Cadro núm. 6

Custos laborais e salarios (en euros)

	2021*	2022*	2023*	TVI 2022/2021	TVI 2023/2022
Industria, construción e servizos					
Custo laboral total por hora efectiva					
España	21,73	22,14	23,38	1,9	5,6
Galicia	19,62	19,83	20,80	1,0	4,9
Custo salarial total por hora efectiva					
España	16,14	16,50	17,31	2,2	5,0
Galicia	14,44	14,68	15,21	1,6	3,6
Industria					
Custo laboral total por hora efectiva					
España	23,44	23,96	25,28	2,2	5,5
Galicia	21,41	21,77	23,13	1,7	6,3
Custo salarial total por hora efectiva					
España	17,20	17,72	18,58	3,0	4,9
Galicia	15,67	16,07	16,90	2,6	5,2

* Media dos catro trimestres.

Fonte: Enquisa Trimestral de Custo Laboral. INE.

Doutra banda, ao contrario do que sucedera en 2023, a variación dos custos laborais na industria en 2023, un 6,3%, superou a dos custos salariais, un 5,2%. Iso xera unha asimetría entre a posición do empregador que ten que asumir un custo laboral e o traballador, que adoita tomar como referencia das súas remuneracións o salario que percibe.

Un modo alternativo de observar a evolución dos salarios, neste caso para o conxunto da economía, é a través das variacións que se aprecian nos convenios colectivos con efectos económicos de 2023. Aínda con datos provisionais, as taxas de variación non son tan elevadas como as que se obteñen na enquisa trimestral de custo laboral. A decembro de 2023, os incrementos pactados ascenderon a un 3,57%, porcentaxe máis baixa que a de 2022 (3,94%), e creceron máis os salarios pactados nos convenios de empresa, un 4,33%, que os dos restantes convenios, un 3,51%. Lembremos que a subida salarial en 2023 na enquisa de custo laboral foi do 3,6%.

As opinións dos empresarios industriais sobre a actividade

O Ministerio de Industria e Turismo, a través da Subdirección Xeral de Estudos, Análises e Plans de Actuación, realiza con carácter mensual a enquisa de conxuntura industrial (ECI). Grazas a esta operación estatística dispoñemos tanto dunha información obxectiva sobre a actividade de cada mes como dunha información subxectiva sobre as expectativas dos meses vindeiros e sobre a valoración dos resultados actuais. A ECI é dunha grande utilidade para a elaboración do índice de confianza industrial (ICI) e a maiores ofrece un conxunto de datos que se publican con referencia a cada trimestre.

Un problema evidente dos resultados obtidos pola ECI é o da robustez da información cando se desagrega por comunidades autónomas. A información preséntase considerando o destino económico dos bens e, no referente a Galicia, nos últimos anos non se publican datos sobre a fabricación de bens de equipo. Tampouco se estuda o sector de enerxía. Por tanto, actualmente con esta fonte só se poden contraponer os resultados alcanzados coa fabricación de bens de consumo coa de bens intermedios. Podemos avanzar que o comportamento de ambos foi antagónico.

Do conxunto de variables aquí estudadas centrarémonos no uso da capacidade produtiva das plantas, nos factores que os empresarios cren que están a limitar a súa produción e no período de traballo asegurado en 2023. Antes cómpre indicar que as percepcións no último trimestre do ano non foron positivas. Unha maioría de empresarios entendía que a produción realizada estaba por baixo da normal, malia que as expectativas para 2024 eran máis favorables. Esta situación prodúcese cunhas débiles carteiras de pedidos internas, se ben teñen unha certa fortaleza as procedentes do estranxeiro. Por iso, mentres se agarda unha estabilización nos prezos, as expectativas sobre o emprego, ante a debilidade da demanda, son máis pesimistas.

En canto ao grao de utilización da capacidade produtiva, segundo a ECI, no segmento de bens intermedios apréciase unha utilización moi alta rozando por momentos o 100% e cun menor uso, lóxicamente, nos meses de verán (70%). Pola contra, o uso das plantas fabricantes de bens de consumo foi sensiblemente máis baixo e con apenas recuperación ao longo do ano. Neste último grupo 2023 comezou cun uso medio de planta do 60,90% e finalizou cun 55,87%.

Do conxunto de factores seleccionados no ECI que poderían limitar a produción industrial galega (demanda, carencia de man de obra, falta de materias primas e de equipos, situación financeira e de tesourería), a inmensa maioría dos empresarios decántase pola debilidade da demanda. Ningún indica como freo nin a falta de materias primas e equipo nin a situación financeira. Pola contra, a carencia de man de obra só figura como relevante na fabricación de bens de consumo no primeiro trimestre de 2023, malia que neste sector se entende que existen factores limitativos de carácter exógeno e diferentes aos ítems seleccionados na ECI. En canto á fabricación de bens intermedios, os resultados foron cambiando conforme avanza o ano. Así, se no primeiro trimestre para máis do 80% dos empresarios entrevistados nesta actividade non había factores negativos que debilitasen a súa actual produción (recordemos que o uso das súas plantas superaba o 90%); no segundo trimestre a percepción moi maioritaria era que a demanda estaba a ser cada vez máis débil. Esta percepción era referendada polo 99,44% dos empresarios no pasado outono, cando no primeiro trimestre só tiña esa sensación o 15,29% dos mesmos.

O cambio na percepción de que a demanda estaba a limitar a produción conforme transcorría o ano no sector de bens intermedios tamén se reflicte no feito de que, se a principios de 2023 o período de traballo asegurado era de 322 días, a finais de ano o número baixou a tan só 12. Estes datos son un tanto estraños, pero, en todo caso, mostran a crenza nunha demanda cada vez máis débil. Doutra banda, o número de días con traballo asegurado para o grupo de bens de consumo non caeu ao longo do ano

dunha forma drástica, a pesar do escaso grao de utilización da súa capacidade de planta. Pasouse de 171 días no inicio de 2023 a 110 ao final do mesmo.

A dimensión das empresas

Outra das fontes que permite avaliar o comportamento do sector industrial galego é o Directorio Central de Empresas (DIRCE) elaborado polo INE. Unha alternativa que permite realizar unha análise moi similar é o Directorio de Empresas e Unidades Locais realizado polo IGE. No cadro 7 preséntanse os resultados do DIRCE. Cómpre informar o lector de que o INE referencia os datos ao 1 de xaneiro de cada ano, polo que a fotografía de cada exercicio se refire en realidade á situación de finais do ano anterior.

Os resultados do cadro 7, que permiten comparar o censo de empresas de 2023 (ao 1 de xaneiro) cos de 2022, son sorprendentes. O DIRCE mostra unha caída dun -8% no total de empresas e esta porcentaxe increméntase ata o -9,4% nas microempresas (con menos de 10 traballadores). En valores absolutos, de 11.504 empresas industriais instaladas en Galicia en 2022 pasouse a 10.583 en 2023; por tanto, a variación neta supuxo que tras as aperturas e os peches desaparecesen en Galicia nada menos que 1.079 sociedades nun ano, ou sexa case 3 ao día. Destas industrias, 916 eran microempresas.

Estes datos provocan sorpresa, xa que esta caída tan radical non parece que provocase variacións relevantes nin na contía de xeración de VEB nin na produción industrial galega. Esta reconfiguración na actividade industrial incidiu de forma negativa na práctica totalidade das divisións da CNAE-2009, polo que máis que reflectir feitos acaecidos nese período, seguramente se explique por depuracións e actualizacións das bases estatísticas. No cadro 7 compróbase que só tres divisións experimentaron unha variación positiva. A primeira, fundamental na industria galega, é a fabricación de automóviles, sector que de 86 pasou a 95 empresas. Na segunda e terceira (a fabricación de produtos farmacéuticos e a metalurxia) só se contabiliza unha sociedade máis. No resto, todas as taxas de variación son negativas. En canto aos sectores que perderon sociedades, cabe destacar os resultados de enerxía, confección de pezas de vestir e fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos. De entre os sectores máis relevantes é preocupante a perda de 126 sociedades da industria da alimentación, practicamente todas elas microempresas.

Cadro núm. 7

Número de empresas industriais localizadas en Galicia

	Total				Microempresas			
	2021	2022	2023	TVA (%) 2023/2022	2021	2022	2023	TVA (%) 2023/2022
05 Extracción de antracita, hulla e lignito	1	1	1	0,0	1	1	1	0,0
06 Extracción de cru e gas natural	0	0	0		0	0	0	
07 Extracción de minerais metálicos	10	10	9	-10,0	9	8	9	12,5
08 Outras industrias extractivas	182	172	135	-21,5	143	134	101	-24,6
09 Actividades de apoio ás industrias extractivas	2	1	1	0,0	2	1	1	0,0
10 Industria da alimentación	1.918	1.912	1.786	-6,6	1.524	1.516	1.388	-8,4
11 Fabricación de bebidas	503	499	459	-8,0	463	453	413	-8,8
12 Industria do tabaco	0	0	0		0	0	0	
13 Industria téxtil	397	378	338	-10,6	371	348	309	-11,2
14 Confección de pezas de vestir	700	665	575	-13,5	621	600	515	-14,2
15 Industria do coiro e do calzado	48	44	39	-11,4	40	35	30	-14,3
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	941	904	838	-7,3	832	783	720	-8,0
17 Industria do papel	36	39	38	-2,6	25	26	26	0,0
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	701	714	663	-7,1	663	675	625	-7,4
19 Coquerías e refino de petróleo	0	1	0		0	1	0	
20 Industria química	124	121	117	-3,3	95	90	86	-4,4
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	11	11	12	9,1	7	7	9	28,6
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	151	159	142	-10,7	97	102	89	-12,7
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	644	633	574	-9,3	531	527	468	-11,2
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	74	75	76	1,3	52	50	52	4,0
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1.986	2.008	1.838	-8,5	1.732	1.744	1.563	-10,4
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	88	91	73	-19,8	77	81	64	-21,0
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	58	64	57	-10,9	44	47	37	-21,3
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	258	255	234	-8,2	166	169	145	-14,2
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	96	86	95	10,5	55	46	58	26,1
30 Fabricación doutro material de transporte	144	140	124	-11,4	96	96	79	-17,7
31 Fabricación de mobles	716	711	653	-8,2	662	656	596	-9,1
32 Outras industrias manufactureiras	526	544	523	-3,9	499	515	497	-3,5
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	890	902	875	-3,0	725	731	702	-4,0
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	423	364	308	-15,4	411	348	291	-16,4
Total	11.628	11.504	10.583	-8,0	9.943	9.790	8.874	-9,4

Fonte: Directorio Central de Empresas, INE.

O feito de que en Galicia no inicio de 2023 se contabilicen 916 microempresas e 163 pemes industriais menos que en 2022 non reflicte unha reconfiguración da súa estrutura produtiva, posto que estes descensos se repartiron, como xa observamos, pola maior parte dos sectores. Só se constata unha redución do tamaño do sector industrial galego, no que cobra un maior peso o sector da automoción, seguramente grazas ao seu segmento da industria de compoñentes. Esta variación positiva produciuse, como xa se indicou, a pesar da dura competencia existente coa Rexión Norte de Portugal polas evidentes vantaxes que supón localizarse alén da fronteira.

A presenza da industria galega nos mercados estranxeiros

Na epígrafe anterior comentábase a evolución do número de empresas industriais galegas considerando o seu tamaño. No cadro 8 obsérvase que en 2023 só o 16,1% contan con máis de 9 traballadores, polo que estamos nunha actividade na que predominan empresas de moi pequeno tamaño, moitas veces con produción case artesanal, e que, pola súa dimensión, necesariamente non poden actuar máis que no

Cadro núm. 8

Evolución do comercio co estranxeiro por agrupacións industriais

En miles de euros correntes

EXPORTACIÓN	2022	2023	% 2023 sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	205.639	313.623	1,1	52,5
C Industria manufacturera	27.795.072	28.386.648	98,9	2,1
10 Industria da alimentación	3.488.088	3.625.498	12,6	3,9
11 Fabricación de bebidas	101.203	119.265	0,4	17,8
12 Industria do tabaco	3.192	3.439	0,0	7,7
13 Industria téxtil	783.542	794.534	2,8	1,4
14 Confección de pezas de vestir	6.176.880	6.131.876	21,4	-0,7
15 Industria do coiro e do calzado	607.243	674.621	2,4	11,1
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	657.439	556.825	1,9	-15,3
17 Industria do papel	317.476	307.970	1,1	-3,0
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	324	467	0,0	44,3
19 Coquerías e refino de petróleo	2.290.151	1.400.692	4,9	-38,8
20 Industria química	1.149.706	1.190.837	4,1	3,6
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	110.364	89.290	0,3	-19,1
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	374.460	368.347	1,3	-1,6
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	574.037	535.517	1,9	-6,7
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1.682.994	1.110.940	3,9	-34,0
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	617.712	753.966	2,6	22,1
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	163.741	178.971	0,6	9,3
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	438.568	440.617	1,5	0,5
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	841.070	1.056.653	3,7	25,6
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	6.911.384	8.431.674	29,4	22,0
30 Fabricación doutro material de transporte	112.319	183.174	0,6	63,1
31 Fabricación de mobles	248.532	297.268	1,0	19,6
32 Outras industrias manufacturerais	144.648	134.207	0,5	-7,2

IMPORTACIÓN	2022	2023	% 2023 sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	4.477.144	2.821.377	14,3	-37,0
C Industria manufacturera	21.365.799	16.921.689	85,7	-20,8
10 Industria da alimentación	4.392.106	4.088.361	20,7	-6,9
11 Fabricación de bebidas	42.466	41.422	0,2	-2,5
12 Industria do tabaco	91	119	0,0	30,6
13 Industria téxtil	779.197	704.779	3,6	-9,6
14 Confección de pezas de vestir	2.622.598	2.305.614	11,7	-12,1
15 Industria do coiro e do calzado	241.171	255.032	1,3	5,7
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	170.868	145.207	0,7	-15,0
17 Industria do papel	271.055	235.669	1,2	-13,1
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	84	63	0,0	-24,7
19 Coquerías e refino de petróleo	1.082.719	587.248	3,0	-45,8
20 Industria química	1.181.541	837.134	4,2	-29,1
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	59.749	74.743	0,4	
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	314.178	316.455	1,6	0,7
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	149.948	141.741	0,7	-5,5
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1.811.999	1.232.755	6,2	-32,0
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	464.978	432.792	2,2	-6,9
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	299.301	260.535	1,3	-13,0
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	884.410	1.462.850	7,4	65,4
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	921.362	890.056	4,5	-3,4
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	5.289.849	2.469.528	12,5	-53,3
30 Fabricación doutro material de transporte	47.303	45.238	0,2	-4,4
31 Fabricación de mobles	203.028	258.961	1,3	27,5
32 Outras industrias manufacturerais	135.799	135.386	0,7	-0,3

Fonte: DataComex. Ministerio de Economía, Comercio e Empresa.

seu mercado máis próximo. A relevancia do tamaño é unha cuestión moi tratada pola literatura económica e parece, a priori, razoable supoñer que o dispoñer dunha certa dimensión facilita, entre outras cuestións, unha maior presenza nos mercados internacionais. Así, polo común, unha empresa que se internacionaliza precisa dunha estrutura que require unha certa dimensión.

No caso da estrutura industrial galega e con información de 2023 obsérvase que en seis divisións da CNAE-2009 o peso relativo das pemes e as grandes empresas supera o 30% do número de empresas totais. A porcentaxe máis alta corresponde a automoción (un 38,9%); seguida moi de preto pola maquinaria e equipamento (38%); os produtos de caucho e plástico (37,3%); outro material de transporte, sector no que se atopa o naval (36,3%); a fabricación de material e equipamento eléctrico (35,1%), e, a máis distancia, a industria do papel e a metalurxia, ambas co 31,6%.

No cadro 8 preséntanse os resultados provisionais das exportacións e importacións de mercadorías con orixe ou destino Galicia en termos monetarios. Obviamente, a evolución de 2023 en relación a 2002 que recolle o cadro 8 está moi influenciada pola variación nos prezos, aínda que a súa tendencia á moderación fai que a diferenza entre os valores monetarios e os deflactados polos prezos (cadro 9) non sexa tan alta como a observada en 2022 con respecto a 2021.

No caso galego apréciase que varios dos sectores que dispoñen dunha porcentaxe relativamente elevada de pemes e grandes empresas non teñen un peso significativo no contexto do comercio internacional de manufacturas, o cal se segue caracterizando pola súa elevada concentración e o alto grao de comercio intraindustrial, no sentido de que se venden produtos dos mesmos sectores dos que se compran. Certamente, no cadro 8 apréciase que tres divisións absorben dous terzos do valor total exportado desde Galicia, nun exercicio, 2023, no que a industria manufactureira galega só exportou un 2,1% máis que en 2022. A venda de vehículos de motor e os seus compoñentes manteñen o liderado neste fluxo de comercio, coa peculiaridade de que as súas exportacións creceron un 22% con respecto a 2022. Xa a unha certa distancia, a segunda posición desta clasificación volve ocupala a confección de pezas de vestir; actividade industrial que en Galicia, como xa vimos, cada vez está a ser menos relevante, malia que os datos do comercio co estranxeiro son moi elevados ao recolleren as exportacións ao estranxeiro de Inditex desde os seus centros lóxicos galegos. En 2023, o valor do exportado por este sector foi un 0,7% inferior ao de 2022. Un terceiro sector é o alimentario, a actividade de maior facturación en Galicia e na que no comercio externo ten un peso significativo a industria de conservas de peixe. As súas exportacións mantivéronse relativamente estables.

Fronte ao elevado incremento das exportacións no sector da automoción e á certa estabilización deste fluxo nos outros dous sectores antes mencionados, noutras actividades importantes no contexto da industria galega, o valor das vendas ao exterior caeu de maneira notable. Cómpre sinalar a industria da madeira e a metalurxia, cuxo IPI, en ambos os casos, tamén descendeu.

No cadro 9 recóllese a mesma información que no cadro 8 pero deflactada polo índice de valor unitario elaborado polo IGE. Cabe supoñer que con iso se consegue eliminar as variacións que provocan a evolución dos prezos dos produtos comercializados. Este índice non se elabora para todas as divisións da CNAE-09, o que motiva que no cadro 9 haxa filas sen datos. Con taxas de variación non tan intensas como as que se obteñen cos valores monetarios e a pesar das diferenzas sectoriais nos prezos, a evolución nos dous cadros é moi similar. As exportacións da industria manufactureira en termos reais aumentaron en 2023 un 1,2%. O sector líder, automoción, é o máis dinámico, mentres o comercio en alimentación mantense estable e caen as exportacións na industria da confección. Ademais da automoción, tanto en termos monetarios como reais, os dous sectores industriais galegos máis dinámicos en 2023 neste fluxo de comercio foron a fabricación de bebidas e a elaboración de produtos metálicos.

En canto ao fluxo importador, nos cadros 8 e 9 obsérvase unha maior diversificación, xa que numerosas empresas reciben materias primas e produtos intermedios do estranxeiro. A pesar de que os tres principais sectores exportadores lideran tamén as importacións, o seu peso relativo é menor, o que incide na diversificación. Os resultados de 2023 reflicten un espectacular freo nese fluxo de comercio, feito que, sen dúbida, redonda negativamente na actividade industrial. As importacións de produtos manufacturados caeron un 20,8% en termos monetarios e un 22,4% en termos reais, sendo negativas as variacións en case todos os sectores. A principal causa deste brusco descenso foi a caída en máis da metade do importado de vehículos de motor e os seus compoñentes. Con todo, cómpre anotar que as menores provisións non minguaron nin a produción nin a capacidade exportadora deste sector, cuxo saldo comercial é moi elevado debido a que o valor da exportado case cuadriplica o importado. Unha segunda actividade, habitualmente moi determinante nas compras ao exterior, é o refino de petróleo. En 2023 importouse case a metade do comercializado en 2022 e niso non influíron os prezos. Elevadísimas tamén foron as caídas nas

Cadro núm.9

Evolución do comercio co estranxeiro por agrupacións industriais

En miles de euros deflactados polos índices de valor unitario. Referencia 2010

EXPORTACIÓN	2022	2023	% 2023 sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	139.947	209.110	1,0	49,4
C Industria manufacturera	20.126.772	20.369.294	99,0	1,2
10 Industria da alimentación	2.208.489	2.231.900	10,8	1,1
11 Fabricación de bebidas	71.583	79.463	0,4	11,0
12 Industria do tabaco				
13 Industria téxtil	848.173	860.631	4,2	1,5
14 Confección de pezas de vestir	4.740.506	4.664.797	22,7	-1,6
15 Industria do coiro e do calzado	457.295	519.099	2,5	13,5
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	582.991	526.648	2,6	-9,7
17 Industria do papel	249.882	238.477	1,2	-4,6
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados				
19 Coquerías e refino de petróleo	1.004.673	671.730	3,3	-33,1
20 Industria química	974.823	955.651	4,6	-2,0
21 Fabricación de produtos farmacéuticos				
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	429.623	429.409	2,1	0,0
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	572.662	496.217	2,4	-13,3
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	864.848	667.953	3,2	-22,8
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	525.042	586.561	2,9	11,7
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos				
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	301.214	279.066	1,4	-7,4
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.				
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	4.846.693	5.676.748	27,6	17,1
30 Fabricación doutro material de transporte				
31 Fabricación de mobles	348.133	381.064	1,9	9,5
32 Outras industrias manufacturerais				

IMPORTACIÓN	2022	2023	% 2023 sobre o total	TVI (%)
B Industrias extractivas	2.026.499	1.412.171	9,7	-30,3
C Industria manufacturera	17.031.327	13.216.972	90,3	-22,4
10 Industria da alimentación	2.446.992	2.378.060	16,3	-2,8
11 Fabricación de bebidas				
12 Industria do tabaco				
13 Industria téxtil	799.751	693.953	4,7	-13,2
14 Confección de pezas de vestir	2.266.527	1.800.698	12,3	-20,6
15 Industria do coiro e do calzado	176.980	161.495	1,1	-8,7
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	111.591	131.077	0,9	17,5
17 Industria do papel	214.612	174.350	1,2	-18,8
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados				
19 Coquerías e refino de petróleo	653.224	338.589	2,3	-48,2
20 Industria química	1.796.474	1.460.457	10,0	-18,7
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	336.422	380.760	2,6	
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	305.650	373.399	2,6	22,2
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	160.406	150.580	1,0	-6,1
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	1.086.395	863.758	5,9	-20,5
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	304.584	270.141	1,8	-11,3
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos				
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	519.783	736.767	5,0	41,7
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	853.350	774.366	5,3	-9,3
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	5.021.691	2.002.699	13,7	-60,1
30 Fabricación doutro material de transporte				
31 Fabricación de mobles	158.072	201.888	1,4	27,7
32 Outras industrias manufacturerais				

Fonte: Elaboracións do IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria

importacións en metalurxia e na industria química, mentres que os descenso nas provisións en alimentación e confección de pezas de vestir tamén son significativos. Pola contra, cabe salienta o incremento dun 41,7% de material e equipamento eléctrico, o que permite un ascenso sensible no seu peso relativo pero lonxe dos sectores máis importantes.

A evolución da especialización industrial galega con respecto a España

En paralelo á Enquisa Industrial a Empresas: sector industrial, o INE elabora con carácter anual e con información das comunidades autónomas unha mostra sobre o valor de venda dos produtos industriais máis relevantes xerados en cada territorio. Os últimos datos dispoñibles no momento de redactar este estudo corresponden a 2022. A información de 2023 publicárase no mes de xuño. Como cabería supoñer, ambas operacións estatísticas difiren en moi pouco. No cadro 10 vólvese constatar a gran concentración da economía galega na alimentación e na fabricación de vehículos de motor; sectores que nese ano case absorbían a metade do total do valor das vendas totais, incluída, neste caso, a produción de enerxía.

Cadro núm. 10

Composición da oferta industrial galega: valor de venda dos produtos industriais. Ano 2022

	CNAE-2009	Miles de euros	%	% Galicia/España	Coefficiente de especialización
Alimentación	10	9.249.039	21,2	8,0	110,6
Bebidas	11	1.240.015	2,8	6,5	89,8
Tabaco	12	0	0,0	0,0	
Téxtil	13	102.496	0,2	2,1	29,4
Confección de pezas de vestir	14	1.686.659	3,9	46,7	645,2
Coiro e calzado	15	203.145	0,5	5,7	79,3
Madeira e cortiza	16	1.467.601	3,4	18,2	251,5
Papel	17	535.137	1,2	2,8	38,6
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	18	170.697	0,4	3,6	49,0
Coquerías e refino de petróleo ¹	19				
Industria química	20	967.247	2,2	2,0	28,2
Produtos farmacéuticos ¹	21				
Manufacturas de caucho e plástico	22	1.194.710	2,7	5,2	72,3
Produtos minerais non metálicos	23	958.304	2,2	4,5	62,5
Producción, primeira transformación e fundición de metais	24	2.697.356	6,2	7,1	97,6
Produtos metálicos	25	2.260.222	5,2	5,4	75,1
Produtos informáticos, electrónicos e ópticos	26	168.791	0,4	4,1	56,8
Material e equipo eléctrico	27	562.465	1,3	3,7	51,1
Maquinaria e equipo	28	1.065.500	2,4	4,8	66,4
Vehículos de motor, remolques e semirremolques	29	7.886.989	18,1	14,0	192,8
Outro material de transporte	30	468.573	1,1	4,4	60,1
Mobles	31	749.982	1,7	9,7	133,5
Outras industrias manufactureiras	32	170.914	0,4	4,0	54,8
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	33	1.125.797	2,6	6,8	94,4
Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	35	3.654.262	8,4	8,0	110,0
Total		43.603.517	88,5	7,2	

¹ Non figura o dato para preservar o segredo estatístico.Fonte: Elaboración propia a partir da *Encuesta industrial de productos*, INE.

Como xa se indicou nos *Informes* precedentes, o obxectivo desta epígrafe é comparar a estrutura produtiva existente en Galicia con respecto á de España e as modificacións conxunturais que se produciron no último exercicio do que se dispón de datos. Para iso, nas dúas últimas columnas do cadro 10 preséntase, por unha banda, o peso relativo de cada un dos sectores galegos no conxunto español; e, polo outro, os resultados do cálculo dun sinxelo coeficiente de especialización que consiste en comparar, en tanto por cen, o peso relativo dun sector industrial galego con respecto a ese mesmo sector en España co peso da industria galega na española. Cando o índice dunha actividade supera o valor cen pódese argumentar unha certa especialización dese sector industrial en Galicia con relación a España e canto maior sexa o valor deste índice maior será esta especialización.

Neste cadro 10 apréciase unha especialización en seis actividades industriais. En 2021 contabilizábanse oito. A diferenza deste ano, na información de 2022 o INE exclúe o refino de petróleo co fin de preservar o segredo estatístico, polo que a única variación nesta especialización é en produción e primeira transformación dos metais, sector no que o peso relativo sectorial en España é moi similar ao da industria no seu conxunto. Iso indica que esa actividade está moi diseminada polo territorio español, do mesmo xeito que a alimentación, sector co maior valor de venda de bens en Galicia, pero cun coeficiente de especialización non moi elevado polo seu gran peso en moitas comunidades autónomas.

Na industria galega persiste unha maior especialización con respecto a España en catro sectores. O primeiro, confección de pezas de vestir, pode confundir porque a contía do valor de venda suxire que a información do INE contén produtos industriais comercializados desde Galicia pero non fabricados pola súa industria. Excluíndo por esta causa esta actividade, cabe indicar que Galicia mantén a súa especialización na industria da madeira, a automoción e a produción de enerxía.

Polo lado contrario, obsérvase que non hai unha especialización en sectores industriais de interese pola contía do valor engadido que xeran. Os índices son moi baixos na industria química, no téxtil, en papel e artes gráficas e tamén nas actividades que habitualmente se cualifican como de alta tecnoloxía, recoñecidos polo INE como aqueles sectores "que se caracterizan por unha rápida renovación de coñecementos, moi superior a outras tecnoloxías, e polo seu grao de complexidade, que esixe un continuo esforzo en investigación e unha sólida base tecnolóxica". Neste grupo inclúese a fabricación de produtos farmacéuticos, de produtos informáticos, electrónicos e ópticos e a construción aeronáutica e a súa maquinaria. En todos os sectores anteriores, dos que a Enquisa Industrial de Produtos facilita información, o coeficiente galego é moi baixo.

VI. Sector exterior

- As exportacións de Galicia creceron un 2,6% en 2023, alcanzando un novo récord en termos monetarios, mentres que as importacións caeron un 22,2%.
- O peso das exportacións no PIB diminúe en case dous puntos porcentuais, baixando ao 39,6% en 2023.
- A automoción, cunha dinámica exportadora positiva, segue liderando as vendas galegas ao exterior en 2023, distanciándose do sector de téxtil e confección que se estanca, aínda que mantén o segundo posto no comercio exterior galego.
- Os combustibles continúan como sector principal das importacións galegas en 2023, a pesar dos seus resultados negativos para o comercio exterior nun contexto de inflación máis moderada que no ano anterior.
- A porcentaxe de comercio intraindustrial diminúe do 71% en 2022 ao 60% en 2023 como consecuencia da enorme caída nas importacións do capítulo con maior peso no comercio exterior galego, a automoción.
- Descende a concentración das importacións e aumenta a concentración das exportacións, mantendo o comercio galego o carácter de diversificado en 2023.
- A UE, e en particular a zona euro, segue a ser o principal destino das exportacións galegas, aínda que o seu peso no total diminuíu en 2023 ata o 61%.
- O peso relativo da zona euro nas importacións galegas continuou baixando, desde o 41% en 2022 ao 35% en 2023, e o liderado cambia de Francia a Portugal.
- Pontevedra pasa a encabezar as exportacións galegas en 2023, concentrando o 49% do total fronte ao 45% da Coruña. As importacións seguen lideradas pola Coruña.
- Cae un 20% o número de empresas exportadoras en Galicia, redución que se suma á do ano anterior.
- O IED recibido por Galicia en 2023 foi de 416 millóns de euros, un 132% superior ao de 2022.
- O 70,6% do investimento bruto recibido por Galicia en 2023 concentrouse na industria manufacturera, aínda que cunha perda de 2,6 puntos porcentuais respecto a 2022.
- O IED emitido por Galicia en 2023 foi de pouco máis de 1.000 millóns de euros, despois dunha caída do 58% respecto ao ano anterior que levou a Galicia a supoñer tan só o 4,7% do total emitido por España.
- Máis do 90% do investimento bruto emitido por Galicia ten por orixe os sectores das actividades inmobiliarias, financeiras e de seguros, e dirixiuse ás actividades inmobiliarias e á construción. Esta concentración é lixeiramente inferior á do ano anterior.

Comercio exterior de mercancías

A inserción do comercio galego no comercio mundial

O volume do comercio mundial de mercancías diminuíu en 2023 (-1,2%), fronte ao aumento do 3% rexistrado en 2022. Este resultado foi peor do que viña anticipando a Organización Mundial do Comercio (OMC), que xa rebaixara a previsión de crecemento a tan só o 0,8% no mes de outubro, despois da do 1,7% que fixera no mes de abril. A subida do PIB real mundial tamén se desacelerou en 2023, aínda que non tanto como a do comercio que alcanzou un 2,7%, fronte ao 3,1% do ano anterior.

En termos monetarios, o comercio mundial de mercancías (valor por termo medio en dólares das exportacións e importacións) diminuíu en 2023 un 5%. Esta caída explícase en boa medida pola redución do volume de comercio e, tamén, segundo a OMC, pola diminución, respecto a 2022, dos prezos dos produtos básicos primarios, como o petróleo e o gas. O descenso do comercio observouse para a maioría dos produtos, coa excepción dos da industria do automóbil, que subiron un 17% debido ao importante aumento das exportacións de China. As maiores caídas déronse para os combustibles, que viron baixar o seu comercio un 19% despois dun incremento do 61% no período anterior. Por contra, o valor do comercio mundial de servizos rexistrou un aumento do 9%, a pesar da diminución do 8% no sector dos transportes debido ao crecemento das viaxes internacionais e dos demais servizos comerciais, en particular, os prestados dixitalmente.

Os factores que explican a evolución do PIB e do comercio mundiais en 2023, segundo a OMC, céntranse nas presións inflacionistas que teñen a súa orixe na guerra en Ucraína e nas condicións macroeconómicas que reduciron os ingresos reais, sobre todo nas economías avanzadas, baixando a demanda de importacións. Aínda que a inflación xeral acadara o seu nivel máximo en 2022, a inflación subxacente mantívose elevada en 2023. Ademais, a suba dos tipos de xuro, como medida para atallar a inflación, tamén tivo o seu efecto reducindo o consumo e o investimento ao elevar os tipos de xuro reais. Adicionalmente, o incremento no consumo de servizos tras a pandemia puido implicar un desvío do gasto destinado anteriormente ás mercancías.

A diferente evolución do PIB, que segue a ser positiva, e do comercio, que pasou a ser negativa, tamén se debería ás dificultades macroeconómicas causadas fundamentalmente polas presións inflacionistas, posto que afectan tanto á composición por produtos (en particular as manufacturas, que representan unha proporción moito maior no comercio de mercancías que no PIB, baseado sobre todo nos servizos); como á distribución xeográfica (en especial a UE, que ten un peso maior no comercio mundial de mercancías que no PIB).

De manterse a caída da inflación (recuperándose os ingresos reais nas economías avanzadas) e se, como consecuencia, os responsables da política monetaria empezan a reducir os tipos de xuro, cabe esperar unha recuperación da demanda de produtos manufacturados que debería impulsar o crecemento do comercio en 2024 e 2025. Así, as previsións da OMC neste mes de abril son dun incremento no volume do comercio de mercancías do 2,6% en 2024 e do 3,3% en 2025, mentres que se espera que se manteña estable o crecemento do PIB, 2,6% en 2024 e 2,7% en 2025. Pero, estas previsións poden truncarse como consecuencia das actuais tensións xeopolíticas, os conflitos rexionais e a incerteza respecto das derivas proteccionistas. Respecto desta última, debemos subliñar que, a pesar de observarse algunha reorientación do comercio cara a países afíns, polo momento non se pode falar dunha tendencia á desglobalización. Malia todo, os prezos dos alimentos e da enerxía poderían asistir de novo a fortes subas, e, ademais, a maneira na que se aborde a baixada de tipos de xuro, que debería iniciarse este ano, podería dar lugar a volatilidade financeira. A todo isto hai que engadir o conflito de Oriente Medio que, ademais de contribuír á incerteza e á fragmentación do comercio, desviou o tráfico marítimo entre Europa e Asia, afectando os custos do comercio.

En canto ao aumento do volume de comercio de mercancías por rexións entre 2020 e 2025 (cadro 1), Europa, cun elevado peso no comercio mundial (37%)¹, é a que máis contribuíu á diminución do comercio

¹ Debemos ter en conta que o comercio interno da UE cóntase nos totais rexionais e mundiais.

Cadro núm. 1
Evolución do comercio mundial de mercancías en volume
Taxas de variación interanuais (en %)

	2020	2021	2022	2023	2024*	2025*
Comercio mundial	-5,0	9,6	3,0	-1,2	2,6	3,3
Exportacións						
América do Norte	-9,2	6,4	3,8	3,7	3,6	3,7
América do Sur e Central	-5,0	6,6	2,9	1,9	2,6	1,4
Europa	-7,7	8,1	3,7	-2,6	1,7	2,8
CEI	-1,0	-1,8	-2,1	-6,2	5,3	1,7
África	-7,2	4,2	-2,4	3,1	5,3	2,4
Oriente Medio	-6,5	-0,8	6,6	-1,6	3,5	2,2
Asia	0,6	13,1	0,4	0,1	3,4	3,4
Importacións						
América do Norte	-5,2	11,9	5,7	-2,0	1,0	3,3
América do Sur e Central	-9,6	24,8	4,2	-3,1	2,7	3,4
Europa	-7,2	8,8	6,0	-4,7	0,1	3,1
CEI	-5,4	10,3	-6,1	18,8	-3,8	2,9
África	-15,5	7,4	8,8	-2,4	4,4	1,6
Oriente Medio	-9,7	13,8	14,1	9,8	1,2	2,1
Asia	-1,0	10,5	-0,7	-0,6	5,6	4,7

* Previsións de abril de 2024.

Fonte: Secretaría da OMC.

dous anos anteriores. Coas actuais proxeccións, as rexións que asistirán a un maior aumento das exportacións en 2024 serán África, que parte de niveis moi baixos, e a CEI, que tamén parte de niveis baixos tras a caída sufrida despois da guerra en Ucraína. O incremento das exportacións será moderado, en torno a un 3,5%, en América do Norte, Oriente Medio e Asia. Para América do Sur a subida esperada para as exportacións é menor (2,6%); e aínda peor para Europa, un 1,7%, sendo a única rexión con crecemento por debaixo da media, malia supoñer unha importante mellora fronte ao resultado de 2023.

Por países, as exportacións mundiais en 2023 continúan lideradas por China, a pesar do seu menor dinamismo no último ano en relación aos seguintes no *ranking*. En segunda posición mantense Estados Unidos, que, cunhas exportacións por valor de 2.020 miles de millóns de dólares, só representa o 51% das exportacións de China, cando ás deste país (3.380 miles de millóns de dólares) lles sumamos as de Hong Kong (574 miles de millóns de dólares). Alemaña mantén o terceiro lugar (1.688 miles de millóns de dólares), representando o 7,1% das exportacións mundiais, e España ocupa o posto 19, con 423 miles de millóns de dólares e unha participación que pasou do 1,7% en 2022 ao 1,8% en 2023, con cifras moi semellantes ás de Suíza ou ás da Federación Rusa².

En canto ás importacións mundiais, o principal país segue sendo Estados Unidos pero, por primeira vez, as súas importacións son superadas polas de China cando lles sumamos as de Hong Kong. Alemaña sitúase na terceira posición e España mantense no número 15 do *ranking*, representando o 1,9% das importacións mundiais.

O comercio exterior galego en 2023. Trazos básicos da súa evolución con respecto ao comercio español



A dinámica do comercio exterior galego en 2023 foi moito menos favorable que a do ano anterior, aínda que as exportacións, en termos monetarios, alcanzaron un novo récord, superando os 30.000 millóns de euros. O crecemento interanual das exportacións en 2023 foi do 2,6%, mentres que as importacións diminuíron de forma acusada, un 22,2%. Estas cifras están moi afastadas das correspondentes a 2022 cando, segundo os datos definitivos, as exportacións aumentaran un 21% e as importacións un 33,5%. Eses datos definitivos para 2022 mostran cifras máis baixas que as publicadas no *Informe* anterior cos datos provisionais (2,4 puntos porcentuais menos para as exportacións e 1 menos para as importacións). De manterse esas discrepancias, os resultados para o comercio exterior galego neste 2023 poderían ser aínda menos favorables.

Os excepcionais resultados de 2022 corríxense en parte en 2023 pola menor suba de prezos dos produtos enerxéticos. Como xa se comentou no *Informe* anterior, os problemas co transporte marítimo desde 2021 e a invasión de Ucraína por parte de Rusia en 2022 levaron a un importante incremento dos prezos da enerxía e doutras materia primas e, tamén, dos alimentos, en 2022. A inflación moderouse en 2023 e esa parece ser a pauta para 2024. Por outra parte, dado o gran peso relativo do sector de automoción no

en 2023, dados os seus resultados negativos como consecuencia do maior impacto das subidas nos prezos dos produtos básicos nos dous últimos anos; favorecidas estas pola natureza rexional dos mercados do gas natural. A contribución de América do Norte tamén foi negativa no que se refire ás importacións, pero positiva nas exportacións. O escaso dinamismo do comercio de Asia en 2023 fai que, a pesar do seu peso nas exportacións mundiais, a súa achega ao comercio mundial fose pequena o ano pasado. O resto de rexións tivo un papel escaso, como cabe esperar.

De cumprirse as previsións da OMC, todas as rexións contribuirán de forma positiva ao crecemento do comercio mundial en 2024, cunha volta ao protagonismo de China, que mostra un dinamismo moito maior que nos

² Segundo os datos da OMC, aínda que os datos para a Federación Rusa non son moi fiables desde 2022.



9.138,37 en 2023, un valor nunca alcanzado nas últimas décadas (gráfico 1). Ao incremento no superávit (que se multiplica por 3,8) contribúe sobre todo o sector de automoción, que multiplica por 3,4 o seu superávit (pasando de 1.857,5 millóns de euros en 2022 a 6.280 en 2023). O sector do téxtil, se ben ten un importante superávit (3.883,5 millóns de euros), non favorece o incremento, dado que o seu saldo comercial case non variou respecto ao do ano anterior. O sector que presenta o maior déficit en termos absolutos é o dos combustibles (1.681,3 millóns de euros).

O comercio exterior de Galicia en 2023 non seguiu a tónica do ocorrido en España, onde as importacións caeron un 7,6%, moito menos que no caso galego, e as exportacións tamén baixaron lixeiramente, un 1%, fronte á suba das galegas. Con esa dinámica, o saldo comercial español segue a ser de déficit, malia que se reduciu nun 43%. Esta diferente evolución, que xa se vén observando nos últimos anos para o comercio exterior de Galicia e España (gráfico 2), tradúcese nun pequeno incremento da participación das exportacións galegas no total de España, do 7,65% en 2022 ao 7,85% en 2023, e nunha diminución da participación das importacións ao 4,9%, a menor no que levamos de século.

comercio exterior de Galicia, a situación particular deste nos últimos anos, afectado pola crise dos semicondutores que obrigaron a deter a produción en distintos momentos, e pola incerteza sobre a evolución futura dos vehículos de combustión fronte aos eléctricos ou híbridos, tamén explica a evolución observada no comercio exterior galego.

No último trimestre de 2023 o comercio exterior mostrou unha dinámica máis positiva, con incrementos respecto ao trimestre anterior de 13,8% para as exportacións e de 13,3% para as importacións. Comparando os resultados dos dous primeiros meses de 2024 co mesmo período do ano anterior, esa liña mantense para as exportacións (11,2%), pero non para as importacións (-4,2%).

No contexto mencionado de menor subida dos prezos, que explica en parte a evolución do valor do comercio exterior galego en 2023, os distintos sectores, aos que os cambios na inflación afecta de distinta maneira, contribúen ao resultado final de xeito moi diferente ao mostrado no ano anterior.

A gran diminución das importacións e o pequeno crecemento das exportacións fan que o superávit comercial se dispare, pasando de 2.414,5 millóns de euros en 2022 a

Cadro núm. 2
Evolución, en volume, do comercio de mercancías en Galicia e España
Taxas de variación interanuais (en %)

		2020	2021	2022	2023*
Galicia					
Total sen combustibles e aceites minerais	Exportacións	-1,5	7,3	-0,5	3,3
	Importacións	-2,9	-0,2	5,5	-25,1
Combustibles e aceites minerais	Exportacións	-13,4	-31,1	62,0	-10,1
	Importacións	-48,9	17,2	46,1	-29,5
Total	Exportacións	-4,3	-1,1	9,0	0,2
	Importacións	-22,7	4,7	18,4	-26,8
España					
Total sen combustibles e aceites minerais	Exportacións	-2,5	8,0	-2,3	-6,1
	Importacións	-9,5	10,6	1,7	-4,0
Combustibles e aceites minerais	Exportacións	-15,4	-9,0	8,0	11,8
	Importacións	-15,3	4,4	12,3	-7,5
Total	Exportacións	-5,4	4,6	-0,5	-2,7
	Importacións	-12,2	7,8	6,3	-5,6

* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Dada a diferente influencia da inflación nos distintos sectores, os resultados para o comercio exterior de 2023 cambian considerablemente cando os mostramos en volume (cadro 2). En Galicia, o total das exportacións soben menos en volume (0,23%) que en valor, pero, se consideramos as exportacións sen os combustibles, o aumento é moi superior (3,5%), posto que o volume de combustibles exportados diminúe un 10,1%. A situación en España é moi diferente, mostrando as exportacións sen combustibles unha caída de máis do 6%. A evolución tan negativa que se observa en 2023 no comercio exterior de combustibles en Galicia explicase en boa medida

Cadro núm. 3

Indicadores do comercio externo galego e español

	2020	2021*	2022*	2023*
Galicia				
Taxa de cobertura (%)	124,93	120,25	108,99	143,72
Grao de apertura	0,64	0,68	0,79	0,67
% exportacións no PIB	35,77	37,28	41,41	39,60
España				
Taxa de cobertura (%)	95,2	90,9	84,4	90,4
Grao de apertura	0,48	0,54	0,63	0,55
% exportacións no PIB	23,56	25,76	28,79	26,25

* Datos de 2021 provisionais, datos de 2022 e 2023 avance

Fonte: DataComex (Ministerio de Industria, Comercio e Turismo). *Contabilidad Nacional Trimestral de España. Revisión Estadística 2019* (INE) e Contas económicas trimestrais. Revisión Estadística 2019 (IGE).


ida no valor das importacións en Galicia explican os valores que alcanza este indicador que, con todo, segue a ser superior que no conxunto de España. É precisamente a importante baixada nas importacións a causa do valor que acadou a taxa de cobertura en Galicia en 2023 (143,7%). O peso das exportacións no PIB segue a ser maior en Galicia que en España, despois de diminuír nos dous ámbitos xeográficos en 2023 en relación ao ano anterior.

En canto ao resto de comunidades autónomas, Galicia conserva en 2023 o sexto posto por valor das exportacións, por detrás do País Vasco, ao que se está acercando, ao pasar as exportacións de Galicia de representar o 89,5% das do País Vasco en 2022 ao 92% en 2023. Tamén no *ranking* de importadores Galicia ocupa o sexto posto, a pesar de ser a comunidade autónoma con maior decrecemento interanual.

As exportacións continúan lideradas en 2023 por Cataluña, representando o 26,2% do total, comunidade que gaña distancia respecto ás seguintes no *ranking* dado o seu crecemento (6,7%) fronte ao retroceso das outras: Madrid (-13%) e Andalucía (-9,7%). Tamén Cataluña é a principal importadora, malia reducir as súas importacións un 1,9%. Do mesmo xeito, son as maiores caídas das importacións de Madrid (-11,7%) e Andalucía (-12,7%) as que consolidan a primeira posición de Cataluña.

Evolución dos principais grupos arancelarios

Por grupos arancelarios, o comercio exterior galego mostra unha maior estabilidade na estrutura das exportacións que na das importacións (gráfico 3). Os dous grandes grupos, material de transporte e téxtil e confección, seguen encabezando as exportacións. A suma destes dous grupos representa xa o 51,5% do total de exportacións en 2023 (fronte ao 47,4% en 2022), despois do notable incremento interanual nas exportacións do grupo de material de transporte (23,3%). O grupo de animais, peixes e moluscos ocupa de novo o terceiro posto (igual que en 2021 e 2020); lugar que o ano pasado correspondeu ao grupo de combustibles, debido aos seus extraordinarios resultados como consecuencia dos elevados prezos do sector enerxético nese exercicio. A estrutura das importacións por grupos variou de xeito máis acusado nos últimos anos. O primeiro grupo importador segue a ser o de combustibles, pero o segundo posto ocupou o sector téxtil (terceiro o ano pasado), desprazando automoción á quinta posición.



polos enormes incrementos do exercicio anterior. Pero, en particular no caso das importacións, non é este o sector responsable dos febles resultados, como veremos máis adiante.

Os indicadores que relacionan o desempeño do comercio co do PIB (cadro 3) mostran as diferenzas comentadas respecto do comportamento do comercio externo de Galicia e España. O grao de apertura comercial (suma de exportacións e importación en relación ao PIB) diminúe en ambos casos, aínda que en magnitude diferente e por razóns distintas. O menor incremento do PIB e a moito maior ca-

Os oito grupos que en 2023 superan os mil millóns de euros de exportación (cadro 4) son os mesmos que no exercicio anterior e son tamén os de maior valor das importacións; a pesar do cambio nas posicións relativas debido ás diferenzas nas taxas de variación interanual, maioritariamente negativas.

A taxa de cobertura (relación entre o valor das exportacións e o das importacións) aumentou para case todos os grupos arancelarios, dado o notablemente maior dinamismo das exportacións que das importacións en 2023 (cadro 4). Os grupos coa maior taxa de cobertura seguen a ser, como nos anos anteriores, o da madeira e as súas manufacturas e o de pedra natural, cemento, cerámica e

Cadro núm. 4

Estrutura do comercio exterior de Galicia por grupos arancelarios en 2023*

Capítulos	Grupos	Produtos	Exportacións			Importacións			Taxa de cobertura (%)	Índice de vantaxe comparativa revelada
			Millóns de euros	%	TVI (%) 2023-2022	Millóns de euros	%	TVI (%) 2023-2022		
01/05	I	Animais, peixes e	2.495,1	8,3	2,1	2.669,4	12,8	-7,8	93,5	-3,4
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	311,9	1,0	5,0	539,1	2,6	-25,2	57,9	-26,7
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	170,8	0,6	7,9	392,9	1,9	-18,9	43,5	-39,4
16/24	IV	Produtos de alimentación	1.395,3	4,6	12,3	1.288,1	6,2	-4,2	108,3	4,0
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	1.789,8	6,0	-30,0	3.471,1	16,6	-39,1	51,6	-32,0
28/38	VI	Produtos químicos	1.207,3	4,0	-9,8	586,4	2,8	-14,2	205,9	34,6
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	415,0	1,4	-1,5	557,3	2,7	-8,4	74,5	-14,6
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	239,5	0,8	9,0	92,3	0,4	0,1	259,4	44,4
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	696,8	2,3	-9,8	169,1	0,8	-8,9	412,0	60,9
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	318,5	1,1	-3,2	240,2	1,1	-13,2	132,6	14,0
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	6.867,3	22,9	-0,6	2.983,8	14,3	-11,7	230,2	39,4
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	515,6	1,7	9,8	212,9	1,0	7,8	242,1	41,5
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	490,3	1,6	-3,8	118,6	0,6	-8,0	413,4	61,0
71	XIV	Xoiería	30,7	0,1	-17,3	35,5	0,2	28,5	86,7	-7,1
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.883,7	6,3	-14,2	2.039,7	9,8	-15,0	92,4	-4,0
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	1.695,8	5,6	18,4	2.681,2	12,8	26,2	63,2	-22,5
86/89	XVII	Material de transporte	8.589,6	28,6	23,2	2.309,7	11,1	-55,3	371,9	57,6
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	61,3	0,2	0,9	157,1	0,8	6,5	39,0	-43,8
93	XIX	Armas	0,8	0,0	-6,8	0,4	0,0	-69,9	209,7	35,4
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	430,1	1,4	8,7	334,6	1,6	16,3	128,5	12,5
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	0,4	0,0	-5,8	0,8	0,0	33,0	56,9	-27,5
98-99		Non clasificados	432,7	1,4	-17,9	20,0	0,1	27,0	2.162,7	91,2
Total			30.038,4	100,0	2,6	20.900,1	100,0	-22,2	143,7	17,9

Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

vidro, subindo a deste último en 18 puntos entre 2022 e 2023. Destaca o importante incremento na taxa de cobertura do sector de automoción que, estando orientado á exportación, tradicionalmente tivo tamén unha dependencia significativa das importacións.

O grupo arancelario líder nas exportacións galegas, o de **material de transporte**, aumentou o seu peso no total de exportacións ata o 28,6% despois dun crecemento interanual do 23,2% (frente a unha caída no exercicio anterior que, con datos definitivos, alcanzou o 8,5%). Desá subida é responsable, case na súa totalidade, o incremento nas exportacións do capítulo de automoción (22,6%), que representa o 97,9% das exportacións deste grupo. Tamén contribuíu de forma positiva, aínda que en moita menor medida posto que o seu peso no total non chega ao 1,5%, a subida das exportacións do sector naval cun 38,3%. A participación positiva do sector de aeronaves e a negativa do de material ferroviario son, en calquera caso, insignificantes, ante o reducido valor das exportacións destes capítulos. Dentro da automoción medraron as exportacións de vehículos de turismo (6%) e, sobre todo, dos vehículos de transporte de mercancías (121,3%), alcanzando a suma de ambos un peso no total das exportacións do 89,7% en 2023. Pola contra, diminuíron as exportacións de compoñentes de automoción (-20,7%).

A importante caída nas importacións do sector de automoción en 2023 (-55,6%) é responsable do resultado negativo da variación interanual do grupo (-55,8%), dado que o peso da automoción no grupo de material de transporte é do 99%. Dentro do capítulo de automoción, que xa experimentara unha redución en 2022 (-6%), o peor resultado corresponde, en 2023, ás partes e compoñentes, (-79%), pasando o seu peso relativo no total de importacións do capítulo ao 34,%, cando nos anos anteriores estaba por enriba do 70%. Esa redución ven explicada en boa medida polo cambio cara a produción de automóviles eléctricos. Tamén diminuíron as importacións de automóviles de turismo, un 9,5% (que se suma á caída de 13% do ano anterior); sendo a única contribución positiva de certa importancia a dos automóviles de

transporte de mercancías, que aumentaron as súas importacións en 2023 un 48,5%, incrementando o seu peso relativo no capítulo de automoción ao 21,5%, cando nos anos anteriores estaba en torno ao 6%.

O grupo de **téxtiles e confección** mantén a súa relevancia no comercio exterior galego, ocupando a segunda posición no *ranking* de exportadores e importadores, así como en achega ao superávit comercial; pero o seu dinamismo en 2023 foi moi inferior ao de anos anteriores, representando na actualidade o 22,9% do total de exportacións galegas (despois dunha lixeira caída do -0,57%) e 14,3% do total de importacións (tras unha baixada interanual do 11,7%). Dentro deste grupo, os capítulos de pezas de vestir de punto e non de punto son os protagonistas tanto nas exportacións (entre ambos contan polo 88,5% do total) como nas importacións (76,5% do total). Sendo así, a evolución deses dous capítulos, que dependen case totalmente dos resultados do xigante Inditex, determina os resultados do grupo. En 2023 a venda ao exterior diminuíu para as pezas de vestir de punto (-2,43%) e mantívose case sen variacións para as non de punto (0,33%). As importacións baixaron nos dous capítulos, -12,2% as pezas de vestir de punto e -12,4% as non de punto. No contexto dos últimos anos, comentado xa no anterior *informe*, que, entre outros aspectos, se caracteriza por un cambio nos hábitos de compra, a reorganización loxística das firmas está afectando e afectará os fluxos de comercio. Con todo, as perspectivas a curto e medio prazo non parecen de estancamento ao mostrar os datos provisionais para os dou primeiros meses de 2024 un novo incremento no comercio exterior de pezas de vestir de punto e non de punto.

O grupo de **minerais e combustibles** minerais segue a ser o principal importador en 2023, igual que o ano pasado, a pesar da caída interanual, e é o grupo que presenta o maior déficit comercial (1.681,3 millóns de euros). Polo lado das exportacións, este grupo, que era o terceiro en importancia o ano pasado, pasou ao quinto posto, despois de experimentar unha importante caída no valor das súas exportacións. Por capítulos, o seu comercio correspóndese na súa maioría co capítulo de combustibles, que representa en 2023 o 91,6% das exportacións (fundamentalmente de refino de petróleo) e o 95,3% das importacións (sobre todo cru). A evolución do comercio nos dous últimos anos vén marcada pola elevada inflación no sector, que levou a resultados extraordinarios para o valor do comercio exterior galego deste capítulo en 2022. A variación interanual das exportacións de combustibles en 2023, en -31,67%, responde en boa medida ao incremento do 161,85% do exercicio anterior (xa con datos definitivos). En canto ás importacións, tamén a redución observada en 2023 (-38,4%) responde ao aumento das importacións de combustible nun 105,5% no período anterior. Así, se consideramos a evolución entre 2021 e 2023, o valor das exportacións de combustibles aumentaría un 78,9% e as importacións un 26,5%, cifras que seguramente resultan máis orientadoras da evolución a medio prazo. Eses datos correspóndense, en termos de volume, con crecementos entre 2021 e 2023 de 3,5% para as importacións e de 45,7% para as exportacións de combustibles.

O comercio exterior do grupo **animais, peixes e moluscos, leite e ovos** en 2023 mostra resultados moito menos positivos que no exercicio anterior. O comportamento en negativo do capítulo de pesca, que concentra en 2023 o 72,7% das exportacións e o 90% das importacións, e que acumula nese ano un déficit comercial de 590 millóns de euros, explica a situación. A pesar do incremento importante no valor das exportacións dos capítulos de leite e produtos lácteos (28,7%) e de animais vivos (23,9%), o total de exportacións do grupo só medrou un 2,5%, debido á redución das exportacións de pesca (-1,5%), que contrasta co incremento experimentado en 2022 (14,8%). Polo lado das importacións, o total do grupo mostra unha caída en 2023 do 7,8% (fronte a unha subida do 20% en 2022). A diminución nas importacións de pesca, nun 10,7%, non puido ser compensada polos crecementos nas importacións do resto de capítulos, dado o seu baixo peso no total.

O grupo **metais e as súas manufacturas e ferramentas** varía a súa posición no *ranking* do comercio exterior galego, pasando de quinto a cuarto en exportación, non polos seus bos resultados (as exportacións do grupo caen un 14,%) senón polos datos aínda peores do que era cuarto en 2022, combustibles. Como importador, pasa do quinto ao sexto posto, despois dunha caída do 15% nas súas importacións. Ás exportacións do grupo contribúen negativamente os capítulos fundición de ferro (-21,8%) e aluminio e as súas manufacturas (-27,8%); e de maneira positiva manufacturas de fundición de ferro (21,1%), coa mellor cifra o pasado exercicio (pasando de representar o 16% do total de exportacións do grupo en 2021 ao 28,9% en 2023). A suma dos tres capítulos supón o 89,5% do total de exportacións do grupo. Ao dato negativo da variación interanual das importacións do grupo en 2023 contribúen eses tres capítulos, que suman o 91%: fundición de ferro (-14%), manufacturas de fundición de ferro (-11,6%) e aluminio e as súas manufacturas (-18,8%). A volatilidade nos resultados do capítulo de aluminio e as súas manufacturas nos últimos anos reflicte a complicada situación que sofre a produción do sector e que debería despezarse nos próximos exercicios.

O grupo **caldeiras, maquinaria e material eléctrico** mantén o sexto posto no *ranking* de exportadores, que ocupaba os anos anteriores, pero sobe desde o sexto ao terceiro lugar do de importadores. Cun incremento de 18,38% das exportacións e de 26,% as importacións, este grupo mostra un dinamismo positivo en 2023 que se suma ao do exercicio anterior. Os dous capítulos que compoñen este grupo mostran unha dinámica moi diferente en relación ás exportacións e ás importacións. Máquinas e aparatos mecánicos concentra o 67% das exportacións (cun ascenso interanual do 24,8%), mentres que supón o 33% das importacións (cunha caída interanual de -3,6%). De forma case oposta, aparatos e material eléctrico concentra o 33,4% do total de exportacións (cun aumento interanual do 7,2%) fronte ao 66,6% das importacións (cunha subida do 49,4%). Cabe salientar o importante incremento nas importacións deste último capítulo, no que se inclúen as importacións de baterías (entre as que están as destinadas á fabricación de vehículos de motor híbridos). O crecemento interanual das importacións de acumuladores eléctricos (sección que conta polo 64,4% do capítulo) foi do 112,1% en 2023 (que se suma á subida do 45,4% en 2022).



As exportacións do grupo **produtos da alimentación** medraron en 2023 un 12,3%, que se engade ao 14% do ano anterior. Esta evolución leva a este grupo a ascender un posto no *ranking* de exportadores, da oitava á sétima posición. Aínda que o seu peso no total do comercio exterior non é moi alto (4,6% do total de exportacións), este sector ten moita relevancia para a actividade económica e, sobre todo, para o emprego en Galicia. O grupo mantense na mesma posición que vén ocupando os últimos anos no *ranking* de importadores, a sétima; a pesar da diminución sufrida en 2023 (-4,2%), a cal pode deberse en parte ao importante incremento interanual de 2022 (43,2%), que reflectía a notable subida nos prezos dos produtos de alimentación. En boa medida, a evolución do grupo está determinada pola do principal capítulo, o de conservas de carne e pescado, que cun aumento das exportacións dun 12,2% e unha caída das importacións en -1,2%, presenta un superávit de 205 millóns de euros (fronte aos 87 millóns de euros do ano anterior). Dentro do capítulo de conservas, o maior peso a moita distancia é para as de pescado e, en particular, para as de atún e bonito, que representan o 42,9% das exportacións e o 47,4% das importacións do total do grupo.

O grupo **produtos químicos** pecha o *ranking* dos que exportan máis de mil millóns de euros, ocupando o oitavo posto tanto en exportadores como en importadores. Despois duns moi bos resultados o ano anterior, en 2023 as súas exportacións baixaron en -9,8% (47,4% en 2022) e as importacións en -14,2% (25,6% en 2022). Con eses datos, o grupo presenta un superávit de 621 millóns de euros e a taxa de cobertura crece ata o 205,9%.

O resto de grupos mostran todos un peso no total do comercio exterior inferior ao 3%. Entre estes, o principal exportador é o da **madeira e as súas manufacturas**, que supón o 2,3% do total de exportacións. Despois duns moi bos resultados os dous anos anteriores, a evolución do grupo foi negativa en 2023: as exportacións caeron un 9,8% e as importacións un 8,9%. Incrementan as exportacións de madeira en bruto (20,5%) e diminúe a exportación de taboleiros que, ao representar o 60% do total de exportacións do grupo, levan o total de exportacións a un decrecemento. O sector segue a presentar superávit (527,7 millóns de euros) e é un dos de maior taxa de cobertura (411,6%).

Evolución dos índices de comercio exterior

Anteriormente, no cadro 3, mostráronse os valores que presentan algúns dos índices que caracterizan o comercio exterior galego no seu conxunto: a taxa de cobertura, o grao de apertura comercial e a porcentaxe das exportacións no PIB. No cadro 4 recóllense os valores que toma a taxa de cobertura por grupo arancelario, que xa foron comentados, e, tamén, o **índice de vantaxe comparativa revelada** (VCR). O valor que reflecte o índice de VCR en 2023 indica que os grupos arancelarios nos que Galicia presenta vantaxe comparativa con especialización exportadora en 2023 son, maioritariamente, os mesmos que o ano anterior, e mellorando esa vantaxe (produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro; peles, coiros e as súas manufacturas; calzado, paraugas e sombreiros; materiais téxtiles e confección), coa excepción do grupo de madeira e as súas manufacturas que, se ben segue entre os de maior VCR, viu diminuír o valor do índice lixeiramente respecto ao ano anterior. A novidade en 2023 é que Galicia tamén presenta vantaxe comparativa con especialización exportadora no grupo de material de transporte. Esta era xa a situación para o comercio de turismos e vehículos de transporte de mercancías, pero a especialización importadora en partes e accesorios "compensaba" parcialmente esa vantaxe; o cambio notable en 2023, e que altera os resultados do índice, é a caída significativa nas importacións de compoñentes. Seguen a presentar especialización importadora dous grupos cun peso moi reducido no total do comercio galego (graxas e aceites vexetais e animais; e instrumentos de precisión e relojería). Poderíamos concluír entón que, respecto dos



de pescado; aluminio e as súas manufacturas ou máquinas e vehículos automóbiles, que en 2022 presentaba un 87% de comercio intraindustrial, baixa esa porcentaxe en 2023 ao 43%, o que explica o cambio no valor do índice para o conxunto do comercio exterior galego.

Outra característica relevante do comercio exterior dunha economía é o grao de concentración das súas exportacións e importacións. Considerando novamente os 98 capítulos Taric, calculamos os **índices de concentración** mediante o índice de Herfindhal-Hirschman normalizado (IHNN), que toma valores entre 0 e 1. A evolución deste índice nos últimos anos mostra unha maior volatilidade que nos anteriores, tanto para as exportacións como para as importacións (gráfico 5). Despois dunha diminución importante en 2022, o grao de concentración das exportacións volve aumentar en 2023 como consecuencia, fundamentalmente, do incremento relativo das exportacións de vehículos, que pasa de supoñer o 23,4% do total de exportacións en 2022 ao 28% en 2023. O valor que toma o índice (0,103), e recordando que a convención é considerar un nivel de concentración alto cando o índice toma valores superiores a 0,18 e baixo para valores inferiores a 0,10, indica que a concentración das exportacións non é alta en Galicia, e segue a ser menor do que era antes da pandemia da COVID-19, cunha tendencia xeral cara a unha maior diversificación.

A concentración das importacións continúa diminuíndo ao igual que nos últimos anos. O valor do índice para 2023 (0,063) indica que as importacións galegas están moi diversificadas. O incremento desa diversificación explícase en boa medida, tamén, pola evolución de automoción. A notable caída nas importacións do sector automoción levou o sector a pasar de concentrar o 19,1% do total en 2022 ao 10,9% en 2023.

Nivel tecnolóxico dos bens que se comercian

Para aproximarnos ao comercio exterior segundo a intensidade tecnolóxica dos bens que se comercian, tomamos os datos de fluxos comerciais da **Clasificación de produtos por actividade (CPA)**, que é legalmente vinculante na Comunidade Europea e constitúe a versión europea da Clasificación central de produtos (CPC) elaborada e recomendada pola ONU. A CPA, ademais de ser máis detallada que a CPC, difire no criterio de estruturación: fronte á clasificación pola natureza dos produtos (propiedades físicas e composición) da CPC, a CPA segue o criterio de orixe de produción dos produtos (segundo a actividade económica da que proceden). Deste xeito, a estrutura da CPA axústase á CNAE, que era a que usabamos ata o de agora.

grupos arancelarios, nos principais grupos do comercio exterior (material de transporte e téxtiles e confección) Galicia ten vantaxe comparativa con especialización exportadora e no resto dos grupos arancelarios relevantes existe comercio intraindustrial. Pero, como xa se comentou, o cálculo dun índice de comercio intraindustrial aconsella un maior grao de desagregación.

Empregando o índice de Grubel e Lloyd a partir dos datos de exportación e importación dos 98 capítulos da clasificación arancelaria Taric, observamos que este **índice de comercio intraindustrial** diminúe considerablemente en 2023, ata 0,60, reflectindo a dinámica do comercio exterior do capítulo con maior peso no comercio galego, o de automoción, como xa se sinalou; a evolución móstrase no gráfico 4. Se, en conxunto, só o 60% do comercio exterior galego en 2023 é de tipo intraindustrial (fronte a un 71% o ano anterior), a situación para os diferentes capítulos Taric é moi variada. Seguen a presentar porcentaxes de comercio intraindustrial superiores ao 80% algúns dos capítulos relevantes para o comercio exterior galego como: pescado, crustáceos e moluscos; conservas

Cadro núm. 5

Evolución do comercio exterior en Galicia de produtos da industria manufacturera por nivel tecnolóxico
(en millóns de euros)

Nivel tecnolóxico	Denominación	Exportacións			Importacións		
		2008	2022	2023*	2008	2022	2023*
Alto	21 Fabricación de produtos farmacéuticos	82,6	110,3	89,1	395,0	59,7	73,6
	26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	52,9	163,4	178,9	188,6	298,8	258,3
	303 Construción aeronáutica e espacial	0,4	17,6	53,9	2,3	6,4	3,5
	Total do nivel tecnolóxico alto	135,8			585,9		
	% sobre o total	0,9	0,8	1,1	5,0	1,0	1,6
Medio-Alto	20 Industria química	328,7	1.149,6	1.190,4	542,2	1.181,7	837,6
	254 Fabricación de armas e munições	1,3	0,9	0,8	0,6	1,3	0,4
	27 Fabricación de material e equipo eléctrico	661,2	438,3	481,6	482,9	881,2	1.477,1
	28 Fabricación de maquinaria e equipo	335,6	841,3	1.056,9	514,7	899,8	863,5
	29 Fabricación de vehículos de motor	5.821,2	6.911,3	8.431,6	2.604,8	5.288,9	2.464,8
	302 Fabricación de locomotoras e material ferroviario	0,1	0,5	0,3	3,7	2,1	1,8
	304 Fabricación de vehículos militares	0,0	2,6	2,7	0,0	5,7	4,5
	309 Fabricación doutro material de transporte	5,8	1,9	2,1	21,7	14,2	16,9
	325 Fabricación de instrumentos e subministracións médicas e odontolóxicos	4,2	101,1	113,7	8,7	80,8	81,2
	Total do nivel tecnolóxico medio-alto	7.158,2			4.179,3		
% sobre o total	48,1	31,4	37,6	35,7	31,0	27,5	
Medio-Baixo	182 Reprodución de soportes gravados	0,0			0,0		
	19 Coquerías e refino de petróleo	548,6	2.381,9	1.476,1	630,6	1.082,7	587,2
	22 Fabricación de produtos de caucho e plástico	118,0	284,2	268,0	198,4	271,4	276,6
	23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	337,0	573,2	533,8	149,7	149,0	140,8
	24 Metalurxia; produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	970,1	1.680,0	1.174,0	1.374,4	1.769,6	1.484,4
	25 Fabricación de produtos metálicos excepto maquinaria e equipo (agás 254)	201,9	616,6	748,9	265,0	458,1	421,3
	301 Construción naval	164,4	89,6	124,2	57,9	19,0	18,5
	33 Reparación e instalación de maquinaria e equipo	0,0	0,0		0,0		
	Total do nivel tecnolóxico medio-baixo	2.340,0			2.676,1		
	% sobre o total	15,7	20,9	14,4	22,9	14,2	14,0
Baixo	10 Industria da alimentación	1.580,2	3.521,7	3.660,9	1.720,2	4.390,4	4.087,2
	11 Fabricación de bebidas	31,7	101,2	118,9	12,4	42,5	41,4
	12 Industria do tabaco	0,2	3,2	3,4	0,0	0,0	0,0
	13 Industria téxtil	303,0	783,3	794,3	405,3	776,7	704,2
	14 Confección de pezas de vestir	2.288,5	6.176,9	6.131,8	1.387,2	2.622,6	2.305,6
	15 Industria do coiro e do calzado	267,9	607,2	679,1	70,7	241,2	266,8
	16 Industria da madeira e da cortiza	332,8	650,8	556,8	266,3	163,3	145,2
	17 Industria do papel	303,2	317,5	308,0	166,1	271,1	235,7
	181 Artes gráficas	0,8	0,3	0,5	0,1	0,1	0,1
	31 Fabricación de mobles	71,0	248,5	297,3	171,6	201,8	257,6
	32 Outras industrias manufactureras (agás 325)	66,1	234,7	229,9	56,1	178,6	163,9
	Total do nivel tecnolóxico baixo	5.245,3			4.256,0		
% sobre o total	35,3	40,1	42,5	36,4	31,1	39,3	
Total	14.879,3	29.286,2	30.038,4	11.697,2	26.871,6	20.900,1	

* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Empregamos os datos das exportacións e importacións galegas utilizando a desagregación da CPA a tres díxitos e agregando segundo a proposta de Eurostat, considerando catro grupos en función do grao de intensidade tecnolóxica: alta, media-alta, media-baixa e baixa (cadro 5). Entendemos que esta clasificación é representativa para o total de fluxos comerciais galegos, xa que a suma dos produtos que se integran nos catro grupos contan polo 95,6% do total de exportacións en 2023, e algo menos para o total de importacións (82,4%).

As exportacións que fixo Galicia en 2023 de produtos de intensidade tecnolóxica alta segue sendo moi pequena (1% do total), aínda que medrou respecto ao ano anterior, consecuencia do incremento nun 18% na exportación de produtos informáticos e aeronáuticos (que experimentaron un grande aumento, pasando a representar o 17% do total deste grupo). Pola contra, en España diminuíu a porcentaxe de exportacións de intensidade tecnolóxica alta debido á redución das exportacións de produtos farmacéuticos, que concentran o 58% do total das exportacións deste tipo, así como pola evolución do resto de grupos. Con todo, a porcentaxe en España (9%) é moito máis alta que en Galicia.

As exportacións do grupo de produtos de intensidade tecnolóxica media-alta está moi concentrada en automoción, en 2023 case o 75%. Polo tanto, a boa dinámica relativa das exportacións deste sector levan a un incremento da porcentaxe de exportacións galegas neste grupo ata o 37,6% (seis puntos porcentuais máis que o ano anterior). A este resultado tamén contribúe o incremento interanual das


exportacións de produtos da industria química e da fabricación de maquinaria e equipo, sectores cun peso en torno ao 10% do total do grupo de intensidade media-alta. A porcentaxe de exportacións que concentran os produtos con intensidade tecnolóxica media-baixa diminúe en 2023 ata o 14,4% (20,9% en 2022). A variación interanual das exportacións dos dous principais sectores deste grupo, as de refino de petróleo (-48,1%), tras unha importante suba o ano anterior, e as de metalurxia e fabricación de produtos de ferro e aceiro (-28,9%), contribúen a ese importante cambio.

Polo tanto, podemos concluír que as exportacións galegas están concentradas nos produtos de intensidade media, cun peso do 52% do total, en liña co ano anterior, pero cun incremento das de intensidade media-alta e unha diminución das de intensidade media-baixa. Cando consideramos os catro grupos, o que maior peso ten no total de exportacións é o de produtos con intensidade tecnolóxica baixa, que medra en 2023 ata o 42,5% do total de exportacións. O aumento máis que proporcional nas exportacións dos dous principais sectores deste grupo, confección de pezas de vestir e industria da alimentación, explican o resultado.


As importacións galegas, cunha estrutura similar á das exportacións, tamén se concentran en 2023 nos produtos de intensidade tecnolóxica baixa. A subida das importacións de produtos de confección de pezas de vestir e da industria da alimentación, que son os máis relevantes, contribuíron ao incremento do peso deste grupo no total de importacións ao 39,2% (31,1% en 2022), así como a diminución do peso do grupo de intensidade media-alta. As importacións de intensidade tecnolóxica media-alta representan o 27,5% do total (31% en 2022), e a participacións das de intensidade media-baixa mantense no 14% do total. A porcentaxe das importacións de intensidade alta (concentrada nos produtos informáticos e electrónicos) aumentou en 2023, pero segue sendo moi pequena, 1,6% do total. En España, a importación de produtos de intensidade alta supón o 14,2% do total.

Destino e orixe do comercio exterior galego en 2023

O menor incremento das exportacións galegas en 2023 respecto ao ano anterior deuse nun contexto de crecemento moi moderado dos principais mercados aos que exportamos os nosos produtos, os da Unión Europea. Para os próximos anos, a previsión é de aumento da actividade económica e o comercio



mundiais, como xa se sinalou, e dunha recuperación da zona euro, que é, dentro de Europa, o principal mercado ao que se seguen a dirixir as exportacións galegas.



O destino das exportacións de Galicia en 2023 é fundamentalmente Europa (o 82%), a mesma porcentaxe que o ano anterior. Pero a distribución por destinos europeos cambiou. As exportacións á zona euro diminuíron (-1,2%), mentres que subiron as exportacións ao resto da UE-27 (10,7%) e, sobre todo, as que se dirixen ao resto de Europa (18,3%). Así, o peso da zona euro como destino das exportacións galegas baixa (3 puntos porcentuais), aínda que segue a ser o principal, como o é tamén para o conxunto de España, pero en menor medida (gráfico 6).

A diferente evolución do comercio exterior de Galicia e España, tanto do total como nas orixes e destinos, afecta os datos relativos recollidos no cadro 6. A participación de Galicia no total de exportacións de España é maior para a zona euro (8,8%) e, sobre todo, para o resto da UE-27 (11,2%), que a nivel agregado (7,8%). Para as importacións, a participación galega no total (4,9%) é menor que para as exportacións, o que reflicte a vantaxe comparativa con especialización exportadora do

comercio exterior galego, mostrando para a zona euro e para o resto da UE unha cifra menor a ese termo medio.

Por países, os catro principais destinos das exportacións galegas seguen a ser en 2023 os mesmos países da zona euro que no ano anterior (cadro 7). Liderando o *ranking* están Francia e Portugal, seguidos

Cadro núm. 6

Evolución do comercio exterior en Galicia e España (en millóns de euros)

	Exportacións					Importacións				
	2019	2020	2021	2022	2023*	2019	2020	2021	2022	2023*
Galicia										
Zona euro	13.789,3	13.193,0	14.689,6	18.497,5	18.272,0	9.796,9	8.643,4	9.770,0	11.148,4	7.329,2
Resto UE-27	1.851,0	1.838,5	2.090,7	2.639,8	2.920,4	555,1	512,8	596,7	1.012,5	734,1
Resto de Europa	2.340,6	2.344,9	2.532,5	2.716,7	3.213,2	1.640,7	1.327,0	1.460,2	1.906,8	1.910,8
África	1.183,6	998,8	1.487,5	1.595,3	1.757,6	2.758,5	1.802,4	2.262,5	3.076,4	2.779,2
América	1.735,6	1.226,3	1.765,0	2.034,5	2.226,8	2.639,0	2.112,4	3.286,4	5.035,5	3.533,6
Asia	1.120,7	882,6	1.079,5	1.417,1	1.221,2	2.384,0	2.243,3	2.592,2	4.374,8	4.395,0
Oceanía	32,4	273,5	331,4	44,0	44,5	103,9	93,0	97,4	152,0	87,9
Sen determinar	204,8	195,8	233,1	341,1	382,8	41,3	37,5	67,6	165,5	130,2
Total	22.258,1	20.953,5	24.209,4	29.286,2	30.038,4	19.919,5	16.771,7	20.133,0	26.871,6	20.900,1
España										
Zona euro	150.358,5	140.821,2	170.626,3	213.539,4	208.396,6	137.906,2	121.937,2	147.421,5	174.075,1	175.775,9
Resto UE-27	18.803,2	17.500,5	20.612,3	24.360,7	26.175,9	20.472,3	19.056,7	21.890,1	28.003,7	28.955,9
Resto de Europa	36.319,9	32.872,8	37.419,5	42.479,1	44.664,2	31.184,6	25.741,9	35.608,3	41.097,2	33.531,1
África	18.571,5	15.613,6	18.509,2	21.137,2	19.870,6	27.297,1	19.037,9	28.011,5	42.580,2	34.288,8
América	31.273,2	25.996,3	31.953,5	40.151,1	41.518,0	33.725,4	29.280,8	36.967,5	64.369,4	54.324,7
Asia	26.676,9	24.954,6	28.355,1	32.089,8	29.340,8	67.240,1	58.058,0	71.475,4	103.245,6	91.458,0
Oceanía	1.863,9	1.789,4	1.963,8	2.002,0	2.169,6	783,7	633,8	953,8	1.427,4	1.192,9
Sen determinar	7.025,6	4.079,8	5.418,9	11.839,7	11.552,9	3.827,6	3.178,9	3.955,3	4.404,0	4.721,5
Total	290.892,8	263.628,3	314.858,5	387.599,0	383.688,6	322.436,9	276.925,1	346.283,4	459.202,6	424.248,7
%Galicia/España										
Zona euro	9,2	9,4	8,6	8,7	8,8	7,1	7,1	6,6	6,4	4,2
Resto UE-27	9,8	10,5	10,1	10,8	11,2	2,7	2,7	2,7	3,6	2,5
Resto de Europa	6,4	7,1	6,8	6,4	7,2	5,3	5,2	4,1	4,6	5,7
África	6,4	6,4	8,0	7,5	8,8	10,1	9,5	8,1	7,2	8,1
América	5,5	4,7	5,5	5,1	5,4	7,8	7,2	8,9	7,8	6,5
Asia	4,2	3,5	3,8	4,4	4,2	3,5	3,9	3,6	4,2	4,8
Oceanía	1,7	15,3	16,9	2,2	2,0	13,3	14,7	10,2	10,6	7,4
Sen determinar	2,9	4,8	4,3	2,9	3,3	1,1	1,2	1,7	3,8	2,8
Total	7,7	7,9	7,7	7,6	7,8	6,2	6,1	5,8	5,9	4,9

* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 7

Estrutura espacial do comercio exterior de Galicia

Principais países de procedencia e destino dos intercambios

	2021		2022		2023*		TVI (%) 2023*-2022
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Exportacións							
Francia	4.962,9	20,5	5.280,8	18,0	5.282,6	17,6	0,0
Portugal	3.174,9	13,1	4.153,7	14,2	4.220,0	14,0	1,6
Italia	2.323,0	9,6	2.812,1	9,6	3.015,4	10,0	7,2
Alemaña	1.273,8	5,3	1.777,2	6,1	1.815,2	6,0	2,1
Polonia	1.110,8	4,6	1.477,4	5,0	1.684,3	5,6	14,0
Reino Unido	1.310,0	5,4	1.465,6	5,0	1.446,3	4,8	-1,3
Marrocos	1.034,4	4,3	1.217,6	4,2	1.269,8	4,2	4,3
Bélxica	780,4	3,2	1.170,0	4,0	1.223,6	4,1	4,6
Turquía	544,8	2,3	585,8	2,0	1.178,3	3,9	101,1
Países Baixos	927,0	3,8	1.607,9	5,5	976,9	3,3	-39,2
Resto de países	6.767,3	28,0	7.738,1	26,4	7.926,1	26,4	2,4
Total	24.209,4	100,0	29.286,2	100,0	30.038,4	100,0	2,6
Importacións							
Portugal	2.010,6	10,0	2.738,8	10,2	2.628,9	12,6	-4,0
China	1.330,6	6,6	2.116,8	7,9	2.591,4	12,4	22,4
Francia	5.292,7	26,3	5.105,6	19,0	1.712,3	8,2	-66,5
Estados Unidos	1.283,4	6,4	1.937,9	7,2	1.179,2	5,6	-39,2
Marrocos	971,5	4,8	1.001,9	3,7	1.168,1	5,6	16,6
Italia	751,2	3,7	906,3	3,4	850,2	4,1	-6,2
Alemaña	678,9	3,4	768,5	2,9	797,2	3,8	3,7
Turquía	587,5	2,9	759,8	2,8	707,8	3,4	-6,8
Países Baixos	392,3	1,9	654,8	2,4	504,1	2,4	-23,0
Arxentina	536,1	2,7	568,8	2,1	483,3	2,3	-15,0
Resto de países	6.298,2	31,3	10.312,4	38,4	8.277,6	39,6	-19,7
Total	20.133,0	100,0	26.871,6	100,0	20.900,1	100,0	-22,2

* Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

de Italia e Alemaña. Os catro concentran arredor do 47% do total de exportacións galegas. As seguintes posicións cambian de xeito importante, dada a moi diferente dinámica do comercio cos distintos socios en 2023. A caída das exportacións aos Países Baixos (-39,2%) desprazan este socio do quinto posto en 2022 ao último entre os dez principais en 2023. O 24% das exportacións a este país en 2022 eran de combustibles, que descenderon un 80% entre ese ano e 2023. Dos países do resto da UE-27, Polonia continúa a ser o único, pasando a ocupar a quinta posición despois dun aumento interanual das exportacións a este país nun 14%, que se suma ao incremento do ano anterior; subidas vinculadas en boa medida á presenza de centros loxísticos de Inditex nese país, como xa se sinalou (de feito, o 68,5% das exportacións a Polonia corresponden aos capítulos de pezas de vestir). Do resto de Europa, cabe destacar a Reino Unido, que segue ocupando o sexto lugar, a pesar de que as vendas a este país baixaron lixeiramente en 2023 (-1,3%) e o seu peso como destino das exportacións galegas vai caendo ano a ano tras o Brexit. As principais vendas a ese país son de automóbiles (en 2023 concentraron o 65% do total de exportacións galegas a Reino Unido). Pero, sobre todo, sobresa Turquía, que volve entrar neste grupo de socios principais tras a subida en máis do 100% das exportacións a este país, que se explica polo ascenso dun 128% nas exportacións do sector de automoción (fundamentalmente vehículos de turismo), que supuxeron o 82% das exportacións a ese país en 2023.

Respecto ao resto das áreas xeográficas, en 2023 creceron as exportacións a África (10,2%) e a América (9,4%) e diminuíron as vendas a Asia (-13,8%). De todos os países destas rexións, só Marrocos segue incluído entre os dez principais socios. As exportacións a este país medraron en 2023 un 4,3%, porcentaxe menor á que mostra o total do continente, polo que o peso de Marrocos no total das exportacións a África vai baixando; o que indica a maior diversificación dos destinos das exportacións galegas tamén nese continente. Estados Unidos, que pechaba o *ranking* dos principais dez destinos das exportacións o ano anterior, sae desa clasificación tras diminuír as exportacións a ese país en -3%, e nun contexto de dinámica positiva doutros territorios. Estados Unidos e México son os maiores destinos en América e xuntos concentran o 56% das exportacións galegas ao continente americano. En Asia, as exportacións a China medraron en 2023 (4,6%) e baixaron as que van a Xapón (-10,8%) e a Israel (-14,9%); a evolución nestes países, que son os principais socios, contribúen á caída no peso relativo deste continente no conxunto das exportacións galegas, do 4,8% en 2022 ao 4% en 2023.

Como cabe esperar, o peso de Europa como orixe das importacións é moito menor que como destino das exportacións, tanto para Galicia como para o conxunto de España. O peso da zona euro sobre o total de importacións descendeu en 2023 en relación ao do ano anterior no caso de Galicia (do 41% ao 35%) e medrou no de España (do 38% ao 41%). Cinco países desta zona figuran entre os maiores socios comerciais de Galicia, en exportacións e importacións (Francia, Portugal, Italia, Alemaña e Países Baixos), aínda que a suma dos cinco ten un significado moito menor no total das importacións (31%) que no das exportacións galegas (51%), e a evolución e as posicións relativas son diferentes nas dúas vertentes do comercio exterior (cadro 7). As importacións desde os dez principais países baixaron en 2023 para todos eles, coa excepción de China e Alemaña; mentres que as exportacións cara aos principais dez socios subiron en todos os casos, coas excepcións de Reino Unido e Países Baixos.

Despois de moitos anos sendo o primeiro país orixe das importacións galegas, Francia caeu en 2023 ao terceiro posto, tras Portugal e China, ao sufriren unha enorme redución as importacións que fai Galicia desde este país (-66,5%), e que se concentran maioritariamente no sector da automoción. Francia, pasou de supoñer o 19% do total das importacións que fixo Galicia en 2022 (e máis do 25% os anos anteriores) a tan só o 8,2% en 2023. Tamén diminuíron as procedentes do resto dos principais socios da zona euro, aínda que en menor medida: Países Baixos (-23%), Italia (-6,2%) e Portugal (-4%); coa excepción de Alemaña, onde creceron un 3,7%.

Coa evolución comentada para as exportacións e as importacións en 2023, o saldo comercial de Galicia cos distintos ámbitos xeográficos europeos é positivo, e ese superávit máis que compensa o déficit comercial co resto de continentes, en particular, con Asia (3.174 millóns de euros), que se debe basicamente ao déficit con China (2.357 millóns de euros). China é o país de Asia do que máis se importa, con moita diferenza, aumentando esas importacións en 2023 un 22,4%; e xa concentra o 12,4% do total das importacións que fixo Galicia en 2023 (semellante ao peso de Portugal, 12,6%). As importacións desde China están diversificadas, pero case a metade corresponde ao capítulo de aparatos e material eléctrico, no que subiron un 81% en 2023, que xa concentra nese ano o 71% do total das importacións que fai Galicia deste capítulo.

Con América, o saldo tamén é negativo, pero o déficit reduciuse a un terzo ao medrar as exportacións (9,4%) e caer as importacións (-29,8%). Estados Unidos e Arxentina (que desbanca a México) son os países americanos que figuran entre os dez principais socios dos que importa Galicia, a pesar de que as

operacións desde estes países baixaron en 2023 (-47% no caso de Estados Unidos e -15% no de Argentina). Galicia importa de Estados Unidos combustible (o 81% do total de importacións que fixo Galicia desde este país en 2023 corresponderon a combustibles). De feito, en 2023 o 28,6% do valor das importacións de combustibles procedían de Estados Unidos, malia descender un 42,6%, en gran medida polos menores prezos. De Argentina impórtanse sobre todo pescados, crustáceos e moluscos (64% do total das importacións desde ese país en 2023).

As importacións desde África concéntranse en Marrocos, que subiron un 16,6% en 2023, de xeito que este país conta polo 42% do total de importacións desde África e o 6% do total que fixo Galicia en 2023, cun peso moi similar ao dos Estados Unidos. As importacións desde Marrocos están diversificadas, correspondendo sobre todo a aparatos e material eléctrico (24% do total de importacións desde ese país), capítulo no que creceron un 36% en 2023; pero tamén pescados, crustáceos e moluscos (21% do total) e pezas de vestir (20% do total), cun volume que case non varía, e automoción (15% do total), que medrou en 2023 un 60%.

O comercio exterior galego cos principais socios en 2023

Tradicionalmente, Francia e Portugal foron os maiores socios comerciais de Galicia (cadro 7), tanto como destino das exportacións como orixe das importacións. En 2023, ese segue a ser o caso para as exportacións pero non así para as importacións.


O valor total das exportacións a Francia mantívose sen cambios en 2023, o que, no contexto de incremento interanual das exportacións de Galicia nun 2,6%, levou a este país a baixar lixeiramente o seu peso como destino das exportacións de Galicia (do 18% ao 17,6%), caída que se suma á do ano anterior. O principal sector de exportación a Francia en 2023 segue a ser o da automoción, a pesar da variación interanual en -6,5%. Esta diminución reduciu o seu peso no total de exportacións galegas a Francia, desde o 45% en 2022 ao 42%. Dentro do sector, a dinámica é diferente para vehículos e para compoñentes. Contribúe positivamente a exportación de vehículos de transporte de mercancías (cun crecemento interanual de 165,6%), pasando de concentrar o 11,2% do total de exportacións do sector a Francia en 2022 ao 31,8% en 2023. Contribúen negativamente as exportacións de automóviles de turismo (variación interanual de -17,5%), que caen do 67% ao 59,1%, e, sobre todo, as exportacións de partes e accesorios (-61,5%), que descenden do 22% ao 9% en 2023, no contexto xa mencionado de transformación deste sector pola cada vez maior presenza dos motores eléctricos.

O segundo sector en importancia nas exportacións a Francia é nos últimos anos o de pezas de vestir (de punto e non de punto) que, tras un crecemento interanual do 5,9%, concentran en 2023 o 18,2%, un punto porcentual máis que o ano anterior.


Polo lado das importacións, Francia pasa a ocupar o terceiro lugar no *ranking* de socios comerciais de Galicia, por detrás de Portugal e China, non polo comportamento especialmente dinámico das importacións procedentes destes socios senón pola enorme caída interanual das de Francia (-66,5%); o que leva a este país a diminuír o seu peso no total de importacións de Galicia desde o 19% en 2022 ao 8,2% en 2023. Os produtos que Galicia compra en Francia concéntranse tamén, na súa maioría, en automoción, a pesar de que, despois de sufrir unha variación interanual de -77,6%, este sector diminuíra considerablemente o seu peso no total de importacións que Galicia fai desde Francia, desde o 78,6% en 2022 ata 52,4% en 2023. Á variación interanual das importacións de Francia neste sector contribúe a redución na importación de vehículos de turismo (-3,2%), pero, sobre todo, o derrubamento da importación de partes e accesorios de

vehículos (-94,7%), xa comentada. Esta diferente evolución cambia radicalmente o peso relativo destas partidas arancelarias no total do sector. As importacións de partes e accesorios pasa de concentrar o 82% do total de importacións do capítulo de vehículos automóviles en 2022 ao 20% en 2023, mentres que a partida de automóviles de turismo pasa do 17% ao 75%.

A caída moito maior das importacións que das exportacións conduce a un saldo comercial positivo no sector de automoción (1.320 millóns de euros) en 2023, fronte a unha situación de déficit nos anos anteriores. O



comercio de pezas de vestir tamén presenta un crecente superávit (960 millóns de euros en 2023), ante unhas exportacións que aumentan e unhas importacións case inexistentes neste capítulo para o comercio con Francia. A evolución das exportacións, importacións e o saldo comercial con Francia a nivel agregado (gráfico 7) mostra a dinámica comentada para os principais sectores: despois de volver a positivo o saldo comercial en 2022 polo incremento das exportacións e a baixada das importacións; o superávit dispárase en 2023 como consecuencia exclusiva da redución das importacións e, en particular, das importacións de compoñentes de automoción.



O segundo socio comercial de Galicia en 2023 segue a ser Portugal, como nos anos anteriores, aínda que mostrando cambios relevantes na evolución de ambos os socios que os levan a modificar a súa participación relativa. Portugal mantén o seu peso no total de exportacións de Galicia (14%) despois de experimentar un incremento interanual do 1,6% as exportacións galegas a ese país. A caída dun 4% nas importacións con orixe en Portugal, moito menor que para o total de importacións de Galicia, fixo que o seu peso relativo no total de importacións subise do 10,2% en 2022 ao 12,6% en 2023, situando a Portugal na primeira posición do *ranking*, aínda que a moi pouca distancia de China.

Os fluxos comerciais entre Galicia e Portugal están moito máis diversificados que os intercambios con Francia; diversificación que está crecendo, como corresponde á maior proximidade e intensidade das relacións comerciais con Portugal e ao peso relativo do sector de automoción no comercio galego e nos intercambios con Francia. A suma dos dez principais capítulos de exportación a Portugal concentran en 2023 o 67,4% das exportacións galegas a ese país (69% en 2022). No caso de Francia, os dez maiores capítulos de exportación supoñen en 2023 e 2022 algo máis do 84%. Para as importacións a diferenza é incluso maior. Os dez primeiros capítulos dos que Galicia importa de Portugal acaparan o 67,9% do total de importacións que fai Galicia desde Portugal (73,2% en 2022). Para Francia, en 2023 os dez principais capítulos de importación significan o 87,3%, cifra que se alcanza despois da gran diminución das importacións desde ese país en 2023, porque para 2022 o valor era do 92,2%.

A evolución das exportacións e as importacións leva a un incremento do superávit comercial con Portugal en 2023, que xa se viña observando nos anos anteriores (gráfico 8).

Os produtos que máis se exportaron a Portugal en 2023 foron as pezas de vestir (de punto e non de punto) que, en conxunto, representan o 14,7% do total das exportacións galegas a Portugal. Os combustibles, a pesar da caída interanual nas súas exportacións (-32,6%), en boa medida como consecuencia da baixada nos prezos, segue a ser o segundo capítulo con maior peso relativo (11%). Tamén teñen unha relevancia crecente as exportacións de automoción, o 9,6% do total, despois dun incremento interanual do 33,7%. Case a metade das exportacións de automoción corresponde a partes e accesorios, pero son as de vehículos para transporte as que máis están aumentando (136% en 2023). Con todo, as exportacións de automoción a Portugal son pouco máis do 30% das que se envían a Francia. As exportacións de produtos da pesca case non variaron en 2023, mantendo o seu peso relativo no 8,7%, o que os converte no cuarto capítulo en importancia.

Algúns dos principais capítulos que concentran as importacións que fai Galicia desde Portugal son os mesmos que para as exportacións, malia que cunha evolución e peso relativo distinto. A importación de pezas de vestir (de punto e non de punto) que, a diferenza das exportacións destes produtos, diminuíron en 2023, supoñen o 14% do total. As importacións de produtos da automoción tamén son relevantes (13,6% do total) e subiron en 2023 un 4,2%; así como as importacións de produtos da pesca que, a pesar de baixar en -17,8% en 2023, aínda concentran o 7,3% do total. Pero, o principal capítulo de importación desde Portugal é o de fundición de ferro e aceiro, que acapara o 13,8% do total de importacións en 2023, a pesar dunha redución do -14,6%.

As empresas galegas no comercio exterior

A evolución do número de empresas galegas que participan no comercio exterior (cadro 8) é oposta dependendo da dirección do fluxo comercial. En 2023, a pesar de que o volume exportador galego medra, o número de empresas exportadoras cae de novo, pero con maior intensidade que en 2022 (-20% en 2023

Cadro núm. 8

Número total de empresas galegas exportadoras e importadoras

	2020	2021	2022	2023
Exportadoras	7.121	9.376	8.496	6.823
Importadoras	13.696	19.530	16.478	17.500

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

fronte ao -9% en 2022), o que pode indicar un problema de parte das empresas para asentarse nos mercados estranxeiros. Porén, a cantidade de empresas importadoras, xa moito máis numerosa, crece un 6% situándose en 17.500.

En canto ao tipo de produtos que se comercian (cadro 9), a estrutura empresarial mantense estable, existindo catro grupos que destacan por superar o limiar do millar de empresas exportadoras xa hai moitos anos, con especial referencia a un tipo de produto que desde 2021 supera as 2.000 empresas exportadoras. Este último é o grupo de produtos de caldeiras, maquinaria e material eléctrico, que xunto cos outros tres (metais e as súas manufacturas e ferramentas; materias téxtiles e confección; e produtos de alimentación) acumulan o 39% do total de empresas exportadora galegas. Se ben a evolución no número de empresas nestes catro grupos foi negativa en 2023, especialmente para materias téxtiles e confección (-13%) e caldeiras, maquinaria e material eléctrico (-9%); gañan peso sobre o total, xa que a caída no número de empresas exportadoras foi máis acusada. En 2023 tan só catro grupos de produtos incrementan

Cadro núm. 9

Número de empresas galegas exportadoras e importadoras por grupos arancelarios

Capítulos	Grupos	Produtos	2021	2022	2023	TVI (%) 2023/2022
Exportacións						
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	671	686	673	-1,9
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	265	273	273	0,0
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	69	71	69	-2,8
16/24	IV	Produtos de alimentación	1.342	1.342	1.290	-3,9
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	253	258	249	-3,5
28/38	VI	Produtos químicos	893	934	943	1,0
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	969	998	1.013	1,5
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	256	251	216	-13,9
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	354	369	367	-0,5
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	577	544	501	-7,9
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	1.697	1.532	1.334	-12,9
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	394	318	288	-9,4
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	516	532	551	3,6
71	XIV	Xoiería	109	94	89	-5,3
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.701	1.725	1.696	-1,7
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	2.200	2.162	2.016	-6,8
86/89	XVII	Material de transporte	1.140	958	753	-21,4
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	498	475	422	-11,2
93	XIX	Armas	8	8	11	37,5
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	758	766	747	-2,5
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	39	50	41	-18,0
98-99		Non clasificados	4.185	3.703	2.582	-30,3
Importacións						
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	641	644	639	-0,8
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	408	422	434	2,8
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	65	73	65	-11,0
16/24	IV	Produtos de alimentación	669	654	695	6,3
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	338	363	368	1,4
28/38	VI	Produtos químicos	2.105	2.103	2.349	11,7
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	2.419	2.486	2.662	7,1
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	901	753	795	5,6
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	449	523	556	6,3
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	1.437	1.358	1.403	3,3
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	5.104	4.109	4.332	5,4
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	1.595	1.253	1.153	-8,0
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	977	967	1.055	9,1
71	XIV	Xoiería	510	548	576	5,1
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	3.724	3.744	4.016	7,3
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	6.968	6.569	7.078	7,7
86/89	XVII	Material de transporte	2.400	2.183	2.214	1,4
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	2.069	1.998	2.296	14,9
93	XIX	Armas	29	37	46	24,3
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	2.366	2.252	2.488	10,5
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	140	121	131	8,3
98-99		Non clasificados	5.306	3.942	3.932	-0,3

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

o número de empresas exportadoras, dándose o maior aumento absoluto no de pedra, cemento, cerámica e vidro (3,6%). A subida en plástico, caucho e as súas manufacturas (1,5%) fixo que este grupo se una a aqueles que superan as 1.000 empresas. E o maior crecemento relativo dáse no grupo das armas, un 37,5%, que realmente implica pasar de 8 a 11, e que lamentablemente está relacionado coas tensións e conflitos bélicos recentes.

No relativo ás importacións, a evolución global é positiva e só os grupos I, III e XII perden empresas importadoras. A concentración por produtos é lixeiramente crecente, algo maior á observada nas exportacións, xa que os tres grupos arancelarios máis destacados acumulan máis do 39% das empresas. Estes grupos son caldeiras, maquinaria e material eléctrico con máis de 7.000 importadoras; materias téxtiles e confección con 4.332; e metais e as súas manufacturas, ferramentas que supera as 4.000. Tamén teñen unha importancia salientable os grupos de produtos químicos, plásticos, transporte, instrumentos de precisión e mobiliario, pois todos eles pasan das 2.000 empresas e, xunto cos anteriores, os oito supoñen o 70% do total de importadoras en Galicia. Polo que respecta á súa evolución, os que presentan maior crecemento son os de produtos químicos (11,7%), instrumentos de precisión (14,9%) e mobiliario (10,5%).

O comercio exterior galego por provincias en 2023

A evolución dos principais sectores do comercio exterior de Galicia, que se concentran nas provincias da Coruña (téxtiles e confección, e combustibles) e Pontevedra (automoción) explican a posición relativa das dúas no *ranking* por exportacións e importacións que, loxicamente, lideran todos os anos. En 2023, Pontevedra encabeza as exportacións galegas (o ano anterior era A Coruña) e A Coruña segue a liderar as importacións (cadro 10).

Cadro núm. 10
Distribución do comercio exterior de Galicia por provincias

	2021		2022		2023	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Exportacións						
A Coruña	10.387,8	42,9	14.197,6	48,5	13.449,4	44,8
Lugo	726,2	3,0	757,3	2,6	641,3	2,1
Pontevedra	12.071,7	49,9	13.088,8	44,7	14.685,3	48,9
Ourense	1.023,7	4,2	1.242,5	4,2	1.262,5	4,2
Galicia	24.209,4	100,0	29.286,2	100,0	30.038,4	100,0
Importacións						
A Coruña	7.833,6	38,9	13.263,0	49,4	10.045,0	48,1
Lugo	599,6	3,0	782,7	2,9	600,8	2,9
Pontevedra	11.031,5	54,8	11.953,2	44,5	9.416,5	45,1
Ourense	668,2	3,3	872,8	3,2	837,7	4,0
Galicia	20.133,0	100,0	26.871,6	100,0	20.900,1	100,0

Datos 2021 e 2022 definitivos, 2023 provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Pontevedra concentra o comercio exterior de pesca galego, o 82% do total das exportacións de pescados, crustáceos e mariscos (o mesmo que o ano anterior) e o 81,3% das importacións (fronte a un 78,6% en 2022). En canto ao total da provincia, en 2023 as exportacións deste capítulo supoñen o 10,1% e as importacións o 20,7%. O sector de maior relevancia é automoción, que absorbe o 56,3% das exportacións da provincia e só o 22,4% das importacións despois da importante diminución ocorrida en 2023. Pontevedra supón o 98,3% das exportacións galegas e o 92,2% das importacións (97,3% o ano anterior) de vehículos automóbiles.

A evolución destes capítulos, xa comentada, determinou o comercio exterior de Pontevedra en 2023, cun incremento interanual de 12,2% das exportacións e unha diminución do -21,2% das importacións.

A dinámica da Coruña foi aínda menos favorable. As exportacións caeron en 2023 en -5,27% e as importacións en -24,3%, consecuencia da evolución dos sectores de combustibles e téxtil. Esta provincia acumula en 2023 o 71% das exportacións e o 98,9% das importacións de combustibles de Galicia. Os combustibles representan o 8,% do total de exportacións da provincia e o 32,5% das importacións. Para os capítulos de pezas de vestir, de punto e non de punto, A Coruña acumula arredor do 97% das exportacións e o 90% das importacións. Estes capítulos contan polo 44% das exportacións da provincia, aínda que só polo 20,3% das importacións.

A provincia de Ourense, cun débil incremento das súas exportacións en 2023, do 1,6%, mantén a súa contribución no total das exportacións galegas (4,2%). A participación no total de importacións sobe, do 3,2% en 2022 ao 4% en 2023, dado que as súas importacións caeron menos que as do conxunto de Galicia (-4% fronte a -22,2%). As súas exportacións seguen lideradas polo capítulo de manufacturas de pedra, que representan o 21% das exportacións da provincia. Despois dun aumento en 2023 do 5,7% neste capítulo, Ourense acapara o 64,4% do total de exportacións de manufacturas de pedra de Galicia. A continuación nas exportacións da provincia aparecen graxas e aceites que, a pesar de sufrir unha leve caída interanual (-0,9%), supoñen o 71,6% das exportacións deste capítulo en Galicia. Este é o capítulo que lidera as importacións da provincia, co 20,4% do total de importacións, a pesar de diminuír as súas importacións en -12,3%, despois do importante crecemento que tivera en 2022 (45%).

A provincia onde máis baixaron as exportacións en 2023 foi Lugo (-15,3%), levando a esta a diminuír o seu peso relativo no total de exportacións de Galicia ata o 2,1%. A variación interanual das importacións da provincia foi de -23,2%, en liña co observado para o conxunto de Galicia, polo que a participación desta provincia no total mantense no 2,9%. As exportacións seguen lideradas en 2023 polo óxido de aluminio (coridón artificial), malia que experimentou unha caída significativa (-40,6%), e as importacións tamén continúan encabezadas polos minerais de aluminio, que sufriron un descenso aínda maior (-61,6%). As dificultades, xa comentadas, na produción destes produtos explican os resultados do comercio exterior da provincia.

O investimento estranxeiro directo (IED)

Tendencias globais e perspectivas do IED

Os fluxos de entrada de investimento estranxeiro directo (IED) en 2022 ascenderon a case 1.285 miles de millóns de dólares, un 12% menos que o no ano anterior (cadro 11), confirmándose así as perspectivas negativas que se tiñan en 2021. O valor das operacións internacionais de financiamento de proxectos caeu un 25% e as vendas de fusión e adquisicións transfronteirizas un 4%. Se ben os fluxos de entrada do IED se viron afectados, tamén mostraron maior resiliencia do agardado, aumentando marxinalmente os fluxos cara aos países en desenvolvemento e rematando o ano co anuncio de novos proxectos de investimento tanto en industria como en infraestruturas (UNCTAD, 2023).

Cadro núm. 11

Evolución do investimento directo estranxeiro (IED) no mundo

	Entradas			Saídas		
	2020	2021	2022	2020	2021	2022
Miles de millóns de dólares						
Economías desenvolvidas	315	597	378	350	1.244	1.031
Economías en desenvolvemento	647	881	916	382	485	459
Total mundial	962	1.478	1.295	732	1.729	1.490
Porcentaxes						
Economías desenvolvidas	32,8	40,4	29,2	47,8	72,0	69,2
Economías en desenvolvemento	67,2	59,6	70,8	52,2	28,0	30,8

Fonte: UNCTAD, *Informe sobre las inversiones en el mundo 2023*.

O descenso mundial do IED en 2022 débese fundamentalmente ao menor volume de fluxos e transaccións financeiras nos países desenvolvidos (-37%). Pola contra, os países en vías de desenvolvemento viron incrementado o IED recibido nun 4%, e na actualidade representan máis do 70% das entradas do IED a nivel mundial.

A pesar da evolución global, tamén hai datos positivos, xa que o anuncio de novos proxectos medrou un 15% e o financiamento internacional de proxectos creceu un 8%. Os investimentos en novas instalacións (maiormente na industria) subiu de forma moi significativa nos países en vías de desenvolvemento (37% fronte ao 4% dos países desenvolvidos); e o financiamento internacional de proxectos, sobre todo en infraestruturas, tamén mostra unha tendencia favorable cun aumento do 10% nos países desenvolvidos e do 5% no países en vías de desenvolvemento.


Pero o crecemento do investimento nos países en desenvolvemento concéntrase nun pequeno número de grandes economías emerxentes, estando os fluxos de entrada do IED estancados en moitos países máis pequenos e incluso diminuíron nos menos adiantados, que xa partían dun nivel inferior (UNCTAD, 2023). En concreto, o IED en África retrocedeu ao nivel de 2019 por mor dunha única operación de 2021, pero a actividade investidora mellorou; os países asiáticos en desenvolvemento mantivéronse estables, acumulando máis da metade do IED mundial pero cunha forte concentración das entradas en cinco economías; e tan só os fluxos cara a América Latina e ao Caribe subiron, un 51%, acadando o seu punto máximo desde que hai rexistros, en parte debido aos altos prezos dos produtos básicos que impulsaron as utilidades reinvestidas das filiais estranxeiras nas industrias extractivas.

A nivel individual, os países que ocupan os chanzos superiores na entrada do IED non varían. Estados Unidos segue a ser líder, pero ve reducida a entrada do IED nun 27%, seguido polas grandes economías asiáticas. A pesar de que en termos absolutos, a moita distancia, cabe salienta o ascenso de Australia, desde a posición 21 á sexta, e a de España, da 17 á 12, na clasificación global, que no caso das operacións de financiamento internacional de proxectos sobe ao cuarto posto.

Os fluxos de saída do IED descendieron durante 2022 preto dun 14% (cadro 11), sendo máis intensa esta caída nas economías desenvolvidas (-17%) que nas economías en vías de desenvolvemento (-5%). Aínda así, o peso relativo apenas variou dous puntos porcentuais a favor das economías en vías de desenvolvemento.

Dentro dos países desenvolvidos a maior redución deuse no IED saínte de Europa (-61%). Alemaña, malia a diminución do 13% no envío do IED, mantense como a primeira potencia a nivel europeo e a cuarta a nivel mundial. Tanto Estados Unidos como Xapón incrementaron a saída do IED (a primeira un 7% e a segunda en 10%), o que os sitúa como primeira e segunda potencia mundial respectivamente. As empresas multinacionais das economías en vías de desenvolvemento que máis baixaron as saídas foron as asiáticas (-11%), pero a rexión continúa representando arredor do 25% do IED saínte mundial. China, a pesar de reducir o envío do IED un 18%, mantense como terceiro país con maiores investimentos no estranxeiro.

A contorna mundial para o investimento internacional segue sendo difícil en 2023. Aínda que parte da incerteza e das crises vividas en 2022 se atenuaron un pouco (guerra na Ucraína ou procesos inflacionistas), persisten factores como o endurecemento da política monetaria, o empeoramento das condicións de financiamento ou as tensións xeopolíticas, elevadas e intensificadas por momentos coa escalada bélica en Oriente Medio. Así, a UNCTAD prevé que o descenso do IED continúe en 2023, como poñen de manifesto os indicadores do primeiro trimestre (UNCTAD, 2023).



Cadro núm. 12

Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España

	2022		2023		TVI (%) 2022/2023
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Andalucía	1.244,67	3,36	588,20	1,80	-52,74
Aragón	484,20	1,31	266,16	0,82	-45,03
Cantabria	9,81	0,03	2,33	0,01	-76,21
Castela e León	476,87	1,29	1.361,58	4,17	185,53
Castela-A Mancha	567,09	1,53	334,55	1,02	-41,01
Cataluña	4.192,73	11,31	4.710,15	14,43	12,34
Madrid	19.628,55	52,96	18.359,08	56,25	-6,47
C. Valenciana	2.063,57	5,57	3.375,61	10,34	63,58
Extremadura	9,36	0,03	101,33	0,31	982,51
Galicia	179,21	0,48	416,26	1,28	132,28
Baleares	534,02	1,44	298,44	0,91	-44,12
Canarias	272,36	0,73	251,59	0,77	-7,63
A Rioxa	178,06	0,48	0,96	0,00	-99,46
Navarra	790,88	2,13	6,51	0,02	-99,18
País Vasco	5.571,36	15,03	1.555,74	4,77	-72,08
Asturias	300,72	0,81	527,18	1,62	75,31
Murcia	545,91	1,47	475,73	1,46	-12,86
Ceuta e Melilla	0,38	0,00	2,85	0,01	657,75
Non clasificable	12,09	0,03	4,60	0,01	-61,92
Total	37.061,83	100,00	32.638,85	100,00	-11,93

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

O EID recibido por Galicia

Os fluxos de entrada do IED mantiveron o seu patrón de comportamento habitual. En Galicia o IED recibido en 2023 foi de 416 millóns de euros, un 132% superior ao de 2022, mostrando a volatilidade habitual que vén dada pola existencia ou non de operacións de investimento de grande envergadura (gráfico 9).

Pola contra, a nivel nacional, o IED entrante rompeu a senda de crecemento iniciada en 2019, ascendendo a 33.639 millóns de euros, un 12% menos que en 2022 (cadro 12), dirixida na súa gran maioría cara a sociedades non cotizadas³ (97,3%). No conxunto do Estado, o peso do IED recibido por Galicia, aínda que medra en 2023, é mínimo, e o investimento concéntrase en Madrid ao igual que nos anos anteriores; malia que vai perdendo peso desde o 80% en 2020 ata algo máis do 56% en 2023, recibindo en 2023 un 6,5% menos. En segundo lugar atópase Cataluña, cun incremento do 12% en fondos recibidos e que representa preto do 15% do total. Destaca especialmente a Comunidade Valenciana, que se sitúa no terceiro lugar con case o 10,5% do total e cun enorme aumento respecto do ano anterior (63,58%) grazas a unha importante operación. Do resto de rexións, só Castela e León e País Vasco superan o 4%. Por tanto, como é habitual, existe unha significativa concentración, que en parte se debe ao denominado "efecto sede", xa que os fondos se declaran na comunidade onde se atopa a sede social da empresa receptora, independentemente do destino real da mesma.

³ O investimento en sociedades cotizadas só se rexistra se é igual ou superior ao 10%.

Cadro núm. 13

Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto (ETVE e non ETVE) en España. Ano 2023

	Non ETVE		ETVE	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Andalucía	586,18	2,08	2,02	0,05
Aragón	266,16	0,94		
Cantabria	2,33	0,01		
Castela e León	88,58	0,31	1.273,00	28,78
Castela-A Mancha	291,62	1,03	42,93	0,97
Cataluña	4.643,94	16,46	66,21	1,50
Madrid	15.323,22	54,31	3.035,86	68,62
C. Valenciana	3.375,41	11,96	0,20	0,00
Extremadura	101,33	0,36		
Galicia	416,26	1,48		
Baleares	298,44	1,06		
Canarias	251,29	0,89	0,30	0,01
A Rioxa	0,96	0,00		
Navarra	6,51	0,02		
Pais Vasco	1.555,73	5,51	0,00	0,00
Asturias	527,18	1,87		
Murcia	475,73	1,69		
Ceuta e Melilla	2,85	0,01		
Non clasificable	1,18	0,00	3,43	0,08
Total	28.214,90	100,00	4.423,95	100,00

Datos provisionais.

Fonte: Datalnvex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 14

Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto (non ETVE) en 2023

Sector	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	25.739	6,2	118.574	0,4	21,7
Industrias extractivas	16.500	4,0	3.497.961	12,4	0,5
Industria manufacturera	293.917	70,6	4.764.570	16,9	6,2
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	19.196	4,6	2.080.865	7,4	0,9
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			1.576.886	5,6	
Construción	23	0,0	849.049	3,0	0,0
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.581	0,4	3.991.673	14,1	0,0
Transporte e almacenamento	17.588	4,2	460.173	1,6	3,8
Hostalería	545	0,1	821.990	2,9	0,1
Información e comunicacións	11.387	2,7	3.267.443	11,6	0,3
Actividades financeiras e de seguros	20.664	5,0	1.229.014	4,4	1,7
Actividades inmobiliarias	4.445	1,1	1.888.335	6,7	0,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	183	0,0	640.447	2,3	0,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	6	0,0	636.555	2,3	0,0
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria			250.545	0,9	
Educación			1.927.495	6,8	0,2
Actividades sanitarias e de servizos sociais	4.330	1,0	207.116	0,7	0,1
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	150	0,0	6.208	0,0	
Outros servizos					
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio					
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais					
Total	416.255	100,0	28.214.898	100,0	1,5

Datos provisionais.

Fonte: Datalnvex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Diferenciando o IED rexistrado por tipo de operacións, en 2023 as operacións non produtivas (ETVE⁴) volveron gañar importancia, case duplicando as de anos precedentes. A súa relevancia fora decaendo e en 2022 representaban menos do 6,5%, pero en 2023 o seu peso sobre o total é do 15,7% tras medrar un 80,7%. Como se aprecia no cadro 13, o IED realizada por ETVE acumúlase maioritariamente na Comunidade de Madrid, que supera os 3.000 millóns de euros e supón o 62,2% do total recibido por España, aumentando tamén a súa importancia relativa sobre o total do IED recibido por esta rexión, que sobe do 10,4% en 2022 ata o 16,5% en 2023. A outra rexión que reflicte unha entrada significativa en termos relativos deste tipo de investimento é Castela e León (28,8% do total do ETVE), pero a bastante distancia de Madrid, con 1.273 millóns de euros, o que significa o 93,5% do total do IED recibido por esta comunidade en 2023. En Galicia, como na maioría das comunidades autónomas, a totalidade do IED recibido corresponde a operacións que non son ETVE.

No relativo ao investimento produtivo, non ETVE, cómpre diferenciar investimentos de nova aportación e de adquisición, pois teñen distintas implicacións na economía receptora. Segundo o último *Boletín de Inversiones Exteriores* da Dirección General de Comercio Internacional e Inversiones (abril de 2024), en 2023 as operacións de nova aportación foron o 56,6% do total. Porén, dentro desas, a maioría foron ampliacións de capital para reducir débeda ou recapitalizacións para sanear balances (36,4% do total do IED produtivo). Os investimentos que implican novas instalacións (*greenfield*) ou ampliación das existentes (*brownfield*) e, por tanto, contratación de novos empregados, ascendeu ao 20,2% do total do IED produtivo, un 12% máis que en 2022. Dentro destas dúas modalidades, a de maior relevancia corresponde ás ampliacións, que representan o 19,2% do IED bruto recibido.

A distribución sectorial do investimento produtivo bruto recibido por Galicia e España ten un comportamento moi diferente, como pode observarse no cadro 14. A nivel estatal, máis da metade dos fondos recibidos diríxense ao sector servizos (54,3%) e o 42,2% á industria. Pola contra, a nivel galego existe unha maior concentración; o sector industrial

⁴ ETVE: entidades de tenencia de valores estranxeiros. Sociedades instrumentais cun réxime fiscal especial debido á exención das ganancias obtidas por dividendos e plusvalías logradas pola transmisión de accións en sociedades estranxeiras. O investimento deste tipo non ten efectos reais sobre as economías receptoras ao efectuarse fundamentalmente por parte de *holdings* internacionais por razóns fiscais.

percibe case o 80% do IED entrante fronte ao 14,6% dos servizos e ao 6,2% do sector primario, indo parar estes últimos na súa totalidade ás actividades de pesca e acuicultura. En Galicia, este proceso de concentración no sector industrial, en concreto na industria manufacturera, leva consolidándose xa varios períodos, pasando do 29,5% en 2021 ao 70,6% en 2023, aínda que cunha perda de 2,6 puntos porcentuais respecto a 2022. En España, o sector industrial gana algo de peso en 2023, sendo o maior receptor tamén a industria manufacturera, con arredor do 17% dos fondos, pero cunha importante porcentaxe da industria extractiva (12,4%). Dentro dos servizos, a nivel nacional é o comercio o que capta a maior parte do investimento, un 14,1% en 2023, mentres que en Galicia pasou de recibir o 43,6% do investimento en 2021 a ser irrelevante, cun 0,4% do total en 2023. Outros sectores que destacan a nivel nacional, malia que con cifras máis modestas, son información e comunicación (11,6%), subministracións (7,4%), actividades sanitarias e de servizos sociais (6,8%), e actividades inmobiliarias (6,7%). En Galicia as actividades financeiras e de seguros (5%), subministracións (4,6%) e transporte (4,2%) serían os seguintes sectores en importancia relativa. No ámbito sectorial nacional, Galicia triplica o seu peso relativo, que actualmente ascende ao 1,5%. Neste contexto, Galicia recibe o 21,7% dos fondos produtivos dirixidos ao sector primario, o 6,2% dos da industria manufacturera e o 3,8% dos do transporte; sectores que en 2023 captaron unha gran cantidade de fondos respecto a períodos anteriores.

Cadro núm. 15
Procedencia do investimento estranxeiro bruto en Galicia e España (non ETVE)

Área de procedencia	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
2022					
UE-27	27.905	15,6	13.368.329	38,6	0,21
Resto de Europa	17.072	9,5	6.905.860	20,0	0,25
América do Norte	123.981	69,2	10.268.181	29,7	1,21
Latinoamérica	9.604	5,4	646.350	1,9	1,49
Resto de América	50	0,0	27.581	0,1	0,18
Asia e Oceanía	592	0,3	3.044.573	8,8	0,02
África	2	0,0	353.329	1,0	0,00
Total	179.205	100,0	34.614.203	100,0	0,52
2023					
UE-27	317.668	76,3	8.945.287	31,7	3,55
Resto de Europa	26.527	6,4	5.362.702	19,0	0,49
América do Norte	16.249	3,9	9.293.477	32,9	0,17
Latinoamérica	4.828	1,2	1.417.228	5,0	0,34
Resto de América	33.870	8,1	142.186	0,5	23,82
Asia e Oceanía	17.113	4,1	2.950.311	10,5	0,58
África	0	0,0	103.707	0,4	0,00
Total	416.255	100,0	28.214.898	100,0	1,48

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

de países da UE-27. Chama a atención o crecemento en 2023 dos fondos procedentes do resto de América, que pasan de ter un peso case nulo a superar o 8% do total. De forma máis detallada, no relativo ao país último do que procede o fluxo de investimento produtivo (cadro 16), pode observarse que en 2023 Galicia recibe fondos de 31 países, pero a orixe está moi concentrada na República Checa, que representa o 64,8% do IED recibido por Galicia, e o 84,9% dos procedentes da UE-27. En 2023 o liderado está relacionado coa compra das centrais eléctricas e fábricas de Xeal por parte da sociedade checa Energo-Pro. Por outra banda, dentro dos emisores tradicionais do IED cara Galicia, Francia perde peso absoluto e sobre todo relativo, mentres que Reino Unido incrementa o fluxo de investimento, aínda que o seu peso relativo descende. Chama a atención que as Illas Malvinas se atopan en terceira posición, que xunto as Illas Virxes representarían arredor do 8% do IED recibido por Galicia; dous territorios considerados por España paraísos fiscais.

Na desagregación por países obsérvase como España e Galicia comparten como emisores de investimento certas nacións europeas como Francia ou Reino Unido, pero, ao mesmo tempo, teñen pautas moi diferentes, tanto na orixe como na concentración. A nivel nacional a concentración é menor, manténdose Estados Unidos como principal inversor (case 29% do total), Reino Unido como segundo e Alemaña no terceiro posto; pero perdendo importancia tanto absoluta como relativa estes dous últimos en 2023.

⁵ No rexistro de investimentos consta tanto a orixe última como a orixe inmediata ou país de tránsito a través do cal se transfieren os investimentos.

Desde un punto de vista xeográfico, tomando como referencia a orixe última, é dicir, aquela na que reside o titular último do investimento⁵, os países da OCDE seguen sendo os principais emisores do IED entrante (94,6% en España e 91,4% en Galicia), porén a distribución por áreas xeográficas e países difire moito entre ambas economías. A nivel estatal, desde o inicio da pandemia a procedencia do IED concentrouse cada vez máis nos países europeos, sobre todo da Unión Europea, e dita situación mantense en 2023 (cadro 15). A volatilidade do IED recibido en Galicia, pola gran dependencia de operacións concretas, fai que ese efecto tamén se traduza en cambios bruscos nas orixes principais do IED, sendo nalgúns anos os países europeos, membros ou non da Unión Europea, e noutros outras áreas como o foi América do Norte en 2022. En 2023 máis de tres cuartas partes do IED entrante procedía

Cadro núm. 16
Orixe última do investimento estranxeiro bruto (non ETVE) en 2023

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
República Checa	269.663,6	64,78	Estados Unidos	8.146.327,9	28,87
Reino Unido	25.464,4	6,12	Reino Unido	3.693.347,6	13,09
Illas Malvinas (Falklands)	24.600,0	5,91	Alemaña	2.999.756,1	10,63
Alemaña	17.650,0	4,24	Francia	2.582.884,2	9,15
Xapón	16.987,0	4,08	Australia	1.209.629,1	4,29
Canadá	10.908,0	2,62	Suíza	1.184.089,6	4,20
Suecia	10.661,6	2,56	Canadá	1.147.149,3	4,07
Francia	9.402,4	2,26	México	1.060.598,8	3,76
Illas Vixes dos Estados Unidos	9.270,0	2,23	Austria	649.784,3	2,30
Portugal	9.147,1	2,20	España	580.604,5	2,06
Estados Unidos	5.341,1	1,28	Países Baixos	530.829,6	1,88
México	3.407,2	0,82	Xapón	461.185,1	1,63
Ecuador	1.138,5	0,27	Corea do Sur	386.028,7	1,37
Suíza	1.011,0	0,24	Emiratos Árabes Unidos	359.507,6	1,27
Luxemburgo	600,0	0,14	Noruega	331.232,6	1,17
Irlanda	280,0	0,07	República Checa	270.367,5	0,96
Venezuela	189,0	0,05	Italia	245.785,1	0,87
España	109,0	0,03	Bélxica	200.926,2	0,71
Emiratos Árabes Unidos	100,0	0,02	Luxemburgo	190.690,5	0,68
Malta	100,0	0,02	Portugal	183.800,2	0,65
Chile	82,5	0,02	Irlanda	169.972,3	0,60
Andorra	49,5	0,01	China	131.391,8	0,47
Dinamarca	26,8	0,01	Suecia	121.054,4	0,43
Hong Kong	22,6	0,01	Singapur	109.214,5	0,39
Italia	21,0	0,01	Dinamarca	107.136,4	0,38
Arxentina	10,5	0,00	Andorra	89.333,3	0,32
Austria	3,0	0,00	Israel	88.035,2	0,31
Bélxica	3,0	0,00	Arabia Saudí	86.398,9	0,31
Irán	3,0	0,00	Arxentina	75.423,3	0,27
Noruega	2,5	0,00	Suráfrica	74.454,6	0,26
Países Baixos	0,9	0,00	Resto países	747.958,7	2,65
Total	416.255,1	100,00	Total	28.214.897,9	100,00

Datos provisionais.

Fonte: Datalnvex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 17
Procedencia última do investimento estranxeiro bruto produtivo efectuado en Galicia desde 2010 ata 2023

País	Miles de euros	%
Portugal	784.375	23,02
Brasil	672.278	19,73
Reino Unido	345.753	10,15
República Checa	269.664	7,92
Francia	183.097	5,37
Canadá	134.832	3,96
México	122.967	3,61
China	119.529	3,51
España	115.681	3,40
Italia	112.539	3,30
Resto países	546.089	16,03
Total	3.406.804	100,00

Datos provisionais.

Fonte: Datalnvex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

últimos anos. En concreto, entran Canadá e a República Checa só con investimentos realizados en 2022 e 2023 respectivamente⁶; Canadá na sexta posición, co 4% do total do período, e República Checa na cuarta cun 7,9% do IED recibido pola economía galega desde o ano 2010.

Tamén é importante coñecer os desinvestimentos ou o investimento neto, que non é máis que a diferenza entre o investimento bruto e os desinvestimentos declarados, por transmisións ou liquidacións totais ou parciais. En España, o desinvestimento produtivo descendeu arredor do 37,4% respecto a anos previos, ascendendo en 2023 a 6.604 millóns de euros, o que deixa o fluxo de investimento neto en algo máis de 21.610 millóns de euros, uns 4.000 millóns menos que en 2022. Respecto á orixe, destacan os

No cadro 17 preséntase o IED produtivo acumulado recibido por Galicia no período 2010-2023. Os datos mostran como os principais inversores seguen a ser o veciño Portugal e Brasil, representando conxuntamente o 42,8% do IED total do período. A posición transfronteiriza de Galicia con Portugal e os lazos deste último con Brasil poden supoñer un factor relevante de captación de investimentos produtivos de Brasil.

Reino Unido e Francia manteñen tamén os seus postos. Chama a atención a aparición de países novos nos primeiros lugares desta clasificación unha vez incorporados os datos dos


⁶ En 2022 o fondo canadense Brookfield comprou o 85% da produtora de lousa Cupa e en 2023 a checa Energo-Pro fíxose con Zeal, como xa se mencionou.

fortes desinvestimentos de Francia (41,2% do total) e tamén os de Estados Unidos (24,2%). A nivel sectorial, o maior produciuse nas actividades de información e comunicacións (31,9% do total).

A nivel rexional, os desinvestimentos están influenciados, ademais, polo efecto sede, dándose os maiores niveis nas mesmas rexións que a maior entrada bruta (Madrid cun 61,5%, Cataluña cun 17% e Comunidade Valenciana cun 14,3%). Estes niveis en Galicia son tradicionalmente baixos, ascendendo a 44 millóns en 2023 fronte aos 6 millóns de 2022.

O IED emitido por Galicia

O IED emito por Galicia é, como soe ser habitual, moi superior ao entrante, coa excepción do dato anormalmente pobre do ano 2021. Como se observa no gráfico 10, con altibaixos, desde a fin da crise financeira global a tendencia do investimento é crecente, aínda que en 2023 se reduce un 58% fronte ao ano anterior. A pesar da caída, en 2023 supéranse o 1.000 millóns de euros do IED emitido, o que se sitúa arredor da media do período 2000-2023.



O investimento bruto total español no estranxeiro en 2023 ascendeu a 21.425 millóns de euros, un 41,6% inferior ao de 2022 (cadro 18). Tan só catro rexións incrementan a saída do IED fronte ao ano anterior, aumentos polo xeral que chegan a ser moi elevados en termos relativos pero non tanto en termos absolutos, coa excepción de Cantabria. Galicia foi a segunda rexión que experimentou unha maior diminución en termos absolutos, máis de 1.392 millóns de euros, despois de Madrid que baixa o IED saínte en máis de 12.200 millóns. Esta última mantén o seu liderado pero reduce a súa representación, pasando de emitir máis de tres cuartas partes do IED saínte

ata 64,9% de 2023. Galicia tamén mingua o seu peso a nivel nacional, situándose en 2023 nun 4,7%. Rexións que tiñan tradicionalmente unha presenza elevada no contexto nacional como Cataluña e o País Vasco, seguen a perder representación; pola contra, Asturias volve medrar de forma moi significativa, emitindo o 11,4% do IED; e Cantabria, que case dobra os fondos emitidos en 2023, sobe máis de cinco punto porcentuais, situándose no 7,5% do total.

No cadro 19 preséntase o IED emitido a nivel autonómico diferenciando operacións ETVE e non ETVE tanto en termos brutos como netos, polo que tamén permite analizar o desinvestimento. O IED saínte ETVE

reduciuse en 2023, representando o 12,9% do total e saíndo de catro rexións, pero maioritariamente de Madrid co 93,5%. Galicia en 2023 enviou 35 millóns de euros deste tipo, que significa o 1,3% do total nacional e o 3,5% de todo o investimento saínte galego.

O IED produtivo emitido por España caeu un 33%, sendo o dato máis baixo da última década. Este comportamento podería ser resultado da incerteza xerada polo complexo contexto internacional, así como polas maiores oportunidades de investimento internas, como por exemplo as xeradas polos proxectos estratéxicos PERTE. Na distribución rexional, ao igual que ocorre co IED recibido, a Comunidade de Madrid concentra a gran maioría do investimento, cun 60,6%. A moita distancia atópanse Asturias (13,1%), Cantabria (8,6%), País Vasco (6,2%) e Galicia (5,2%).

Cadro núm. 18

Distribución territorial do investimento español bruto no exterior

	2022		2023		TVI (%) 2022/2023
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Andalucía	68,7	0,2	24,9	0,1	-63,78
Aragón	100,2	0,3	108,4	0,5	8,14
Cantabria	827,3	2,3	1.601,5	7,5	93,57
Castela e León	258,1	0,7	47,3	0,2	-81,65
Castela-A Mancha	71,5	0,2	5,1	0,0	-92,86
Cataluña	1.156,4	3,2	508,3	2,4	-56,04
Madrid	26.110,7	71,2	13.897,0	64,9	-46,78
C. Valenciana	82,5	0,2	283,4	1,3	243,44
Extremadura			0,0	0,0	
Galicia	2.403,7	6,6	1.011,5	4,7	-57,92
Baleares	413,2	1,1	287,4	1,3	-30,45
Canarias	16,2	0,0	0,6	0,0	-96,32
A Rioxa	0,0	0,0	0,0	0,0	-100,00
Navarra	42,1	0,1	40,4	0,2	-4,16
País Vasco	2.973,2	8,1	1.160,9	5,4	-60,95
Asturias	2.136,9	5,8	2.448,1	11,4	14,56
Murcia	1,5	0,0	0,1	0,0	-90,96
Ceuta e Melilla	0,0	0,0	0,0	0,0	-
Total	36.662,2	100,0	21.425,1	100,0	-41,56

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 19

Distribución territorial, ETVE e non ETVE, do investimento español bruto e neto no exterior en 2023

	Investimento bruto				Investimento neto	
	Non ETVE		ETVE		Non ETVE	ETVE
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	Millóns de euros
Andalucía	24,87	0,13			21,13	
Aragón	108,39	0,58			55,62	
Cantabria	1.601,49	8,58			1.599,99	
Castela e León	47,35	0,25			32,24	
Castela-A Mancha	5,11	0,03			5,11	
Cataluña	365,11	1,96	143,22	5,17	202,37	123,18
Madrid	11.306,10	60,61	2.590,93	93,54	9.036,73	2.393,46
C. Valenciana	283,40	1,52			255,77	-0,29
Extremadura	0,01	0,00			0,01	
Galicia	976,44	5,23	35,11	1,27	631,86	35,11
Baleares	287,37	1,54			266,10	-2,90
Canarias	0,60	0,00			-19,40	
A Rioxa	0,00	0,00			0,00	
Navarra	40,39	0,22			40,39	
País Vasco	1.160,46	6,22	0,46	0,02	886,70	0,46
Asturias	2.448,14	13,12			2.441,89	
Murcia	0,13	0,00			0,13	
Ceuta e Melilla	0,00	0,00			0,00	
Total	18.655,36	100,00	2.769,72	100,00	15.456,64	2.549,02

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 20

Distribución do investimento estranxeiro bruto produtivo no exterior por sector de orixe en 2023

Sectores	Galicia		España		%
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Galicia/España
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca			31.837,2	0,2	
Industrias extractivas			21.681,5	0,1	
Industria manufacturera	12.730,3	1,3	495.120,6	2,7	2,6
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	959,5	0,1	537.612,9	2,9	0,2
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			57.341,2	0,3	
Construción	11.261,4	1,2	498.289,9	2,7	2,3
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	60.501,4	6,2	575.976,8	3,1	10,5
Transporte e almacenamento			1.876.061,5	10,1	
Hostalería	716,6	0,1	20.590,6	0,1	3,5
Información e comunicacións			318.856,6	1,7	
Actividades financeiras e de seguros	423.203,9	43,3	11.690.998,4	62,7	3,6
Actividades inmobiliarias	466.610,5	47,8	646.293,7	3,5	72,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	419,4	0,0	1.492.892,9	8,0	0,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares			163.535,2	0,9	
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria			110,4	0,0	
Educación			53,5	0,0	
Actividades sanitarias e de servizos sociais			36.088,8	0,2	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento			222,3	0,0	
Outros servizos			3.951,8	0,0	
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio					
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais					
Persoas físicas (sen sector de actividade)	36,0	0,0	187.842,3	1,0	0,0
Total	976.439,0	100,0	18.655.358,3	100,0	5,2

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

O IED saínte de España dirixiuse sobre todo a empresas non cotizadas e foi emitido maioritariamente por entidades non integradas en grandes grupos empresariais (52,6%). Os inversores nacionais escolleron principalmente operacións de nova aportación (65,4%) e, dentro destas, proxectos *greenfield* ou *brown-field*.

Os desinvestimentos diminuíron respecto a 2022 e afectaron sobre todo o IED produtivo. En termos netos, retiráronse 220 millóns de euros de investimento ETVE en 2023, en particular con orixe en Madrid (192 millóns de euros). Valencia e Baleares teñen saldo negativo en IED ETVE, pois retiraron e non emitiron fondos deste tipo. En canto ao investimento produtivo, só Canarias presenta un investimento neto negativo (cadro 19), xa que enviou apenas 0,6 millóns de euros ao exterior e retirou 20 millóns. O maior nivel

Cadro núm. 21

Distribución do investimento estranxeiro bruto produtivo no exterior por sector de destino en 2023

Sectores	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	64.313,8	6,6	247.278,2	1,3	26,0
Industrias extractivas	0,0	0,0	109.339,3	0,6	
Industria manufacturera	7.224,9	0,7	608.585,9	3,3	1,2
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	959,5	0,1	3.492.525,4	18,7	0,0
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	0,0		200,5	0,0	
Construción	95.597,3	9,8	2.243.847,5	12,0	4,3
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.750,0	0,2	1.020.123,6	5,5	0,2
Transporte e almacenamento	0,0	0,0	2.835.732,0	15,2	
Hostalería	9.491,4	1,0	177.562,9	1,0	5,3
Información e comunicacións	0,0	0,0	836.843,0	4,5	
Actividades financeiras e de seguros	372,1	0,0	5.167.031,4	27,7	0,0
Actividades inmobiliarias	795.442,8	81,5	875.863,2	4,7	90,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	1.287,2	0,1	659.367,3	3,5	0,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares			347.123,1	1,9	
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria			0,0	0,0	
Educación			12.601,3	0,1	
Actividades sanitarias e de servizos sociais			8.197,4	0,0	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento			8.436,1	0,0	
Outros servizos			4.700,1	0,0	
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio					
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais					
Total	976.439,0	100,0	18.655.358,3	100,0	5,2

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Cadro núm. 22

Destino do investimento bruto galego e español no exterior (non ETVE)

Área de destino	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
2022					
UE-27	123.849	5,2	10.563.836	32,2	1,2
Resto de Europa	266.916	11,2	10.556.759	32,2	2,5
América do Norte	1.786.010	75,1	5.361.501	16,3	33,3
América Latina	120.765	5,1	4.675.114	14,3	2,6
Resto de América	115	0,0	38.224	0,1	0,3
Asia e Oceanía	78.447	3,3	1.397.337	4,3	5,6
África	2.571	0,1	211.728	0,6	1,2
Total	2.378.672	100,0	32.804.499	100,0	7,3
2023					
UE-27	140.641	14,4	5.768.104	30,9	2,4
Resto de Europa	959	0,1	1.260.267	6,8	0,1
América do Norte	755.948	77,4	6.130.158	32,9	12,3
América Latina	74.053	7,6	5.041.439	27,0	1,5
Resto de América	0	0,0	19.041	0,1	0,0
Asia e Oceanía	4.837	0,5	403.257	2,2	1,2
África	0	0,0	33.092	0,2	0,0
Total	976.439	100,0	18.655.358	100,0	5,2

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

de investimento neto (55,8% do total nacional), así como o maior desinvestimento dáse en Madrid; este último en cifras moi inferiores ás de anos previos. Ao igual que co investimento bruto, Asturias e Cantabria medran de forma substancial e representan o 15,8% e o 10,4% do investimento neto total respectivamente. O desinvestimento español en 2023 centrouse en Reino Unido, Noruega, Rusia e Estados Unidos. A nivel sectorial estes fondos retiráronse sobre todo das actividades financeiras e de seguros (26,9%), do comercio (16,4%) e da construción (13,9%).

En Galicia o desinvestimento tamén foi significativo, xa que se retira algo máis dun terzo do IED emitido. Esta retirada de fondos galegos deuse maioritariamente en Rusia (270 millóns), seguido de Brasil e Suíza con cifras moi inferiores. Por sectores, os fondos galegos sacáronse case todos do sector do comercio (343 millóns).

A estrutura sectorial do IED bruto produtivo emitido por Galicia e España recóllese nos cadros 20 e 21, tanto a distribución por sector de orixe como de destino. A nivel nacional, aínda que a orixe é máis variada que a nivel galego, está moi concentrada no sector de actividades financeiras e de seguros (62,7%); sendo

Cadro núm. 23

Destino do investimento bruto produtivo galego e español no exterior en 2023

Galicia			España		
Páis ou territorio	Miles de euros	%	Páis ou territorio	Miles de euros	%
Estados Unidos	508.221	52,0	Estados Unidos	5.850.387	31,4
Canadá	247.727	25,4	Luxemburgo	3.004.936	16,1
Irlanda	65.000	6,7	Brasil	2.081.738	11,2
Luxemburgo	59.013	6,0	México	1.481.325	7,9
Nicaragua	54.659	5,6	Alemaña	1.055.300	5,7
Guatemala	12.822	1,3	Reino Unido	726.430	3,9
Polonia	10.023	1,0	Portugal	592.232	3,2
Emiratos Árabes Unidos	4.703	0,5	Francia	488.907	2,6
Perú	3.501	0,4	Jersey	343.212	1,8
Portugal	2.825	0,3	Chile	282.724	1,5
Eslovaquia	2.500	0,3	Canadá	279.771	1,5
Brasil	1.750	0,2	Países Baixos	173.550	0,9
Arxentina	1.320	0,1	Italia	170.737	0,9
Alemaña	1.000	0,1	Colombia	170.177	0,9
Reino Unido	959	0,1	Arxentina	167.049	0,9
Francia	186	0,0	Australia	163.483	0,9
Nepal	132	0,0	Perú	161.394	0,9
Italia	95	0,0	Costa Rica	147.043	0,8
Bahrein	2	0,0	Honduras	115.094	0,6
Colombia	1	0,0	Resto países	1.199.871	6,4
Total	976.439	100,0	Total	18.655.358	100,0

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

o segundo en importancia o de actividades profesionais, científicas e técnicas cun 8%. A nivel galego, o 47,8% ten por orixe o sector de actividades inmobiliarias e o 43,3% o de actividades financeiras e seguros, situándose en terceiro lugar o comercio por xunto (6,2%). Sobre o total do sector, Galicia destaca enviando o 72,2% do total do IED con orixe no sector inmobiliario. Sen dúbida, os investimentos do Grupo Pontegadea en Irlanda, Reino Unido ou Estados Unidos teñen moito que ver con estas cifras.

O destino sectorial dos investimentos galegos (cadro 21) está aínda máis concentrado que a orixe. O IED bruto saínte de Galicia foi para maioritariamente a actividades inmobiliarias (81,5%), seguido pola construción (9,8%) e o sector primario (6,6%). A nivel nacional dáse o comportamento oposto, unha menor concentración que na orixe, sendo o sector receptor máis destacado o das actividades financeiras e de seguros cun 27,7% do total, seguido dos transportes (15,2%) e o comercio por xunto (5,5%). Estas diferenzas fan que o peso de Galicia sobre o total de España naqueles sectores onde concentra o seu investimento sexa elevado. En 2023 Galicia achegou o 90,8% do investimento dirixido ás actividades inmobiliarias e o 26% do dirixido ao sector primario, padrón de repartición similar ao do ano 2022.

Desde un punto de vista xeográfico, pode observarse no cadro 22 que en España se manteñen como principais áreas receptoras a UE-27, o resto de Europa, América do Norte e América Latina, aínda que cunha perda de peso dos países do resto de Europa en favor dos do continente americano en 2023. De forma máis precisa (cadro 23), o destino dos fondos españois son sobre todo Estados Unidos (31,4%), Luxemburgo (16,2%) e Brasil (11,2%).

En Galicia a distribución territorial está máis concentrada. No ano 2023 máis de tres cuartas partes do IED foi para a América do Norte; en concreto, a Estados Unidos o 52% do total. O IED enviado a América Latina, destino tradicional do IED galego, recupérase un pouco, representando o 7,6%, pero manténdose en niveis relativamente baixos respecto do que era habitual. Considerando o destino do investimento por países (cadro 23), os líderes en recepción de investimento galego foron Estados Unidos e Canadá. Os seguintes en importancia son Irlanda, Luxemburgo e Nicaragua, oscilando estes entre o 5% e o 7% do IED produtivo total emitido por Galicia.

Cadro núm. 24

Destino do investimento estranxeiro bruto produtivo emitido por Galicia dende 2010 ata 2023

Páis	Miles de euros	%
Estados Unidos	5.322.322	34,0
Reino Unido	2.461.240	15,7
Países Baixos	1.708.722	10,9
Luxemburgo	1.019.583	6,5
Canadá	1.011.682	6,5
Arxentina	514.754	3,3
Francia	318.505	2,0
Brasil	300.606	1,9
Bélxica	259.613	1,7
Resto países	2.713.944	17,4
Total	15.630.971	100,0

Datos provisionais.

Fonte: DataInVex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Considerando o IED bruto saínte acumulado no período 2010-2023, como mostra o cadro 24, hai similitudes coa análise por países. Estados Unidos, Canadá ou Luxemburgo sitúanse na zona alta como grandes receptores, tanto no último ano como no global do período. Tamén Reino Unido e os Países Baixos teñen un peso moi importante no acumulado, a pesar de que nos últimos anos foron perdendo posicións.


VII. Construción

- A produción da construción galega en 2023 é un 16% inferior á existente antes da pandemia.
- Os custos do sector modéranse en 2023 despois de medrar un 23% nos dous anos anteriores.
- O mercado de traballo galego da construción presenta unha evolución moderadamente positiva.
- A oferta de vivenda manifesta pouco dinamismo en Galicia e nas principais cidades.
- As compras de vivenda sofren unha significativa caída en 2023, afectadas pola suba dos tipos de xuro.
- Cae fortemente a constitución de hipotecas e aumentan as compras ao contado.
- As vendas de vivenda baixan en todas as áreas urbanas excepto a de Ferrol.
- O custo da vivenda mantense en termos reais, pero a accesibilidade á compra deteriorase polo encarecemento dos empréstitos.
- O alugueiro en Galicia encarácese a un ritmo que duplica o do prezo da vivenda.
- A cidade coa vivenda máis cara é A Coruña, superando os 2.000 €/m², e Ferrol ten a vivenda máis barata con 790 €/m².
- Aumenta un 17% a demanda pública de obras, pero a prórroga dos presupostos xerais do Estado xera incerteza para 2024.

Introdución

Este informe centrarase na evolución do sector construtor galego e español en 2023. Neste ano a economía no seu conxunto continuou crescendo despois de que en 2022 conseguise recuperar os niveis de actividade pre-pandémicos. Porén, o sector da construción mostrou un crecemento por debaixo da media, tanto en España como en Galicia, e aínda está lonxe de acadar a posición dentro da estrutura produtiva previa á COVID-19.

En 2023 a construción aínda se resinte dos efectos da pandemia, agravados pola posterior invasión rusa de Ucraína. O aumento da masa monetaria xerado durante a epidemia, unido ao encarecemento da subministración enerxética producido pola guerra, dan lugar a elevadas taxas de inflación no ano 2022, e provocan subidas importantes dos tipos de xuro. Así, a inflación, o aumento de tipos e a incerteza xerada condicionaron fortemente o mercado inmobiliario en 2023.





As transaccións de vivendas e a sinatura de novas hipotecas sufriron caídas relevantes, rompendo a tendencia positiva do ano precedente, no cal o sector experimentara unha considerable melloría. No apartado da obra pública, Galicia recupera o investimento perdido o ano precedente, pero no conxunto do Estado obsérvase unha caída importante en 2023. Todo iso nun contexto de incerteza debido á prórroga dos orzamentos xerais do Estado para o vindeiro exercicio.

Indicadores de actividade

Os tres primeiros cadros e gráficos amosan varios indicadores da evolución do sector en España e Galicia. Estas estimacións representan a valoración global da actividade da construción, que inclúe tanto a vivenda como a edificación e a obra civil.

En 2023 o valor da produción da construción medrou tanto en España como en Galicia. O valor engadido bruto (VEB) da construción aumentou un 1,9% real en España, moderando a expansión do ano anterior (3,2%). En Galicia o VEB da construción sobe un 0,8% en 2023, que supón saír dos números vermellos de 2022 (-1%), pero indica menor dinamismo que o resto de España.

Malia que en 2023 o PIB de España e Galicia se sitúa por riba dos niveis previos á pandemia, o sector construtor está lonxe aínda de recuperalos. O VEB da construción española é un 11% inferior aos niveis pre-pandémicos e para Galicia é peor, cun VEB que representa un 16% menos do existente en 2019. Estas cifras sinalan a importante mingua de peso relativo do sector dentro da economía, representando na actualidade o 5% do PIB en España e o 5,5% en Galicia, porcentaxes que supoñen a perda respectiva de 0,7 e 1,3 puntos nos últimos catro anos.



Cadro núm. 1

Indicadores do sector da construción en España. Taxas de variación interanuais (en %)

	2021	2022	2023	2023			
				I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
VEB construción	-1,0	3,2	1,9	3,8	1,9	0,8	1,1
FBCF. Construción. Vivendas	0,9	1,4	0,3	0,0	-0,2	0,0	1,6
FBCF. Construción. Outros	-0,3	4,1	4,4	6,9	8,1	2,3	0,5
Produción das empresas	2,5	4,2	7,1	10,6	7,9	3,1	7,0
Nova contratación	16,1	9,7	7,1	19,0	-1,5	4,0	8,2
Ocupados	3,8	2,3	3,0	-1,4	1,6	3,7	8,3
Paro estimado	-14,1	-15,0	-4,5	15,3	-5,3	-12,3	-16,6
Afiliación á Seguridade Social	4,8	3,6	3,8	4,5	4,3	3,5	2,8
Paro rexistrado	1,1	-16,7	-8,8	-10,7	-9,9	-8,1	-6,1
Consumo de cemento	11,6	-0,5	-2,6	6,4	-4,6	-5,6	-5,7
Licitación oficial SEOPAN	49,1	12,3	-7,6	2,8	13,4	-3,7	-31,1
Índice de custos do sector	9,1	13,2	1,4	6,5	-0,2	-0,4	-0,2

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA, INE e IGE.

Cadro núm. 2

Indicadores do sector da construción en Galicia. Taxas de variación interanuais (en %)

	2021	2022	2023	2023			
				I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
VEB construción	-4,5	-1,0	0,8	2,2	1,4	-0,4	0,0
Ocupación	0,8	1,7	0,4	-2,5	-3,2	1,8	5,8
Paro estimado	-19,9	23,7	-34,0	-15,2	-56,7	-32,2	-18,9
Afiliación á Seguridade Social	3,2	1,9	1,7	1,5	1,9	1,9	1,6
Paro rexistrado	-8,9	-13,4	-10,6	-9,2	-10,7	-11,3	-11,5
Licitación oficial SEOPAN	45,9	-17,2	16,4	-21,1	36,1	37,0	11,4

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA, INE e IGE.

Segundo a contabilidade trimestral do INE, o investimento en construción en España, medido pola formación bruta de capital fixo (FBCF), mantívose arredor do 10,5% do PIB, aumentando en dous puntos o seu peso (54,2%) no investimento total. E, dentro do investimento da construción, o de vivenda continúa representando a maior parte deste (54%). Con todo, o investimento de vivenda nos dous últimos anos crece a un ritmo menor que o investimento noutros equipamentos e vai perdendo peso lentamente na FBCF do sector.

Outros indicadores de actividade, que se mostran no cadro 1, como a produción e a nova contratación das empresas elaborados polo Ministerio de Transportes, presentan valores en aumento, continuando por terceiro ano a súa recuperación despois da caída de 2020. Outro dato positivo ofrecido no mesmo cadro é a moderación dos custos do sector en 2023. En 2022 os custos creceran un 23,5% respecto a 2020, sendo especialmente forte o encarecemento dos materiais e consumos diversos (31,1%), mentres que a man de obra aumentaba só un 6% nese bienio. En 2023 invértese a tendencia e os materiais e consumos baixan lixeiramente (-0,12%), mentres que o prezo da man de obra sobe un 5,2%, dando lugar a unha alza media ponderada dos custos do 1,3%. Esta contención é un dos factores que xogan a favor da estabilización do prezo da vivenda.

O indicador de clima da construción¹ (ICC) que se ve no gráfico 2 reflicte estabilidade nas valoracións empresariais, encadeando tres anos por riba da súa media a longo prazo. En 2022 o ICC presentaba unha media positiva de 8,8 puntos, que se mantén en 2023 sen apenas variación (8,7). Pero nos tres primeiros meses de 2024 o ICC mostra unha media de 4,5 debido ao saldo negativo producido en xaneiro, aínda que en marzo se recupera. En 2023 o compoñente máis optimista do ICC son as expectativas de emprego (saldo de 12,5), mentres que as valoracións positivas sobre a carteira de pedidos superan en 5 puntos as negativas. Por sectores de actividade, a mellor valoración correspóndelle á obra civil (saldo medio de 17 en 2023), mentres que a construción de edificios presenta unha media negativa de -1,2. Outra variable medida por esta enquisa é o período de traballo asegurado, que en marzo de 2024 se establece en 519

¹ O ICC é o principal indicador sintético que se obtén na *Encuesta de Coyuntura del sector de la Construcción*. O ICC resume a información proporcionada polas empresas entrevistadas acerca da situación da súa carteira de pedidos global no mes de referencia, e as expectativas de emprego a tres meses. O ICC obtense como a media dos saldos de opinións empresariais referidos á tendencia do emprego e á carteira de pedidos do sector. Por exemplo, un valor de -5 do saldo significa que a porcentaxe de opinións negativas supera en 5 puntos á de opinións positivas.

Cadro núm. 3

O mercado de traballo na construción (medias do período). Ano 2023

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Ocupación						
Miles	33,3	9,0	8,2	26,8	77,2	1.398,0
TVI (%)	-6,8	14,6	-8,9	9,6	0,4	3,2
Paro estimado						
Miles	1,3	0,5	0,8	0,8	3,5	111,1
TVI (%)	-46,3	75,0	200,0	-63,7	-34,0	-4,2
Paro rexistrado						
Miles	4,0	0,9	1,1	3,2	9,3	213,4
TVI (%)	-9,4	-12,3	-11,3	-11,5	-10,6	-8,8
Afiliación á Seguridade Social						
Miles	36,7	9,1	8,6	26,2	80,5	1.379,0
TVI (%)	2,5	-0,4	3,1	0,9	1,7	3,8

Fonte: Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA e INE.

días. Esta cifra representa cerca de un mes menos que a indicada un ano antes, malia que para valorar este dato hai que ter en conta a gran volatilidade que presenta esta medida nos últimos meses.

En 2023 en España as dúas estatísticas oficiais que miden a evolución do mercado de traballo (enquisa de poboación activa e paro rexistrado) e os datos de afiliación á Seguridade Social mostran unha tendencia positiva da ocupación da construción por terceiro ano consecutivo, como se observa no cadro 1. O emprego estimado pola EPA en España foi de 1,361 millóns, que representan un crecemento do 3% respecto a 2022, cunha redución da taxa de paro do sector que pasa do 7,8% en 2022 ao 7,3% en 2023. A media das afiliacións á Seguridade Social da construción foi de 1,379 millóns, que representan un crecemento do 3,8%, similar ao indicado pola EPA. Este favorable panorama complétase cos datos do paro rexistrado nas oficinas públicas de emprego, segundo os cales a media de parados rexistrados do sector en 2023 foi de 213.381 persoas, que supoñen un descenso interanual do 8,8%. Así, a pesar dalgunhas incertezas na avaliación do emprego estimado pola EPA, a concordancia das tres fontes permite valorar positivamente a traxectoria do mercado laboral da construción española en 2023 (véxanse cadros 1 e 3).

O mercado laboral galego da construción mostrou tamén unha evolución positiva en 2023. Aumentaron os ocupados estimados pola EPA e as afiliacións á Seguridade Social, mentres que o paro se reduciu, tanto o estimado como o rexistrado nas oficinas de emprego. A EPA calcula unha media de 77.200 ocupados en actividades do sector en Galicia ao longo de 2023. Esta cifra significa unha lixeira mellora do 0,4% respecto a 2022. A provincia da Coruña, con 33.250 empregos, segue absorbendo a maior proporción da ocupación galega (43%), seguida de Pontevedra con 26.775 (35%), e Ourense e Lugo con 8.200 e 9.000 respectivamente. A tendencia da ocupación é negativa na Coruña e Ourense, que amosan caídas respectivas do 6,8% e o 8,9%, mentres que Lugo e Pontevedra experimentan subidas do 14,6% e o 9,6% nos empregos estimados da construción. Os datos de afiliación á Seguridade Social en actividades da construción concordan, *grosso modo*, coa ocupación estimada pola EPA, aínda que son lixeiramente mellores. A media das afiliacións á Seguridade Social en Galicia en 2023 foi de 80.437, que supoñen un aumento do 1,7% respecto ao ano precedente; 36.600 destas afiliacións corresponden á Coruña (45%) e 26.185 a Pontevedra (32,5%), seguidas con 9.000 e 8.500 de Lugo e Ourense. Segundo a Seguridade Social, contrariamente aos resultados da EPA, Lugo é a única provincia que reduce (0,4%) o emprego da construción, aumentando lixeiramente no resto das provincias. Este cadro moderadamente positivo do emprego da construción complétase coa caída do paro estimado pola EPA, cunha redución conxunta do 34% en Galicia. Esta caída non é homoxénea nas catro provincias. Lugo e Ourense ofrecen fortes aumentos, mentres que en Coruña e Pontevedra o paro baixa a taxas significativas. En contraste co anterior, o paro rexistrado nas oficinas de emprego ofrece un comportamento máis equilibrado entre as catro provincias, descendendo en todas elas as taxas, que oscilan entre o 9,4% de Coruña e o 12,3% de Lugo, cunha baixada media do 10,6% (véxanse cadros 2 e 3 e gráfico 3).

Vivenda

Para analizar o mercado da vivenda utilizaremos como indicadores de oferta os certificados de inicio de obra e os visados de final de obra dos arquitectos técnicos. Úsanse como indicadores de demanda as compravendas rexistradas nas notaría, os apuntes realizados nos rexistros da propiedade e as hipotecas sobre vivenda constituídas no período. Por outra parte, ben que con máis limitacións en canto aos datos dispoñibles, estimase a evolución das variables de oferta e demanda para os mercados inmobiliarios das

Cadro núm. 4

A vivenda en España. Principais indicadores de oferta



	2021	2022	2023	TVI (%)		
				2021	2022	2023
Visados de dirección de obra. Vivenda nova	108.318	108.923	107.934	26,6	0,6	-0,9
Visados de dirección de obra. Obras de ampliación e reforma	30.457	26.921	24.799	7,9	-11,6	-7,9
Certificados de fin de obra	91.390	89.107	85.566	6,3	-2,5	-4,0
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	13.171	13.022	11.982	13,8	-1,1	-8,0
VPO obra nova. Vivendas rematadas	9.567	9.610	8.646	5,9	0,4	-10,0
VPO Rehabilitacións aprobadas	46.191	67.447	66.944	2,1	46,0	-0,7

VPO: Vivenda de protección oficial.

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

sete cidades máis importantes de Galicia, en cuxas áreas urbanas se asenta arredor da metade da poboación galega.

A pandemia de 2020 cortou a recuperación da oferta de vivenda que comezara en España no ano 2015. En 2021 a cifra de vivendas iniciadas acadou un pico próximo a 138.000 e nos dous anos sucesivos os comezos de obra vanse reducindo, situándose preto de 133.000 en 2023; o que supón unha caída interanual de case o 8% na actividade de edificación residencial en toda España. As finalizacións de obra mostran un perfil similar, reducíndose nos dous últimos anos e situándose en algo menos de 86.000 as vivendas terminadas en España no último ano, o que significa unha caída do 4%. Así, parece que a oferta non está sendo demasiado áxil na súa reacción fronte aos desequilibrios de mercado e á escaseza de vivenda en determinadas áreas españolas. A lentitude na reacción pódese deber a varios factores, tales como o forte aumento dos custos dos materiais e do custo financeiro, que altera os cálculos empresariais; a escaseza de man de obra cualificada, e o longo proceso burocrático e político-administrativo necesario en España para o desenvolvemento da promoción residencial.



En Galicia a oferta de vivenda non experimentou grandes alteracións desde 2020, manténdose un nivel relativamente baixo con respecto á media estatal. O peso da edificación residencial galega foi diminuindo e se en 2012 as vivendas comezadas en Galicia representaban o 4,8% do total español, en 2023 esa proporción é do 3,8% e o mesmo sucede coas rematadas, cuxa participación nos últimos dez anos caeu un punto porcentual respecto do conxunto de España, supoñendo só o 2,8% en 2023.

Os cadros 5 e 6 e gráficos 4 e 5 expoñen os indicadores de oferta para Galicia. En 2023 iniciáronse case 3.500 vivendas novas (crecemento do 4,7%) e 1.572 obras de ampliación e reforma (27% de aumento). No mesmo ano 2.358 vivendas obtiveron o certificado de final de obra, que representa unha cifra un 6% inferior á de 2022. Un 44% das vivendas comezadas corresponden á provincia da Coruña e un 36% á de Pontevedra, mentres que en Lugo se puxeron en marcha 445 novas residencias (13%), sendo a oferta de Ourense a menos dinámica, con 253 comezadas que representan o 7% do total galego. No gráfico 5 recóllese a evolución da oferta nas sete áreas urbanas galegas² a través das licenzas de obra

² Os municipios integrantes de cada unha das sete áreas urbanas son os seguintes. **A Coruña:** A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros. **Ferrol:** Ferrol, Narón e Fene. **Santiago:** Santiago de Compostela, Ames, Oroso e Teo. **Lugo:**

Cadro núm. 5

A vivenda en Galicia. Principais indicadores de oferta

	2021	2022	2023	TVI (%)		
				2021	2022	2023
Visados de dirección de obra. Vivenda nova	3.145	3.342	3.498	-8,9	6,3	4,7
Visados de dirección de obra. Obras de ampliación e reforma	1.131	1.233	1.572	-19,1	9,0	27,5
Certificados de fin de obra	2.440	2.509	2.358	-10,5	2,8	-6,0
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	199	263	129	-39,0	32,2	-51,0
VPO obra nova. Vivendas rematadas	155	103	14	-50,5	-33,5	-86,4
VPO Rehabilitacións aprobadas	3.272	2.058	1.766	-66,9	-37,1	-14,2

VPO: Vivenda de protección oficial.

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 6

Indicadores de oferta. Vivendas iniciadas e rematadas

	2019	2020	2021	2022	2023
Vivendas iniciadas (obra nova)					
A Coruña	1.828	1.210	1.122	1.266	1.551
Lugo	389	455	303	326	445
Ourense	160	461	205	333	253
Pontevedra	1.120	1.327	1.515	1.417	1.249
Galicia	3.497	3.453	3.145	3.342	3.498
España	106.266	85.535	108.318	108.923	107.934
Vivendas rematadas					
A Coruña	669	916	858	967	931
Lugo	438	583	595	413	170
Ourense	183	283	239	327	351
Pontevedra	410	944	748	802	906
Galicia	1.700	2.726	2.440	2.509	2.358
España	78.789	85.945	91.390	89.107	85.566

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

gueiro. O principal factor que incide neste aumento de prezo é a escaseza de oferta que, á vista da tendencia reflectida no gráfico 5, non parece que se vaia corrixir a curto prazo.

Os cadros 4 e 5 recollen a evolución da vivenda de protección oficial (VPO) durante os últimos tres anos, abrangendo as VPO de obra nova e as rehabilitacións protexidas. As cifras presentadas de VPO iniciadas e terminadas son na súa maioría o resultado de actuacións acollidas ao pasado Plan estatal de vivenda 2018-2021, que foi comentado en pasados *Informes*. Polo que respecta a Galicia, parte das actuacións protexidas son resultado do chamado Plan RehaVita (Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda) con vixencia de 2015 a 2020.

En 2023 as novas actuacións protexidas en materia de vivenda acóllense ao Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025. Neste plan a adquisición de vivenda representa un papel moi marxinal e céntrase no fomento da vivenda en aluguer. O seu obxectivo principal é impulsar o acceso á vivenda dos mozos e cidadáns vulnerables e de baixos recursos a través de diversas axudas e subvencións específicas en función de circunstancias persoais e da localización da vivenda. Non obstante, o programa de estabilidade enviado a Bruxelas polo Goberno conxela o investimento público en vivenda no 0,5% do PIB ata 2026, a mesma cantidade que en 2021 e 2022. Este tope limitará o desenvolvemento das políticas estatais de vivenda nos anos vindeiros.

A política autonómica de vivenda, ademais de desenvolver o plan estatal, articula as axudas públicas a través do denominado *Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025*, que se enfoca ao acceso á vivenda, á rehabilitación e á creación de solo residencial. Completa a política autonómica de vivenda o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado con fondos europeos *Next Generation*, cuxos principais obxectivos son a rehabilitación en contornos residenciais e a construción de vivendas de aluguer social e edificios eficientes.

Os cadros 4 e 5 expoñen as actuacións protexidas en España e Galicia nos últimos tres anos, produto dos plans citados. As cifras mostran unha tendencia decrecente de todo tipo de actuacións en 2023,

Lugo. Ourense: Ourense e Barbadás. **Pontevedra**: Pontevedra, Marín e Poio. **Vigo**: Vigo, Gondomar, Mos, Nigrán, Pontearreas, Porriño e Redondela.

outorgadas polos municipios implicados, entre os anos 2019 e 2022, non dispoñendo das cifras de 2023 no momento da redacción deste texto. O maior número de licenzas corresponde ás áreas máis poboadas de Vigo e A Coruña, que, con cerca de 400 cada unha delas, absorben en 2022 o 60% das 1.320 concedidas nas sete áreas. A continuación sitúanse Santiago, que representa case o 20%, Lugo co 10%, Pontevedra co 6,5%, Ourense co 2,4% e Ferrol co 2,1%. En Coruña, Vigo, Santiago e Pontevedra apréciase un pico de licenzas no ano 2020 e unha tendencia decrecente nos dous períodos seguintes. Posteriormente, veremos o encarecemento que se produciu nas vivendas urbanas, tanto no seu prezo de venda como no do alu-

especialmente para Galicia. Neste ano, no conxunto de España empezáronse case 12.000 VPO e rematáronse 8.600. Estas cifras representan pouco máis do 10% do total respectivo de vivendas iniciadas e terminadas no Estado e supoñen caídas interanuais do 8% e o 10%. A figura de protección máis utilizada, de acordo coa filosofía dos novos plans, é a da rehabilitación, con case 67.000 actuacións aprobadas, que representa un lixeiro descenso respecto ao ano anterior (-0,7%). Historicamente, a política de vivenda sempre tivo unha incidencia relativamente baixa na comunidade galega e nos últimos anos a súa relevancia é aínda menor. As VPO novas postas en marcha en Galicia en 2023 representan só o 3,7% do total galego de comezos de obra e as VPO finalizadas significan apenas o 0,6% das 2.358 residencias rematadas en Galicia neste ano. Por outra banda, as case 1.800 rehabilitacións protexidas aprobadas en 2023 supoñen apenas o 2,6% do total español. Ademais, os tres tipos de actuacións protexidas mostran uns fortes descensos: 86% as VPO rematadas; 14,2% a rehabilitación protexida, e 51% as VPO iniciadas. Así, nun contexto no que a precariedade social está aumentando e crece o número de persoas con dificultades de acceso á vivenda, a política de protección non parece ter a suficiente enerxía para dar resposta a tales necesidades nin en España nin, en especial, en Galicia.

Respecto á política de vivenda, o 24 de maio de 2023 promulgouse a *Lei 12/2023 por el derecho a la vivienda*, que xa comezou a incidir no mercado inmobiliario español, en particular do alugueiro e cuxos resultados se concretarán en anos vindeiros. A continuación, comentamos e valoramos brevemente as súas principais características.



A Lei de vivenda 2023 ten como principais obxectivos: o fomento do alugueiro accesible; unha maior protección aos inquilinos e promover medidas para a rehabilitación de vivendas. Esta lei anuncia que establecerá medidas e axudas para favorecer o chamado *alquiler asequible*, limitando as subidas do alugueiro e ampliando os prazos mínimos dos contratos de arrendamento. O impulso á vivenda social preténdese facer a través do establecemento de mecanismos de financiamento e do fomento da cooperación público-privada. Regúlanse e limítanse as vivendas turísticas, consideradas un problema para o mercado do alugueiro en determinadas zonas, e promociónase a rehabilitación con especial incidencia na eficiencia enerxética.

Esta lei desenvolve varias liñas para intentar controlar os prezos do mercado do alugueiro. Esténdense as situacións susceptibles de declaración de *zona tensionada*, abranguendo máis áreas de intervención. Nas zonas tensionadas o aluguer terá un tope legal, que se establecerá en función da modalidade de contrato e tipo de propietario. Á parte destas situacións, a lei establece límites ao axuste das rendas, desvinculándoas da taxa de inflación: a actualización do aluguer estará limitada ao 2% en 2023, ao 3% en 2024 e en 2025 crearase un indicador de actualización de prezos do aluguer sempre inferior á taxa de inflación medida pola variación do IPC. Por último, a lei diferencia entre pequenos e grandes propietarios en función de que posúan menos de cinco vivendas en alugueiro ou cinco ou máis, establecendo incentivos fiscais para que pequenos propietarios en zonas tensionadas poñan as súas vivendas no mercado.

Trátase dunha lei extremadamente intervencionista no mercado do aluguer e, malia que as súas intencións parezan positivas, é dubidoso que poida conseguir os seus obxectivos. A experiencia histórica de numerosos intentos de control de rendas que tiveron lugar en España e diferentes países e cidades ao longo de moitos anos non foi positiva. Fixar prezos máximos aos alugueres, aínda que pode beneficiar os inquilinos actuais con ganancias inesperadas, reduce a cantidade e calidade da vivenda dispoñible. A teoría económica indica que para moderar o prezo do arrendamento é necesario estimular a oferta e que limitar os prezos desincentiva o investimento en aluguer, con propietarios que, nun marco xurídico non moi favorable aos seus intereses, prefiren retirar os seus activos do mercado, agravando finalmente o problema que se intentaba resolver.

Avaliaremos a demanda efectiva no mercado da vivenda a través de tres variables fundamentais: as compravendas realizadas nas notaría, as transaccións apuntadas nos rexistros da propiedade e as hipotecas constituídas sobre vivendas³. As series de rexistro teñen como base as mesmas operacións recollidas polas notaría, pero cun atraso temporal variable entre as dúas entradas. Os tres indicadores cobren as

³ O Consello Xeral do Notariado estima o número de transaccións levadas a cabo en notaría e estes cálculos son publicados polo Ministerio de Fomento. O Colexio de Rexistradores de España compila as transaccións rexistradas nos rexistros da propiedade na Estatística Rexistral Inmobiliaria e estas cifras tamén se recollen nas series de compravenda de vivendas publicadas polo INE desde o ano 2007. O INE publica a estatística de hipotecas que recolle as hipotecas constituídas sobre bens inmoables; estes datos son fornecidos polo Servizo de Sistemas de Información do Colexio Oficial de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España.



potecas e compras, que pasa do 69% en 2022 ao 53% en 2023, pode indicar un cambio no tipo de comprador de vivenda, cobrando maior peso a demanda de reposición, a proveniente de estranxeiros e a investidora, que recorren menos ao crédito na adquisición (véxase cadro 9).

Os rexistros das notaría galegas mostran que no ano 2023 se compraron 24.000 residencias na comunidade, das cales algo máis de 22.000 (92%) eran vivendas de segunda man. Estas cifras implican unha caída do 7,4% respecto ao período anterior. A demanda de vivendas novas crece moi lixeiramente, pero a das usadas cae un 8,1%. Podería pensarse, segundo estes datos, que a demanda galega de vivenda se mostra menos recesiva que a estatal; mais os rexistros da propiedade galegos exhiben un descenso do 12,3% en 2023, que é superior ao español. E, se nos fixamos nas hipotecas constituídas en Galicia, obsérvase un descenso de maior contía (21,9%) que o estatal (17,8%). En Galicia, ao igual que no conxunto de España, redúcese o uso do crédito hipotecario para a compra e a *ratio* entre compravendas e hipotecas pasa do 61% en 2022 ao 51% en 2023. Así, a demanda en España e Galicia comportouse de forma similar,

operacións levadas a cabo en España e Galicia ata o ano 2023 e amósanse nos cadros 7, 8, 9 e 10 e nos gráficos 6 e 7.

En 2023 reverteuse a tendencia dos dous anos anteriores e as compras de vivenda experimentaron unha significativa caída en España, aínda que menor do esperado, dado o forte encarecemento financeiro. Tanto as notaría como os rexistros da propiedade reflicten un descenso das compras de vivenda, que os notarios cifran nun 11% e os rexistradores nun 9,9%. En amabas as dúas variables québrase a tendencia expansiva dos dous anos precedentes, co aumento dos tipos hipotecarios como pano de fondo que explica este descenso. A vivenda usada segue dominando de forma abafadora o mercado de compravenda ante a falla de novas promocións. Así, o 90% das 638.522 vivendas transmitidas en notaría en 2023 eran de segunda man. O impacto do aumento dos tipos de xuro afectou especialmente ao mercado hipotecario. En 2023 constituíronse en toda España 381.560 hipotecas, que supoñen unha caída de case o 18% respecto a 2022. Este descenso case duplica o observado nas transmisións, o que indica unha diminución do recurso ao crédito e un aumento dos pagamentos ao contado das operacións. A caída da proporción entre hi-

potecas e compras, que pasa do 69% en 2022 ao 53% en 2023, pode indicar un cambio no tipo de comprador de vivenda, cobrando maior peso a demanda de reposición, a proveniente de estranxeiros e a investidora, que recorren menos ao crédito na adquisición (véxase cadro 9).

descendendo a un ritmo parecido e xustificándose esta caída polas dificultades dos compradores para asumir o forte incremento en 2023 do custo financeiro da vivenda.

Nos cadros 6, 8 e 9 están detallados os tres indicadores de demanda nas catro provincias galegas. Só Ourense mostra unha evolución positiva nas compravendas tanto de vivenda nova como usada e mesmo no número de hipotecas, que crecen un 1%. No resto, os datos son negativos, sendo a demanda da provincia de Pontevedra a máis recesiva, mostrando as súas notaría e rexistros os maiores descensos, mentres que Lugo lidera a caída no número de hipotecas cunha redución do 42%.

Cadro núm. 7

Indicadores de demanda de vivenda

	Número de transaccións			TVI (%)		
	2021	2022	2023	2021	2022	2023
Galicia						
Notaría	25.208	26.019	24.088	29,6	3,2	-7,4
A Coruña	10.840	11.487	10.629	26,7	6,0	-7,5
Lugo	3.807	3.615	3.541	40,1	-5,0	-2,0
Ourense	2.453	2.782	2.849	20,1	13,4	2,4
Pontevedra	8.108	8.135	7.069	32,1	0,3	-13,1
Rexistros	19.815	21.864	19.172	30,2	10,3	-12,3
A Coruña	9.320	10.374	9.122	32,8	11,3	-12,1
Lugo	2.420	2.603	2.192	48,7	7,6	-15,8
Ourense	1.658	1.903	2.010	11,1	14,8	5,6
Pontevedra	6.417	6.984	5.848	26,4	8,8	-16,3
España						
Notaría	674.249	717.734	638.522	38,3	6,4	-11,0
Rexistros	566.485	650.265	586.037	34,8	14,8	-9,9

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. *Estadística de Transmisiones de Derechos de la Propiedad*. INE.

Cadro núm. 8

Transaccións de vivenda en notaría. Ano 2023

	Núm. de transaccións		TVI (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	629	10.000	-3,7	-7,7
Lugo	263	3.278	-9,3	-1,4
Ourense	265	2.584	14,2	1,3
Pontevedra	797	6.272	4,5	-14,9
Galicia	1.954	22.134	0,8	-8,1
España	60.030	578.492	-11,4	-11,0

Vivendas rexistradas. Ano 2023

	Núm. de transmisións		TVI (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	2.144	6.978	-4,0	-14,3
Lugo	445	1.747	-25,1	-13,0
Ourense	396	1.614	3,1	6,3
Pontevedra	1.333	4.515	-14,3	-16,8
Galicia	4.318	14.854	-9,4	-13,1
España	110.594	475.443	-5,0	-10,9

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. *Estadística de Transmisiones de Derechos de la Propiedad*. INE.


Cadro núm. 9

Hipotecas constituídas sobre vivendas

	Núm. de hipotecas			TVI (%)		
	2021	2022	2023	2021	2022	2023
A Coruña	6.464	7.396	5.585	25,0	14,4	-24,5
Lugo	1.420	1.582	924	35,8	11,4	-41,6
Ourense	1.058	1.155	1.166	-2,1	9,2	1,0
Pontevedra	5.505	5.669	4.661	30,0	3,0	-17,8
Galicia	14.447	15.802	12.336	25,3	9,4	-21,9
España	418.058	464.107	381.560	23,8	11,0	-17,8

Fonte: INE.


O gráfico 8 mostra a interacción entre a oferta e a demanda de vivenda en Galicia ao longo dos anos a través da evolución do stock aparente de vivendas. O stock de vivenda obtense como a diferenza entre as compras de vivenda nova, estimadas pola estatística notarial, e as vivendas terminadas medidas polos certificados de fin de obra dos arquitectos técnicos, das cales se deduce a proporción non escriturada da autopromoción⁴. O stock de vivenda en Galicia redúcese continuamente desde 2012, coa única excepción do ano da COVID-19. E en 2023 as únicas vivendas novas non liquidadas son residencias a medio finalizar ou deslocalizadas e practicamente invendibles. En 2023 os perigos que ameazan o mercado son a redución observada de demanda pola elevación das cargas financeiras e o aumento dos custos de materiais e, en especial, o da man de obra.



No gráfico 7 amósanse as transaccións notariais localizadas nas zonas urbanas galegas nas cales reside preto da metade da poboación. En 2023 compráronse 12.309 vivendas nas sete áreas, que supoñen un descenso do 10,5% respecto a 2022. As compravendas urbanas representan o 48% de Galicia, o que significa unha perda de importancia respecto ao ano anterior, cando a demanda urbana era o 53% do total. O 90% das vivendas adquiridas son de segunda man e só nas áreas de Vigo e Ourense a vivenda nova, cun 20% do total, ten un peso algo maior que no resto. As áreas da Coruña e Vigo, con cerca de 3.200 transaccións cada unha, representan a metade da demanda residencial urbana. A terceira cidade con maior número (1.659) de transaccións é sorprendentemente a de Ferrol, seguida por Santiago (1.230), Lugo (1.016) e Ourense (1.177), sendo Pontevedra a urbe de menor actividade inmobiliaria en 2023 con 851 compravendas rexistradas nas súas notaría. Os anos 2021 e 2022 foron de recuperación nos mercados inmobiliarios das sete cidades, pero en 2023 esta tendencia fréase e, como se aprecia no gráfico, prodúcese unha caída xeneralizada das compras coa única excepción de Ferrol, en cuxa área urbana se rexistra un aumento do 11% nas transmisións.

Segundo o Banco de España, o crédito aos fogares para a adquisición de vivenda reduciuse un 2,3% de media en 2023. Ao longo deste ano o crédito foise contraendo cada vez a maior ritmo: en xaneiro a caída era do 0,3% e en decembro o descenso elévase ata o 3,1%. Esta caída concorda coa tendencia vista nas hipotecas e prodúcese a medida que os tipos de xuro escalaban ao longo do ano. En 2023 constátase tamén un importante descenso do saldo global do crédito hipotecario, diminución que xa comezara a finais de 2022.

⁴ O tratamento da autopromoción pode levar a resultados moi diferentes en canto á avaliación do stock de vivenda dado que non é posible coñecer con exactitude en que medida os propietarios das vivendas de autopromoción escrituran ou non a compravenda. A estimación das existencias de vivenda móvese dentro dunha ampla franxa. Dentro desta marxe de variación o Ministerio de Transportes opta polo límite inferior. Os nosos cálculos sitúanse no centro desa banda, propoñendo que só o 50% das vivendas autopromocionadas non pasan por notaría e dedúcense, por tanto, do total anual de vivendas terminadas.



Así, o volume de crédito hipotecario remanente pasa de representar o 41,2% do PIB español no primeiro trimestre ao 38,3% no cuarto de 2023. Esta caída de tres puntos sinala o incentivo ás amortizacións anticipadas de hipotecas ante o aumento das cotas dos préstamos a tipo variable. Porén, a pesar da subida de xuros, a morosidade ou *ratio* de créditos de dubidoso cobramento diminuíu unha décima porcentual en 2023, situándose no 2,5%, que é un nivel relativamente baixo respecto a anos anteriores.

O gráfico 9 mostra a evolución das variables que determinan o custo financeiro da vivenda. Ata marzo de 2022 o EURIBOR a un

ano mantívose en valores negativos, pero a suba da inflación forza ao BCE a elevar os tipos de xuro e o EURIBOR comeza unha escalada que o sitúa no seu valor máximo de 4,16% en outubro de 2023. Os tipos de xuro aplicados ás novas hipotecas mantivéronse bastante axustados, a pesar do incremento dos tipos de referencia, como se pode apreciar no gráfico 9. Pero, con todo, o tipo hipotecario variable medio acadou o 4,22% a final de ano, que supón 1,1 puntos máis que 12 meses antes. Como consecuencia, as cotas hipotecarias variables comezan a encarecerse. Por cada 100.000 euros de crédito solicitado mediante unha hipoteca a 25 anos, a cota mensual pasou de 399 euros en xaneiro de 2022 a 540 euros en decembro de 2023; un aumento do 35,3% en dous anos, sendo o incremento dos últimos 12 meses do 12,4%. Tomando o valor das transmisións notariais como referencia para o cálculo do préstamo, nos últimos 12 meses un comprador galego experimentou unha subida das cotas de 900 euros anuais, mentres que o comprador medio español tería que destinar 1.300 euros máis ao ano a pagar a súa débeda. Debido á redución na inflación na zona euro e a consideracións de tipo político, existe a expectativa de que o BCE comezará a reducir os tipos de xuro a mediados de 2024. Esta expectativa xa se empezou a desmontar no mercado e provocou unha lixeira flexión á baixa dos tipos nos primeiros meses de 2024, situándose, segundo a Asociación Hipotecaria Española, o tipo medio hipotecario no 3,99% en febreiro deste ano. De confirmarse, a baixada podería permitir a recuperación de polo menos parte da demanda perdida en 2023; pero hai que ter en conta que o EURIBOR non voltará aos antigos valores negativos e os tipos de xuro se manterán en niveis claramente por riba dos existentes antes de 2022.

No gráfico 10 e os cadros 10 11, 12 e 13 preséntanse diversas estimacións do custo da vivenda en España e Galicia nos últimos anos. A pesar da caída da demanda, o prezo medio da vivenda continuou aumentando en España e Galicia en 2023. O crecemento do prezo é moi parecido á inflación medida polo

incremento do IPC neste ano, de xeito que en termos reais o custo da vivenda apenas variou. Non obstante, pola subida de tipos, si se encareceu para aqueles compradores —a maioría— que necesitan recorrer ao crédito hipotecario. E tamén se volveu moito máis cara para os que fan uso do alugueiro, xa que a renda media de alugamento aumentou en maior medida que os prezos de venda.

No cadro 10 amósase unha primeira impresión sobre o custo da vivenda, presentando os valores medios declarados nos rexistros notariais. Estas cifras refírense a vivendas heteroxéneas de diferentes tamaños e características, impedindo que se poida extraer directamente o prezo por m². Así, os valores declarados ofrecen unha primeira impresión que posteriormente debe ser confirmada por estatísticas máis elaboradas.

Cadro núm. 10
Valor medio declarado das transmisións inmobiliarias de vivenda libre

	Euros			TVI (%)	
	2021	2022	2023	2022	2023
A Coruña	125.916	129.409	125.317	2,8	-3,2
Lugo	91.781	91.769	103.204	0,0	12,5
Ourense	91.104	92.012	91.222	1,0	-0,9
Pontevedra	141.950	146.744	153.717	3,4	4,8
Galicia	122.573	125.662	126.437	2,5	0,6
España	176.149	182.479	180.718	3,6	-1,0

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 11
Prezo medio da vivenda libre

	Euros/m ²		TVI (%)	
	Galicia	España	Galicia	España
2022	1.256,73	1.740,98	3,6	5,0
2023	1.298,78	1.809,08	3,3	3,9
I trim.	1.286,30	1.788,40	4,0	3,1
II trim.	1.293,10	1.793,20	2,2	3,0
III trim.	1.303,30	1.812,40	2,8	4,2
IV trim.	1.312,40	1.842,30	4,4	5,3

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Segundo estes datos, o valor medio declarado no ano 2023 das transmisións galegas é de 126.437 euros, que supón un pequeno aumento do 0,6% respecto a 2022. No conxunto de España a cifra é de

Cadro núm. 12
Prezo medio da vivenda libre. Detalle por provincias

	Euros/m ²			TVI (%)	
	2021	2022	2023	2022	2023
A Coruña	1.265,0	1.298,4	1.346,5	2,6	3,7
Lugo	875,7	895,3	938,5	2,2	4,8
Ourense	896,8	928,1	947,6	3,5	2,1
Pontevedra	1.284,7	1.351,1	1.396,0	5,2	3,3

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 13
Índice de prezos da vivenda. Taxas de variación interanuais (%)

	2022	2023	2023			
			I trim.	II trim.	III trim.	VI trim.
Galicia						
Xeral	6,6	3,6	3,4	3,1	4,6	3,4
Vivenda nova	7,6	9,5	9,1	10,2	11,9	6,7
Vivenda usada	6,4	2,7	2,4	2,0	3,4	2,9
España						
Xeral	7,4	4,0	3,5	3,6	4,5	4,2
Vivenda nova	7,9	8,0	6,0	7,7	11,0	7,5
Vivenda usada	7,3	3,2	3,0	2,9	3,2	3,6

Fonte: INE.

O INE obtén este indicador depurando e ponderando dita información polas características da vivenda, facendo posible extraer prezos do m² independentes do tipo de residencia. Este índice amósase no cadro 13.



En 2023 o Ministerio de Transportes estima para España un prezo medio da vivenda de 1.809 €/m², que significa un encarecemento do 3,9% con relación a 2022. Apréciase unha progresiva aceleración ao longo do ano, comezando cun aumento do 3,1% no primeiro trimestre e rematando co 5,3% no último. O índice de prezos mostrado no cadro 13 coincide con esta estimación, propoñendo un encarecemento medio do 4% no m² en España, ben que a vivenda nova, que representa non máis do 10% do mercado, se amosa moito máis inflacionista, cunha subida do 8%; mentres que o prezo da usada se eleva un 3,2%. O aumento do custo da vivenda correspondeuse de maneira bastante precisa co encarecemento do resto dos bens. A taxa de inflación en España en 2023 foi do 3,1%, que está só 9 décimas por debaixo do aumento do valor da vivenda, de modo que en termos reais o prezo da vivenda apenas subiu nos últimos 12 meses.

O valor taxado da vivenda galega estimado polo Ministerio de Transportes foi de 1.299 €/m², que implica un aumento do 3,3% respecto a 2022, seis décimas por debaixo da taxa española. O incremento de prezos modérase no segundo e terceiro trimestre, repuntando no cuarto cando alcanza o 4,4% interanual. A tendencia xeral en Galicia, cunha pequena corrección á baixa, resulta moi similar á do resto de España. No cadro 12 amósase desagregado por provincias o prezo estimado. Pontevedra presenta a vivenda máis onerosa (1.396 €/m²), seguida da Coruña (1.347 €/m²), mentres en Lugo e Ourense o m² costa cerca de 940 euros. A provincia coa vivenda máis inflacionista foi a de Lugo, cun aumento do 4,8% en todo o ano, seguida da Coruña (3,7%), Pontevedra (3,3%) e Ourense (2,1%). O índice de prezos que se presenta no cadro 13 ofrece un resultado moi parello á estimación do Ministerio, propoñendo un encarecemento do 3,6% para a comunidade galega en 2023. Ao igual que no resto do Estado, o IPV mostra en Galicia unha vivenda nova máis inflacionista, encarecéndose a un ritmo anual do 9,5%, mentres que a usada aumenta o seu custo un 2,7%. Xa sexa medida polos prezos taxados ou polo IPV, o ritmo de crecemento do prezo da vivenda en Galicia aproximase moito á taxa de inflación galega (3,2% en 2023), polo que en termos reais o custo da vivenda se mantivo tamén en Galicia no ano 2023.

Aínda que o custo da vivenda en Galicia só subiu o 3,3%, esta media é pouco representativa do ocorrido en determinados mercados inmobiliarios. O aumento de prezo en varias das áreas urbanas galegas foi moi superior a esa cifra. No gráfico 10 pódense ver as estimacións do valor taxado da vivenda libre publicadas polo Ministerio de Transportes para Galicia e as súas sete grandes cidades en 2022 e 2023. A cidade de vivenda máis cara é a da Coruña, cun prezo de 2.013 €/m², seguida de Santiago (1.812 €/m²) e Vigo (1.758 €/m²); con Pontevedra (1.449 €/m²) e Ourense (1.260 €/m²) nunha posición intermedia, sendo as residencias máis accesibles as de Lugo (1.129 €/m²) e Ferrol (789 €/m²). As áreas de Pontevedra, A Coruña, Lugo e Santiago mostráronse máis inflacionistas que a media galega. A vivenda de Pontevedra lidera o aumento de prezos cunha taxa do 8,3%, seguida de cerca pola Coruña (8,1%) e Lugo (7,6%), mentres Vigo (6,2%) e Santiago (5,4%) mostraban maior moderación; situándose Ourense (3,7%) próxima ao promedio e sendo Ferrol a única das sete cidades cuxa vivenda se encarecía (2,5%) por debaixo del. Así pois, na vivenda urbana aparecen maiores tensións inflacionistas que as que se poderían prever baseándonos unicamente na

180.718 euros, un 45% superior á galega, e significa un descenso do 1% respecto ao ano anterior. Segundo os rexistros notariais, as vivendas galegas máis caras son as de Pontevedra, cun valor medio superior a 153.000 euros, seguidas por A Coruña (125.000), Lugo (103.000) e Ourense (91.000), destacando o incremento do 12,5% producido en Lugo en 2023.

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana publica as series de valor taxado da vivenda libre que estiman o prezo do m² para España e diversos ámbitos territoriais a través de sociedades de taxación de vivenda. Estas estimacións amósanse nos cadros 11 e 12. Outro cálculo do prezo é o índice de prezos da vivenda (IPV), que elabora o Instituto Nacional de Estatística tomando como base o importe declarado das transaccións notariais.



media. Estas tensións revélanse, así mesmo, no mercado do alugueiro das nosas cidades que comentaremos a continuación.

No gráfico 11 preséntase a evolución do custo do alugueiro desde 2019 para Galicia e os sete grandes municipios. Os datos proceden do Observatorio da Vivenda de Galicia e baséanse nas licenzas depositadas no Instituto Galego de Vivenda e Solo⁵. Segundo esta estatística, en 2023 depositáronse 35.750 fianzas en toda Galicia, unha cifra case idéntica á do ano anterior. A Coruña, con case 6.000 fianzas, e Vigo, con 5.400, seguidos de lonxe por Santiago, son os concellos con maior volume de vivendas en aluguer. O valor medio destas fianzas para o conxunto de Galicia é de 512 euros, equivalente ao importe dunha mensualidade. A Coruña, cunha fianza media de 620 euros, representa o aluguer máis caro, seguida de Vigo (612 euros), Pontevedra (582 euros) e Santiago (565 euros). Cunha renda mensual por debaixo da media sitúanse Ourense (479 euros), Lugo (470 euros) e Ferrol (439 euros). Seguindo a tendencia xeral alcista dos últimos dez anos, en 2023 o alugueiro mostrouse moito máis inflacionista que o prezo de compra. O arrendamento encareceuse unha media do 7,7% no conxunto de Galicia e, como se aprecia no gráfico 11, en todas as cidades o importe mensual do aluguer aumentou respecto a 2022. Ferrol, a cidade co arrendamento máis barato, é a que experimentou a maior subida, cun 9,6%, seguida de Santiago (9,2%) e Vigo (8,9%); sendo a cidade co aluguer máis caro, A Coruña, a que experimenta a menor alza, cun 7,6%, que, non obstante, é unha taxa relativamente alta e moi superior ao incremento do IPC.

Respecto ao alugueiro é interesante estudar o índice PER (*price earnings ratio*) do aluguer en Galicia e nas distintas cidades. Este coeficiente indícanos a conveniencia ou non de comprar ou alugar e a súa inversa mide a rendibilidade bruta anual do aluguer⁶ (RBA). O PER de Galicia en 2023 é de 19,6 fronte a un PER español do 29,4. É dicir, en Galicia o importe de 19,6 anos de alugueiro sería suficiente para comprar a vivenda, mentres que en España se necesitarían case dez anos máis para facer o mesmo. Isto significa que a rendibilidade bruta anual do aluguer en Galicia é do 5,5% fronte ao 3,4% español. Estes valores indican que, en conxunto, en Galicia a compra é máis favorable que o alugueiro en relación co resto de España. Pero esta medida varía amplamente entre as sete localidades presentadas no gráfico 11. En 2023 as cidades da Coruña e Santiago, con PER respectivos de 23,5 e 22,2, son as de menor rendibilidade bruta (4,3% e 4,5%) e, en consecuencia, nas que o alugueiro é máis interesante fronte á compra. Mentres, a adquisición comeza a ser cada vez máis recomendable ante o aluguer en Lugo (PER de 20,4, RBA 4,9%),

⁵ A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, obriga ao depósito de fianzas nos contratos de arrendamento de inmobles urbanos que se destinen a vivenda ou a uso distinto do de vivenda. As cifras que se recollen no gráfico 11 corresponden aos datos do rexistro destes depósitos de aluguer de vivenda do IGVS.

⁶ O PER calcúlase dividindo o prezo da vivenda entre o custo anual do alugamento. Por exemplo, se unha residencia costa 200.000 euros e a renda do alugueiro é de 10.000 euros/ano, o PER é igual a 20 anos. Se o custo fóra de 290.000 € o PER sería de 29 anos. Canto maior é o PER máis beneficioso é alugar, e máis interesante é a compra canto menor é esta ratio. A inversa do PER indica a rendibilidade bruta anual do aluguer (RBA). En 2023, segundo o Banco de España, o PER español era de 29,4 (é dicir, o valor da vivenda equivale ao pagamento do arrendamento durante 29,4 anos) cunha RBA do 3,4%.

Cadro núm. 14

Accesibilidade á vivenda (referida á compra dunha vivenda de 100 m²)

Ano	Anos de salario necesarios para a compra dunha vivenda		Proporción da renda familiar que representa o pago das cotas dun crédito de 25 anos (%)			
	Galicia	España	Un salario		Salario ponderado	
			Galicia	España	Galicia	España
2019	5,7	7,0	23,1	28,4	17,7	23,7
2020	5,7	7,1	22,8	28,2	19,0	25,6
2021	5,6	6,8	21,4	26,4	17,9	24,0
2022	5,5	6,9	22,9	28,3	19,1	25,7
2023	5,5	6,8	28,4	34,8	23,6	31,6

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Índice de Custos Laborais (INE) e elaboración propia.


Pontevedra (19,4 e 5,1%) e Vigo (18,1 e 5,5%); sendo especialmente máis rendible a merca en Ourense (17,8 e 5,6%) e, sobre todo, en Ferrol cun PER de 13,6 e unha RBA do 7,3%.

No cadro 14 e o gráfico 12 amósanse medidas de accesibilidade á vivenda para España, Galicia e as sete áreas urbanas galegas, completando os datos do cadro 9. No cadro 14 mídese, por un lado, a relación entre ingresos e prezo da vivenda e, por outro, a accesibilidade financeira ou proporción entre as cotas da hi-

poteca e o ingreso familiar. A primeira destas *ratios* estima o tempo de traballo necesario para pagar a totalidade dunha vivenda de 100 m², para prezos e rendas medios da área estudada. A segunda mide a accesibilidade financeira á vivenda, comparando os pagamentos dun crédito hipotecario-tipo coa renda familiar⁷. Os datos utilizados son homoxéneos para España e Galicia e permiten comparar ambos os ámbitos territoriais sobre a mesma base. A análise de accesibilidade presentada no gráfico 12 utiliza datos de renda familiar por comarcas que non son homoxéneos cos usados no cadro 14, polo que ambas as medidas non son directamente comparables.⁸

O custo en termos reais dunha residencia apenas variou en 2023. Neste ano o valor monetario dunha vivenda de 100 m² supón 6,8 anos de soldo para unha familia media española, o que representa unha leve baixada (un mes menos) que o tempo de traballo necesario un ano antes. Isto indica que o salario medio español subiu lixeiramente por riba do prezo da vivenda nese ano. Un comprador medio galego, pola súa banda, necesita 5,5 anos de soldo para pagar unha residencia de 100 m² ao prezo estimado polo Ministerio para Galicia. Esta proporción é a mesma que o ano anterior, o que apunta que en Galicia os salarios aumentaron ao mesmo ritmo que o prezo das casas. Así pois, pódese dicir que a vivenda mantivo o seu custo real en 2023 tanto en Galicia como en España; pero isto só será relevante para aqueles compradores que se poidan permitir pagala ao contado. Para a maioría dos adquirentes, que necesitan facer uso do crédito hipotecario, o acceso á vivenda empeorou, xa que o custo financeiro se disparou polos aumentos dos tipos hipotecarios que xa observamos no cadro 9.

O cadro 14 mostra que en 2023 a accesibilidade financeira á vivenda empeorou moito tanto en Galicia como no resto de España. As cotas dun crédito a 25 anos polo 80% do valor da vivenda absorben o 28,4%



da renda dunha familia galega que perciba un só salario. Esta proporción aumenta en 5,5 puntos o 22,9% do ano anterior e significa que a carga hipotecaria se acerca ao límite de risco (33%) que se recomenda non superar. No conxunto de España esta proporción xa se superou en 2023, supoñendo o pagamento das cotas o 34,8% da renda dunha familia cun só salario. Esta cifra aumenta en seis puntos porcentuais a existente 12 meses antes. Estas elevadas *ratios* poñen en perigo a viabilidade da compra de vivenda a través do recurso ao crédito. Pero é probable que a degradación da accesibilidade financeira alcanzase o seu tope en 2023 e, dadas as expectativas de

⁷ No cadro 14 calcúlase a proporción de renda que unha familia debe dedicar á compra dunha vivenda de 100 m² construídos. Valórase o importe das cotas dun crédito de 25 anos financiando o 80% do importe ao prezo medio de cada ano. O custo da vivenda estimouse a partir das series de prezos do Ministerio de Transportes; os ingresos familiares obtivéronse da Enquisa Trimestral de Custo Laboral elaborada polo INE e o tipo de xuro do préstamo é o tipo hipotecario medio publicado por AHE.


⁸ No gráfico 12 calculouse a relación prezo/renda familiar estimando o custo dunha vivenda de 100 m² en cada área segundo os prezos do Ministerio de Transportes. Este custoponse en relación co ingreso medio mensual por fogar estimado pola Enquisa Estrutural a Fogares, realizada polo Instituto Galego de Estatística, que recolle a renda familiar en cada unha das comarcas nas que se integran as sete áreas urbanas. Dado que o concepto de renda usado nesta medida é máis amplo que o dos ingresos salariais calculados a partir da *Encuesta Trimestral de Coste Laboral*, ambas as medidas serán diferentes.

flexibilizar á baixa os tipos de xuro, o esforzo que supón o pagamento das cotas reducirase en 2024 e 2025. De todas formas, hai que considerar que os tipos non caerán o suficiente para recuperar os elevados niveis de accesibilidade financeira reflectidos no cadro 14 para os anos 19, 20 e 21, e terá que ser a moderación de prezos e/ou o crecemento dos salarios os que posibiliten un mellor acceso á vivenda.

No gráfico 12 preséntase unha estimación alternativa do custo real da vivenda para Galicia e as sete áreas das principais cidades para os anos 2021 e 2022, non estando dispoñibles no momento da redacción os datos para 2023. Recordamos que esta medición só compara a relación entre o prezo da vivenda e a renda familiar e non reflicte o aumento do custo do endebedamento que xa se iniciara en 2022. Unha familia media galega debía dedicar 4,1 anos⁹ de traballo de todos os seus integrantes para pagar unha vivenda de 100 m² en 2022. Esta cifra representa unha mellora respecto á existente un ano antes (4,2). Esta medida presenta bastantes diferenzas entre as sete áreas urbanas, tanto na súa magnitude, como na súa evolución. As vivendas máis caras en termos reais son as de Vigo, cuxas familias necesitan 5,1 anos de renda para pagar a vivenda, seguidas polas da Coruña (4,9 anos), Santiago (4,6) e Ourense (4,3); sendo as vivendas máis accesibles as de Ferrol (2,8 anos), Lugo (3,4) e Pontevedra (3,9). Agás en Santiago, onde o custo se encareceu en termos reais, en Lugo e Pontevedra, onde se mantivo, no resto das áreas urbanas a vivenda abaratouse lixeiramente en termos reais entre 2021 e 2022.

Demanda pública de obras

Segundo os datos ofrecidos por SEOPAN¹⁰, as Administracións Públicas españolas licitaron en 2023 obras por importe de 28.160,7 millóns de euros. Esta cifra supón un descenso do 6,4% nominal e do 7,4% real respecto a 2022, cando a licitación alcanzara o seu nivel máis alto dos últimos anos. O gasto en edificación (39% do total) redúcese un 6,4% real, mentres que as obras civís (61%) o fan nun 8%. As Administracións local e autonómica perden peso no investimento público, reducíndose o seu gasto a taxas interanuais do 22,8% e do 17,7%, respectivamente; caída que compensa parcialmente a Administración




⁹ Ao estar baseado nos ingresos medios mensuais por fogar estimados pola Enquisa Estrutural a Fogares que realiza o IGE, os seus resultados difiren dos cálculos anteriores. Así, a diferenza co resultado do cadro 14 (5,5 anos) débese a que a renda familiar usada inclúe, en media, máis dunha fonte de ingresos para cada familia, mentres que no cadro 14 só se ten en conta o salario dunha única persoa en cada familia.

¹⁰ Os datos de licitación referenciados neste apartado foron publicados por SEOPAN (Asociación de Empresas Constructoras e Concesionarias de Infraestruturas). Excepto mención en contra, as taxas de variación exprésanse en termos reais. Para obter as taxas reais de variación, os datos foron deflactados polos índices de custos da construción publicados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

central, aumentando o seu investimento un 24,6%. Sendo 2022 un ano no que se produce a expansión no gasto público propia do chamado "ciclo electoral", débese valorar como algo positivo a relativamente baixa caída da licitación e que, a pesar desta diminución, a demanda pública de obras en

2023 supoña o segundo nivel máis alto (en euros correntes) desde o ano 2010 en España.



A licitación das distintas Administracións Públicas en Galicia sumou un total de 2.037,8 millóns de euros en 2023, o que representa un incremento real do 16,6% respecto ao ano anterior, recuperándose despois da caída de 2022. O gasto descomponse en 1.179 millóns en obra civil, que supón un aumento do 17,2%, e 858 millóns en edificación, que repunta un 15,8% respecto ao ano precedente. En 2023 sobresaie a forte subida da licitación do Goberno central, que, con 954 millóns de euros,

Cadro núm. 15
Licitación oficial en Galicia

	Miles de euros correntes			TVI (%) Galicia*		TVI (%) España*	
	2021	2022	2023	2022	2023	2022	2023
Edificación	402.609	729.516	858.281	61,16	15,77	20,96	-6,44
Obra civil	1.440.500	998.274	1.179.506	-39,77	17,26	6,26	-7,95
Adm. central	804.043	547.917	954.388	-39,80	71,84	-6,51	24,61
Adm. autonómica	560.268	669.774	635.430	5,60	-6,41	31,87	-22,79
Adm. local	478.797	510.100	447.969	-5,89	-13,36	14,17	-17,68
Total	1.843.109	1.727.790	2.037.787	-16,12	16,59	12,34	-7,62
Galicia/España (%)	7,79	5,75	7,24				

* Calculada en euros constantes (deflactor: índice de custos da construción).

Fonte: SEOPAN.

Cadro núm. 16
Licitación (en miles de euros). Año 2023

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Edificación	295.448	95.125	295.865	152.111
Obra civil	659.237	129.757	108.975	256.408
Adm. central	448.488	83.316	256.920	143.046
Adm. autonómica	329.437	83.329	56.564	143.857
Adm. local	176.760	58.237	91.356	121.617
Total	954.685	224.882	404.840	408.520
% sobre o total galego	46,8	11,0	19,9	20,0
TVI (%) (euros constantes)	-1,0	73,7	265,2	-11,0

Fonte: SEOPAN.

Cadro núm. 17
Licitación por habitante e km². Año 2023


	Euros/habitante	Euros/km ²
Andalucía	433,0	42.041,2
Aragón	730,0	20.311,4
Asturias	406,8	38.958,2
Baleares	399,3	93.403,1
Canarias	523,5	156.407,4
Cantabria	1.351,1	149.317,1
Castela e León	868,9	21.993,8
Castela-A Mancha	406,6	10.517,5
Cataluña	557,2	135.476,4
C. Valenciana	654,8	142.121,6
Extremadura	497,3	12.664,9
Galicia	756,0	69.232,4
Madrid	575,3	485.799,6
Murcia	572,0	76.755,5
Navarra	804,9	51.098,0
País Vasco	727,5	221.824,5
A Rioxa	640,2	40.667,7
Ceuta e Melilla	391,1	2.074.743,7
España	594,3	55.787,8

Fonte: SEOPAN. INE.

medra un 71,8%, mentres que o gasto autonómico e local, saíndo do mencionado "ciclo electoral", reducen os seus investimentos en 6,4% e 13,4% respectivamente. No cadro 16 e o gráfico 13 apréciase a distribución da licitación entre as catro provincias galegas. A provincia de Coruña absorbe case o 47%, seguida por Pontevedra (20%) e Ourense (19,9%); sendo Lugo a que, a pesar de incrementar a súa licitación nun 73,3% en 2023, recibe a menor proporción (11%) da mesma.

No cadro 17 e o gráfico 14 amósase como se repartiu a licitación de 2023 entre as comunidades autónomas españolas, segundo a poboación e a extensión de cada unha delas. A licitación media por habitante en España foi de 594 euros, 40 menos que o ano anterior. Galicia, cunha licitación de 756 euros por habitante, sitúase por riba da media española, ocupando o cuarto posto dunha clasificación liderada por Cantabria (1.351 euros), seguida por Castela-A Mancha (870 euros) e Navarra (805 euros); situándose á cola as comunidades de Baleares e Ceuta e Melilla con menos de 400 euros licitados *per cápita*.

O gráfico 15 mostra a evolución nos últimos 24 anos do investimento en obra pública por habitante en España e Galicia. Apréciase a forte caída desde os máximos niveis de 2008,



nos que o gasto por habitante superaba os 1.000 euros, ata 2017, no que, a pesar dos investimentos ferroviarios, a licitación se sitúa nun mínimo de 227 euros por galego; malia que nestes anos a *ratio* galega se mantén por riba da española. Desde 2017, con altibaixos, pódese apreciar unha tendencia de recuperación e que o gasto galego por persoa supera a media española. Así e todo, o gasto *per cápita* aínda está moi lonxe das cifras que se daban quince anos antes e cuxa diferenza se agrandaría se tivéssemos en conta a inflación producida desde entón.

As expectativas da obra pública para 2024 aparecen dominadas en canto ao gasto central pola prórroga dos orzamentos xerais do Estado do ano 2023. Esta prórroga supón a conxelación do gasto central, a limitación do investimento e unha menor flexibilidade para axustar o gasto ás necesidades que poidan xurdir en 2024. Así, a conxelación orzamentaria pode afectar a capacidade do Goberno para abordar novas prioridades, investir en áreas clave e responder a eventos imprevistos. Hai que recordar que os orzamentos de 2023 prevían un investimento central en Galicia de 1.077,9 millóns de euros (a quinta cifra máis elevada entre o resto de comunidades autónomas). ADIF realizaba o groso do investimento con algo máis de 400 millóns de euros e a Dirección xeral de estradas prevía un desembolso de preto de 180 millóns de euros. A prórroga destes orzamentos a 2024 xera incertezas sobre a asignación destas e doutras partidas. En canto ao gasto autonómico, o orzamento total da Xunta de Galicia para 2024 ascende a 13.257 millóns de euros, que supoñen un aumento do 5% respecto ao ano precedente. Prevese un investimento de 2.800 millóns de euros e que a Consellería de Infraestruturas realice un gasto de 508 millóns de euros, que significan unha subida nominal do 2,7%. A conservación de estradas e canons de autovías representan 157 millóns, mentres que en obras novas o investimento é de 143 millóns de euros. Deste xeito, o gasto central aparece conxelado e, dada a inflación, baixará en termos reais, mentres que o autonómico se manterá en termos reais no ano 2024.

VIII. Servizos

- Cos datos do avance do IGE, o VEB do sector servizos medrou un 2,3% en 2023. Foi a segunda porcentaxe máis elevada despois da industria e superou en 5 décimas a variación do PIB total.
- A traxectoria do VEB nos servizos foi homoxénea ao longo de 2023. Logo dunha variación do 2,9% de xaneiro a marzo, nos restantes trimestres a taxa de variación roldou o 2%.
- O índice da cifra de negocios amosa, en termos nominais, un sensible incremento na hostalería e nas actividades profesionais, artísticas e técnicas.
- O sector de servizos en Galicia en 2023 segue creando emprego. A ocupación subiu un 2,2% e superou a barreira dos 800.000 traballadores.
- A metade dos contratos que se asinaron nos servizos en 2023 corresponden ao comercio, transporte e hostalería e, en particular, a esta última actividade na que se xeran un de cada catro novos contratos.
- A mediados de 2022 o IPC dos servizos crecía en termos interanuais un 4,7%. Este incremento mantívose, décima arriba ou abaixo, nas variacións mensuais de 2023.
- Galicia contaba con 41 centros comerciais que ocupaban un total de 11 millóns de metros cadrados. En 2023 inaugurouse un parque comercial e estanse construíndo, algúns xa moi próximos á súa apertura, varios novos centros.
- A principal noticia en 2023 en Galicia en relación coa actividade dos establecementos de base alimentaria foi o peche en xullo do Hiperacor en Marineda City na Coruña.
- 2023 non foi un bo ano para o transporte intrarrexional de mercadorías en Galicia. O descenso foi do 6,7%. Os resultados do transporte cara a outras comunidades autónomas e ao estranxeiro foron máis positivos.
- O movemento de pasaxeiros nos tres aeroportos galegos en 2023 case alcanza os 6 millóns de persoas. Estamos cunha cifra récord lograda grazas aos notables incrementos rexistrados nos tráxicos dos tres aeroportos.
- Os resultados dos portos galegos de interese xeral non foron positivos en 2023. Apréciase un descenso no tráfico de mercadorías do 12% no total debido, sobre todo, á caída da actividade en Ferrol-San Cibrao e na Coruña.
- O aumento nos tipos de xuro das operacións das entidades de depósito operantes en Galicia fíxose notar máis nos créditos que nos depósitos, elevando a marxe de beneficio das entidades.
- O tamaño da rede de oficinas bancaria en Galicia mantívose aproximadamente estable por primeira vez en quince anos.

A actividade do sector servizos en 2023

O IGE cuantificaba o crecemento do VEB do conxunto do sector servizos da economía galega nun 2,3%, a segunda porcentaxe máis elevada tras a industria e 5 décimas máis alta que o crecemento do PIB total. Por tanto, a actividade terciaria en Galicia, aínda que se desacelerou sensiblemente con respecto aos dous exercicios anteriores, tivo unha evolución positiva debido, ante todo, á dinámica observada no comercio, transporte e hostalería que incrementou o seu VEB nun 4,3% e nas actividades artísticas, recreativas e outros servizos, cuxo crecemento foi do 4%. Iso contrarresta a caída no grupo de información e comunicacións que, cunha variación do -1%, é o único subsector (cadro 1) que presentou unha taxa negativa.

Cadro núm. 1
Evolución do VEB nas ramas do sector servizos
Taxas de variación interanuais (en %)

Ramas dos servizos	2021	2022	2023
Comercio, transporte e hostalería	17,0	17,3	4,3
Información e comunicacións	2,6	11,8	-1,0
Actividades financeiras e de seguros	1,5	-0,9	0,5
Actividades inmobiliarias	0,7	1,0	1,4
Actividades profesionais	10,2	3,0	2,3
Administración pública, sanidade e educación	3,2	0,3	0,7
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	7,5	-0,9	4,0
Servizos non de mercado	2,4	-0,3	0,5
Total servizos	7,4	6,3	2,3
PIBpm	7,6	4,1	1,8

Datos de 2021 provisionais e de 2022 e 2023 avance.

Fonte: IGE.


A evolución do VEB dos servizos en termos monetarios reflicte un crecemento do 8%, o que, comparado coas taxas que figuran no cadro 1, evidencia a importancia do comportamento dos prezos. O impacto da inflación está sendo cada vez máis forte. En canto aos subsectores que configuran esta actividade, cabe destacar o incremento dun 33,6% en termos monetarios do VEB das actividades financeiras e de seguros (en termos reais este VEB creceu só un 0,5%), o que evidentemente pon de manifesto o gran aumento dos seus prezos. En ningún sector a variación é de dous díxitos salvo neste, aínda que en case todos eles as diferenzas entre o valor real e o monetario

son moi significativas. A influencia dos prezos non parece ser moi alta, só no sector da información e a comunicación e na parte de servizos do grupo actividades inmobiliarias.

No cadro 1 figura a variación do VEB por sectores, pero o comportamento de cada unha das actividades incide en maior ou menor medida na economía de Galicia segundo sexa o seu peso na xeración de VEB. Sobre o valor absoluto do VEB, a última información publicada refírese a 2021 e en Galicia os catro sectores de maior dimensión segundo as contas económicas anuais do IGE son: o comercio e a reparación de vehículos (absorbía un 17,7% do total); as actividades inmobiliarias (16,2%); as actividades sanitarias e servizos sociais (10,5%), e a Administración pública e defensa (9,2%). O transporte e almacenamento, que se estudará polo miúdo máis adiante, absorbía o 6,1% do VEB, pero o valor da súa produción elevábase ao 11,5%.

O crecemento dun 2,3% do VEB nos servizos logrouse grazas á actividade realizada polos servizos que atenden o mercado. Pola contra, os denominados servizos de non mercado, esencialmente aqueles que realizan as diferentes Administracións Públicas, mantiveron o seu VEB en cifras moi similares ás de 2022. O seu incremento foi de tan só o 0,5%.

Con datos máis definitivos que os que figuraban nos *Informes* anteriores, aquí cabe indicar que logo do shock de 2020 coa irrupción da crise sanitaria, o comercio, transporte e hostalería perdían o 19,6% do seu VEB e as actividades artísticas, recreativas e outros servizos o 15,3%. Iso motivou un descenso do VEB dos servizos dun 6,9%. Porén, a saída desta nova e inesperada crise produciuse cunha extraordinaria rapidez, apoiada por unha demanda ansiosa de recuperar as pautas de consumo de 2019 e polo impulso que supuxo que tanto 2021 como 2022 fosen anos Xacobeos. Dese modo, o crecemento do VEB en 2021 xa foi nada menos que do 7,4%, o que permitiu que nun só ano se recuperasen os niveis de actividade de 2019. Esta cifra case se repite en 2022, período no que o incremento foi do 6,3%, cun gran dinamismo no comercio, transporte e hostalería (17,3%), e sendo tamén elevado o avance en información e comunicación (11,8%). Cos resultados de 2021 e 2022 era moi difícil que esta dinámica se prolongase a 2023. Así, no ano obxecto deste estudo prodúcese unha desaceleración na actividade, aínda que a taxa de variación segue sendo positiva debido, como xa se indicou, a unha maior xeración de VEB en todos os subsectores que configuran o terciario galego, salvo en información e comunicacións. Lembremos que, tras a forte subida de 2022, o sector mantivo en 2023 o seu VEB nuns valores moi parecidos aos daquel ano, posto que, como se sinalou, o seu descenso foi do 1%. Esta traxectoria suxire que os factores exógenos que afectaban a economía galega e que podían frear a actividade de servizos non profundaron máis do que fixeron en 2022. O elevado incremento nos prezos, os conflitos internacionais e as subidas nos tipos de xuro que se



intensificaron en 2022 non se agravaron en 2023, o que permitiu unha dinámica económica relativamente favorable.

En suma, a actividade terciaria en Galicia no últimos tres anos foi a máis alta da historia, recuperándose sobradamente tanto da crise iniciada en 2008 como da de 2020. O VEB en 2023 foi un 19,80% máis alto que o xerado en 2008 e un 8,74% maior que en 2019.

No gráfico 1 obsérvase que a traxectoria do VEB nos servizos foi bastante homoxénea ao longo de 2023, o que contrasta coa progresiva desaceleración de 2022. Mentres que, nese último ano, se pasou dun incremento do

9,8% no primeiro trimestre ao 3% no cuarto, en 2023, tras unha variación do 2,9% de xaneiro a marzo, nos restantes trimestres a taxa de variación roldou o 2%. Cómpre sinalar que nos meses de verán, coa intensificación do turismo, non se mellorou o crecemento observado na primavera e no outono. Esta estabilidade tamén se observa no sector servizos do conxunto de España, malia que cunhas taxas levemente máis elevadas.

A tendencia das últimas décadas cara a unha terciarización da economía cada vez maior proseguiu en 2023. Neste ano os servizos xeraban o 71,4% do VEB galego (70,9% en 2022). É a porcentaxe máis alta de toda a serie histórica. Lembremos que en 1995 o seu valor era do 61,9%, polo que se avanzou case 10 puntos á conta dos descensos nos outros tres grandes macrosectores. O peso do sector primario neste período reduciuse á metade, a construción baixou do 10% ao 6% e a industria manufacturera xunto á enerxética perdeu 2 puntos. Estamos, por tanto, nunha sociedade moi vencellada aos servizos, na que adquire moita importancia a demanda interna que é a que máis incide no seu desenvolvemento. Neste sentido, no gráfico 1 tamén se presenta, en columnas, a evolución do gasto en Galicia do consumo dos fogares e as ISFLSF. Apréciase un absoluto estancamento deste consumo ao longo de 2023, xa que as taxas de variación nos catro trimestres non superaron o 1%. Esta paralización na demanda, aínda que pode ser paliada pola prestación de servizos ás empresas ou ao sector público, incidiu negativamente na xeración de VEB en Galicia.

Xunto coa estimación do VEB que realiza o IGE, a evolución da actividade no sector servizos galegos tamén se pode avaliar a partir do índice da cifra de negocios que elabora o INE. Neste exclúense os servizos non destinados ao mercado e as actividades financeiras, ambos cunha significativa incidencia na economía galega. O índice elaborábase en termos nominais, polo que non se depuran as variacións provocadas polos prezos. Os resultados obtidos mostran, por encima dos outros, un notable incremento na hostalería e nas actividades profesionais, artísticas e técnicas. En ambas a taxa foi do 17,1%. Nas outras, a variación é relativamente baixa, o que recolle un estancamento na maioría delas. A única variación negativa obsérvase no transporte e almacenamento. En todo caso, se se comparan os datos do 2003 cos dos tres anos precedentes, apréciase que xa non existen eses grandes vaivéns e que a actividade se estabiliza na maioría dos sectores.

Cadro núm. 2

Ocupación no sector servizos. Galicia
Datos coa base poboacional de 2021


CNAE-2009	Sector	Ocupación (miles de persoas)			TVI (%)	
		2021	2022	2023	2022	2023
45-47	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	167,8	174,4	171,2	3,9	-1,8
49-53	Transporte e almacenamento	52,7	54,6	58,3	3,6	6,8
55-56	Hostalería	65,5	71,0	78,5	8,4	10,6
58-82	Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	156,8	165,3	164,5	5,4	-0,5
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	71,1	66,6	66,2	-6,3	-0,6
85	Educación	70,9	72,5	80,9	2,3	11,6
86-88	Actividades sanitarias e de servizos sociais	109,0	108,5	105,5	-0,5	-2,8
90-99	Resto de servizos	77,7	78,4	83,8	0,9	6,9
	Total	771,6	791,3	809,0	2,6	2,2

Fonte: EPA, IGE-INE.

Unha boa noticia que nos proporciona o sector de servizos en Galicia en 2023 é que segue creando emprego. Así, se nas cifras avanzadas polo IGE o VEB crecía, en termos reais, un 2,3%, a ocupación facíao nun 2,2%, polo que a porcentaxe de traballadores que en termos netos se incorporou ese ano ao sector coincide coa do VEB, o que indirectamente parece suxerir que non houbo melloras na produtividade. En 2023 superouse a barreira dos 800.000 ocupados, co que o emprego do sector servizos representaba o 71,7% do total; porcentaxe idéntica á de 2022, que evidencia a total terciarización dunha economía na que entendemos que outros sectores deberían ter maior protagonismo. Un sector industrial con maior entidade xeraría efectos multiplicadores nas restantes actividades económicas.

No cadro 2 apréciase que dúas das actividades que configuran os servizos galegos mostraron unha forte repunta no emprego. Trátase de educación (11,6%) e de hostalería (10,6%), dous sectores moi dinámicos en 2023. A hostalería, tras a pandemia, atopouse cunha demanda en expansión axudada por un sector turístico en auge. A ocupación aumentou en 7.500 traballadores. Lembremos que se trata dun sector cunha das máis baixas ganancias media anual por traballador e cunha gran rotación laboral. Segundo a EPA, en España en 2023 tan só un terzo dos ocupados levaba máis de seis anos nunha mesma empresa. A unha rotación laboral intensa hai que engadir a gran mortalidade das empresas, cun período medio de vida moi baixo. Pola súa banda, a educación é o sector que en 2023 experimentou o maior incremento do emprego, ao redor de 8.400 traballadores. Foi coa hostalería o gran motor de 2023, malia que non se mellorou nas taxas de temporalidade. Os resultados confirman que a reforma laboral de 2022 non incidiu nesta actividade do mesmo xeito que noutros subsectores. Así, no trimestre de verán o seu emprego en Galicia foi de 75.700 persoas e no outono ascendeu ata os 85.800 ocupados. A maior parte deste emprego é feminino, xa que a porcentaxe de mulleres sobre homes rolda o 70%.

Tamén foi significativo o aumento do emprego no sector de transporte e almacenamento, nun ano en que se retardou a actividade, mentres que o comercio polo miúdo perdeu ocupados nun contexto dunha relativa melloría da súa cifra de negocios. Non obstante, a subida desta variable explícase máis pola inflación que pola propia actividade. A maior perda de emprego produciuse nas actividades sanitarias e servizos sociais (ao redor de 3.000 persoas), o que redonda moi negativamente nun dos piares da nosa economía de benestar. Non é unha boa noticia coñecer que tanto en 2022 como en 2023 diminuíu o número de ocupados sanitarios, circunstancia que prexudica a prestación dun dos servizos básicos para a poboación.



No gráfico 2 apréciase a evolución trimestral desde 2020 da ocupación no terciario galego. Esta evolución compárase coa seguida por este mesmo sector en España e no conxunto da economía galega. Aquí obsérvase que, no primeiro ano de crise sanitaria, as caídas da ocupación nos servizos galegos foron moito máis intensas que nos restantes sectores. Con todo, xa en 2021 e 2022, coa recuperación, a taxa de incremento do emprego neste sector superou amplamente a do total galego, a pesar de que non foi tan elevada como a española. A traxectoria en 2023 foi dunha moderada aceleración nos tres primeiros trimestres do ano, para desacelerarse de forma brusca no pasado outono (pasou de subir un 3,1% no verán ao 1,8% no último trimestre); período no que esta taxa se mantíña estable na ocupación total galega (2,7% e 2,8% respectivamente). No gráfico 2 tamén se percibe un maior dinamismo en canto á creación de emprego nos servizos en España que en Galicia.

Os contratos de traballo efectuados en 2023 proporcionan unha información adicional sobre a traxectoria do mercado de traballo. É obvio que coa reforma laboral cambiaron de maneira radical as estatísticas, xa que ao reducirse a temporalidade non se rexistran tantos contratos. En realidade, en 2023 predominaron dous tipos de contratos, os indefinidos e os eventuais por circunstancias da produción. En canto aos primeiros (pasouse de asinarse 31.381 en 2021 a 153.013 en 2022 para alcanzar os 156.930 en 2023), esta é a única modalidade que tivo unha variación positiva á conta dun descenso en todas os tipos de temporalidade. A eventual por circunstancias da produción caeu un 9,3%, pero, aínda así, asináronse 291.479 contratos. Desde a reforma, a contratación de fixos descontínuos pasou de ser unha figura marxinal a ter



Os contratos de traballo efectuados en 2023 proporcionan unha información adicional sobre a traxectoria do mercado de traballo. É obvio que coa reforma laboral cambiaron de maneira radical as estatísticas, xa que ao reducirse a temporalidade non se rexistran tantos contratos. En realidade, en 2023 predominaron dous tipos de contratos, os indefinidos e os eventuais por circunstancias da produción. En canto aos primeiros (pasouse de asinarse 31.381 en 2021 a 153.013 en 2022 para alcanzar os 156.930 en 2023), esta é a única modalidade que tivo unha variación positiva á conta dun descenso en todas os tipos de temporalidade. A eventual por circunstancias da produción caeu un 9,3%, pero, aínda así, asináronse 291.479 contratos. Desde a reforma, a contratación de fixos descontínuos pasou de ser unha figura marxinal a ter

un peso significativo nos novos contratos indefinidos. Ata o de agora non se dispón de estatísticas moi precisas para avaliar este tipo de contratación.

A metade dos contratos que se asinaron nos servizos en 2023 corresponden ao comercio, transporte e hostalería e, en particular, a esta última actividade na que se xeran un de cada catro novos contratos. Tamén é significativo o número de contratos que se asina no grupo de actividades administrativas e servizos auxiliares. Por modalidades, é neste último sector, ademais das actividades profesionais, onde máis medrou a contratación indefinida; a cal, con respecto a 2022, creceu nun 4,6% en hostalería e tan só un 2,1% no comercio. Parece razoable que, tras o impulso inicial, unha vez promulgada a reforma laboral, xa non se empregue tanto. O maior uso da contratación indefinida freou o número de contratos iniciais eventuais por circunstancias da produción, pero aínda así seguen sendo moi habituais na hostalería, en transporte e en comercio. De feito, esta modalidade de contratación, na que se concentra a temporalidade, non descendeu do mesmo xeito que as outras e na maioría dos sectores produciuse un incremento con respecto a 2021. Duplicáronse estes contratos en información e comunicación, e aumentaron ao redor dun 40% en actividades artísticas, recreativas e de entretemento, e en educación.

Os prezos no sector de servizos

Tras a pandemia, as tensións inflacionistas foron un dos principais problemas aos que se enfrontaron as economías occidentais. Obviamente, Galicia non foi unha excepción e o gráfico 3 mostra como, se en 2021, no inicio da espectacular subida nos prezos, os servizos quedaron un tanto á marxe, xa que a orixe se debe a factores exógenos á economía galega que incidiron en maior grao nos outros sectores macroeconómicos; co paso do tempo a inflación xeral, excluído o sector servizos, foise moderando e estabilizouse no terciario. Así, mentres en decembro de 2021 a taxa xeral alcanzaba o 9,1%, en servizos era tan só do 1,8%. Un ano despois, a taxa xeral caída ao 7,2% e a dos servizos xa era do 4,7%, porcentaxes que se acadaron a mediados de 2022; e, décima arriba ou abaixo, este elevado incremento mantívose en todos os meses de 2023. A inflación nos servizos converteuse nun serio problema en canto mingua a competitividade e distorsiona o funcionamento da economía; o que contrasta coa moderación na taxa xeral sen servizos (en decembro foi do 2,4% e nalgún mes como o de xuño chegou a ser negativa).



Sinalouse xa que o crecemento continuado nos prezos non é unha singularidade da economía galega, pero si o é que os prezos no terciario estean a aumentar a taxas máis altas en Galicia que en España. O diferencial, que en decembro era de 4 décimas, ten como agravante o feito de que desde a repunta da inflación as taxas dos servizos en Galicia foron máis elevadas que as de España. En canto a rúbricas, é na hostalería onde se observa o maior incremento en 2023, un 6,6%, sete décimas máis que no conxunto de España; e tamén nos servizos para o fogar (un 5,5% fronte ao 2,9% de España). Pola contra, do conxunto dos servizos, a única actividade na que descendieron os prezos foi no transporte público, tanto urbano como interurbano.

Este comportamento dos prezos afecta o gasto dos consumidores, como se recolle no índice de confianza do consumidor elaborado polo IGE e que incide na demanda de servizos. No gráfico 4 apréciase a traxectoria trimestral que se seguiu nos últimos anos. Así, mentres nos dous primeiros trimestres de 2023 obsérvase unha mellora na confianza, esta tornouse pesimista na segunda metade do ano. Neste último período empeoran as perspectivas de evolución da situación


financeira persoal e da capacidade de aforro, cando tamén se volve máis negativa a evolución da economía galega no seu conxunto; malia que a confianza é superior á que se tiña no inicios da saída da crise sanitaria.

A distribución e o comercio

Tras a pandemia, a rama do sector servizos cun maior dinamismo en Galicia é a que agrupa comercio, transporte e hostalería. As estimacións de VEB que realiza o INE, nas que estes tres sectores se presentan dun modo agregado, reflicten un crecemento que rolda o 17% tanto en 2021 como en 2022; mentres que, en 2023, a pesar de observarse unha sensible desaceleración, este VEB aumentou nun 4,3%, porcentaxe sen dúbida positiva e que evidencia a vitalidade duns sectores fundamentais na estrutura económica galega. Cómpre lembrar que este conxunto de actividades foron as máis afectadas pola crise sanitaria e tras o esborralle de 2020, na que a perda de VEB roldou o 20%, experimentou unha sensible recuperación en 2021, mantida coa mesma intensidade en 2022. Nestes dous anos, axudado pola celebración do Xacobeo, reactivouse o turismo, co consiguiente beneficio para o negocio de hostalería, as actividades comerciais e tamén o transporte. Este último sector, ao que se lle dedica a epígrafe seguinte, beneficiouse da reapertura do comercio mundial, malia que os resultados alcanzados poderían ser mellores de non producirse un sensible incremento nos custos, en especial nos combustibles, e se non persistisen os problemas tradicionais que lastran a súa dinámica.

Unha vez superada a pandemia, o ano 2023 pode cualificarse como o da consolidación da traxectoria nestas ramas dos servizos a pesar dos nubes (conflictos políticos e bélicos, prezos á alza, retardación do crecemento nas economías máis próximas), que afectan a todas as actividades da nosa economía. Con todo, o aumento do 4,3% no VEB non pode ocultar a evidencia dunha traxectoria máis favorable no comercio e a hostalería que no transporte. O VEB xerado polo conxunto destas tres ramas ten, no avance dos datos facilitado polo IGE, un valor (en euros constantes de 2015) de 14.494,9 millóns de euros (17.440,7 millóns en termos correntes); o máis elevado en toda a serie histórica e que supón un 19,7% máis do de 2008, ano de inicio da crise financeira, polo que os efectos negativos da mesma, xunto cos da pandemia, parecen totalmente superados.

A pesar de que no momento de redactar este informe non podemos aínda coñecer o valor estimado que alcanzou o VEB exclusivamente na rama de comercio en 2023, si se dispón dun indicador que permite saber a traxectoria da cifra de negocios en Galicia. Trátase do índice da cifra de negocios do comercio, coeficiente elaborado polo INE e publicado de forma desagregada polo IGE. Os resultados recóllense no gráfico 5 e mostran, desde 2020 a 2023, a variación media no que vai de ano no mes de decembro. Diferéncianse tres ramas: venda de vehículos de motor e motocicletas, comercio por xunto e comercio polo miúdo. Nos tres segmentos, e con datos provisionais, as taxas de variación foron positivas e relativamente elevadas, en especial na venda e reparación de vehículos; o que se confirma co incremento das matriculacións (que se comentarán en detalle máis adiante), o bo momento do mercado de vehículos usados e, tamén, pola subida de prezos. A facturación do comercio polo miúdo, no que se vai centrar esta epígrafe, medrou un 6,5%, o que suxire que persiste, a pesar da desaceleración, a súa dinámica positiva. Tamén cabe apuntar o aumento na facturación dun 2,1% do comercio por xunto, actividade que experimentou unha estabilización na súa actividade (se se elimina a variación na facturación debida ás alzas nos prezos) tras o crecemento dun 34,1% en 2022. Aínda que esta análise se centra no comercio polo miúdo, non hai que



esquecer o peso que ten na economía de Galicia o comercio polo xunto. Coa información do último ano sobre o que o IGE elabora as contas económicas de Galicia, 2021, esta actividade xera o 48% do VEB total destas tres actividades, representando o comercio polo miúdo o 41,1% e a venda e reparación de vehículos o restante 10,9%. Se nos referimos ao volume de facturación, o peso deste sector elévase ao 54,5%. Estes datos confirman a indubidable importancia dunha actividade que está a afrontar un proceso de transformación fronte ás novas dinámicas que se abren no comercio mundial. A necesidade de dixitalización é hoxe en día algo ineludible na

Cadro núm. 3
Ocupados nas actividades comerciais en Galicia (miles de persoas)
 Datos coa base poboacional de 2021

	2020	2021	2022	2023	TVI (%)	
					2022/2021	2023/2022
A Coruña	64,5	69,4	72,1	71,8	3,9	-0,4
Lugo	20,6	19,1	17,9	20,3	-6,3	13,4
Ourense	16,4	16,8	19,8	17,6	17,9	-11,1
Pontevedra	60,0	62,6	64,5	61,5	3,0	-4,7
Galicia	161,5	167,8	174,4	171,2	3,9	-1,8

Fonte: EPA-INE-IGE.

conexión con provedores e clientes, ao que na actualidade se suma a capacidade de uso da intelixencia artificial con solucións que axilizan a loxística, resolven problemas de inventario e reducen as ineficiencias.

A pesar do incremento na cifra de negocios e tamén do VEB (lembramos que o conxunto de comercio, transporte e hostalería subiu un 4,3% fronte ao 2,3% observado no sector de servizos e ao 1,8% do PIB galego), os

resultados do mercado de traballo neste sector non foron positivos. Segundo a EPA, a ocupación descendeu nun 1,8%, o que significa 3.200 empregos menos. Dese modo, a dinámica seguida tras a pandemia supuxo que en 2022 no sector houbera 12.900 ocupados máis que en 2020, ano en que grazas á incidencia dos ERTE por forza maior tan só perdera 8.900 empregos a pesar da paralización nas súas tres ramas. Esta tendencia truncouse en 2023. Os resultados deixan 171.200 traballadores e segue sendo, con diferenza, a actividade que máis traballo absorbe en Galicia, moi lonxe de calquera outra. Só se lle aproximan, con 164.500 traballadores, as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais. A industria manufacturera galega contaba en 2023 con 13.420 ocupados menos.

No cadro 3 preséntanse os datos do mercado de traballo por provincias. Obsérvanse resultados dispares, sobresaíndo Lugo pola súa gran volatilidade e por manter unha traxectoria diferente á das restantes provincias galegas. Así, mentres as outras tres provincias aumentan o emprego nos anos precedentes a 2023 e a súa ocupación cae nese exercicio, especialmente en Ourense, en Lugo sucedeu o contrario. En canto a Ourense, apréciase un brusco descenso en 2023 explicable pola traxectoria deste sector na capital (que absorbe boa parte da actividade comercial e de transporte da provincia) e nos seus municipios limítrofes. Na Coruña, o descenso foi moi leve, polo que practicamente se mantivo o nivel de ocupación de 2022; mentres na provincia de Pontevedra a caída foi máis brusca. Esta situación contrasta co crecemento no VEB e a facturación en Galicia. Isto suxire que se agudiza a reconfiguración destas actividades; no referente ao comercio polo miúdo é cada vez menos relevante o comercio tradicional, para consolidarse a distribución noutros formatos que minguan a demanda de traballo existente. Máis adiante incidirase nesta cuestión.

Xunto coas estimacións de ocupación que se realizan coa EPA, para esta análise tamén se dispón doutras dúas fontes alternativas para completar os datos anteriores. Referímonos ás afiliacións dos traballadores á Seguridade Social e ao índice de persoal ocupado. Como ocorría en 2022, e así se indicaba no *Informe* precedente, os resultados destas fontes estatísticas son dispares. Se a EPA cifraba unha caída na ocupación nun -1,4%, as afiliacións á Seguridade Social en Galicia, considerando os tres subsectores, aumentou un 0,3%; porcentaxe que practicamente deixa as afiliacións nos mesmos valores que en 2022, debido a que o incremento dun 0,3% nos afiliados ao réxime xeral é contrarrestado por unha nova caída nos autónomos, un 2,9%, descenso máis intenso que nos anos anteriores. Parece evidente que no sector cada vez hai máis traballadores por conta allea e menos por conta propia e iso é reflexo dos cambios na estrutura de distribución co desenvolvemento dos novos formatos. Cómpre subliñar que o emprego por conta allea neste sector está a manter nos últimos anos unha traxectoria expansiva, de xeito que en 2023 con respecto a 2019 dáse a curiosa circunstancia de que a subida no número de traballadores no réxime xeral (3.869) case é a mesma que o descenso no réxime de autónomos (3.909). Nesta fonte os datos na Coruña, Lugo e Pontevedra son moi similares. En todas elas repunta levemente a afiliación dos traballadores por conta allea e descenden en taxas similares (entre o 2,5 e o 3%) os autónomos. A única excepción é Ourense, onde esta caída é do 3,7%.

Nos tres sectores que compoñen os servizos comerciais a distribución do emprego é moi desigual e non é proporcional á xeración de VEB, o que evidencia as diferentes produtividades. A distribución dos traballadores nestes tres segmentos mantívose moi estable nos últimos anos. O comercio polo miúdo conta en 2023 co 60,2% dos asalariados e co 61,9% dos autónomos; por un 28,6% e un 24,4% no comercio polo xunto, e un 11,7% e un 13,7% na venda e reparación de vehículos de motor. Estas porcentaxes son practicamente idénticas ás de 2022 e mostran o peso relativo no emprego destes tres sectores. A traxectoria en canto á evolución da afiliación foi moi similar e en todos eles, ao non superar a taxa de variación o 0,5%, os valores absolutos son moi parecidos aos de 2022. O incremento levemente superior aos outros dous sectores produciuse no comercio polo xunto. Esta simetría non se observa nas variacións por réximes, xa que a perda de autónomos é máis intensa no comercio polo miúdo, malia que os cambios nas afiliacións ao réxime xeral son similares ás do comercio polo xunto.

Cadro núm. 4

Contratos de traballo rexistrados nas actividades comerciais en Galicia

	2021	2022	2023	TVI (%) 2022/2021	TVI (%) 2023/2022
Indefinido ordinario e fomento do emprego	5.640	23.654	24.140	319,4	2,1
De obra ou servizo	19.316	2.517	0	-87,0	-100,0
Eventual por circunstancias da produción	66.419	50.443	44.180	-24,1	-12,4
Interinidade	11.689	12.973	11.836	11,0	-8,8
En prácticas	628	455	389	-27,5	-14,5
Para a formación	253	327	405	29,2	23,9
Outros	879	774	684	-11,9	-11,6
Total de contratos iniciais	104.824	91.143	81.634	-13,1	-10,4
Conversiones a indefinidos	8.000	12.291	4.120	53,6	-66,5
Total de contratos rexistrados	112.824	103.434	85.754	-8,3	-17,1


Fonte: IGE.

Pola súa banda, o índice de persoal ocupado elaborado polo INE e publicado polo IGE aproxímase máis aos resultados da Seguridade Social que aos da EPA. Neste caso a información é meramente indicativa, xa que, debido ao tamaño da mostra galega, os datos do comercio polo xunto e os da venda e reparación de automóviles non son significativos a nivel estatístico. Segundo este índice, a ocupación aumentou nun 1% en 2023 debido a unha traxectoria diferente na venda e reparación de automóviles, cunha caída dun 2,7% fronte á subida dun 1,9% no comercio polo xunto e un 1,2% no comercio polo miúdo. En todo caso, a tendencia é a mesma que a reflectida coas afiliacións á Seguridade Social. O emprego mantívose relativamente estable cun mellor comportamento do comercio polo xunto.

Para completar a análise sobre a evolución do mercado de traballo nas actividades comerciais galegas, no cadro 4 preséntase a contía de contratos de traballos rexistrados entre 2021 e 2023 nas súas diferentes modalidades. O efecto da reforma laboral de 2022 na contratación indefinida e temporal impide avaliar plenamente esta traxectoria. O certo é que a contratación indefinida medrou un 2,1%, mentres volveron descender de maneira sensible os contratos temporais. Estas cifras dan paso ás disquisicións sobre se o groso dos 24.140 contratos indefinidos o son para a prestación de servizos fixos descontínuos nun sector no que a estacionalidade é moi relevante, sexa a contratación a tempo completo, parcial ou en determinados meses do ano. O certo é que os contratos eventuais por circunstancias da produción caeron un 12,4% e as interinidades un 8,8%. A nota positiva, en todo caso, é que tras a reforma de 2022 se rexistraron un 319,4% de contratos indefinidos máis e este tipo de contratación superou en 2023 os resultados de 2022.

Se nos centramos exclusivamente no comercio polo miúdo, dispoñemos dos índices de ocupación e cifra de negocios específicos para esta actividade que elabora o INE e que o IGE publica con máis detalle. No gráfico 6 descríbese a evolución da cifra de negocios a prezos constantes (distinguindo entre o índice xeral con ou sen estacións de servizos) e da ocupación. Obsérvase que tras os vaivéns xerados tras a saída da pandemia, a evolución en 2023 destes tres índices, mes a mes, foi bastante estable. As taxas de variación do índice xeral da cifra de negocios oscilaron entre o -1,6% no mes de febreiro e o 1,4% de xuño.

En canto aos resultados anuais, os valores do índice coinciden co xa comentado. A prezos constantes, a cifra de negocios apenas variou un 0,1% con respecto á de 2022, mentres que excluindo as estacións de servizo o crecemento foi do 0,9%. Se se diferencia o sector de alimentación do resto apréciase que, nun contexto inflacionista, a alimentación incrementou a cifra de negocios un 0,6% en termos reais fronte a un 3,2% do resto de especialidades.



Esta estabilización na actividade, con variacións próximas a cero na facturación e cun emprego similar ao de 2022, non debe ocultar os problemas que se están xerando nun sector cuxa estrutura cambiou profundamente nos últimos anos. O cadro 5 é moi ilustrativo. Recolle a evolución dos locais activos en 2022 e 2023 (en verdade en 2021 e 2022, xa que os datos están referenciados ao 1 de xaneiro). En tan só un ano pecharon, en termos netos, 1.904 locais e en case todos

traballaban menos de 10 asalariados. Unha caída dun 7,3% pon de manifesto unha crise, xa que de seguir este ritmo moitas cidades, pobos e vilas galegos perderán a súa tradicional fisionomía. Un recente Informe da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias poñía como exemplo a cidade de Ourense, na que un 38% dos locais comerciais están baleiros; situación que se concentra no casco antigo, nas galerías comerciais e nos barrios periféricos. Tamén argumentaban que a pesar desta situación que se estende a toda Galicia, os prezos dos alugueiros non se axustan á situación real do mercado.

No cadro 5 obsérvase que en todas as especialidades descende o número de locais e en ningunha a taxa de variación é menor, en valor absoluto, ao 5%. Son particularmente significativas as caídas nos postos de venda en mercados e na venda especializada de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións.

Cadro núm. 5

Número de locais activos dedicados á actividade do comercio polo miúdo (excepto vehículos de motor e motocicletas) localizados en Galicia

	2022				2023				TVI (%) 2022-2023
	Con menos de 10 asalariados	Entre 10 e 99 asalariados	Máis de 99 asalariados	Total	Con menos de 10 asalariados	Entre 10 e 99 asalariados	Máis de 99 asalariados	Total	
En establecementos non especializados	1.793	29	6	1.828	1.668	28	6	1.702	-6,9
De produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	4.840	51	2	4.893	4.506	49	1	4.556	-6,9
Para a automoción en establecementos especializados	414	43	1	458	384	44	1	429	-6,3
De equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados	537	20	1	558	482	18	1	501	-10,2
Doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	4.479	41	2	4.522	4.126	37	2	4.165	-7,9
De artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	1.595	14	0	1.609	1.493	15	0	1.508	-6,3
Doutros artigos en establecementos especializados	8.863	89	6	8.958	8.307	90	9	8.406	-6,2
En postos de venda e en mercados	2.520	4	0	2.524	2.212	4	0	2.216	-12,2
Non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en mercados	650	12	2	664	612	13	2	627	-5,6
Total	25.691	303	20	26.014	23.790	298	22	24.110	-7,3

Fonte: Directorio Central de Empresas. INE.

Un dos cambios máis relevantes na distribución polo miúdo nas últimas décadas foi a irrupción dos centros comerciais. Este formato, xunto coa expansión da venda en liña, supuxo unha forte competencia para o comercio tradicional. A finais do século pasado e ao principio do actual a creación de centros comerciais tivo un forte impulso. Segundo o balance do sector en 2023 de Asociación Española de Centros e Parque Comerciais, o récord en España alcanzouse en 2003 coa apertura de 34 centros. Tras o *boom* deses anos e coa oferta bastante cuberta xa na década anterior produciuse unha sensible desaceleración. Coa chegada da pandemia sufriuse o consecuente parón no consumo. A recuperación foi rápida e xa 2023 marcou un récord de vendas en España. Desde esta asociación indican que hai marxe de crecemento, aínda que non ao ritmo doutras décadas. De feito, están en proxecto a construción de 42 novas instalacións (34 parques comerciais; dous centros comerciais moi grandes, un grande, dous medianos e tres pequenos) entre 2024 e 2026. Estes proxectos concéntranse en zonas moi concretas de España nas que a demanda é elevada.

Galicia na actualidade conta con 41 centros comerciais que ocupan un total de 11 millóns de m² (o 5,7% da superficie bruta alugable española), incluíndo tanto o espazo dedicado á venda retalista como ao lecer. Aínda que o estancamento da poboación, a retardación da demanda debido á elevada inflación e a evolución das rendas motiva que se estean repensando novos investimentos, en 2023 inaugurouse un parque comercial e se están construíndo, algúns xa moi próximos á súa apertura, varios centros.

A novidade en 2023 foi a apertura no mes de maio do parque comercial da Revolta en Carballo. Agárase que sexa un centro de referencia para a comarca de Bergantiños e a Costa da Morte. Combina a

oferta retailista (quinze tendas), cun Mercadona e grandes espazos para lecer; ocupa unha superficie de 28.000 m², e proporciona emprego directo a máis de 200 persoas.

De entre os proxectos que serán unha realidade nos próximos anos destaca a adaptación do centro Dolce Vita (pechado en 2014), no polígono da Grela da Coruña, a un novo formato. Deste proxecto promovido polo fondo Pelayo Capital cunha superficie de 60.000 m² espérase que empregue 1.300 traballadores e sobre el déronse amplas referencias nos *Informes* precedentes. Tamén nos estudos anteriores comentábanse os avatares na posta en marcha do Way Ourense por parte do grupo Kronos en San Cibrao das Viñas. Dispoñería de 18.000 m² e xeraría ao redor dos 250 empregos directos. Con todo, as últimas noticias sinalan que se abandona esta proposta e xa se abriron negociacións para transferir os terreos (antes ocupados por Muebles Calvo) á sociedade compostelá Finsa.

Para finais de 2025 prevese abrir en Vilanova de Arousa un parque comercial de 20.000 m² promovido pola sociedade Vilanova Shopping Center, S.L., creada por tres empresarios murcianos. Doutra banda, OMO Retail inicia as obras dun parque comercial en Sanxenxo, no polígono de Nantes. Dispón dunha superficie edificable de 4.700 m² nunha parcela de 11.700 m².


Cómpre indicar tamén que, tras 21 anos de trámites, en 2023 xa contou con todas as autorizacións a realización da segunda fase do parque comercial situado no Polígono do Vao, situado en Campañó, Pontevedra. As instalacións realízanse en 36.000 m². Na nave maior está prevista a instalación de cinco empresas (Vegalsa-Eroski, Decathlon, JYSK, Kiwoto e Leroy Merlin). Nunha nave máis pequena instalárase exclusivamente Norauto. Prevese a creación de máis de 100 postos de transporte.

Ao fío do anterior é cada vez máis frecuente que os polígonos industriais ou parques empresariais galegos teñan unha importante dotación de comercio retailista. Son moitos os exemplos que se poden citar. Así, o Polígono Costa Vella en Santiago inclúe un parque comercial e de lecer con moitos emblemas dedicados á distribución polo miúdo de base alimentaria e á distribución comercial en xeral. En 2023 inauguráronse novas instalacións, como a tenda de mobiliario e decoración da multinacional danesa JYSK. Gadis tamén anuncia a apertura dun supermercado. Ademais, ese polígono converteuse nun centro de atraccións cunha ampla oferta de lecer.

Finalmente, en canto aos centros comerciais existentes en Galicia hai que subliñar que Odeón, de Narón, o máis importante de Ferrolterra, volve estar en venda. Desde a súa creación en 2002 xa tivo catro propietarios e o último, Patron Capital e Eurofund que o adquiriu en 2015, pretende vendelo. É posible que sexa adquirido por un grupo de capital mexicano. Na actualidade conta con 65 locais comerciais, dos cales sete están pechados. É tamén un importante centro de lecer.

No comercio retailista ten un peso moi alto a distribución comercial de base alimentaria. Anteriormente observamos como o índice da cifra de negocios na alimentación, na parte do comercio polo miúdo, medrou en 2023 un 12,9% en prezos correntes e un 0,6% en prezos constantes, porcentaxes que dan unha idea da elevada inflación. A traxectoria cambiou con respecto a 2022, cando en prezos constantes contabilizouse unha caída do 6,8%. Esta recuperación da facturación non debe ocultar a redución no consumo doméstico en alimentos debido a unha menor variación das rendas dispoñibles familiares que os prezos. O panel de consumo alimentario que cada mes elabora o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación facilita información por comunidades autónomas sobre o consumo de todo tipo de alimentos. Desafortunadamente, no momento de redactar este estudo os datos sobre 2023 aínda non están completos, xa que non se publicaron os de decembro, mes moi importante pola campaña de Nadal. En todo caso, os de novembro reiteran o que ocorreu noutros meses. Así, con respecto a 2022, mentres o valor do consumido en Galicia aumentou (pasa de 361,8 millóns de euros a 369,3 millóns), o seu volume, medido en quilos ou litros, descendeu (de 122,4 toneladas pasa a 115,9 toneladas). Tras a pandemia e coa evolución dos prezos os consumidores foron, para frear un gasto cada vez máis elevado, cambiando os seus hábitos de compra. Estendeuse o consumo de marcas brancas e de ofertas, buscando o produto máis barato e renunciando á calidade.

A principal noticia en 2023 en Galicia en relación coa actividade dos establecementos de base alimentaria foi o peche o 31 de xullo do Hipercor do centro comercial Marineda City na Coruña tras doce anos desde a súa apertura. O peche do *outlet* e do hipermercado afectou a máis de 200 traballadores que foron recolocados nos outros establecementos que esta sociedade ten na provincia da Coruña. Merlin Properties foi a sociedade que lle adquiriu ao Corte Inglés estes locais, polo que xa conta co 100% de Marineda City. Tras esta marcha recentemente acábase de presentar o proxecto de reacondicionamento dos sitios que ocupaba El Corte Inglés, ademais do seu aparcamento. Entre outras cousas contará cunha gran praza pública para realizar calquera tipo de evento.



Xunto á actividade de Mercadona, cabe sinalar a traxectoria de Aldi con tres novas aperturas na provincia de Pontevedra.

A pesar destes movementos que levan a Mercadona á cuarta posición da clasificación galega, as tres marcas de capital galego, Gadisa, Vegalsa-Eroski (*joint venture* entre a galega Vegonsa e a vasca Eroski) e Froiz, seguen liderando en 2023 dun modo estable este segmento da distribución comercial en Galicia. Gadisa, líder nas provincias da Coruña, Lugo e Ourense, e terceira na de Pontevedra, non mostrou grandes novidades en canto aos seus movementos de aperturas, ampliacións ou peches en 2023. Vegalsa-Eroski conseguiu recortar a distancia en canto á superficie utilizábel con respecto a Gadisa grazas, ademais da apertura de franquías, aos traslados a instalacións de maior tamaño e a unha nova apertura realizada na área metropolitana da Coruña. Pola súa banda, Froiz, moi presente na provincia de Pontevedra, creceu levemente grazas á evolución das súas tendas propias que contrarrestaron a menor superficie dispoñíbel das súas tendas asociadas.

Na clasificación galega, o maior incremento en 2023 en canto á superficie produciuse en Alcampo debido ao impacto que tivo en Galicia a operación realizada con Dia para a adquisición en 2022 de 22 supermercados, dos cales 22 se localizaban en Galicia. Estes cambiaron a súa insignia de Dia pola de Alcampo. Iso permitiulle a Alcampo superar en superficie comercial en Galicia non só a El Corte Inglés, que perdeu dimensión tras o peche en Marinada City, senón tamén a Lidl, que no ano 2023 se mantivo estable. Doutra banda, a venda de 22 supermercados permitiu a Carrefour adiantar a Dia en Galicia.

Dos restantes sectores de distribución retalista tamén posúe un peso significativo o téxtil e confección. Á marxe da evolución das vendas das grandes multinacionais con presenza en Galicia, a Asociación Nacional de Moda Retail (Acotex) presenta, mes a mes, a traxectoria que segue o sector en España e o previsible é que as súas liñas xerais non se separen demasiado do acontecido en Galicia. Segundo está asociación, as vendas en 2023 medraron un 2,8% con respecto a 2022. Este aumento, menor ao esperado, logrouse noutro ano complicado para o sector. A dinámica ao longo de 2023 foi de máis a menos. En xaneiro alcanzouse un incremento nas vendas dun 9,9% grazas ao bo resultado da campaña de rebaixas nun contexto externo con moitas incertezas. Nos tres meses seguintes o crecemento moderouse, pero a actividade mantivo unha demanda positiva, xa que as variacións nas vendas oscilaron entre o 4% e o 6%. En maio, estas caeron ata un 5,7%, sendo o primeiro mes con cifras negativas desde agosto de 2021; estas achacáronse ao empeoramento da meteoroloxía. A actividade recupérase no verán, pero volve baixar no outono. En outubro prodúcese unha redución do 3,7% debido, por unha banda, a un clima máis propio da primavera que non incita á adquisición de pezas da nova tempada; e, por outra, a que a renda dispoñíbel dos consumidores é cada vez menor. Finalmente, os meses de novembro e decembro foron bastante planos; suxírense que os clientes esperan grandes descontos e coa subida nos custos redúcese a marxe empresarial. En novembro, tras o Black Friday agardábanse uns resultados positivos en Nadal, pero finalmente o dato só foi un 0,9% superior ao de 2022. En resumo, en media, en 2023 non se alcanzaron os resultados previstos a principios de ano, malia que o volume de vendas, en termos monetarios, subiu un 2,8%. Peor se presenta o ano 2024, xa que as cifras do primeiro trimestre ofrecen unha estabilización das vendas en xaneiro e febreiro, mentres en marzo rexístrouse un descenso do -7,9%. Parte desta porcentaxe tan negativa explícase polo efecto Semana Santa, período en que se desvíase o consumo de téxtil cara a outros tipos de consumo.

Se en 2022 abrían en Galicia tres novos hipermercados, en 2023 pérdese un, polo que se pasa de 44 a 43, dos cales 21 teñen un tamaño inferior aos 5.000 m². Ao non producirse aperturas de hipermercados en 2023, a oferta en Galicia reestrutúrase grazas á dinámica observada na creación de supermercados de máis de 1.000 m². Na traxectoria deste segmento destaca a actividade de Mercadona, que abriu dous centros (Vigo e Lalín) e realizou tres traslados, un deles o supermercado do centro comercial da Revolta en Carballo xa citado. Esta sociedade consolida o seu peso en Galicia e todo apunta a que nos próximos anos haberá máis movementos.

Cadro núm. 6

Volume de negocio en España da canle electrónica nas 20 ramas de actividade máis importantes (só dentro de España)

En euros

	xan.-set. 2021	xan.-set. 2022	xan.-set. 2023	xan.-set. 2023 (%)	TVI (%) xan.-set. 2023/ xan.-set. 2022
Administración pública, impostos e Seg. Social	1.243.480.983	1.487.368.135	1.619.029.979	8,6	8,9
Carburantes para automoción	393.628.580	1.234.238.296	1.536.723.288	8,2	24,5
Axencias de viaxes e operadores turísticos	558.367.318	1.226.198.261	1.359.642.320	7,2	10,9
Hipermercados, supermercados e tendas de alimentación	1.094.595.410	1.158.577.427	1.240.683.784	6,6	7,1
Espectáculos artísticos, deportivos e recreativos	442.063.265	938.280.637	1.228.426.085	6,5	30,9
Outros	204.844.496	505.894.893	929.489.775	5,0	83,7
Transporte aéreo	398.525.897	770.212.374	920.977.185	4,9	19,6
Electrodomésticos, imaxe e son	753.458.245	824.412.886	814.426.260	4,3	-1,2
Educación	580.695.894	659.577.767	751.016.933	4,0	13,9
Transporte terrestre de viaxeiros	434.055.005	736.286.258	740.854.799	3,9	0,6
Hoteis e aloxamentos similares	261.758.048	389.521.591	535.781.481	2,9	37,5
Xogos de azar e apostas	533.999.551	619.588.736	503.637.347	2,7	-18,7
Publicidade	321.492.223	360.432.617	447.976.694	2,4	24,3
Enxería eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	329.300.558	381.635.833	421.780.404	2,2	10,5
Pezas de vestir	429.087.193	403.529.041	407.638.624	2,2	1,0
Grandes almacéns	276.979.187	369.326.810	405.272.935	2,2	9,7
Intermediación financeira	236.863.095	242.842.400	363.912.818	1,9	49,9
Seguros e plans de pensións	363.493.478	513.044.327	353.951.458	1,9	-31,0
Equipos de telecomunicacións e recargas telefónicas	227.227.596	286.874.744	348.661.828	1,9	21,5
Xoguetes e artigos de deporte	348.711.171	286.813.939	295.447.012	1,6	3,0
Resto	3.532.812.576	3.516.578.902	3.534.740.462	18,8	0,5
Total	12.965.439.769	16.911.235.873	18.760.071.468	100,0	10,9


Fonte: CNMC.

En canto ao segmento dos bens duradeiros, a Asociación Española de Produtores de Electrodomésticos (APPLIA) indica que en España a venda de produtos de liña branca, en 2023, descendeu un 7,47% e a facturación un 4,96%. Persiste a caída no consumo neste segmento.

No mundo da distribución, en especial tras a pandemia, están a desenvolverse vertixinosamente as plataformas dixitais, sendo cada vez máis o número de establecementos conscientes da importancia da dixitalización. No cadro 6 preséntanse para 20 sectores os resultados do volume de negocio que moven dentro de España as canles electrónicas e que elabora a CNMC (a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia). Exclúese deste cadro 6 as compras e vendas que se realizan co estranxeiro. Nos nove primeiros meses de 2023 (últimos resultados dispoñibles) movéronse 18.760 millóns de euros cun incremento, con respecto a 2022, en todos os sectores salvo nos xogos de azar, os seguros e plans de pensións e electrodomésticos, imaxes e son. En varias actividades como o sector téxtil, o de xoguetes ou o transporte terrestre de viaxeiros, o volume de transaccións foi moi similar ao de 2022. Tras as xestións coas diferentes Administracións Públicas que ocupan o primeiro lugar nesta clasificación de vendas, adquiriu grande importancia a compra de combustibles de automoción, cun valor das transaccións que multiplican por catro as efectuadas en 2021, e volven cobrar relevancia as actividades relacionadas directa ou indirectamente co turismo (axencias de viaxes e operadores, transporte e hostalería). Tamén manteñen unha traxectoria crecente as compras de alimentación en hipermercados e supermercados.

Os transportes en Galicia

Unha das actividades económicas máis relevante nos servizos en Galicia é o transporte e o almacenamento. Segundo o IGE, este sector en 2021 (último ano con datos dispoñibles) ocupaba o segundo lugar en canto á facturación na clasificación galega dos servizos, sendo tan só superado pola actividade de comercio e reparación de vehículos, xa tratada. Nese ano os transportes absorbían o 11,5% da facturación de servizos. Con todo, o seu peso relativo diminuíu ao 6,1% se se atende á xeración de VEB, a cal se concentra no transporte terrestre e no almacenamento.



Pola dimensión desta actividade, a súa traxectoria condiciona os resultados que alcanza o sector de servizos no seu conxunto. No gráfico 8 apréciase que tras os espectaculares resultados alcanzados en 2021 e 2022, anos de superación da crise sanitaria, a información dispoñible de 2023 mostra unha sensible desaceleración, que o índice da cifra de negocios cuantificaba nun descenso do 2,8% en termos monetarios; cifra que sería máis elevada eliminando a variación nos prezos. Ademais, neste cadro tamén se observa que a desaceleración é máis profunda que a percibida no conxunto da economía española, evolución contraria á seguida nos tres anos precedentes.

Pola diversidade das actividades que configuran este sector, e do mesmo xeito que se fixo no *Informe* anterior, a continuación comentaranse os resultados alcanzados polos subsectores máis relevantes. A análise comezará co estudo do sector de transporte por estrada, prestando atención a dous aspectos; por unha banda, á evolución do transporte de mercadorías, e, por outra, á traxectoria na matriculación de vehículos, tanto de turismos como de furgonetas. Seguidamente abordaranse os resultados en 2023 do transporte de viaxeiros por vías marítima e aérea.

Matriculacións

Tras a sensible caída en 2022 na matriculación de vehículos en todos os segmentos, pero en particular en camións e furgonetas (cadro 7), en 2023, segundo a Dirección Xeral de Tráfico, obsérvase unha recuperación en todas as especialidades, sendo precisamente moi significativo o incremento dun 27,3% na matriculación de camións e furgonetas, o que permite a este segmento dedicado ao transporte de mercadorías recuperar un dinamismo que parecía perderse desde 2018. Así, malia que o número de matriculacións realizadas en 2023, 5.597, supera con folgora as de 4.396 camións e furgonetas contabilizadas en 2022, esta cifra aínda está lonxe da lograda en 2018, un total de 6.702. O fluxo de capital que require a renovación e, seguramente, a ampliación do parque móbil galego suxire que as expectativas sobre a traxectoria do transporte son máis optimistas que as mantidas nos últimos anos. Pola súa banda, a matriculación de turismos segue lastrada polos cambios tecnolóxicos que se agardan na fabricación, o que some na incerteza uns consumidores que retardan a súa demanda á espera de que se clarifique a complexa situación actual. Tampouco a conxuntura económica e a evolución dos prezos incita a unha reactivación

da demanda. Así, e como se pode observar no cadro 7, as matriculacións de turismos medraron en Galicia un 3,8% en 2023 tras catro anos consecutivos de elevados descensos. Con todo, o número de matriculacións dese ano, 31.258, é a segunda máis baixa (a primeira é a de 2022) desde 2015; e supón tan só o 38,7% das 82.707 matriculacións realizadas en 2007, ano anterior á irrupción dunha crise financeira que afectou fortemente a economía galega.

Cadro núm. 7
Matriculación de vehículos en Galicia

	Turismos		Camións e furgonetas		Outros*	
	Núm.	TVI (%)	Núm.	TVI (%)	Núm.	TVI (%)
2018	52.359	6,7	6.702	18,2	8.607	8,3
2019	47.514	-9,3	5.801	-13,4	9.164	6,5
2020	38.064	-19,9	5.042	-13,1	8.614	-6,0
2021	34.047	-10,6	5.607	11,2	9.423	9,4
2022	30.106	-11,6	4.396	-21,6	9.037	-4,1
2023	31.258	3,8	5.597	27,3	9.897	9,5

(*) Entre outros: autobuses, motocicletas e ciclomotores, tractores e remolques.

Fonte: IGE-Dirección Xeral de Tráfico.

Pola súa banda, a Administración Tributaria indica que en Galicia se matricularon en 2023 un total de 33.145 turismos e todoterreos. Con gasolina como combustible matriculáronse 20.600 vehículos, de diésel 9.531, mentres que só 3.014 utilizaron outros combustibles. Está última cifra significa o 9% da total, porcentaxe que no conxunto de España é máis baixa ao alcanzar o 8,5%. A porcentaxe do 9% é case 4 puntos máis alta da alcanzada hai un ano.

A incerteza existente polo tipo de vehículo que predominará nas próximas décadas, a evolución dos prezos e a retardación da actividade económica está a frear a demanda no sector, situación que non parece que afecte de maneira significativa a produción galega de automóbiles; actividade xa analizada no capítulo dedicado ao sector industrial. Lembremos que as normas da Unión Europea aínda manteñen o ano 2035 como data límite para a comercialización dos vehículos automóbiles de combustión e que en 2050 prohibirán a súa circulación. Nestes últimos meses foi cobrando forza a percepción de que neste contexto é moi difícil que se poidan alcanzar con normalidade eses prazos, considerando a escasa venda de coches electrificados e híbridos, que en España representan en torno ao 12%. Doutra banda, recentemente confirmouse o atraso, ata 2027 para os fabricantes de turismos e furgonetas e ata 2029 para os camións e vehículos pesados, da entrada en vigor da nova directiva Euro7 sobre a regulación dos límites aceptables para a emisión de gases dos motores de combustión que, no momento da redacción deste estudo, aínda non fora publicada. Esta norma é menos severa que a proposta inicial da Comisión Europea. Ademais, e en canto ás restricións á circulación de determinados vehículos debido ao seu nivel de contaminación, apréciase un cumprimento desigual en Galicia das zonas de baixas emisións (ZBE) nas sete

principais cidades galegas, xa que esta identificación afecta os municipios españois de máis de 50.000 habitantes, e que, en principio, deberían implantarse en 2023. A finais dese ano só cumprían en Galicia co esixido pola Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética de 2021 dous municipios: A Coruña (son ZBE a Mariña e a Cidade Vella) e Pontevedra (a ZBE rexe en todo o centro urbano pero o seu acceso non está rexido polo distintivo ambiental e a circulación é gratuita). As restantes cidades levaban un considerable atraso nesta implantación. Vigo, Santiago de Compostela, Ourense e Lugo estaban aínda tramitando o Plan, mentres que Ferrol non o comezara, polo que o Defensor do Pobo abriu unha investigación ante o incumprimento desta norma.

Cos resultados de matriculacións en 2023, as previsións para España nos vindeiros anos, tanto desde o lado dos fabricantes de automóviles, manifestadas a través de ANFAC (Asociación Española de Fabricantes de Automóviles e Camións) como desde os vendedores e reparadores, a través de GANVAM (Asociación Nacional de Vendedores e Reparadores), non son moi optimistas debido, entre outros, a factores exógenos como a prolongación da guerra de Ucraína ou o xurdimento de novos conflitos bélicos. Estas asociacións estiman que España está aínda moi lonxe do seu nivel natural de matriculacións, que sería o que lle correspondería pola poboación existente, a renda e o parque móbil actual. Manteñen a previsión de que antes de 2029 non se logrará ese obxectivo. A actual incerteza disparou o mercado de segunda man. En 2023 calcúlase que por cada vehículo novo vendéronse dous de segunda man. Volven destacar a venda de coches de menos de cinco anos pola recuperación do stock tras a crise dos microchips. Un dos principais clientes destes vehículos son as empresas de *renting* e de *rent a car* que renovan a súa frota con vehículos usados.

GANVAM entende que a desaceleración da economía que se agarda para 2024 motiva que, logo da taxa de variación positiva en 2023 das matriculacións de turismos por parte das economías domésticas, tanto en Galicia (cadro 7) como no resto de España, o crecemento será menor en 2024. O incremento de 2023 debeuse, sobre todo, á demanda xerada polo stock de vehículos existente. En canto aos vehículos de empresas, segmento no que a taxa de variación de España e Galicia superou o 10%, tamén se agarda un descenso, e a previsión é que a súa taxa de variación non superará o 4% dadas as menores previsións de crecemento da actividade empresarial. Por último, o segmento do mercado de coches de alugueiro experimentou en España unha espectacular repunta en 2023, pero iso non se perpetuará no tempo a pesar do bo comportamento do sector turístico.

A necesidade de renovar un parque móbil galego moi envellecido levou a Xunta de Galicia a aprobar a finais de 2003 unha actuación denominada "Plan Renova o teu vehículo" que se xestiona a través do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA). Galicia dispón dun dos parques de automóviles máis envellecido de España (cunha antigüidade media de 15,4 anos). O Plan conta como entidade colaboradora a Faconauto. Poderanse adquirir vehículos de calquera tecnoloxía coa condición de que as emisións non excedan 125 gramos de CO₂. A subvención oscila entre 3.000 e 4.600 euros e espérase que deixen de circular ao redor de 1.200 vehículos de máis de 10 anos de antigüidade. Desde a Xunta anúnciase que están a ser bos os resultados deste programa en 2024.

Polo que respecta ás liñas de axudas e subvencións, e conforme xa se explicaba no *Informe* de 2022, en 2023 segue vixente en España o programa da Administración central denominado Plan Mobes III, que comezou a funcionar en 2021, e que, de non haber outra prórroga prolongarase ata o 31 de xullo de 2024. Esta iniciativa, que afecta obviamente a Galicia, apoia a adquisición de coches eléctricos e híbridos enchufables. A axuda máxima á compra dun coche é de 7.000 euros e o seu prezo non poderá exceder dos 45.000 euros antes de IVE.

Finalmente, en canto á circulación dos vehículos polas estradas galegas en 2023, dispónse do uso da AP-9, a vía que recolle o tránsito que se fai pola fachada atlántica galega. Os rexistros da intensidade media diaria (IMD) facilitados pola concesionaria Audasa indican un IMD de 25.458 vehículos; a cifra máis alta dos últimos cinco anos e un 3,6% máis que en 2022, pero lonxe do récord de 27.029 vehículos de 2007. Os ingresos por peaxe, incluídos bonificacións e peaxes en sombra, ascenderon a 192,6 millóns de euros, un 12% máis que en 2022.

O transporte de mercancías por estrada. A loxística

No cadro 8 obsérvase que 2023 non foi un bo ano no transporte de mercadorías en Galicia. Certamente, desde a pandemia o sector mostrou unha gran volatilidade e con resultados moi desiguais en canto aos destinos dos produtos. O transporte intrarrexional galego mostraba en 2022, segundo a Enquisa Permanente de Transporte de Mercadoría por Estrada, uns valores moi similares a 2021, ano de recuperación na actividade tras o sensible parón de 2020 debido á crise sanitaria. Pola contra, en 2023 apréciase unha

Cadro núm. 8

Transporte de mercancías por estrada en 2023

	Número (millóns)				Taxas de variación interanual			
	Operacións		Toneladas		Operacións		Toneladas	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Transporte intrarrexional								
Intramunicipal	2,7	44,0	14,6	261,2	-9,3	0,9	-7,6	2,9
Intermunicipal	8,6	131,7	56,2	870,7	-6,9	1,2	-6,5	2,2
Total	11,3	175,7	70,9	1131,9	-7,5	1,2	-6,7	2,4
Transporte interrexional								
Recibido doutras CC. AA.	1,2	35,9	12,3	379,7	0,7	-2,0	-6,3	-1,9
Expedido a outras CC. AA.	1,2	35,9	17,1	379,7	2,4	-2,0	11,3	-1,9
Transporte internacional								
Recibido	0,3	2,8	2,8	34,9	5,5	-5,9	24,3	-4,8
Expedido	0,3	3,2	3,4	43,4	3,9	-4,4	12,9	-7,9

Fonte: Enquisa Permanente de Transporte de Mercancías por Estrada. 2022 e 2023.

D. X. de Programación Económica e Orzamentos. Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

intensa desaceleración tanto no número de operacións realizadas como no peso das mercadorías transportadas. Este descenso obsérvase tanto no transporte intramunicipal como no intermunicipal. Os resultados contrastan cos alcanzados no conxunto de España que, nos dous apartados, presentan taxas de variación positivas.

No cadro 8 tamén se aprecia que fronte á desaceleración no transporte de mercadorías con orixe e destino a propia comunidade autónoma, o transporte recibido ou realizado cara ao estranxeiro experimentou un sensible crecemento tanto no número de operacións como en toneladas, pero en especial nestas últimas. Esta traxectoria contrasta coa información que proporciona Aduanas de exportacións e importacións de mercadorías ao estranxeiro, cuxas variacións non foron tan positivas. En canto aos transportes de Galicia cara ao resto de España, en 2023 obsérvase que, mentres se incrementou sensiblemente a contía das mercadorías expedidas, caeu o volume dos bens recibidos, non así o de operacións.

Os resultados galegos son mellores que os do conxunto de España no tráfico co estranxeiro e cara a outras comunidades autónomas e, con todo, os datos intrarrexionais galegos son peores que os do conxunto do Estado.

O Observatorio de Custos de Transportes de Mercadorías por Estrada de Galicia (OTRAME), organismo dependente da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, publicou unha análise sobre os factores que incidiron de forma negativa no sector galego do transporte por mercadorías nos primeiros meses de 2023. O financiamento, o custo das peaxes e a disolución de urea (utilizada para reducir as emisións de gases nocivos) experimentaron unha notable subida nos prezos que prexudicou a actividade. Os maiores custos restan competitividade, ao que se ten que unir unha demanda de servizos relativamente débil.

O sector, demasiado minifundista xa que a maior parte das empresas conta cun ou ao sumo dous vehículos de transporte, enfróntase a múltiples desafíos, dos que cabe destacar unha competencia na Unión Europea cada vez maior; un rival como é o ferrocarril que de maneira progresiva vai gañado presenza debido ás melloras nas infraestruturas e ás vantaxes que presenta na preservación do medio ambiente, e un transportista que debe mellorar os seus servizos ampliándoos á loxística.

Neste contexto, desde a Xunta de Galicia indícase que o número de empresas de transporte público de mercadorías por estrada de Galicia descendeu de forma notable en 2023. As compañías pasaron de 7.130 a 6.624 (4.583 de transporte pesado e 2.041 lixeiro), o que supón unha perda de 506 sociedades. Tamén caeu o número de vehículos; de 26.825 no mes de xaneiro a 25.554 a finais de ano. Estas cifras mostran as dificultades polas que atravesou en 2023 un dos sectores claves na economía de Galicia.

Sobre a loxística, xa indicabamos no *Informe* anterior que en 2019 se creou a Agrupación industrial da Función Loxística de Galicia, que na actualidade conta con 54 grupos empresariais. Esta actividade está a enfrontarse a cambios substanciais nos últimos anos, froito das accións conducentes cara a un mercado máis sostible, o que se denomina loxística verde; aos novos modos de facilitar o seguimento dos produtos desde a súa orixe ao destino final, e á adaptación ás necesidades dos clientes.

Aeroportos

O movemento de pasaxeiros nos tres aeroportos galegos en 2023 case alcanza os seis millóns de persoas. Estamos cunha cifra récord lograda grazas aos notables incrementos rexistrados nos tráfico dos

tres aeroportos. Tanto a terminal da Coruña como a de Vigo superaron a cifra do millón de pasaxeiros, mentres Santiago pasou dos tres millóns e medio (a pesar de celebrarse o Xacobeo nos dous anos anteriores), o que supuxo un incremento dun 9,2%; logo dun ano 2022 no que o número de pasaxeiros duplicou os transportados en 2021. Así, mentres o aeroporto Rosalía de Castro mantén a súa primacía en Galicia, xa que a súa cifra de pasaxeiros multiplicou por tres a dos outros dous aeroportos, o maior crecemento de Alvedro e Peinador (cadro 9) permitiu recortar o peso relativo de Santiago, que en 2022 era do 62,8% e en 2023 foi do 59,7%. Estes resultados confirman que os aeroportos galegos non están a perder protagonismo no transporte de persoas a pesar do progresivo pulo dos modos de transporte alternativos para viaxar a lugares relativamente próximos. En todo caso, os datos sempre están moi condicionados pola oferta de voos existentes e, por tanto, polas estratexias das compañías que operan nas terminais galegas. Na de Santiago de Compostela, por exemplo, co obxectivo posto nos catro millóns de pasaxeiros, a situación parece máis difícil tras o recorte nos voos que se produciu nos últimos meses de 2023 pensando na tempada de inverno. Neste período perdéronse máis da metade das rutas internacionais existentes no verán. Agardemos que, en 2024, con trece destinos europeos conectados con voos directos desde este aeroporto, dous menos que no verán de 2023, se poida alcanzar esta cifra. En todo caso, parece claro que a aposta da terminal compostelá é o sector turístico fronte ás viaxes de negocios. De feito, a dependencia con Barajas foi só un 15,5% do total dos pasaxeiros transportados en 2023. Para as viaxes a Madrid, na actualidade un claro competidor é o ferrocarril e aínda o será máis cando funcione a pleno rendemento a alta velocidade. Renfe anunciou que en 2023 houbo máis de 7.300 circulacións de trens, sendo os meses de setembro e outubro os de maior incremento nos usuarios con respecto a 2022, un 9,2% e un 17,4% respectivamente. Unha vez que en 2024 se poñan en servizo os novos trens reduciranse os tempos de viaxe e haberá máis frecuencias, o cal afectará o tránsito aeroportuario.

Cadro núm.9

Evolución do movemento de pasaxeiros, das operacións realizadas e das mercadorías movidas nos aeroportos galegos

Movemento de pasaxeiros	2021		2022		2023*	
	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)
Alvedro (A Coruña)	594.584	36,1	963.952	62,1	1.252.022	29,9
Rosalía de Castro (Santiago)	1.653.663	76,8	3.238.531	95,8	3.537.445	9,2
Peinador (Vigo)	549.094	80,9	953.170	73,6	1.136.157	19,2
Total	2.797.341	66,9	5.153.837	84,2	5.925.624	15,0
Total nacional	119.952.578	57,7	243.693.689	103,2	283.195.399	16,2

Operacións	2021		2022		2023*	
	Número	TVI (%)	Número	TVI (%)	Número	TVI (%)
Alvedro (A Coruña)	12.084	8,0	14.364	18,9	15.405	7,2
Rosalía de Castro (Santiago)	15.376	40,4	25.459	65,6	25.903	1,7
Peinador (Vigo)	9.191	64,2	13.760	49,7	14.866	8,0
Total	36.651	32,1	53.582	46,2	56.174	4,8
Total nacional	1.518.847	37,9	2.216.474	45,9	2.403.918	8,5

Movemento de mercadorías	2021		2022		2023*	
	Quilogramos	TVI (%)	Quilogramos	TVI (%)	Quilogramos	TVI (%)
Alvedro (A Coruña)	85.451	1,3	91.130	6,6	76.963	-15,5
Rosalía de Castro (Santiago)	4.938.251	65,6	4.853.317	-1,7	4.818.283	-0,7
Peinador (Vigo)	806.312	191,5	689.694	-14,5	807.235	17,0
Total	5.830.014	74,4	5.634.141	-3,4	5.702.481	1,2
Total nacional	998.699.589	26,5	1.000.485.327	0,2	1.079.676.272	7,9

*Datos provisionais.

Fonte: Dirección de Operacións e Sistemas de Rede, AENA.

Pola súa banda, os aeroportos de Vigo e A Coruña, cun crecemento de Alvedro que lle permite seguir superando o número de pasaxeiros transportados desde Peinador, manteñen unha elevada dependencia con Barajas, xa que, en 2023, este aeroporto foi orixe e destino do 63,5% dos pasaxeiros de Vigo e do 60% da Coruña. As rutas de ambas as terminais son relativamente escasas. A pesar diso, as cifras de Vigo son as cuartas mellores da súa historia tras as alcanzadas no período 2006-2008. Pola súa banda, Alvedro aposta por incrementar os destinos internacionais co obxectivo a medio prazo de acadar os dous millóns de pasaxeiros. No cadro 9 obsérvase que, en canto ao número de operacións, en 2023, medraron de maneira significativa as que realizaron na Coruña e Vigo, mentres apenas variaron, con respecto a 2022, as de Santiago.

Sobre o movemento de mercadorías, o volume das transportadas no Rosalía de Castro é moito maior que o das outras dúas terminais. O peso relativo das mercadorías en Santiago supón o 84,5% do total. O descenso experimentado en 2023 (pola terminal de carga pasaron 4.818 toneladas) foi de tan só o -0,7%, polo que a cifra foi moi similar á de 2022, sendo esta moito máis elevada que nos anos anteriores á

pandemia. En 2019 transportábanse 3.201 toneladas, un 51,5% menos. Xa se indicaba no *Informe* de 2022 que o tránsito aéreo de mercadorías en Galicia se explica, sobre todo, por ser unha das bases loxísticas de Inditex; iso si a unha gran distancia dos resultados doutras bases como a do aeroporto de Zaragoza, que con case 130.000 toneladas ocupa o terceiro lugar en España tras Barcelona e Madrid e, antes da pandemia, superaba as cargas de Barcelona. Ademais da operativa de Inditex, no aeroporto de Santiago localízase o Centro de Tratamento Automatizado (CTA) de Correos, no que se atende o servizo de correspondencia de todo o noroeste español.

Portos

Indicábase no *Informe* de 2022 que conforme transcorría o tempo tras a superación da crise sanitaria, as actividades económicas ían aos poucos recuperando a normalidade e con iso o seu transporte, polo que, tras a brusca freada de 2020, xa en 2021 e 2022 se notaba unha recuperación; e así, de manterse unha traxectoria económica similar á dos últimos anos da década anterior, o máis probable sería que o tráfico de mercadorías por vía marítima tivese unha traxectoria ascendente superando os resultados de 2019.

Pois ben, as expectativas que manifestabamos hai un ano non se cumpriron posto que os resultados provisionais dispoñibles sobre o transporte portuario no conxunto dos portos españois de interese xeral do Estado das 28 Autoridades Portuarias reflectiron en 2023 unha caída dun 3,3% no volume do tráfico portuario total, sendo negativas as taxas de variación en case todas as presentacións. Deste xeito, fronte aos 564,5 millóns de toneladas transportadas en 2019, pasouse a 543,3 en 2023.

Este sensible freo é un indicador non só da desaceleración da economía española senón tamén dos países cos que mantén relacións comerciais. Neste descenso sobresaen os movementos dos graneis

Cadro núm. 10

Evolución do tráfico portuario (en toneladas)

	A Coruña		Ferrol-San Cibrao		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Galicia	
	2022	TVI (%)	2022	TVI (%)	2022	TVI (%)	2022	TVI (%)	2022	TVI (%)	2022	TVI (%)
Graneis líquidos	8.528.278	6,6	3.961.856	24,9	2		31.975	-38,4	299.569	9,5	12.821.680	11,5
Graneis sólidos	5.392.363	83,8	6.856.470	14,4	1.039.593	8,6	304.134	-9,8	401.186	-5,8	13.993.746	31,4
Total graneis	13.920.641	27,4	10.818.326	18,0	1.039.595	8,6	336.109	-13,7	700.755	0,2	26.815.426	21,1
Contedores	113	289,7	411.630	155,2	542.555	2,6	2.658.409	-11,0	286.846	-2,5	3.899.553	-1,8
Convencional	896.620	5,2	566.259	-8,0	495.113	-24,9	1.557.794	22,9	502.531	-1,5	4.018.317	2,9
Total mercadoría xeral	896.733	5,2	977.889	25,9	1.037.668	-12,7	4.216.203	-0,9	789.377	-1,8	7.917.870	0,5
Avituallamento	73.749	12,3	14.161	-4,8	37.514	27,2	128.913	-0,6	7.774	-0,1	262.111	5,9
Pesca fresca	28.131	-0,7	207	-9,4	3.118	14,2	34.009	-7,0	0		65.465	-3,5
Tráfico interior	0		29		0		0		0		29	
Total outro tráfico	101.880	7,7	14.397	-28,3	40.632	26,1	162.922	-2,0	7.774	-0,1	327.605	2,1
Total tráfico portuario	14.919.254	25,6	11.810.612	18,5	2.117.895	-2,8	4.715.234	-2,0	1.497.906	-0,9	35.060.901	15,6
Contedores (TEUS)	10	233,3	37.101	120,3	45.988	11,9	226.121	-5,5	33.135	-2,4	342.355	3,4
Buques (número)	1.094	16,6	1.079	5,7	426	-6,0	1.599	1,2	397	-2,5	4.595	4,5

	A Coruña		Ferrol-San Cibrao		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Galicia	
	2023*	TVI (%)	2023*	TVI (%)	2023*	TVI (%)	2023*	TVI (%)	2023*	TVI (%)	2023*	TVI (%)
Graneis líquidos	8.078.306	-5,3	3.641.605	-8,1	0		36.033	12,7	298.418	-0,4	12.054.362	-6,0
Graneis sólidos	5.183.353	-3,9	3.800.846	-44,6	1.029.914	-0,9	316.724	4,1	571.650	42,5	10.902.487	-22,1
Total graneis	13.261.659	-4,7	7.442.451	-31,2	1.029.914	-0,9	352.757	5,0	870.068	24,2	22.956.849	-14,4
Contedores	174	54,0	304.973	-25,9	498.154	-8,2	2.613.146	-1,7	245.157	-14,5	3.661.604	-6,1
Convencional	621.993	-30,6	689.493	21,8	562.750	13,7	1.688.817	8,4	429.550	-14,5	3.992.603	-0,6
Total mercadoría xeral	622.167	-30,6	994.466	1,7	1.060.904	2,2	4.301.963	2,0	674.707	-14,5	7.654.207	0,5
Avituallamento	75.447	2,3	13.359	-5,7	26.808	-28,5	60.293	-53,2	7.409	-4,7	183.316	-30,1
Pesca fresca	27.230	-3,2	160	-23,0	2.608	-16,4	32.102	-5,6	0		62.099	-5,1
Tráfico interior	0		872	2.906,9	0		0		0		872	####
Total outro tráfico	102.677	0,8	14.391	0,0	29.416	-27,6	92.395	-43,3	7.409	-4,7	246.287	-24,8
Total tráfico portuario	13.986.503	-6,3	8.451.308	-28,4	2.120.234	0,1	4.747.115	0,7	1.552.184	3,6	30.857.343	-12,0
Contedores (TEUS)	14	40,0	25.395	-31,6	44.733	-2,7	226.486	0,2	29.094	-12,2	325.722	-4,9
Buques (número)	1.093	-0,1	956	-11,4	462	8,5	1.908	19,3	380	-4,3	4.799	4,4

* Datos provisionais.

Fonte: Portos do Estado, Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible e elaboración propia.

líquidos e sólidos, o tráfico de contedores, pero, sobre todo, o tráfico de pesca, cuxa caída foi dun 11,5%, sendo os portos de Vigo e Coruña os que moven o maior número de toneladas ao ano, en concreto o 45,5% do total español. As caídas de Vigo (-5,6%) e da Coruña (-3,2%) distan, con todo, moito das observadas en Avilés (-46,9%), a Baía de Cádiz (-9,3%) ou Xixón (-11%), por citar os portos máis importantes nesta especialidade. Estes datos débennos facer reflexionar sobre a traxectoria e o futuro dun sector vital na economía galega.


Fronte ao comportamento antes comentado do conxunto das cinco Autoridades Portuarias dos Portos do Estado de interese xeral, no cadro 10 preséntanse os resultados, en volume, alcanzados en 2022 e 2023 polos portos galegos. Considerando o conxunto deles, os datos non só non son positivos, senón que son peores aos observados no conxunto de España. Apréciase un descenso dun 12% no total debido, sobre todo, á redución da actividade en Ferrol-San Cibrao e na Coruña. Pasouse de transportar 35,1 millóns de toneladas en 2022 a 30,9 millóns en 2023; cifra afastada da obtida en 2019 e moi similar á de 2021 (30,3 millóns). No cadro 10 obsérvase como na práctica totalidade de especialidades as taxas de variación son negativas e cabe destacar o notable descenso de graneis sólidos, explicable, sobre todo, pola traxectoria seguida por Alcoa.

A Coruña e Ferrol-San Cibrao acaparan os tráxicos de graneis sólidos e de líquidos e en ambos a súa caída foi elevada fronte a 2022, en particular nos graneis sólidos. Ademais, a estas especialidades cómpre engadir a importante redución no tráfico de mercadoría convencional na Coruña e de contedores en Ferrol-San Cibrao. Por todo iso, os resultados dos portos do norte de Galicia son realmente os determinantes das taxas negativas que se aprecian na agregación da actividade portuaria en Galicia, posto que os tres portos do sur mantiveron unha actividade moi similar á de 2022. De feito, en todos eles a taxa de variación do tráfico portuario foi positiva.

En canto a unha análise máis pormenorizada dos portos xestionados polas cinco Autoridades Portuarias, no referente ao porto da Coruña observouse en 2023 unha caída no seu tráfico dun 6,3% debido a unha menor carga e descarga en case todas as especialidades relevantes. Descendeu en volume o tráfico de graneis líquidos e sólidos, o de mercadoría transportada de modo convencional e a pesca en fresco. Cabe lembrar que estes decrecementos ocorren tras o espectacular incremento dun 25,6% (o maior no conxunto dos portos de España) no tráfico total en 2022. En 2023, só medrou o tráfico de avituallamento e de contedores, actividade que apenas ten relevancia neste porto. Con todo, a pesar destes datos, a Autoridade Portuaria foi moi optimista en canto ao presente e futuro das terminais portuarias coruñesas. A redución nos graneis sólidos achácano, sobre todo, aos menores movementos de carbón con destino ao norte de Europa. Destacan a consolidación na importación de cereais e os novos tráxicos en fertilizantes.

En canto á actividade do porto exterior en Punta Langosteira, destacan que o seu tráfico mellorou en 1,8 millóns de toneladas con respecto a 2022 grazas á dinámica dos novos operadores que realizaron investimentos por uns 300 millóns de euros. O máis salientable en 2023 foi a posta en marcha da terminal petroleira e o avance nas obras do ferrocarril que, cando finalicen, ampliarán de maneira significativa a súa área de influencia. Doutra banda, acábbase de anunciar que en breve comezará a tramitación dun parque eólico experimental cun financiamento europeo de 20 millóns de euros. Este proxecto está liderado pola Xunta de Galicia en colaboración coa Autoridade Portuaria e Redeia.

Unha cuestión de grande interese para o desenvolvemento urbanístico da cidade da Coruña é a súa maior apertura ao mar aproveitando os terreos portuarios que se conservarían de titularidade pública. Esta operación, sobre a que se manteñen conversacións co Concello da Coruña e a Xunta de Galicia, permitiría minorar a débeda que tivo que asumir a Autoridade Portuaria para a construción do porto exterior.



A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao subliña a caída que experimentou o tráfico de mercadorías en 2023, aínda que indica que foi a segundo mellor anualidade no últimos cinco anos despois de 2022; exercicio no que o tráfico de mercadorías aumentouse, nos portos de Ferrol e San Cibrao, un 18,5%. O descenso na actividade nos dous portos ferroláns, moi inferior ao -28,4% alcanzado no conxunto desta Autoridade Portuaria, achácano á retardación que está a

experimentar o comercio a nivel mundial. Destácase como aspecto moi positivo que grazas ao tráfico de mercadoría en contedores está a superarse a elevada dependencia que tradicionalmente se tiña do carbón. Os malos resultados débense, sobre todo, ao tráfico do porto de San Cibrao.

Como sucedía co Porto da Coruña, as obras do viaduto ferroviario entre o porto exterior en Caneliñas e o interior (Curuxeiras) avanza sen incidencias. Agárdase, unha vez finalizado o viaduto na enseada da Malata, que os trens poidan circular en 2025. Con iso tardáronse oito anos na construción desta infraestrutura cun custo de 98 millóns de euros. Unha vez entre en funcionamento haberá de superarse o colo de botella que supón a actual vía férrea entre Ferrol e A Coruña. Neste contexto, a mala noticia de finais de 2023 foi a inicial exclusión de Ferrol da rede básica ferroviaria do corredor atlántico de mercadorías co horizonte de 2030. De non lograr esa inclusión habería que agardar ata 2050, o que suporía unha significativa perda de competitividade. Esperemos que no próximo *Informe* poidamos ter mellores noticias sobre esta transcendente cuestión.

Doutra banda, en canto á aposta do tráfico de contedores, ademais da actividade da sociedade turca Yilport que estreou unha nova liña para o traslado de mercadorías a Oslo, cabe apuntar o recente acordo de intencións asinado coa corporación chinesa Arcfox, no ámbito dos coches eléctricos, para que o porto exterior conte cun centro loxístico desta compañía.

En realidade, a principal explicación dos resultados negativos de 2023 hai que buscala no porto de San Cibrao ante a paralización de Alcoa. A caída nos volumes do tráfico foi dun 53,34%, debido a un movemento de graneis sólidos e tamén líquidos, moi inferior ao de 2022.

Os mellores datos en 2023 do tráfico de mercadorías nos portos galegos de interese do Estado son os de Vilagarcía. É meritorio un crecemento do 3,6% nun contexto de caída xeneralizada da actividade nos portos españois. A cifra transportada en 2023, 1,55 millóns de toneladas, supón un récord para esta infraestrutura. Este logro débese á traxectoria do transporte dos graneis sólidos, que cun incremento dun 42,5% eclipsou os resultados negativos das restantes especialidades (cadro 10). Así, nos graneis sólidos medrou, sobre todo, o tráfico de cereais (89%) e a epígrafe que recolle varios produtos baixo a denominación outros graneis. Neste porto o tráfico de cemento e de pedra mantívose estable. En canto á mercadoría en xeral, o tráfico experimentou unha caída dun 14,5%, pero a pesar diso o aluminio e os tableiros de madeira mantivéronse en cifras similares ás de 2022.

A contía do tráfico portuario en 2023 alcanzado polo porto que corresponde á Autoridade Portuaria Marín-Pontevedra é practicamente a mesma que a de 2022, 2,12 millóns de toneladas. Aínda que o valor total é practicamente o mesmo, a traxectoria das diversas especialidades foi moi distinta. Esta cifra logrouse grazas á estabilización do transporte da mercadoría máis importante, os graneis sólidos, e ao incremento dun 13,7% do tráfico de mercadorías xerais realizado dun modo convencional. Iso contrarresta as variacións negativas dos outros grupos (cadro 10).

O ben determinante nas mercadorías xerais non en contedor é a pasta de papel xerada por Ence. Obsérvase un incremento sensible no volume desta mercadoría, xunto con produtos siderúrxicos e materiais para a construción. Tamén no cadro 10 apréciase que o porto de Marín é o segundo de Galicia en canto ao tráfico de contedores (sobre todo, pezas de automoción, aceites, conservas de peixe, madeira, cortiza e minerais). Este tráfico empeorou con respecto ao de 2022. Como indicamos, as mercadorías cun maior volume transportadas desde ese porto son os graneis sólidos e en canto a resultados positivos cabe destacar as subidas do tráfico de cereais, fariñas e sal común.

En canto a infraestruturas cómpre sinalar que o porto de Marín é o que máis mobiliza mercadorías que se transportan por tren, o que lle permite ocupar a primeira posición en Galicia en intermodalidade.

Do mesmo xeito que a traxectoria seguida polo Porto de Marín, o tráfico no de Vigo mantívose en 2023 relativamente estable con respecto a 2022. A súa variación foi tan só do 0,7%. Este leve crecemento permitiulle obter o mellor resultado dos últimos quince anos. Transportáronse 4,75 millóns de toneladas. Obviamente o grosu de mercadorías que se comercializaron desde e cara a Vigo fano en contedores ou dun modo convencional. En canto ao tráfico de contedores, China segue sendo o principal socio comercial do Porto de Vigo e a ese país expórtanse e impórtanse todo tipo de mercadorías, en especial, alimentos, maquinaria e pesca conxelada. A continuación, nesta clasificación figuran Brasil (froita, madeira e metais), Marrocos (pedra natural e madeiras) e Estados Unidos (pedra natural e materiais de construción).

En 2023 mentres aumentaba sensiblemente, un 8,4%, o volume das mercadorías do tráfico convencional, descendía levemente o transporte por contedor, un 1,7%. En todo caso, desde a Autoridade Portuaria indícase que o número de vehículos transportados, 653.699, supoñen un incremento do 42% con

respecto a 2022 e outras mercadorías como a froita ou a maquinaria experimentaron unha subida considerable. O crecemento no número de vehículos reflíctese na evolución do tráfico Ro-Ro, que medrou un 31,7%, pasando de 985.039 a 1.297.440 toneladas. Estes datos parecen indicar que aos poucos se van solucionando os problemas de transporte dos vehículos que se sinalaban no *Informe* de 2022 e que freaban a actividade. Iso débíase á crise loxística que sufrían os portos europeos e á falta de busques para o transporte, ao que había que engadir os problemas do transporte terrestre pola carencia de condutores.

Xa se comentaba ao comezo deste apartado que Vigo era o principal porto de descarga de pesca fresca de España. Os resultados de 2023 non son positivos xa que indican unha caída dun 5,6% en canto ao volume de pesca descargada. Con todo, maior foi o descenso no tráfico de pesca conxelada, un 9,2%. Esta situación preocupou a Autoridade Portuaria dada a tradicional dimensión que esta especialidade ten no Porto de Vigo. Por iso, pensouse deseñar un plan de acción acordado co sector para que o porto do Berbés siga sendo líder en España. Este Plan presentado en 2024 está acordado co sector e desenvolve doce iniciativas. O seu obxectivo é incrementar o valor engadido da pesca fresca a través da innovación e a transformación dixital. Ademais deste Plan, a Autoridade Portuaria tamén reclama ás diferentes Administracións o apoio para que o Porto de Vigo conte cunha oficina da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) para o desenvolvemento da Iniciativa de Portos Azuis. Afortunadamente, os resultados dos primeiros meses de 2024 sobre a descarga de pesca superan os de 2023.

En canto ás infraestruturas do Porto de Vigo, no *Informe* de 2022 sinalábase a insistencia da Autoridade Portuaria da necesidade de conectar a vía férrea coa terminal de Bouzas; obra rexeitada desde o concello de Vigo e na que se alega que Stellantis non ten un especial interese e, sobre todo, se precisa do maior espazo posible para a exportación dos automóviles que fabrica.

Finalmente, nas dúas últimas filas do cadro 10 recóllense o número de buques e de contedores (con TEU como a unidade de medida). No conxunto dos portos de interese do Estado en Galicia, a cifra de contedores caeu un 4,9% debido, en particular, ao tráfico, xa comentado, de Ferrol-San Cibrao. Pola contra, o dato de buques aumentou un 4,4% grazas á puxanza do Porto de Vigo e, en menor medida, do de Marín, que contrarrestaron os malos resultados de Ferrol-San Cibrao e Vilagarcía.

O transporte de pasaxeiros por vía marítima en Galicia concrétese, case exclusivamente, nas persoas que realizan un cruceiro e desembarcan nalgún porto galego. Os datos desde 2019 a 2023 recóllense no cadro 11. Esta interesante actividade concéntrase nos portos da Coruña e Vigo, liderando esta clasificación o Porto da Coruña, coa peculiaridade de que, aínda que nesta dársena en 2023 atracaron menos cruceiros que en 2022, o número de pasaxeiros medrou nun 45,5% debido ao maior tamaño dos barcos. Tras a pandemia, a evolución é crecente e, seguramente, os resultados serán cada vez mellores ante o potencial turístico galego e os esforzos para fomentar este tipo de visitas.

Cadro núm. 11
Tráfico de cruceiros (número)

	2019	2020	2021	2022	2023*
Pasaxeiros					
A Coruña	160.256	6.586	30.177	222.723	323.991
Ferrol-San Cibrao	14.928	3.040	3.096	13.244	6.571
Marín- Ría de Pontevedra	0	0	0	0	0
Vigo	141.704	9.425	34.656	173.220	219.298
Vilagarcía	890	0	1.166	2.076	1.375
Total portos galegos	317.778	19.051	69.095	411.263	551.235
Total portos do Estado	10.664.581	1.369.361	2.219.083	8.184.159	12.012.706
Cruceiros					
A Coruña	108	5	31	137	131
Ferrol-San Cibrao	14	2	5	15	14
Marín- Ría de Pontevedra	0	0	0	1	0
Vigo	71	7	28	91	99
Vilagarcía	3	0	4	5	6
Total portos galegos	196	14	68	249	250
Total portos do Estado	4.236	744	2.104	4.528	4.501

*Os datos do ano 2023 son provisionais.


Fonte: Portos do Estado, Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible e elaboración propia.

O sector bancario

O contexto exterior do sector bancario galego


O sector bancario constitúe a parte central do sistema financeiro. No caso do sector bancario galego, o seu contexto exterior en 2023 veu marcado pola rápida redución da taxa de inflación na Unión Económica e Monetaria (UEM), medida pola taxa de variación interanual do índice harmonizado de prezos de consumo (IHPC). Unha parte desta redución pode atribuírse ao esgotamento gradual dos *shocks* inflacionistas experimentados nos dous anos anteriores, en especial á redución nos prezos da enerxía, como resultado do descenso na demanda da mesma; pero outra parte importante foi o resultado do carácter restritivo da política monetaria do Banco Central Europeo (BCE).

O BCE continuou en 2023 tomando medidas para elevar os tipos de xuro ata acumular no mes de agosto un aumento do 2% desde principios de ano. A resposta favorable da taxa de inflación permitiu estabilizar o tipo de xuro das operacións principais de financiamento (OPF) do BCE no 4,5% durante os catro últimos meses do ano. Porén, o crecemento dos prezos continuaba a final de ano por enriba do valor obxectivo de medio prazo do BCE, fixado nun 2%, facendo improbable que o banco central poida revertir o signo das súas medidas de política monetaria nun futuro próximo.



Ademais de subir o tipo de xuro, BCE continuou co proceso de reversión das medidas extraordinarias de política monetaria adoptadas na década anterior para paliar os efectos da crise financeira global, realizando liquidacións anticipadas das súas operacións de refinanciamento de longo prazo ata conseguir reducir nun trillón de euros o tamaño do seu balance. Pese á debilidade do crecemento económico na UEM durante 2023, a resiliencia amosada polo mercado de traballo permitiu ao BCE persistir no carácter restritivo da súa política monetaria, contribuíndo a tensar as posicións de liquidez nos mercados financeiros.

Esta política monetaria transmitiuse ao resto da economía a través da canle do crédito bancario, pois os bancos endureceron de maneira significativa os seus criterios para a concesión de créditos. Por outra banda, os custos de financiamento dos bancos eleváronse substancialmente durante este ano a medida que a competencia polos depósitos dos clientes foi subindo os seus tipos de xuro. O alto nivel de concentración do sector bancario español e a súa relativamente reducida necesidade de captar fondos a través de depósitos para ofrecer crédito permitiu ás entidades de depósito operantes en España trasladar en



menor medida os aumentos nos tipos de xuro á remuneración dos seus depósitos e, en correspondencia, ao custo dos seus préstamos, en comparación coas entidades do resto da UEM. De feito, as entidades bancarias españolas elevaron de forma notable a súa marxe de xuro nos trece meses de subida continuada dos tipos oficiais. En conxunto, o endurecemento dos criterios de concesión de crédito e o seu custo incrementado levaron a unha contracción no volume de crédito concedido en 2023 respecto do concedido no ano anterior, mentres que a calidade do mesmo rexistrou unha deterioración moi limitada.

Gráfico 12
Distribución das oficinas de entidades de depósito
Galicia. 2021




Gráfico 13
Crecemento dos depósitos, créditos e oficinas das entidades de depósito en Galicia.
TVI (en %)




Gráfico 14
Número de afiliados á Seguridade Social en alta laboral no sector bancario en Galicia





Gráfico 15
Tipos de depósitos do sector privado en entidades de depósito en Galicia. (En %)




A evolución das entidades bancarias en Galicia

O sector de entidades de depósito presenta un elevado grao de concentración en España, e o sector en Galicia ten un nivel de concentración por enriba da media nacional, segundo o único indicador dispoñible para medir a cota de mercado no mercado galego, que é o número de oficinas abertas no territorio. Tan só seis entidades posúen o 94,7% da rede de oficinas. Case a metade da rede está operada por entidades que manteñen o seu centro de decisión en Galicia, en concreto Abanca, que cun 43,2% da rede conserva unha posición claramente dominante, e Caixa Rural Galega, que ocupa o subsector de cooperativas de crédito na comunidade autónoma (as outras cinco entidades cunha cota significativa son bancos) e dá conta do 4,6% da rede. Das entidades con centro de decisión fóra da comunidade autónoma destacan os tres grandes grupos bancarios españois: Santander, Caixabank e BBVA, con cotas do 14,9%, 14,2% e 11,5% respectivamente, e o Banco de Sabadell, que opera o 6,3% das oficinas. Polo tanto, o grao de penetración dos grupos bancarios doutros países da UEM, moi limitado no conxunto de España, é inexistente en Galicia. Todas estas entidades traballan cun modelo de negocio de financiamento polo miúdo, cunha ampla carteira de crédito financiada, sobre todo, a través dos depósitos dos seus clientes e cunha actividade relativamente limitada no mercado interbancario, aínda que substancialmente máis importante no caso dos tres grandes grupos bancarios nacionais.

Este elevado grao de concentración facilita que as entidades de depósito operantes en Galicia amplíen a súa marxe de xuro en situacións onde os tipos non son estables, pero ten tamén consecuencias favorables para a estabilidade do sistema na continxencia de potenciais crises financeiras futuras.

A distribución da rede de oficinas en Galicia mantívose máis ou menos estable no ano 2023, xa que a redución no número de oficinas abertas na comunidade autónoma foi moito menor que nos anos anteriores, pero mantendo a tendencia ininterrompida ao peche de oficinas iniciada no primeiro trimestre de 2009. De feito, o número de traballadores afiliados á Seguridade Social en situación de alta laboral no sector bancario en Galicia incrementouse de maneira perceptible por primeira vez en 15 anos. O ritmo de captación de depósitos por parte das entidades desacelerouse respecto dos anos inmediatamente



Galicia é o aumento das dificultades da poboación non urbana para acceder aos servizos bancarios. A finais de 2023, 54 dos 313 concellos galegos, cunha poboación de aproximadamente 67.000 persoas, non teñen ningunha oficina bancaria no seu territorio. Esta situación resulta especialmente preocupante dada a dispersión da poboación nestes pequenos núcleos rurais, que supón unha distancia media significativa á oficina bancaria máis próxima, co conseguinte risco de exclusión dos servizos financeiros proporcionados polas entidades de depósito.

anteriores, pero mantívose relativamente estable, en torno a un 2%, en termos interanuais; mentres que o forte crecemento da actividade de crédito xerado pola pandemia se detivo no segundo trimestre, derivando nunha leve contracción do crédito na segunda metade do ano.

Como resultado da leve subida nos tipos de xuro dos depósitos bancarios, en 2023 produciuse un cambio de tendencia na distribución dos tipos de depósito que o sector privado mantén nas entidades de depósito en Galicia, de xeito que por primeira vez na última década diminuíu a proporción de depósitos á vista en favor dos depósitos a prazo.

Unha implicación importante da redución no tamaño da rede de oficinas bancarias en

IX. Sector turístico

- 2023 non só restableceu os valores do turismo acadados con anterioridade á pandemia, senón que estes creceron. Neste ano aloxáronse nos establecementos galegos máis de 7 millóns de viaxeiros.
- O turismo nacional é o de maior importancia en Galicia, con máis de 3 millóns de viaxeiros que superan, de media, as dúas noites de estadia. Entre eles, os madrileños e andaluces case supoñen o 19,4% do total.
- Os portugueses e estadounidenses lideran a lista dos turistas internacionais que chegan a Galicia.
- A estacionalidade segue a ser unha característica fundamental do turismo en Galicia, o que se aplica a todos os tipos de aloxamento, concentrándose nos meses de xullo e agosto.
- As terras de Santiago de Compostela seguidas da Ría de Vigo e o Baixo Miño e a Ría de Arousa, son as tres áreas turísticas con maior demanda hoteleira.
- Destaca o auxe das vivendas de uso turístico (VUT), pasando de 72.753 prazas en 2021 a 95.778 en 2023. Este aumento, dun 33,9%, converte Galicia na sexta rexión de España con maior número de VUT.
- Os municipios costeiros e as capitais de provincia encabezan a presenza de VUT. Destaca en primeiro lugar Sanxenxo, seguido de Vigo.
- Sanxenxo, Fisterra e Carnota son os tres concellos galegos coa *ratio* de VUT por volume de vivendas máis elevada de toda a comunidade.
- A chegada de peregrinos incrementouse con respecto a 2022 un 1,7%. O Camiño Francés segue a ser o máis frecuentado, pero sofre unha baixada dun 3,2% debido ao auxe do Portugués e do Norte.
- Subida dos ocupados no sector turístico en 2023, cunha variación positiva do 15,6% fronte ao ano anterior.

O ano 2023 supuxo a consolidación definitiva da recuperación turística despois da pandemia, que xa se fixera moi evidente en 2022. Podemos dicir que se volveu aos niveis prepandémicos e o turismo acadou a importancia que tiña antes deste "cisne negro" que sacudiu a sociedade e a economía galega e mundiais

Cadro núm. 1

Principais indicadores de turismo de Galicia para o ano 2023.

Viaxeiros aloxados	7,02 millóns
Noites	13,38 millóns
Estadía media	1,91 noites
Ingresos hoteleiros	405,1 millóns
Recuperación demanda 23/19	109,90%
Prazas	103,3 mil

Fonte: INE.

en 2020. Segundo os datos do INE, en relación con 2019 non só se produciu unha recuperación, senón que ademais houbo un crecemento do 109,9% para o conxunto da demanda. De feito, en 2023 aloxáronse nos establecementos regrados galegos 7.020.000 viaxeiros (cadro 1), o que supón o 6,6% do total español.

Mais se prestamos atención ás noites que pasaron os turistas que nos visitaron, é dicir, as pernoctacións, atopamos un total de 13.380.000 rexistros, o que significa case o dobre do valor dos viaxeiros aloxados. Loxicamente, esta cifra deriva da estadía media dos viaxeiros que chegaron a Galicia, que se estima en 1,91 noites. En canto aos ingresos hoteleiros, estes superan os 405 millóns de euros, e supoñen o 9,9% do total de España.

Oferta de aloxamentos turísticos en Galicia

O cadro 2 permite observar que, en relación á oferta de establecementos turísticos en Galicia, a plena recuperación do turismo determinou un crecemento do número de prazas globais. Dentro da oferta regrada, a modalidade de aloxamento máis importante cuantitativamente é a hoteleira, con máis de 57.000 prazas, cun incremento do 0,97% en canto ao número de establecementos e un 1,21% no número de prazas.

Cadro núm. 2

Establecementos de aloxamento turístico en Galicia. Datos a agosto de cada ano

	2022		2023		% variación aloxamentos	% variación prazas
	Aloxamentos	Prazas	Aloxamentos	Prazas		
Hotel	927	56.852	936	57.540	0,97	1,21
Pensión	1.315	23.227	1.355	23.957	3,04	3,14
Albergue turístico	461	15.706	476	16.269	3,25	3,58
Turismo rural	541	6.801	537	6.694	-0,74	-1,57
Cámping turístico	139	34.914	150	34.060	7,91	-2,45
Apartamento turístico	350	10.698	384	11.314	9,71	5,76
Vivenda turística	223	1.222	219	1.215	-1,79	-0,57
Vivenda uso turístico	14.068	74.661	17.102	90.765	21,57	21,57

Fonte: IGE.

A cifra de pensións e albergues turísticos tamén medrou de maneira significativa, cun 3,04% e un 3,25%, respectivamente, moi vencellados ao aumento da demanda nos Camiños de Santiago. Así, hai 23.957 prazas en pensións e 16.269 prazas en albergues turísticos, o que supón un crecemento do 3,14% e do 3,58% respectivamente. En canto aos cámpings turísticos, soben os establecementos, de 139 a 150, se ben descenden as prazas ofertadas.

Pola súa banda, o turismo rural mantén a súa tendencia negativa dos últimos anos, mesmo dos anteriores á pandemia, ao rexistrar unha diminución no número de establecementos do -0,74% e unha caída nas prazas do -1,57%; o que supón 537 establecementos e 6.694 prazas na actualidade.

A importancia crecente das modalidades de aloxamento non tradicionais tamén se pode constatar no incremento de apartamentos turísticos, que xa superan os 11.000 e medraron un 9,71%. O aumento no número de prazas é do 5,76%.

É especialmente significativo o crecemento das prazas das vivendas de uso turístico (VUT), xa que se pasa de 72.753 en 2021 a 95.778 en 2023; cun incremento nos establecementos do 33,9% e 31,6% no número de prazas (cadro 3). Este dato representa a maior subida de todas as modalidades de aloxamento, chegando a acadar en 2023 máis de 18.000 unidades. Esta cifra coloca Galicia na sexta rexión española no número de VUT despois de Andalucía, Comunidade Valenciana, Cataluña, Canarias e Illas Baleares. Pontevedra é a provincia que acolle un maior volume con 7.904 unidades (43,7%), seguida da Coruña con 6.694 (37,0%). Nas provincias do interior contrasta a cifra rexistrada en Lugo con 5.558 unidades, fronte a Ourense na que só se contabilizan 924. Non obstante, cómpre salientar o aumento que se está a producir

Cadro núm. 3

Vivenda de uso turístico (VUT) en Galicia. Datos a agosto de cada ano

	Vivendas turísticas			Prazas			% variación 2021/2023	
	2021	2022	2023	2021	2022	2023	Vivendas	Prazas
A Coruña	5.244	6.109	6.694	27.922	32.336	35.305	27,7	26,4
Lugo	1.789	2.233	2.558	9.574	11.884	13.391	43,0	39,9
Ourense	669	792	924	3.670	4.341	5.009	38,1	36,5
Pontevedra	5.800	6.832	7.904	31.587	36.721	42.073	36,3	33,2
Galicia	13.502	15.966	18.080	72.753	85.282	95.778	33,9	31,6

Fonte: INE.

nestas provincias interiores en relación ao volume de VUT e de prazas, cun incremento anual superior ao 35% respecto a 2022. En termos da *ratio* de VUT por número de vivendas rexistradas en 2011, segundo os datos ofrecidos polo INE, tan só Pontevedra supera a *ratio* galega (1,03) cun valor de 1,49. Coruña e Lugo mantéñense nun 0,97 e 0,95 respectivamente; mentres que Ourense se queda nun 0,34.

Gráfico 1

Distribución territorial do número de vivendas de uso turístico




Gráfico 2

Distribución territorial do número de prazas de vivendas de uso turístico



Se observamos o gráfico 1 podemos ver que os municipios costeiros son os que aglutinan un maior volume de VUT, xunto coas capitais de provincia. Neste sentido cómpre destacar que Sanxenxo é o que presenta un maior número de establecementos desta categoría (1.431) e de prazas (7.531), dando como media un total de 5,26 prazas por VUT. Ségueo Vigo, con 1.181 VUT, 5.016 prazas e unha media de prazas por VUT de 4,25. Se ben hai outros municipios que destacan polo volume de VUT, as cifras son moito máis moderadas. Así, Santiago e O Grove superan as 500 unidades; Pontevedra e Foz as 350; ao tempo que Baiona pasa das 250, Ferrol e Lugo das 200 e o municipio costeiro de Miño contabiliza 135.


En termos de prazas (gráfico 2), como xa dixemos Sanxenxo e Vigo ocupan os primeiros lugares; ao tempo que O Grove supera as 3.000, Santiago as 2.600, Pontevedra e Foz as 1.700; Baiona e Ourense móvense entre case 1.400 e 1.300; Ferrol pasa levemente das 1.000; mentres Lugo e Miño quedan por debaixo desa cifra con valores de 987 e 731 prazas, respectivamente.

En canto á *ratio* de VUT por volume de vivendas en 2011 (gráfico 3), as estatísticas do INE experimental amosan que Sanxenxo é o que prevalece no ránking, cunha *ratio* de 8,05; seguido de Fisterra e Carnota (7,42 e 7,25 respectivamente). Concellos como Corcubión e O Grove roldan valores do 6,4-6,2; asemade, outros como Mondariz Balneario ou Muxía quedan arredor do 5,6-5, e superan a *ratio* do 4 Laxe, A Illa de Arousa, Barreiros, O Vicedo e Mañón.

Se analizamos a evolución mensual da oferta de aloxamentos turísticos en Galicia, apreciamos que segue a existir unha importante estacionalidade (cadro 4). Tomando como referencia os hotéis, nos meses de xullo

Gráfico 3

Ratio do número de vivendas de uso turístico sobre o total de vivendas



Cadro núm. 4
Evolución mensual de oferta de aloxamentos turísticos en Galicia. Ano 2023

	Hotels	Cámpings turísticos	Aloxamentos de turismo rural	Albergues
Xaneiro	1.036	28	254	145
Febreiro	1.110	29	290	121
Marzo	1.228	35	331	171
Abril	1.476	56	393	331
Maio	1.549	63	396	357
Xuño	1.647	115	429	424
Xullo	1.861	146	456	427
Agosto	1.853	144	452	431
Setembro	1.737	108	434	426
Outubro	1.515	44	405	316
Novembro	1.248	37	364	157
Decembro	1.117	38	330	94

Fonte: INE.

de xullo e agosto supéranse as 41.000 prazas, mentres que de outubro a marzo os valores son sempre inferiores ás 10.000 prazas; cun mínimo de 6.118 en xaneiro, como se pode ver no cadro 4. A continuación, en relación co número de prazas, a seguinte modalidade de aloxamento con maior estacionalidade son os albergues, cun valor de 2,86. Seguen o turismo rural, con 1,90, e os hoteles, con 1,75. Por último, a menor estacionalidade corresponde aos apartamentos turísticos, con 1,67. Este feito está relacionado coa importancia deste tipo de aloxamentos no turismo urbano e cultural, o que ten, polas súas características, unha menor estacionalidade.

Cadro núm. 5
Evolución mensual de oferta de prazas en aloxamentos turísticos en Galicia

	Hotels	Cámpings turísticos	Apartamentos turísticos	Aloxamentos de turismo rural	Albergues
Xaneiro	43.507	6.118	6.602	3.217	5.599
Febreiro	46.750	7.027	6.568	3.745	5.197
Marzo	52.224	9.461	6.000	4.324	7.603
Abril	61.386	17.811	7.831	5.229	12.639
Maio	63.934	16.809	7.815	5.281	13.768
Xuño	68.028	32.764	10.032	5.685	15.206
Xullo	76.250	41.673	11.031	6.119	16.056
Agosto	76.153	41.514	10.681	6.121	15.825
Setembro	71.748	30.378	10.264	5.891	15.058
Outubro	64.303	8.740	8.225	5.453	12.958
Novembro	54.084	6.575	6.904	4.797	6.566
Decembro	48.305	7.152	7.060	4.277	4.358

Fonte: INE.

e agosto supéranse os 1.800 aloxamentos, mentres en xaneiro pásase só lixeiramente dos 1.000, en concreto 1.036. Se calculamos un índice de estacionalidade definido polo cociente entre o maior e o menor valor da serie, obtemos un 1,78; o que, sendo inferior a 2, dá unha boa idea da devandita estacionalidade. En calquera caso, semella que a tempada turística crece, xa que desde maio ata outubro hai máis de 1.500 establecementos.

Por outra banda, a estacionalidade é bastante diferente en función do tipo de establecemento. Como é de agardar, son os cámpings turísticos os máis afectados, cun valor de 5,21. O máximo acádase en xullo, con 146 establecementos, e o mínimo en xaneiro, con menos de 30. A continuación, cun índice de 2,97 sitúanse os albergues, moi vencellados co Camiño de Santiago. En canto aos albergues, o valor máximo dos mesmos prodúcese en agosto, o que contrasta cos outros tres, que presentan picos máximos no mes de xullo. No caso dos albergues hai que ter en conta a importancia do Camiño de Santiago no turismo doméstico en agosto. Por último, o turismo rural ten un índice de estacionalidade do 1,79, o que reflicte que se trata dunha modalidade de aloxamento menos estacional que as dúas anteriores, e semellante en estacionalidade á oferta hoteleira.

A análise da oferta de prazas en aloxamentos turísticos en Galicia en 2023 amosa unhas tendencias semellantes (cadro 5). A maior estacionalidade corresponde aos cámpings turísticos, cun índice de 6,81. Isto débese ao maior efecto condicionante do factor clima sobre a práctica do campismo. Así, nos meses

A demanda turística en Galicia

Un aspecto fundamental a ter en conta para caracterizar a demanda turística é a procedencia dos viaxeiros. Distinguimos tres mercados: o interno galego, o turismo que procede do resto de España e o internacional. Como se amosa no cadro 6, o maioritario é o turismo denominado doméstico, que procede doutras comunidades autónomas diferentes da galega, con máis de tres millóns de viaxeiros, que supoñen un total de 6.305.032 pernoctacións. Isto significa que a estadia media é de 2,08 noites. Sen dúbida, o turismo do resto de España é o máis relevante a nivel cuantitativo e tamén cualitativo, e ten que ver coa

boa imaxe da que goza Galicia no resto do Estado e cunha serie de factores diferenciais en relación con destinos tradicionais de sol e praia. Fronte a estes, Galicia ofrece unha gastronomía singular, paisaxes verdes, unhas temperaturas menos calorosas no verán e, sobre todo, o grande atractivo do Camiño de Santiago, como veremos máis adiante.

Cadro núm. 6
Demanda turística nos aloxamentos galegos. Galicia. Ano 2023

	Viaxeiros	Noites	Estadia media
Turismo interno	1.527.081	3.208.624	2,1
Turista nacional	3.030.953	6.305.032	2,1
Turista internacional	2.463.200	3.863.937	1,6
Total turistas	7.021.235	13.377.594	1,9

Fonte: INE.

O seguinte segmento por orde de importancia é o turismo internacional, que achegou o ano 2023 un total de 2.463.200 viaxeiros, 3.863.937 noites, o que significa unha estadia media de 1,57 noites por persoa. Hai que ter en conta que o turismo internacional está moi vencellado á mobilidade aérea desde os principais destinos emisores fóra da Península Ibérica. Por outra banda, dentro do turismo internacional tamén está integrado o turismo procedente de Portugal, que tradicionalmente non se caracterizou por unha alta estadia media, debido a que aproveita días festivos e pontes para vir a Galicia. Os datos do INE (cadro 7) destacan o papel dos turistas portugueses entre o total dos mercados turísticos estranxeiros, xa que só eles supoñen o 5% do total de turistas que recibe Galicia. Chama a atención o feito de que o seguinte destino por orde de importancia non é un país europeo, senón os Estados Unidos de América, cun 2,5%. Aquí hai que ter en conta o éxito da promoción turística do Camiño de Santiago nese país e a popularidade do fenómeno xacobeo, difundido e coñecido a partir de produtos culturais e audiovisuais. A chegada deste perfil de turista estadounidense é moi positiva porque se caracteriza por un elevado nivel de gasto e unha alta estadia media.

Cadro núm. 7
Procedencia dos turistas non galegos. Galicia. Ano 2023

Espaníais		Estranxeiros	
Procedencia	Porcentaxe	Procedencia	Porcentaxe
Madrid	13,6	Portugal	5,0
Andalucía	5,8	EE. UU.	2,5
Castela e León	4,9	Alemaña	2,3
Cataluña	4,4	Italia	1,7
Asturias	3,6	Francia	1,5

Fonte: INE.

A continuación os tres países por procedencia dos turistas estranxeiros que aparecen son mercados emisores clásicos. Así, Alemaña, cun 2,3% do total; Italia, cun 1,7%, e Francia, cun 1,5%, contribúen tamén cun número significativo de turistas a Galicia. Alén da importancia das peregrinacións a través do Camiño de Santiago, cómpre sinalar o incremento do turismo urbano e cultural en xeral e outras tipoloxías que teñen cada vez máis éxito nun contexto internacional.

En relación cos mercados emisores internos, por comunidades autónomas, Madrid é, con moita diferenza, o principal emisor do turismo doméstico que nos visita, cun significativo valor do 13,6%. Este dato non deixa de incrementarse ano tras ano, non só pola boa disposición dos madrileños e madrileñas a viaxar a Galicia, senón tamén pola mellora nas conexións terrestres. Neste sentido, as considerables e progresivas reducións nos tempos de viaxe a través da liña de alta velocidade ferroviaria son elementos a ter en conta. A posta en funcionamento dos trens Avril, na primavera de 2024, a bo seguro mellorará a accesibilidade desde Madrid e Galicia.

A distancia de Madrid a Galicia, unhas tres horas en tren de alta velocidade, é asumible pola maior parte dos viaxeiros. Nunha situación semellante está Castela e León, de onde proceden o 4,9% dos viaxeiros a Galicia. A proximidade e o feito de que a liña de alta velocidade a Madrid atravesese esta comunidade tamén explican o elevado volume de turistas. No resto dos mercados emisores máis destacados, o papel da alta velocidade ferroviaria é irrelevante; no caso de Andalucía e Cataluña, pola súa maior distancia xeográfica, e no de Asturias pola ausencia de conexión ferroviaria directa de alta velocidade desde Galicia. De todos os xeitos, estas tres comunidades autónomas contribúen con cifras de viaxeiros significativas: Andalucía un 5,8%, Cataluña un 4,4% e a veciña comunidade asturiana un 3,6%.

Se analizamos o indicador da estadia media, o valor máis elevado aparece asociado ao turismo interno, con 2,10 noites de media. Con máis de 1,5 millón de viaxeiros (o que significa que máis da metade dos galegos e galegas realizou unha viaxe doméstica o ano pasado), o total de pernoctacións é de 3.208.624.

Aínda que é o máis cativo dos tres segmentos, o turismo doméstico é moi relevante cualitativamente ao ir asociado a uns hábitos vacacionais tradicionais e que amosan fidelidade ao destino Galicia.


Unha ollada á evolución da demanda turística de 2023 en relación co ano precedente en establecementos regrados deixa entrever unha evolución positiva, en tanto que o número de viaxeiros medrou nun 6,6% e o de pernoctacións nun 5,8%. Porén, a estadia media diminuíu un -0,7%, o que nos está a indicar unha tendencia negativa que habería que corrixir nos próximos anos.

Outro dos elementos a ter en conta para describir a evolución do turismo en 2023 é a estacionalidade. Este concepto fai referencia á diferenza entre os momentos de máis e menos demanda turística ao longo do ano, e está considerado como unha variable fundamental para caracterizar a sostibilidade dun destino turístico. O obxectivo de todos os destinos é acadar a máxima desestacionalización posible, repartindo o volume de turistas ao longo de todo o ano e facendo posible que os hoteis e o resto de aloxamentos gocen dunha alta ocupación todos os meses. Loxicamente, existen unhas modalidades de turismo máis proclives que outras a favorecer esta situación. Así, os destinos de sol e praia teñen máis turistas nos meses de verán e bo tempo. Ao contrario, os destinos especializados en turismo urbano e cultural presentan unha maior predisposición a recibir turistas en meses diferentes aos da tempada alta.

En todo caso, en termos xerais o turismo en Galicia rexistra unha importante estacionalidade (gráfico 4). Os dous meses onde se rexistra máis demanda nos establecementos turísticos son xustamente os do período estival, xullo (2.124.989 pernoctacións) e, sobre todo, agosto (2.704.192). Porén, non deixa de ser significativo que en maio e xuño, por unha banda, e setembro e outubro, por outra, se supere o millón de pernoctacións en cada un. Así, o terceiro mes de máis frecuencia turística é setembro (1.550.159), seguido



de maio, con 1.347.416 pernoctacións. Estes meses (que corresponden coa fin da primavera e o comezo do outono) teñen cada vez máis importancia para a chegada de turistas, e contribúen positivamente á ansiada desestacionalización.




Se atendemos á variación da demanda turística entre 2022 e 2023 (gráfico 5), chama a atención a gran variación da demanda en maio e setembro, con máis do 7% nos dous casos. En xuño, xullo e agosto, a variación é positiva, mais non é significativa xa que se parte de niveis moi altos. En todo caso, as cifras amosan uns incrementos da variación da demanda turística moi notables en todos os meses agás novembro (onde observamos mesmo un valor negativo). O dato de abril, un 14,8%, é de esperar debido á importancia da Semana Santa no ano 2023. Pero o que sorprende é o aumento da demanda en marzo (20,2%) e, sobre todo, en decembro (9,2%) e, máis aínda, en xaneiro (32,0%). Esta subida da demanda en meses invernales é a constatación de que se está a producir unha desestacionalización moi notable no turismo en Galicia. Entre as razóns que explican este feito pode estar a relevancia do turismo vinculado a eventos ou o atractivo da cidade de Vigo no Nadal debido ao seu alumeado e á promoción da cidade feita nos últimos anos.

A conxuntura positiva do turismo en Galicia tamén se pode observar seguindo a evolución das noites en establecementos de aloxamento turístico. Se consideramos o total de noites e, tal como dicíamos ao comezo, no ano 2022 constatouse a total recuperación do sector, cun volume de pernoctacións (12.645.756) que superou os niveis prepandémicos. En 2023, estas ascenderon a 13.377.594, o que amosa claramente a consolidación da mellora.

Un aspecto moi salientable é o comportamento dos tres principais mercados turísticos con que conta Galicia. O maior crecemento estase a producir no mercado internacional, onde se computa unha variación na demanda do 20,5%, fronte ao 0,8% que rexistraron os mercados nacionais e galego. Esta circunstancia débese poñer en relación coa recuperación despois da pandemia e o progresivo incremento da mobilidade internacional desde 2021, ano en que esta se volve permitir sen restricións. Non hai que esquecer que durante o ano 2020 a mobilidade estivo fortemente restrinxida, sobre todo no ámbito internacional, e que a súa recuperación non foi tan rápida como a dos turistas procedentes do resto de España e de Galicia, a pesar de que a variación da demanda nestes casos tan só creceu un 0,8%, pois se partía de niveis máis altos.


Atendendo á dimensión territorial, temos que sinalar a gran diferenza que se evidencia entre as provincias occidentais e orientais, ao concentrarse o 80% do turismo que chega a Galicia nas provincias da Coruña e Pontevedra. A da Coruña, co 41%, é que a recibe unha maior demanda turística, mais hai que ter en conta que nela se localizan as cidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Ferrol, e núcleos turísticos costeiros de grande atractivo na marxe norte da Ría de Arousa, Rías de Muros e Noia.

En calquera caso, e pese á súa menor extensión, a provincia de Pontevedra séguese de preto, co 39% do total da demanda turística. As Rías Baixas, así como as cidades de Vigo e Pontevedra, son os principais focos de atracción. Nunha posición secundaria están Lugo, co 13%, e Ourense, con só o 7%. É relevante o feito de que a provincia de Lugo conta cun importante sector de litoral (A Mariña) que actúa como un poderoso imán para o turismo estival. Pola contra, Ourense rexistra un valor inferior, aínda que posúe valiosos activos patrimoniais tanto desde o punto de vista patrimonial como natural.




A análise da variación da demanda turística amosa como o maior crecemento se rexistra en Lugo, cun 8,6%. Tamén aquí hai que comentar o éxito dos turismos en espazos abertos (case toda a provincia de Lugo é Reserva da Biosfera) e a devandita Mariña. Pola contra, a menor porcentaxe corresponde a Pontevedra, cun 4,8%, porque tamén se parte de niveis máis elevados, xa que Pontevedra é a provincia máis

netamente especializada no turismo de Galicia.




Unha análise da demanda turística hoteleira por áreas turísticas (gráfico 7) amosa o predominio de Santiago de Compostela, cun 21,4%. O grande atractivo da capital de Galicia explícase non só polo efecto do Camiño de Santiago, senón tamén polo carácter de destino de turismo urbano e cultural da cidade, así como pola presenza de congresos e reunións vinculadas á universidade e ao feito de ser a capital de Galicia. Séguese en importancia a Ría de Vigo e Baixo Miño, cun 15,7%. Neste caso, ao feito de ser un espazo

localizado nas Rías Baixas hai que engadir a puxanza de Vigo como un novo destino de turismo urbano, á que xa fixemos alusión con anterioridade. A continuación, a terceira área turística é a Ría de Arousa, cun 15,6% do total da demanda turística. É a maior ría de Galicia e un espazo moi valioso tanto polo turismo de sol e praia como polo seu atractivo patrimonial. A cuarta e quinta áreas turísticas tamén se corresponden con zonas litorais onde se combinan sol e praia no verán co turismo urbano, cultural e patrimonial todo o ano. A Coruña-As Mariñas, cun 13%, e Ría e Terras de Pontevedra, cun 5,7%, ocupan os seguintes lugares no ránking. No resto dos casos obsérvase unha fragmentación das distintas áreas en canto á importancia da demanda. A sexta e sétima áreas corresponden ás dúas capitais de provincia do interior, Lugo e Ourense, mentres que a oitava e novena área volven ser destinos litorais, A Mariña e Ferrolterra. A continuación atopamos espazos turísticos singulares como a Costa da Morte, a Ribeira Sacra ou O Ribeiro, así como outras do interior. Así pois, a nivel xeral, pódese afirmar que, analizando a demanda turística en termos cuantitativos, é evidente que predominan as áreas litorais e urbanas fronte ás de interior e de carácter rural.




Se centramos o foco de atención nos principais destinos urbanos de Galicia, apreciamos un total paralelismo coas análises que vimos de realizar. O principal destino urbano de Galicia é Santiago de Compostela, a moita distancia dos demais, con máis de 1.600.000 pernoctacións. Ao igual que acontecía coas áreas turísticas, a segunda é a cidade de Vigo, con algo menos dun millón (977.451). O terceiro lugar é para A Coruña, con 933.282. O resto das grandes cidades galegas ofrece cifras moito menores, e inferiores todas elas ás 300.000 pernoctacións. O valor máis baixo é Ferrol, con 150.667. En termos relativos, chama a atención o caso da cidade de Lugo, que medrou un 17% entre 2022 e 2023. A existencia da única muralla romana que se conserva na Península Ibérica e o feito de que sexa Patrimonio da Humanidade explican o progresivo interese que esperta a visita da cidade. Unha conxuntura positiva e superior ao 5% é tamén ofrecida pola Coruña, Santiago e, sobre todo Vigo, cun 7,4%.



Outro dos indicadores interesantes para analizar a conxuntura turística en Galicia é a repartición da demanda en función das diferentes tipoloxías de aloxamento (gráfico 9). O aloxamento hoteleiro continúa a ser o máis importante de todos, cun 57,6% do total das pernoctacións, seguido a moita distancia das pensións (13,6%) e os albergues (10,4%). Cómpre indicar que a importancia dos albergues se debe ao turismo vinculado ás peregrinacións a través do Camiño de Santiago.

En canto ao turismo rural, este acada un valor do 9,5%, mentres que os apartamentos turísticos sitúanse no 6,1%. Aínda que pode parecer un dato baixo no conxunto de Galicia, esta modalidade de aloxamento é significativa en determinadas localidades, en concreto en Santiago de Compostela e resto de destinos urbanos, así como nos sectores do litoral galego. A oferta de apartamentos turísticos que funcionan de xeito alegal supón unha clara competencia para o turismo hoteleiro e de aloxamento regrado. Por último, hai que destacar os cámpings, que supoñen un 2,8% do total.

O estudo da estrutura da demanda turística por aloxamento e tipoloxías amosa varios feitos claros en relación coa preponderancia dun dos tres segmentos de mercado en función do aloxamento. Mentres que o 57% dos usuarios dos albergues son estranxeiros, a eles tan só vai o 3,3% dos turistas galegos. Do mesmo xeito, practicamente a metade dos clientes de turismo rural son persoas do resto de España, que



valoran especialmente a natureza e esta modalidade de aloxamento. Pola contra, nos cámpings máis da metade dos clientes son de orixe galega (54%), pois o veraneo neles, sobre todo nas Rías Baixas, é moi tradicional en Galicia. Por último, hai que indicar que o turista doméstico (do resto de España) supón practicamente o 50% tanto nos establecementos hoteleiros como nos apartamentos turísticos. Nesta última modalidade, o 31,3% dos turistas son galegos, sendo o segmento máis minoritario o dos estranxeiros, con só un 19,3%.

Finalmente, cómpre facer referencia á estadia media que se rexistra nas provincias e

destinos urbanos galegos. A provincia que presenta unha maior estadia media é a de Pontevedra, con 2,46 días. Este feito está en relación coa importancia do turismo de sol e praia de verán, o que significa estadias máis longas ao corresponderse co período no que as vacacións teñen a maior duración de todo o ano para os turistas. A bastante distancia temos xa as estadias medias en Ourense (1,97 días), A Coruña (1,88) e Lugo (1,82). No ámbito dos destinos urbanos, son Ferrol e A Coruña os que acadan os mellores rexistros con estadias que superan os 2 días, seguidos en importancia de Ourense, Vigo e Lugo, en torno a 1,8 días; Santiago (1,72) e Pontevedra (1,64)

O turismo no Camiño de Santiago

Durante 2023 un total de 445.974 peregrinos recolleron a credencial da Compostela, o que supón un incremento do 1,7% respecto do ano anterior.

O volume dos peregrinos internacionais coa Compostela experimentou unha lixeira baixada, moi pouco perceptible, do -0,8%, mentres que se observamos o número de peregrinos que chegaron a través do Camiño Francés vemos que se produciu unha baixada máis significativa. Así, dos 226.886 peregrinos de 2022 pasouse a 219.735 peregrinos en 2023, o que representa unha redución do -3,2%. Este feito hai que asociar á crecente masificación do Camiño Francés e ao pulo doutras opcións, entre as que o Portugués e o do Norte son as máis salientables. Así, a porcentaxe de peregrinos que chegaron facendo o Camiño Francés en 2023 foi de 49,3% en 2023, mentres que no ano 2022 fora do 51,8%.

Cadro núm. 8

Número de peregrinos coa Compostela
Galicia. Ano 2023

	2023	2022	% Variación
Nº de peregrinos con credencial da Compostela	445.323	438.323	1,7
Nº de peregrinos internacionais	197.359	198.907	-0,8
Nº de peregrinos con credencial da Compostela no Camiño Francés	219.735	226.886	-3,2
% peregrinos Camiño Francés	49,30	51,80	

Fonte: Indicadores Turísticos. AEITG da Xunta de Galicia.

A ocupación no sector turístico

Segundo os datos da enquisa de poboación activa podemos observar que no ano 2023 subiu o volume de ocupados no sector turístico, cunha variación positiva do 15,6, pasándose de 109.980 ocupados en 2022 a 127.162 en 2023. En termos de afiliación, tamén se experimentou unha tendencia á alza, concretamente dun 5% ata chegar aos 83.252 afiliados. Con estas cifras queda de manifesto a importancia que segue a ter o emprego do sector turístico no desenvolvemento económico do país.

Cadro núm. 9

Persoas ocupadas e afiliacións no sector turístico. Galicia. Ano 2023

	2022	2023	% variación
Ocupados segundo a enquisa de poboación activa (EPA)	109.980	127.162	15,60
Afiliacións	79.269	83.252	5,02

Fonte: INE.

X. Sector público

- A liquidación do exercicio 2023 do sector público autonómico pechouse cunha necesidade de financiamento duns 210,5 millóns de euros, un 0,28% do PIB rexional. Galicia mantense nunha situación de déficit que contrasta, paradoxalmente, co equilibrio acadado no ano 2020, a pesar do forte incremento do gasto asociado ás necesidades derivadas da crise da COVID-19. Con todo, Galicia presenta un dos menores desequilibrios do conxunto das comunidades autónomas do Estado.
- As importantes necesidades de gasto das comunidades autónomas, primeiro asociadas aos requirimentos derivados da pandemia e, posteriormente, ás políticas despregadas para lograr a recuperación económica, financiáronse sobre todo con recursos adicionais transferidos desde a Administración central; o que permitiu ás comunidades autónomas, incluída Galicia, mellorar os seus saldos orzamentarios. Neste sentido, os ingresos por transferencias correntes liquidados no exercicio 2023 medraron un 40% respecto do ano 2019, e as de capital un 78%.
- Galicia incrementou o seu endebedamento en 855 millóns de euros desde o ano 2019, situándose a débeda total en 12.170 millóns de euros, o 16,1% do PIB rexional, moi por debaixo da media do conxunto das comunidades autónomas que acada o 22,2%.
- A Administración autonómica galega segue a realizar un esforzo inversor superior á media do resto de comunidades autónomas. O seu gasto en investimentos representa o 8% do total deste tipo de gastos do conxunto das comunidades autónomas, fronte a un gasto non financeiro que tan só supón o 5,6% do total destas.
- Dos fondos *Next Generation UE* a Galicia correspondéronlle 1.741 millóns dos xestionados directamente pola Administración xeral do Estado (AXE). A súa vez, asignáronse 1.545 millóns de euros, para ser executados directamente desde Galicia. Deste montante, xestionado sobre todo pola Administración autonómica, xa se procedeu a realizar convocatorias por importe de 1.126 millóns de euros; das que se resolveron nunha porcentaxe do 66,5%, sendo Galicia a comunidade que presenta maior taxa de resolución.
- A recadación da AEAT en Galicia é un claro reflexo da evolución da economía nos últimos anos. Os ingresos tributarios diminuíron en 2020 un 8,6% en Galicia en comparación con 2019, experimentando posteriormente crecementos importantes. Destaca neste sentido o incremento da recadación en Galicia en 2023, un 12,1% superior á do ano anterior, duplicando case a taxa de crecemento no conxunto do Estado, que se quedou no 6,4%.
- O sistema público de pensións segue a presentar un desequilibrio que vai máis aló da conxuntura económica, sendo o resultado dunha realidade demográfica, estrutural a medio e longo prazo. O resultado económico do sistema en Galicia é claro reflexo desa incidencia da demografía, presentando un desequilibrio imputable duns 3.610 millóns de euros dun total de 27.705 millóns no conxunto do Estado, é dicir, o 13% do total nacional.
- O gasto en sanidade focaliza actualmente en gran medida a atención sobre as actuacións do sector público autonómico. No que respecta á súa evolución previa, o gasto en sanidade reduciuse un 20%, en euros constantes, entre os anos 2009 e 2012, recuperándose nos últimos exercicios, de forma especial en 2020, para reducirse posteriormente. Pese a estes incrementos, non se recuperaron, en termos de euros constantes, os niveis de 2009. Con todo, os gobernos autonómicos priorizaron esta función, en particular Galicia, onde o gasto sanitario pasou de representar o 36,9% do seu gasto non financeiro en 2002 ao 45,1% en 2022.
- O gasto en educación reduciuse de forma significativa entre os anos 2009 e 2012 por mor da anterior crise (un 23% en euros constantes), recuperándose en parte nos últimos exercicios pero sen acadar aínda os niveis previos. Representa na actualidade o 23,2% do gasto non financeiro da Administración autonómica, estando Galicia, en termos de euros por habitante de 4 a 22 anos, un 7,3% por riba da media nacional.

Introdución

Analizamos o sector público galego referenciando as principais magnitudes e características das actividades desenvolvidas pola Administración autonómica, local e estatal en Galicia. Centrámomos nos aspectos de maior interese e actualidade e, na medida en que as tendencias xerais se manteñen no tempo, focalizamos de forma máis detallada a análise na estrutura e evolución dos gastos relativos ao sistema de pensións, á sanidade e á educación, tanto en Galicia como no conxunto do Estado; na medida en que estes ámbitos se configuran como os piares básicos do estado de benestar e, ademais, asistimos a un continuo debate sobre a contía e o esforzo que o sector público debe facer nestas funcións.



O sector público autonómico galego




A liquidación do exercicio 2023 por parte da Administración autonómica —incluíndo tanto a Administración xeral como os organismos autónomos, entidades e axencias coas que consolida— pechouse cunha necesidade de financiamento duns 210,5 millóns de euros, un 0,28% do PIB rexional. Galicia mantense nunha situación de déficit que contrasta, paradoxalmente, co equilibrio acadado no ano 2020, no que a súa necesidade de financiamento foi tan só de 21,6 millóns de euros, o 0,04% do PIB, a pesar do forte incremento do gasto asociado ás necesidades derivadas da crise da COVID-19. Con todo, Galicia presenta un significativo menor desequilibrio que o conxunto das comunidades autónomas do Estado.

A evolución dos ingresos e gastos dos últimos catro exercicios da Administración autonómica galega, en gran parte similar ao acontecido no conxunto do Estado, son o resultado da situación excepcional provocada pola pandemia, e das medidas que se tomaron para afrontala. Neste sentido, os ingresos tributarios, sobre todo os derivados dos impostos indirectos, experimentaron unha forte caída pola contrac-

ción da actividade económica, se ben esta foi compensada, sobradamente, coa inxección de recursos extraordinarios por parte do Estado ao longo destes anos. Nun principio, mediante as achegas do coñecido como fondo COVID-19; logo coa condonación dos resultados negativos da liquidación do sistema de financiamento do ano 2020, que no caso da nosa comunidade supuxo evitar ter que devolver 392 millóns de euros; e, finalmente, coa transferencia ás comunidades autónomas dos fondos *Next Generation European Union UE*, artellados para facer fronte á crise, que supoñen unhas dispoñibilidades adicionais moi importantes.

Todo isto provocou un cambio substancial na contía e na dinámica da evolución dos ingresos e gastos das comunidades autónomas que, ademais, non estiveron sometidas durante estes anos ás regras fiscais de estabilidade orzamentaria, suspendidas temporalmente. Ademais, o Estado seguiu mantendo os mecanismos extraordinarios que subministran liquidez ás comunidades autónomas, achegando a estas entre os anos 2020 e 2023 uns 139.358 millóns de euros; sendo de destacar que Galicia tan só recorreu a estas medidas de apoio financeiro no ano 2020 por importe de 659 millóns de euros.





Coa finalidade de valorar mellor a transición desta realidade aos ingresos e gastos da nosa comunidade, procedemos comparando o ano 2023, no que a situación pode considerarse normalizada, co exercicio 2019, previo á crise, resaltando asemade o máis relevante dos anos intermedios. Durante este período, os ingresos correntes medraron un 28%, froito principalmente do forte incremento das transferencias correntes e dos ingresos por impostos directos; o que, conxugado cun crecemento do gasto corrente do 23%, provocou que o aforro bruto acadado, de 1.089 millóns de euros (gráficos 1 e 2), duplique o do ano 2019.

As necesidades de financiamento destes anos, a pesar do marco de política de consolidación orzamentaria e de case acadar o equilibrio en 2020, supuxeron un incremento do endebedamento duns 855 millóns de euros desde o ano 2019, pechando Galicia o exercicio 2023 cunha débeda total de 12.170 millóns de euros. Con todo, Galicia é unha das comunidades menos endebedadas do Estado, situándose no 16,1% do PIB fronte a unha media nacional do 22,2% (gráfico 3).

Do total da débeda viva galega a finais de 2023, tan só 2.538 millóns de euros corresponden a mecanismos de financiamento artellados pola Administración central para as comunidades autónomas. Isto supón unicamente o 1,2% do total da débeda das comunidades co Estado. O debate aberto a finais do ano 2023 sobre a posible condonación de débeda a Cataluña, a raíz do pacto de investimento, suscitou dúbidas e receos nas comunidades menos endebedadas co Estado. Malia que desde o Goberno se avanzou que habería un trato igual para todas as comunidades, a realidade tan diferente que se constata no gráfico 4, no que desagregamos a débeda viva das comunidades entre a que corresponde ao Estado e ao resto de acredores, pode supoñer que se acabe premiando condutas non cum-

pridoras que, seguramente, acaden un tratamento especial, xa sexa mediante a condonación de débeda ou a ampliación das favorables condicións de financiamento. Nalgún momento deberá facerse fronte a esta situación diferencial, e o lóxico sería facelo no marco do novo sistema de financiamento autonómico, sobre o que non se avanzou nada, nin parece que se vaia facer nesta lexislatura, tendo en conta a complicada situación política.

Centrándonos na evolución dos ingresos e gastos non financeiros por habitante nos últimos anos en Galicia e no conxunto do Estado, como facemos no gráfico 5 en euros constantes, podemos valorar mellor a actividade das Administracións autonómicas e o impacto sobre a mesma das dúas crises recentes. Tras os fortes incrementos de ambas as variables ata o ano 2009, redúcense de maneira abrupta a partir de dito exercicio, cun certo retardo dos gastos respecto dos ingresos; estabilizándose entre os anos 2012 e 2014, e iniciando posteriormente unha recuperación ata 2019. En 2020 incrementáanse de forma considerable tanto os gastos, polas necesidades da pandemia, como os ingresos, polas achegas do Estado, para reducirse en 2021 e 2022. En 2023, a mellora da situación económica e os ingresos extraordinarios asociados aos fondos *Next Generation* supuxeron un incremento significativo do gasto *per cápita*, superando as

cifras de 2020. Con todo, nin Galicia nin o conxunto das comunidades autónomas recuperaron o nivel de gasto, a prezos constantes, que acadaron no pico do ano 2009.

Se nos centramos no gasto executado nos últimos anos, comparando 2023 con 2019, catro son os aspectos máis salientables que podemos constatar no cadro 1: o importante aumento dos gastos en compras de bens e servizos, que creceron un 23% debido inicialmente ás necesidades asociadas á pandemia, pero que se consolidaron logo; o incremento dos gastos de persoal nun 20%, impulsados polas subidas retributivas e polas necesidades adicionais de persoal sociosanitario; o recurso ás transferencias correntes, cun 31% máis de gasto executado, para financiar necesidades en materia de asistencia sanitaria e educativa; e, finalmente, o importante incremento dos gastos de capital, tanto dos investimentos reais como das transferencias de capital, que representan un 75% máis do gasto executado en 2019 (cadro 1).

É de resaltar neste sentido que Galicia destinou 6.385 millóns de euros durante os catro últimos anos a gastos de capital, un 14,2% do total dos seus gastos non financeiros, que, pola súa vez, representan o 8% do total deste tipo de gastos do conxunto das comunidades autónomas; o que pon de manifesto o importante esforzo investidor que fai a nosa comunidade en termos comparativos, dado que o gasto non financeiro tan só supón o 5,6% do total daquelas.

Polo que respecta á análise dos ingresos e da súa evolución, as liquidacións dos últimos exercicios reflicten a incidencia nas contas públicas das medidas artelladas en materia de ingresos para dar resposta ás necesidades especiais destes anos e financiar as novas políticas postas en marcha. Destaca o incremento do 40% das transferencias correntes, froito das achegas da Administración central para facer fronte aos gastos extraordinarios e o aumento das entregas a conta do Sistema de Financiamento Autonómico. Asemade, é de salientar o bo comportamento dos ingresos por impostos directos, que medran no seu conxunto un 40%, con subidas salientables tanto na recadación do imposto sobre a renda das persoas físicas como do imposto sobre sucesións e doazóns, a pesar dos incentivos fiscais introducidos polo Goberno galego nas dúas figuras tributarias. Este importante incremento da recadación pola imposición directa compensou o peor comportamento dos ingresos por impostos indirectos; se ben estes reflicten no ano 2023 o maior dinamismo da actividade económica. Finalmente, en materia de ingresos destaca tamén o forte aumento das transferencias de capital, que medraron un 78% durante o período, asociadas aos fondos europeos para a recuperación económica (cadro 2).

Cadro núm. 1

Obrigas recoñecidas da Administración autonómica galega (en millóns de euros)

Capítulos	2014	2016	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Gastos de persoal	3.451,1	3.667,8	3.845,0	4.065,7	4.278,0	4.491,8	4.663,9	4.919,3
Compras de bens e servizos	1.567,3	1.650,2	1.831,2	1.864,2	2.057,4	2.169,8	2.143,2	2.287,0
Xuros	364,6	269,7	153,9	158,1	140,5	97,3	73,2	111,2
Transferencias correntes	1.992,7	2.019,0	2.157,1	2.241,9	2.478,4	2.779,6	2.646,7	2.953,5
Total gastos correntes	7.375,6	7.606,7	7.987,2	8.329,9	8.954,4	9.538,5	9.527,0	10.271,0
Investimentos reais	525,6	690,2	680,1	686,1	806,3	856,9	882,0	1.191,3
Transferencias de capital	434,0	347,8	436,7	501,8	595,6	621,1	542,1	890,7
Total gastos de capital	959,6	1.038,0	1.116,8	1.187,8	1.401,9	1.477,9	1.424,1	2.082,0
Total gastos non financeiros	8.335,2	8.644,7	9.104,0	9.517,8	10.356,3	11.016,5	10.951,1	12.353,0
Variación de activos financeiros	168,2	176,3	130,3	393,2	159,0	257,4	162,7	165,5
Variación de pasivos financeiros	1.460,7	1.334,0	1.033,7	2.710,1	3.423,2	1.601,6	1.438,1	1.610,6
Total gastos financeiros	1.628,9	1.510,3	1.164,0	3.103,3	3.582,1	1.859,0	1.600,8	1.776,1
TOTAL GASTOS	9.964,1	10.155,0	10.268,0	12.621,1	13.938,4	12.875,5	12.551,9	14.129,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia e Ministerio de Facenda.

Cadro núm. 2

Dereitos recoñecidos da Administración autonómica galega (en millóns de euros)

Capítulos	2014	2016	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Impostos directos	1.992,4	2.250,6	2.391,7	2.499,1	2.788,9	2.741,7	2.891,9	3.478,9
Impostos indirectos	3.077,6	3.155,8	3.491,9	3.425,0	3.430,6	3.375,9	3.107,6	3.775,7
Taxas e outros ingresos	186,7	183,7	181,5	197,6	174,5	191,8	198,1	228,5
Transferencias correntes	2.006,1	2.452,3	2.685,6	2.734,9	3.585,8	4.082,1	3.799,4	3.830,1
Ingresos patrimoniais	28,5	19,1	11,4	12,1	17,3	11,9	22,9	47,4
Total ingresos correntes	7.291,3	8.061,6	8.762,1	8.868,8	9.997,2	10.403,4	10.020,0	11.360,6
Alleamento investimentos reais	10,6	8,2	3,8	15,8	3,8	5,3	4,7	4,0
Transferencias de capital	391,6	222,2	445,3	417,2	333,8	417,0	656,7	777,8
Total ingresos de capital	402,2	230,4	449,1	437,8	337,6	422,4	661,4	781,9
Total ingresos non financeiros	7.693,5	8.292,0	9.211,1	9.306,5	10.334,7	10.825,8	10.681,4	12.142,4
Variación de activos financeiros	25,8	34,8	44,4	30,4	33,3	23,7	17,8	15,7
Variación de pasivos financeiros	2.221,2	1.881,6	1.194,4	2.971,5	3.645,4	2.304,0	2.141,0	1.798,9
Total ingresos financeiros	2.247,0	1.916,4	1.238,9	3.001,9	3.678,8	2.327,6	2.158,8	1.814,6
TOTAL INGRESOS	9.940,5	10.208,4	10.450,0	12.308,4	14.013,5	13.153,4	12.840,2	13.957,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia e Ministerio de Facenda.

Este comportamento dos ingresos nos últimos anos reflicte a política desenvolvida polo Goberno central de asumir a maior parte das novas necesidades derivadas da pandemia a través da transferencia de recursos adicionais. Neste sentido, mediante o Fondo COVID-19 achegáronse inicialmente ás comunidades autónomas 16.000 millóns de euros durante o ano 2020; dos cales a Galicia lle corresponderon 734,8 millóns, o 4,5% do total, unha porcentaxe inferior ao seu peso relativo no PIB e na poboación, debido aos criterios de distribución que ponderaron os indicadores asociados á evolución real da pandemia, cun menor impacto relativo en Galicia.

Asemade, esta política de apoio ás Administracións autonómicas continuou entre os anos 2021 e 2023, repartindo inicialmente ás comunidades autónomas, no marco dos fondos *Next Generation EU*, as Axudas á Recuperación Europea (coñecidas como Fondo REACT-UE), por importe global duns 10.002 millóns de euros; distribuídas atendendo aos tres indicadores cos que a UE mediu o impacto da pandemia: a caída do PIB, o desemprego e o desemprego xuvenil. A Galicia correspondéronlle 441 millóns, o 4,4% do total.

Finalmente, dentro deste apoio extraordinario que están a ter as comunidades autónomas nestes últimos anos inclúense tamén as achegas do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRTR), no que se concentra o groso dos fondos *Next Generation UE*. Polo que respecta a estes fondos, unha parte son xestionados directamente pola Administración xeral do Estado (AXE) e outra polas comunidades autónomas e as corporacións locais.

No primeiro trimestre de 2024 o Ministerio de Economía, Comercio e Empresa puxo en marcha a ferramenta ELISA, que permite facer seguimento da execución do PRTR, ofrecendo información actualizada das diferentes convocatorias de licitacións e subvencións; así como da súa resolución, tanto dos fondos xestionados directamente pola AXE como dos transferidos para a súa execución ás comunidades autónomas e corporacións locais.

Cos datos a 31 de marzo de 2024, que resumimos no cadro 3, a AXE resolveu convocatorias e xestionou directamente uns 25.084 millóns de euros, dos que a Galicia lle corresponderon 1.741 millóns. Este investimento representa o 2,3% do PIB e supón 645 euros por habitante; magnitudes por enriba da media do resto de comunidades en relación con estes recursos xestionados de forma centralizada.

Pola súa vez, a Galicia asignáronse 1.545 millóns de euros para ser xestionados na súa meirande parte pola Administración autonómica. Estes fondos supoñen o 2,04% do PIB galego e representan 572 euros por habitante, cifras en liña coa media nacional. Deste montante xa se realizaron convocatorias por importe de 1.126 millóns de euros, resoltas nunha porcentaxe do 66,5%, sendo Galicia a comunidade que presenta maior taxa de resolución.



Polo que respecta ao destino destes fondos, se consideramos as políticas panca impulsadas polo PRTR, as infraestruturas sostibles, co 28% dos fondos, é o principal emprego das resolucións ata a data analizada. Como se desprende do gráfico 6, seguen en orde de importancia os investimentos relativos á axenda urbana e rural (22%), á modernización do tecido industrial (17%), á economía dos coidados e do emprego (8%), á transición enerxética (8%), á ciencia e saúde (7%), á modernización da Administración (4%), á educación e formación (4%) e á cultura e ao deporte (1%).

Cadro núm. 3

Execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (datos a 31 de marzo de 2024)

	Resolto Adm. Xeral Estado			Asignado CC. Autónomas e CC.LL.					
	Millóns de €	Euros/hab.	% PIB	Millóns de €	Euros/hab.	% PIB	Convocatorias	Resolucións	Taxa resolución
Andalucía	2.713	316	1,39	4.168	486	2,13	2.562	1.233	48,13
Aragón	1.135	846	2,50	933	695	2,06	719	493	68,57
Asturias	568	565	2,03	640	636	2,28	367	179	48,77
Baleares	351	290	0,91	1.050	868	2,73	696	334	47,99
Canarias	680	307	1,28	1.645	743	3,09	902	463	51,33
Cantabria	245	416	1,47	437	743	2,62	347	155	44,67
Castela-A Mancha	848	407	1,67	1.311	629	2,58	1.043	683	65,48
Castela e León	1.858	779	2,66	1.655	694	2,37	1.251	755	60,35
Cataluña	4.026	509	1,45	3.974	503	1,43	3.272	1.179	36,03
Estremadura	1.012	960	4,14	834	791	3,41	491	280	57,03
Galicia	1.741	645	2,30	1.545	572	2,04	1.126	749	66,52
Madrid	4.318	628	1,52	2.948	429	1,04	2.426	1.116	46,00
Murcia	809	522	2,08	808	521	2,08	530	274	51,70
Navarra	660	981	2,69	544	809	2,22	218	108	49,54
A Ríoxa	190	590	1,84	328	1.016	3,17	166	77	46,39
C. Valenciana	2.528	485	1,84	2.521	483	1,84	1.917	1.117	58,27
País Vasco	1.403	633	1,63	1.155	521	1,34	1.312	833	63,49
TOTAL	25.084	523	1,72	26.494	553	1,81	19.345	10.028	51,84

Fonte: ELISA. Ministerio de Economía, Comercio e Empresa.




En canto á tipoloxía dos adxudicatarios, o 43% das resolucións teñen como destino microempresas, autónomos e pemes; o 20% grandes empresas; o 17% fundacións e outras Administracións; o 14% unións temporais de empresas, e o 6% restante os fogares (gráfico 7).

Todos estes recursos extraordinarios, aportados polo Goberno central e a UE permitiron sustentar as finanzas autonómicas, atendendo as novas necesidades de gasto, inicialmente para afrontar a pandemia e, a continuación, para impulsar a recuperación económica. En calquera caso, queremos chamar a atención sobre o feito de que, ademais de cubrir con estas disponibilidades adicionais gastos que antes se financiaban con recursos ordinarios, se poden estar xerando novos gastos estruturais que requirirán recursos no futuro. Ábrense así unha serie de indefinicións sobre a evolución futura dos ingresos e gastos das comunidades autónomas, que obrigarán a unha reformulación global da súa actividade e da forma de financeira. Neste sentido procede empezar a planificar os eixes arredor dos cales se desenvolverán as actuacións das Administracións autonómicas nun futuro próximo, e artellar os mecanismos de financiamento, non só no marco dun novo e

necesario Plan de financiamento autonómico, adiado de forma recorrente, que permitan a súa sostibilidade financeira.

O sector público local galego

No que atinxe ao sector público local centrámonos na realidade económico-financiera dos concellos galegos, na que constatamos certos elementos diferenciais respecto dos seus homólogos no resto do Estado español que, pouco a pouco, se ían corrixindo. Non obstante, esta corrección truncouse a partir do ano 2020 polas implicacións derivadas da pandemia neste nivel de administración, sendo significativas as diferenzas detectadas en 2023. Aquí debemos destacar que o volume de recursos administrados, en termos de euros por habitante, é do 79,1% da media nacional, diferenza que é aínda máis acusada canto menor é o tamaño dos municipios. Pese a estas diferenzas, si se produciu un achegamento nesta variable de máis de 10 puntos nos últimos quince anos.



Esta realidade diferencial entre os concellos galegos e os do resto do Estado ten a súa orixe tanto en factores exógenos, ao ser discriminados de forma negativa os municipios galegos na repartición da participación nos ingresos do Estado; como en factores endóxenos, ao non exercer de forma equivalente a súa capacidade tributaria, sendo estes últimos os responsables principais das desigualdades existentes.

Polo que respecta aos ingresos dos concellos galegos derivados da súa participación nos recursos do Estado, no sistema vixente primáanse os municipios de maior tamaño en detrimento dos máis pequenos, ademais de

non ter en conta de maneira adecuada factores como a dispersión da poboación. Esta situación resulta moi prexudicial para os municipios galegos, que ingresan menos que os do resto do Estado, e explica parcialmente as diferenzas anteriores.

Cadro núm. 4

Ingresos e gastos dos concellos. Orzamentos liquidados (en euros por habitante)

a) Galicia

Capítulos	2010	2012	2014	2016	2018	2020	2022	2023
INGRESOS								
Impostos directos	240,2	264,0	285,5	305,9	328,7	318,5	319,6	330,0
Impostos indirectos	19,4	15,6	13,8	16,0	21,4	19,4	26,3	32,1
Taxas e outros ingresos	127,7	142,2	149,1	151,8	161,5	142,7	176,5	178,4
Transferencias correntes	291,5	264,3	287,5	304,8	335,7	357,9	426,7	379,9
Ingresos patrimoniais	9,4	8,2	8,7	7,5	7,5	8,6	6,8	9,0
Total ingresos correntes	688,2	694,3	744,6	786,0	854,9	846,9	955,8	929,3
Alleamento investimentos reais	3,4	0,6	0,9	0,5	7,8	1,6	3,2	4,7
Transferencias de capital	188,5	43,9	38,4	42,5	55,5	56,1	79,8	65,9
Total ingresos de capital	191,8	44,5	39,3	43,0	63,2	57,7	83,0	70,6
Total ingresos non financeiros	880,0	738,8	783,8	829,0	918,1	904,6	1.038,9	999,9
Variación de activos financeiros	1,0	1,0	1,1	0,9	0,8	0,7	0,7	1,6
Variación de pasivos financeiros	34,0	78,2	9,0	13,9	14,1	14,2	18,6	33,4
Total ingresos financeiros	35,1	79,1	10,1	14,8	14,9	14,9	19,3	35,0
TOTAL INGRESOS	915,1	817,9	793,9	843,8	933,0	919,5	1.058,1	1.034,9
GASTOS								
Gastos de persoal	274,1	234,6	250,3	258,1	274,3	296,9	323,3	333,1
Compras de bens e servizos	301,2	324,4	326,8	340,2	365,7	380,8	457,0	463,9
Xuros	5,2	8,3	8,0	2,6	3,0	4,6	2,0	2,3
Transferencias correntes	39,9	40,0	42,8	44,7	49,7	61,7	61,0	63,7
Total gastos correntes	620,3	607,2	627,9	645,6	692,7	743,9	843,2	864,2
Investimentos reais	244,3	86,1	86,7	86,4	131,4	122,4	190,3	97,9
Transferencias de capital	6,9	9,2	6,0	5,2	3,9	6,1	7,7	3,8
Total gastos de capital	251,2	95,3	92,6	91,7	135,3	128,5	198,0	101,7
Total gastos non-financieros	871,5	702,5	720,5	737,3	828,0	872,4	1.041,2	965,9
Variación de activos financeiros	1,1	1,0	1,0	1,3	1,0	0,6	1,9	1,3
Variación de pasivos financeiros	33,5	36,1	50,6	44,3	38,7	14,1	12,3	12,1
Total gastos financeiros	34,6	37,0	51,6	45,7	39,7	14,7	14,2	13,4
TOTAL GASTOS	906,1	739,5	772,1	782,9	867,7	887,2	1.055,4	979,3

Cadro núm. 3 (continuación)

Ingresos e gastos dos concellos. Orzamentos liquidados (en euros por habitante)



b) España

Capítulos	2010	2012	2014	2016	2018	2020	2022	2023
INGRESOS								
Impostos directos	356,3	391,1	419,2	454,5	461,5	451,3	434,8	448,8
Impostos indirectos	30,1	22,3	22,3	29,9	40,1	34,7	46,8	51,2
Taxas e outros ingresos	191,5	182,6	168,5	176,5	185,0	154,9	194,8	188,4
Transferencias correntes	323,5	315,2	301,6	346,6	369,1	391,8	473,3	436,2
Ingresos patrimoniais	28,2	23,4	24,6	19,0	18,5	16,2	21,3	23,5
Total ingresos correntes	929,6	934,7	936,4	1.026,5	1.074,2	1.048,8	1.171,0	1.148,2
Alleamento investimentos reais	15,3	7,9	6,3	7,4	9,5	4,8	9,0	12,7
Transferencias de capital	176,2	34,9	35,1	31,2	43,5	39,5	81,1	52,2
Total ingresos de capital	191,5	42,9	41,3	38,6	53,0	44,3	90,1	64,9
Total ingresos non financeiros	1.121,1	977,6	977,7	1.065,1	1.127,2	1.093,1	1.261,1	1.213,1
Variación de activos financeiros	7,1	3,0	2,1	2,1	1,7	1,3	1,5	3,0
Variación de pasivos financeiros	72,2	193,8	59,5	36,7	36,7	27,8	48,0	42,1
Total ingresos financeiros	79,3	196,8	61,6	38,8	38,5	29,2	49,5	45,2
TOTAL INGRESOS	1.200,4	1.174,4	1.039,3	1.103,9	1.165,7	1.122,3	1.310,6	1.258,3
GASTOS								
Gastos de persoal	370,4	326,6	318,1	352,3	370,7	391,2	429,5	443,9
Compras de bens e servizos	358,4	355,6	312,3	346,2	370,9	367,5	445,6	468,9
Xuros	15,5	26,7	29,3	15,8	12,3	9,3	8,5	10,0
Transferencias correntes	96,5	89,9	86,2	100,2	101,9	116,3	131,0	126,2
Total gastos correntes	840,7	798,9	745,9	814,5	855,9	884,2	1.014,6	1.056,5
Investimentos reais	274,3	99,3	89,6	93,1	120,1	112,1	171,6	132,0
Transferencias de capital	21,9	10,6	12,2	12,9	16,4	13,5	20,7	13,4
Total gastos de capital	296,2	109,8	101,8	106,0	136,5	125,6	192,3	145,4
Total gastos non financeiros	1.136,9	908,8	847,7	920,4	992,4	1.009,9	1.206,9	1.201,9
Variación de activos financeiros	3,9	10,2	3,0	3,6	3,4	3,9	3,0	3,1
Variación de pasivos financeiros	53,9	69,7	130,1	93,6	81,9	48,8	50,1	32,8
Total gastos financeiros	57,8	79,8	133,1	97,2	85,3	52,7	53,2	35,9
TOTAL GASTOS	1.194,7	988,6	980,8	1.017,6	1.077,7	1.062,5	1.260,0	1.237,7

Fonte: Ministerio de Facenda.

En todo caso, esta menor capacidade de gasto dos concellos galegos débese, na súa maior parte, ao exercicio limitado da súa capacidade tributaria, como se pode constatar no gráfico 8 e no cadro 4. Os ingresos por tributos propios, en termos de recadación en euros por habitante, tan só representan ao redor do 78% da media nacional; o que evidencia unha significativa inhibición fiscal respecto ao exercicio da autonomía e capacidade que a normativa vixente outorga aos municipios en materia tributaria. Non obstante, tamén cabe destacar a tendencia á corrección nestas diferenzas, ao diminuír en máis de 14 puntos nos últimos quince anos.

Máis aló de elementos diferenciais, no sector público local si se constatan os efectos das crises económicas experimentadas nos últimos anos. Principalmente, a asociada á crise financeira do ano 2008, que supuxo unha caída moi significativa do gasto administrado polas entidades locais; da que se empezaron a recuperar a partir do ano 2013, truncando en parte esa recuperación a crise derivada da pandemia sanitaria. De feito, en termos de euros constantes, o gasto executado en 2023 tan só representa o 77% do que os concellos gastaban en 2009, no que acadaron os maiores niveis de gasto.



O sector público estatal en Galicia

En canto ao sector público estatal, analizamos as súas principais actuacións en Galicia, segundo a información dispoñible, facendo referencia aos ingresos tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e aos investimentos da Administración central no ámbito desta comunidade autónoma.

A recadación da AEAT é o reflexo da evolución da economía nos últimos anos, condicionada pola crise sanitaria do ano 2020 e a recuperación económica posterior, así como polo impacto que a inflación tivo sobre a mesma en 2022 e 2023. Os ingresos tributarios diminuíron en 2020 un 8,6% en Galicia e un 8,8% no conxunto do Estado en comparación con 2019, experimentando posteriormente incrementos importantes pola mellora da actividade económica e polo crecemento dos prezos. Destaca neste sentido o incremento da recadación en Galicia en 2023, un 12,1% superior á do ano anterior, duplicando case a taxa de crecemento no conxunto do Estado, que se quedou no 6,4% (gráfico 9).

A pesar do bo comportamento da recadación en Galicia, segue a chamar a atención que os ingresos por impostos en Galicia só representan o 3,77% do total do Estado. Esta porcentaxe debe ser posta en relación co peso no PIB, do 5,15%, e da poboación, do 5,61%. Estas diferenzas van máis aló da capacidade económica de Galicia, ao representar o importe da recadación o 13,61% do PIB galego, fonte á porcentaxe do 18,6% do Estado (gráfico 10).

Pola súa vez, as contías do investimento da Administración central en Galicia, que analizamos para os últimos anos dos que se dispón de información no gráfico 11, poñen de manifesto o esforzo investidor, en termos de euros por habitante, entre 2017 e 2019, cando

o investimento en Galicia triplicou a media nacional; mudando esta realidade a partir do ano 2020, no que o investimento diminuíu de maneira significativa ata igualar a media nacional en termos de euros por habitante. Os problemas de execución durante o períodos da pandemia, xunto coa finalización dos grandes proxectos de infraestrutura en marcha, en especial os relacionados coa alta velocidade, están detrás da evolución das cifras executadas.

O sistema público de pensións en Galicia

Ao obxecto de poder contextualizar a análise do sistema público de pensións, no cadro 5 recolleemos as principais magnitudes dos seus diferentes esquemas tanto para Galicia como para o conxunto do Estado. O sistema dá cobertura a máis de 10,2 millóns de pensionistas ou beneficiarios, cun gasto total que representa o 13,11% do PIB español. Estas cifras son máis significativas en termos relativos para Galicia, onde a poboación cuberta ascende a 768.000 persoas (o 28,5% do total) e implica un gasto que representa o 16,87% do PIB galego.

Cadro núm. 5

O sistema público de pensións. Ano 2023

	Seguridade Social		Clases pasivas		Pensións non contributivas	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Pensionistas/beneficiarios ¹	683.969	9.103.205	47.713	678.313	n.d.	n.d.
Pensións/prestacións ¹	772.027	10.051.741	49.268	697.938	36.636	449.198
Altas de pensións	41.064	582.216	2.590	38.594	n.d.	n.d.
Baixas de pensións	35.286	447.502	1.707	23.998	n.d.	n.d.
Gasto total pensións (millóns de euros)	10.998,5	167.627,1	1.451,7	20.713,9	253,7	3.156,5
Gasto total pensións en % PIB	14,60	11,47	1,93	1,42	0,34	0,22

¹ Media anual

Fonte: Elaboración propia a partir do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións (MISSM), Ministerio de Facenda e Instituto Nacional de Estadística (INE).

Cadro núm. 6

Cobertura do sistema público de pensións. Ano 2023


	Galicia	España
Poboación		
65 anos ou máis	710.002	9.687.776
% sobre o total	26,30	20,15
Pensionistas		
65 anos ou máis	556.594	7.301.256
% / Poboación 65 anos ou máis	78,39	75,37
64 anos ou menos	127.376	1.801.949
% / Poboación 64 anos ou menos	6,40	4,69

Fonte: Elaboración propia a partir do INE e MISSM.





Centrándonos exclusivamente no sistema público da Seguridade Social (ss), un dos elementos máis salientables é que o 25,3% do total da poboación galega ten a condición de pensionista deste sistema, fronte ao 18,9% do total estatal. Esta realidade débese tanto ao maior peso da poboación de 65 anos ou máis, que representa o 26,3% da poboación total de Galicia, como á maior cobertura do sistema en Galicia, dado que o 78,4% desa poboación é beneficiaria do sistema como pensionista,

fronte ao 75,4% do total nacional. Diferenzas similares danse na cobertura mediante pensións á poboación de 64 anos ou menos, con índices do 6,4% e 4,7% respectivamente en Galicia e en España (cadro 6).

Este nivel de cobertura do sistema público de pensións xera un gasto en Galicia equivalente ao 14,6% do PIB rexional, fronte ao 11,47% do total do sistema. O peso relativo do gasto en pensións respecto do PIB acadou o seu cumio en 2020, pola caída deste indicador, para diminuír nos dous anos posteriores polo crecemento da economía. As medidas de actualización das pensións e a suba das de menor contía aplicadas nos últimos anos mudaron esta situación en 2023, cando volve medrar lixeiramente o seu peso no PIB. Esta evolución é similar en Galicia e no conxunto do Estado, manténdose as diferenzas anteriormente referidas, como se pode ver no gráfico 12.



O maior peso relativo do gasto en pensións en termos do PIB en Galicia non ten o seu traslado á contía das mesmas, acadando a pensión media na nosa comunidade tan só o 85,4% da pensión media do conxunto do Estado. Este é o segundo importe máis baixo das



comunidades autónomas, incrementándose ademais as diferenzas nos últimos anos, como se poder ver no gráfico 13. Detrás destas diferenzas está, en gran medida, o feito de que o 26,8% das pensións en Galicia se correspondan coas mínimas establecidas. Ademais, esta realidade non parece que tenda a corrírse, ao contrario, dado que as diferenzas se incrementan nos últimos anos na pensión media das altas que se incorporan ao sistema, como podemos observar no gráfico 14. Con todo, si se reflicten na evolución da pensión media os acordos de subida das pensións, ligándoas ao IPC, tras anos de contención.

O sistema contributivo da Seguridade Social estrutúrase como de repartición, en virtude do cal as cotizacións que pagan empresarios e traballadores se aplican de forma contemporánea a cubrir o importe das pensións en vigor en cada momento. Isto supón que a correlación entre afiliados e pensionistas é básica para o seu balance financeiro. A relación entre ingresos e gastos do sistema evoluciona, fundamentalmente, en paralelo ao do número de cotizantes e de pensionistas, sempre que se manteñan os parámetros básicos de cálculo das cotizacións e das pensións.

Neste sentido, no gráfico 15 recolleamos a relación entre afiliados e pensionistas, en medias anuais, para Galicia e para o conxunto do Estado desde 2005, presentando no último ano unha *ratio* de 1,55 e de 2,29 respectivamente. Constátase un descenso significativo a partir de 2008; situación que empezou a recuperarse un pouco desde 2014, interrompéndose pola situación excepcional de 2020, para continuar de novo nos anos seguintes. Con todo, esta recuperación é máis intensa no conxunto do Estado que en Galicia, incrementándose as diferenzas nesta *ratio* desde 2014 en 0,15. Pola súa vez, dentro de Galicia existen diferenzas importantes entre provincias (gráfico 16), con Ourense (1,12) e Lugo (1,29) claramente distanciadas das provincias atlánticas (A Coruña e Pontevedra con 1,69 e 1,68 respectivamente); nas que esta *ratio* se ve empuxada polas maiores taxas de emprego e o menor número de pensionistas, ao ter unha poboación menos envellecida.

O resultado desta relación entre afiliados e pensionistas, e as correspondentes cotizacións e prestacións, así como do resto de variables que inciden sobre os recursos e obrigas do sistema, está xerando un importante desequilibrio que, considerando só os ingresos e gastos directamente relacionados coa

Cadro núm. 7
Ingresos e gastos do sistema contributivo da Seguridade Social (en millóns de euros)

	Galicia					Total nacional				
	2018	2019	2020	2021	2022	2018	2019	2020	2021	2022
Cotizacións sociais	5.252,8	5.577,2	5.374,7	5.937,9	6.115,9	102.846,5	110.728,0	106.958,0	117.487,1	123.842,8
Prestacións contributivas	8.154,7	8.612,3	8.893,3	9.331,0	9.726,6	125.537,4	133.245,9	137.877,7	145.133,4	151.547,8
Pensións	7.896,1	8.294,7	8.520,0	8.924,6	9.269,2	121.290,0	128.148,6	131.922,5	138.443,4	144.196,7
Incapacidade temporal	155,4	205,8	242,8	257,2	290,1	2.113,3	2.727,3	3.199,2	3.460,5	3.838,8
Prestacións por maternidade	90,8	90,8	118,8	137,2	146,4	1.947,6	2.189,0	2.595,0	3.050,3	3.306,2
Outras prestacións	12,3	21,0	11,7	12,0	20,8	186,5	181,0	161,0	179,2	206,1
Saldo sistema contributivo	-2.901,8	-3.035,1	-3.518,6	-3.393,1	-3.610,7	-22.690,9	-22.517,9	-30.919,7	-27.646,3	-27.705,0
Complemento a mínimos	709,9	710,8	694,6	685,9	683,0	7.141,7	7.087,5	6.950,0	6.900,2	6.935,8
Saldo global	-3.611,8	-3.745,9	-4.213,2	-4.079,0	-4.293,7	-29.832,6	-29.605,5	-37.869,7	-34.546,5	-34.640,9
% total nacional	12,1	12,7	11,1	11,8	12,4					

Fonte: Elaboración propia a partir do MISSM.

parte contributiva, acadou os 27.705 millóns de euros no total do Estado en 2022; dos cales 3.610 son imputables a Galicia (cadro 7). A estas cantidades habería que sumarlle os complementos a mínimos que se financian con impostos desde os orzamentos do Estado. As medidas que se tomaron en relación coa suba das pensións, así como a caída das cotizacións en 2020, volven incrementar estes desequilibrios despois da pequena diminución que se viña producindo ata 2019 no conxunto do Estado. Esta situación non se deu en Galicia, onde os desequilibrios medran de forma continuada e significativa nos últimos anos, agás unha lixeira diminución en 2021.




Da evolución e situación actual do sistema público de pensións podemos concluir que os desequilibrios que presenta van máis aló da conxuntura económica dos últimos anos e da súa repercusión sobre o mercado de traballo. O escenario demográfico, que se intensificará de forma estrutural no medio prazo, é o determinante principal da súa sostibilidade futura. A realidade do sistema en Galicia valida esta conclusión e anticipa a dinámica do conxunto do sistema, poñendo de manifesto a necesidade de afrontar as reformas necesarias para garantir a súa viabilidade futura.

Neste sentido, entre os anos 2021 e 2023 lograronse acordos entre os axentes sociais e o Goberno do Estado respecto da reforma do sistema público de pensións, cuxos elementos máis destacables xa materializados son: a revalorización das pensións en función do IPC; a separación dos gastos e das fontes de financiamento, trasladando aos orzamentos do Estado os coñecidos como gastos impropios e cubrindo coa caixa da Seguridade Social o gasto estritamente contributivo; a articulación de medidas relativas á penalización das xubilacións anticipadas e ao incentivo do retraso na xubilación; a derogación do factor de sostibilidade e a súa substitución polo coñecido como mecanismo de equidade interxeracional, polo que se incrementa a porcentaxe para o cálculo das cotizacións sociais en 0,6 puntos; e a ampliación do número de anos a ter en conta para o cálculo da pensión a cobrar, cun sistema dual optativo, que suaviza as posibles repercusións desta medida.

Non obstante, estas reformas supoñen, na práctica e desde o punto de vista da sostibilidade do sistema, aumentar as cotizacións e trasladar o déficit ao Estado, o que implica un retroceso na equidade interxeracional, ao encarecer o traballo e representar unha maior carga orzamentaria para as xeracións futuras. E todo sucede nun contexto, ademais, no que é necesario un plan gradual e a medio prazo para reducir o déficit estrutural do Estado, ao volver aplicarse proximamente as regras fiscais relacionadas coa sostibilidade das contas públicas, polo que será moi difícil seguir financiando con recursos de fóra do sistema as contías necesarias para garantir o equilibrio financeiro da Seguridade Social. En liña coas recomendacións dos organismos internacionais, consideramos que a evolución das contas da Seguridade Social, e as súas implicacións para o déficit das Administracións Públicas, esixirá, sen dúbida, a adopción de medidas futuras pola vertente dos gastos.

O gasto sanitario en Galicia

Se ben a sanidade pública xa de por si é un dos piares básicos do estado do benestar, a raíz da pandemia da COVID-19 incrementou a súa importancia dentro dos servizos prestados polas Administracións Públicas, condicionando en gran medida as súas actuacións. Na medida en que xa dispoñemos de información sobre a contía e o financiamento do gasto sanitario entre 2020 e 2022, podemos facer a análise do impacto da crise sanitaria sobre as contas públicas. Porén, parécenos oportuno afondar no estudo do gasto sanitario público nos últimos anos, dado que, ademais de ser unha das competencias fundamentais de actuación das comunidades autónomas, a anterior crise económica, e os seus efectos sobre as contas públicas, tivo unha incidencia importante sobre a contía e evolución do gasto destinado a esta función; o



tante (gráfico 19) atopamos disparidades notables entre territorios. Así, hai comunidades que superan nesta *ratio* en máis dun 40% as de menor gasto. Estas diferenzas xurdiron, sobre todo, nos últimos anos, ao seren relativamente menores no momento de culminar o traspaso da sanidade ás comunidades autónomas en 2002. Galicia executou gasto en sanidade no exercicio 2021 por importe de 1.787 euros por habitante, lixeiramente por debaixo da media do Estado, que se situou nos 1.827 euros.


En todo caso, á hora de concluír sobre o gasto sanitario por habitante cómpre ter en conta que a sanidade pública non cobre a totalidade da poboación, ao quedar unha pequena parte fóra do sistema e outra baixo sistemas alternativos, como acontece no caso dos funcionarios e as súas mutualidades. Por esta razón debemos utilizar para esta análise a poboación protexida que, pola súa vez, debe ser ponderada en función das necesidades de gasto por mor da súa idade, obtendo así o que se denomina poboación protexida equivalente. Esta é a variable que se utiliza á hora de cuantificar no sistema de financiamento en vigor a parte da sanidade incluída dentro do Fondo de garantía de servizos públicos fundamentais. Comparando o peso relativo destas magnitudes de poboación en termos sanitarios e o gasto en sanidade das

que abriu un debate intenso sobre se o nivel de esforzo público neste servizo foi o suficiente para afrontar de maneira adecuada a situación sobrevida. Recollemos seguidamente unha análise do gasto público en sanidade, avaliando a realidade galega dentro do conxunto do Estado.


Ao estudar o gasto público en sanidade hai que ter en conta que en España, como se pode ver no gráfico 17, o 91,5% do mesmo corresponde ás comunidades autónomas, que desde o ano 2002 asumiron de forma xeneralizada esta competencia (Galicia, como comunidade histórica, a partir de 1991). O resto do gasto en sanidade corresponde á Administración central (3,2%), que incrementou a súa participación a raíz da pandemia, ás mutualidades dos funcionarios (2,6%), ao sistema da Seguridade Social (2%) e ás corporacións locais (0,8%).

Da evolución do gasto sanitario das comunidades autónomas nos últimos exercicios, o primeiro aspecto a resaltar é o do seu forte crecemento entre 2002 e 2009 (un 46% en Galicia, e un 56% no conxunto do Estado); diminuíndo seguidamente de forma significativa ata 2012 e 2013, con caídas medias do 20% en euros constantes entre eses exercicios; recuperándose parcialmente a partir de entón, para dispararse en 2020 e baixar nos anos seguintes. É de salientar o menor crecemento relativo do gasto sanitario en Galicia e como a crise económica abriu máis a fenda coa media das comunidades autónomas; brecha que se pecha parcialmente en 2014 e 2015, para ensancharse de novo nos últimos anos e, de maneira moi importante, entre 2021 e 2022 (gráfico 18).


Ademais da evolución do gasto sanitario nas diferentes comunidades autónomas, resulta de interese cuantificar este en termos que permitan unha análise comparativa da súa realidade actual. Neste sentido, se calculamos o gasto sanitario en euros por habitante



diferentes comunidades autónomas podemos ter unha visión máis adecuada das disparidades entre elas. Como se pode observar no gráfico 20, as diferenzas antes constatadas utilizando a totalidade da poboación mantéñense e, nalgúns casos, agudízanse a peor, como acontece no caso galego: co 6,4% da poboación protexida equivalente do conxunto do Estado, o seu gasto sanitario tan só acada o 5,9% do total.




Estas disparidades no nivel de gasto sanitario entre as comunidades autónomas non teñen unha transla ción exacta no esforzo relativo que estas fan se relacionamos este co PIB rexional (gráfico 21). Tendo en conta que nesta *ratio* incide tamén o nivel de riqueza das comunidades autónomas, vemos como as diferenzas se incrementan e cambian as posicións relativas, sendo as comunidades máis ricas as que presentan un menor peso do gasto sanitario en relación ao PIB; a pesar de que algunhas delas son as que máis gastan en termos *per cápita*, como acontece no caso de Navarra e o País Vasco. Galicia, cun gasto en sanidade que representa o 7,1% do seu PIB, sitúase lixeiramente por riba da media estatal, se ben reduciu esa diferenza positiva nos últimos anos.



Finalmente, resulta tamén ilustrativo da importancia do gasto sanitario, e da súa priorización nas decisións públicas, cuantificar o seu peso relativo dentro do gasto das comunidades autónomas. Neste sentido, as necesidades asociadas a esta función e a propia dinámica do gasto sanitario, incluso antes da crise da COVID-19, e a pesar dos recortes realizados, unido ao proceso de consolidación orzamentaria, supuxeron que o gasto en sanidade gañase peso dentro do gasto non financeiro das comunidades autónomas, como podemos constatar no gráfico 22. No conxunto do Estado este incremento é de 4,11 puntos porcentuais desde 2002, destacando Galicia, onde o gasto en sanidade aumentou en 8,1 puntos porcentuais o seu peso dentro


do gasto non financeiro, situándose na actualidade no 45,1% deste; o que nos dá unha idea da reorientación de recursos cara a esta función xa altamente priorizada antes da pandemia. Cómpre salientar que as comunidades do País Vasco e Navarra, maila presentar as maiores *ratios* de gasto por habitante, como xa sinalamos, posúen as porcentaxes máis baixas de gasto non financeiro destinado a esta función; o cal é unha boa mostra dos privilexios que lles outorgan os seus sistemas de financiamento.

A análise da contía e evolución do gasto sanitario nos últimos 21 anos reflicte, claramente, o peso desta función dentro do gasto autonómico e, con el, a conveniencia de valorar de maneira adecuada a súa importancia e alcance, o seu custo efectivo e a forma de financiala. Mais aló das necesidades para afrontar a pandemia, das que gran parte se están consolidando, non cabe dúbida de que son moitos os factores que seguirán empuxando o gasto público en sanidade; o que requirirá de contías adicionais e específicas no marco do sistema de financiamento autonómico. Isto é especialmente importante para Galicia que, cunha poboación máis envellecida e un maior custo na prestación por mor da dispersión, ten unhas necesidades neste ámbito en termos relativos superiores á maioría das comunidades autónomas.




O gasto en educación en Galicia


A educación constitúe outro dos eixes principais de actuación das comunidades autónomas que se veu fortemente afectado polos efectos da crise económica de finais dos anos 2000 e tamén pola recente asociada á pandemia da COVID-19, se ben cun impacto diferente. A aproximación ao gasto nesta función, tanto desde o punto de vista da súa contía como da súa evolución, constitúe un paso necesario para completar a análise do sector público galego.



A primeira conclusión que se tira de analizar o gasto en educación desde unha perspectiva histórica é o seu forte crecemento entre 2002 e 2009, un 28% en Galicia e un 40% no conxunto de comunidades; para seguidamente diminuír de forma significativa ata 2012; manterse en 2013 e 2014; e recuperarse parcialmente nos últimos exercicios, cun crecemento importante en 2020, que se mantén en parte en 2021, por mor das necesidades extraordinarias asociadas á pandemia, diminuíndo en 2022 para mellorar en parte en 2023. Cómpre destacar o menor crecemento relativo do gasto en educación en Galicia e como as dúas crises económicas abriron a fenda coa media das comunidades autónomas, que se incrementou de forma significativa estes últimos catro anos (gráfico 23).



Resultan tamén salientable as importantes diferenzas no gasto en educación entre comunidades autónomas. Se cuantificamos o gasto en euros por habitante, tendo en conta a poboación obxectivo de 4 a 22 anos (gráfico 24), atopamos comunidades que case duplican as de menor gasto, incrementándose estas desigualdades nos últimos exercicios. Estas disparidades póñense de igual modo de manifesto se relacionamos o gasto en educación co PIB rexional (gráfico 25), aínda que neste caso incide tamén o nivel de riqueza das distintas comunidades autónomas. Galicia gastou en educación en 2023 por habitante de entre 4 e 22 anos 6.596 euros, un 7,3% máis que a media estatal; maila que en termos de esforzo en función do PIB está practicamente na media nacional polo menor peso relativo da poboación en idade de ser destinataria desta función.



Por último, debemos destacar que a dinámica do gasto asociado a esta función, xunto coa evolución do resto de gastos e unido ao proceso de consolidación orzamentaria, provocaron que o gasto en educación perdesse peso relativo dentro do gasto non financeiro

das comunidades autónomas (gráfico 26). O gasto en educación representa en Galicia o 23,2% dos gastos non financeiros, lixeiramente inferior á media nacional; constatándose nos últimos exercicios unha recuperación do seu peso relativo, que chegou a presentar nos peores anos da crise unha diferenza de 5 puntos á baixa respecto a 2002.